



XUNTA DE GALICIA

VICEPRÉSIDENTA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2020 09:30:00
Nº Rexistro: 5457
Data envío: 17/11/2020 08:46:46.236



Coa finalidade de dar cumprimento ao preceptuado na Disposición adicional cuarta da Lei 11/2007, do 27 de xullo, trasládolle: **“Informe anual de seguimento da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero correspondente ao ano 2019”**, o **“Informe sobre as violencias sexuais 2019”** e o **“Informe correspondente ao exercicio de 2019 sobre prestacións periódicas a vítimas de violencia de xénero”**, para a súa remisión aos Grupos Parlamentarios.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. Presidente do Parlamento de Galicia

 **Xacobeo 2021**



INFORME ANUAL DE SEGUIMIENTO DA LEI 11/2007, do 27 de xullo, Galega para a Prevenición e o Tratamento Integral da Violencia de Xénero



2019



Informe anual de violencia de Xénero 2019

Informe elaborado por:
Secretaría Xeral da Igualdade.
Consellería de Emprego e Igualdade
Xunta de Galicia.
Outubro de 2020



ÍNDICE

1. PRÓLOGO.....	6
2. ANÁLISE E MAGNITUDE DA VIOLENCIA DE XÉNERO NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA AO LONGO DO ANO 2019.....	9
2.1 Introducción.....	9
2.2 Chamadas por violencia de xénero ao 016. Comparativa co resto das Comunidades Autónomas.....	19
2.3 Vítimas mortais por violencia de xénero. Galicia 2019.....	21
2.4 Violencia xénero: Casos 2019.....	26
2.5 Acreditación da situación de violencia de xénero.....	34
2.6 Ordes de protección solicitadas e adoptadas nos Xulgados de Violencia sobre a Muller. Galicia 2019. Comparativa cos datos globais do territorio español.....	35
2.7 Denuncias e renuncias presentadas nos Xulgados de Violencia sobre a Muller. Galicia 2019. Comparativa co total de denuncias e renuncias presentadas no territorio español.....	36
3. MEDIDAS E ACTUACIÓNS LEVADAS A CABO POLA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA AO LONGO DO ANO 2019, NO MARCO DA LEI 11/2007, GALEGA PARA A PREVENCIÓN E O TRATAMENTO INTEGRAL DA VIOLENCIA DE XÉNERO.....	38
3.1 Introducción.....	38
Título I: Prevención da violencia de xénero.....	39
Capítulo I: Medidas de sensibilización contra a violencia de xénero.....	39
Capítulo II: Medidas de investigación e de formación en materia de violencia de xénero.	128
Capítulo III: Medidas no ámbito educativo.....	162
Título II: Protección e asistencia fronte á violencia de xénero.....	184
Capítulo I: Medidas no ámbito sanitario e psicolóxico.....	185
Capítulo II: Medidas no ámbito xudicial.....	202
Capítulo III: Outras medidas de apoio e protección.....	208



Capítulo IV: Medidas no ámbito da formación e do emprego.....21/

Capítulo V: Medidas de carácter económico.....232

Titulo III: Da organización do sistema de protección e asistencia integral e especializada fronte á
violencia de xénero.....264

DISPOSICIÓN ADICIONAIS.....353



1. PRÓLOGO

O presente informe dá cumprimento ao disposto na Disposición Adicional Cuarta primeira da Lei Galega 11/2007 do 27 de xullo para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo, que obriga ao Goberno da Xunta de Galicia a remitirlle ao Parlamento de Galicia, con carácter anual, un informe sobre a situación da violencia de xénero en Galicia, contando coas achegas de todos os departamentos implicados na prevención e no tratamento desta problemática que constitúe un atentado contra a integridade, a dignidade e a liberdade das mulleres, independentemente do ámbito no que se produza.

Esta Lei constitúe un fito histórico no ordenamento xurídico xa que é a primeira lei galega elaborada para a prevención e o tratamento da violencia de xénero e que foi aprobada co voto favorable de todos os grupos parlamentarios, o cal indica o grao de sensibilización e de concienciación sobre a importancia do fenómeno da violencia de xénero na nosa sociedade.

Así mesmo, esta lei segue o camiño iniciado no marco do Estado español, grazas a sucesivos adiantos legislativos en materia de loita contra a violencia de xénero; así, a Lei orgánica 11/2003, do 29 de setembro, de medidas concretas en materia de seguridade cidadá, violencia doméstica e integración social dos estranxeiros; a Lei orgánica 15/2003, do 25 de novembro, pola cal se modifica a Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código Penal; ou a Lei 27/2003, do 31 de xullo, reguladora da orde de protección das vítimas da violencia doméstica, que estableceu un novidoso sistema de coordinación dos órganos xudiciais e administrativos, concentrando nunha única resolución xudicial a adopción de medidas de natureza civil e penal e a activación dos instrumentos de protección social destinados ao amparo e apoio das mulleres que sofren violencia de xénero. A Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, recoñece un feito diferencial de xénero; recolle no artigo 19, co título « Dereito á asistencia social integral », que « as mulleres vítimas de violencia de xénero teñen dereito a servizos sociais de atención, de emerxencia, de apoio e acollemento e de recuperación integral. A organización destes servizos por parte das comunidades autónomas e das corporacións locais responderá aos principios de atención permanente, actuación urxente, especialización de prestacións multidisciplinaria e profesional».



Cómpre destacar a modificación legislativa operada no Parlamento galego no ano 2016, no que se procedeu á modificación da *Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero*.

Así, a *Lei 12/2016, do 22 de xullo, pola que se modifica a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, mellora substancialmente a cobertura económica das mulleres vítimas, pois garante un prazo de solicitude aberto durante todo o ano para a prestación periódica regulada no artigo 39, á vez que establece como potenciais beneficiarias desa prestación tamén ás vítimas de trata con fins de explotación sexual*.

Outras Comunidades Autónomas que tamén aprobaron leis especificamente dirixidas a sensibilización, prevención e tratamento da violencia de xénero son:

- Andalucía: Lei 13/2007, de 26 de novembro, de medidas de prevención e protección integral contra a violencia de xénero, modificada pola Lei 7/2018, de 30 de xullo.
- Aragón: Lei 4/2007, de 22 de marzo, de Prevención e Protección Integral ás Mulleres Vítimas de Violencia en Aragón.
- Canarias: Lei 16/2003, de 8 de abril, de prevención e protección integral das mulleres contra a violencia de xénero, modificada pola Lei 1/2017, do 17 de marzo.
- Cantabria: Lei 1/2004, de 1 de abril, Integral para a Prevención da Violencia Contra as Mulleres e a Protección ás súas Vítimas.
- Castela- A Mancha: Lei 4/2018, de 8 de outubro, para unha sociedade libre de Violencia de Xénero en Castela-A Mancha.
- Castela e León: Lei 13/2010, do 9 de decembro, contra a Violencia de Xénero en Castela e León.
- Cataluña: Lei 5/2008, de 24 de abril, do dereito das mulleres a erradicar a violencia machista.
- Comunidade de Madrid: Lei 5/2005, de 20 de decembro, Integral contra a Violencia de Xénero da Comunidade de Madrid, modificada pola Lei 3/2018, de 22 de xuño.



Informe anual 2019 de violencia de xénero

- Comunidade Foral de Navarra: Lei Foral 14/2015, do 10 de abril, para actuar contra a violencia cara as mulleres, modificada pola Lei Foral 3/2018, do 19 de abril.
- Comunidade Valenciana: Lei 7/2012, do 23 de novembro, da Generalitat, integral contra a violencia sobre a muller no ámbito da Comunitat Valenciana.
- Extremadura: Lei 8/2011, do 23 de marzo, de igualdade entre mulleres e homes e contra a violencia de xénero en Extremadura.
- Illes Baleares: Lei 11/2016, de 28 de xullo, de Igualdade de Mulleres e Homes.
- La Rioja: Lei 3/2011, do 1 de marzo, de prevención e coordinacións institucional en materia de violencia.
- País Vasco: Lei 4/2005, de 18 de febreiro, para a Igualdade de Mulleres y Homes, modificada pola Lei 3/2012, de 16 de febreiro, pola que se modifica a Lei para a Igualdade de Mulleres e Homes e a Lei sobre Creación de Emakunde-Instituto Vasco da Muller.
- Principado de Asturias: Lei do Principado de Asturias 2/2011, do 11 de marzo, para a igualdade de mulleres e homes e a erradicación da violencia de xénero.
- Región de Murcia: Lei 7/2007, de 4 de abril, para a Igualdade entre Mulleres e Homes, e de Protección contra a Violencia de Xénero na Rexión de Murcia, modificada pola Lei 3/2008, do 3 de xullo, pol Lei 11/2016, de 15 de xuño e pola Lei 3/2019, do 20 de marzo.

É este o duodécimo ano consecutivo, (2008-2019), en que en Galicia se fai balance das políticas públicas implementadas polo Goberno galego en materia de violencia de xénero, proporcionando información detallada sobre as actuacións e medidas desenvolvidas dende a Xunta de Galicia nesta materia.


Este informe está organizado seguindo a estrutura da propia lei galega para facilitar o seu obxectivo principal, que é verificar o seguimento de todos os compromisos e medidas nela establecidos, e incorporando unha breve introdución con datos estatísticos relativos á poboación feminina galega relativos ao ano obxecto de referencia.



2. ANÁLISE E MAGNITUDE DA VIOLENCIA DE XÉNERO NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA AO LONGO DO ANO 2019.

2.1 Introducción

A poboación en Galicia, en 2019, ascende a 2.699.499 persoas, das cales 1.298.964 son homes (48,12%) e 1.400.535 (51,88%) son mulleres, que constitúen no seu conxunto o 5,73% da poboación estatal, 47.100.396 persoas.



Fonte: IGE, INE. Padrón municipal de habitantes




Informe anual 2019 de violencia de xénero

- Cifras oficiais da poboación segundo provincia e sexo. Ano 2019

Provincia	Homes		Mulleres		Total	
A Coruña	536.470	47,92%	583.126	52,08%	1.119.596	41,47%
Lugo	159.686	48,45%	169.901	51,55%	329.587	12,21%
Ourense	147.522	47,95%	160.129	52,05%	307.651	11,40%
Pontevedra	455.286	48,30%	487.379	51,70%	942.665	34,92%
Total	1.298.964	48,12%	1.400.535	51,88%	2.699.499	100,00%

Fonte: IGE, INE. Padrón municipal de habitantes




Informe anual 2019 de violencia de xénero

• **Evolución da poboación. Galicia 1998-2019:**

Ano	Total	Homes	Mulleres
1998	2.724.544	1.310.415	1.414.129
1999	2.730.337	1.312.881	1.417.456
2000	2.731.900	1.312.391	1.419.509
2001	2.732.926	1.314.078	1.418.848
2002	2.737.370	1.316.721	1.420.649
2003	2.751.094	1.324.385	1.426.709
2004	2.750.985	1.324.987	1.425.998
2005	2.762.198	1.330.703	1.431.495
2006	2.767.524	1.333.797	1.433.727
2007	2.772.533	1.337.159	1.435.374
2008	2.784.169	1.344.268	1.439.901
2009	2.796.089	1.349.603	1.446.486
2010	2.797.653	1.350.547	1.447.106
2011	2.795.422	1.349.591	1.445.831
2012	2.781.495	1.343.328	1.438.170
2013	2.765.940	1.335.122	1.430.818
2014	2.748.695	1.325.657	1.423.038
2015	2.732.347	1.317.054	1.415.293
2016	2.718.525	1.309.809	1.408.716
2017	2.708.339	1.304.392	1.403.947
2018	2.701.743	1.300.609	1.401.134
2019	2.699.499	1.298.964	1.400.535

Fonte: IGE, INE. Padrón municipal de habitantes




• **Poboación por sexo e grupos quinquenais de idade. Ano 2019:**


Idade	Total	Homes	Mulleres	% mulleres
0-4	95.035	49.013	46.022	1,70%
5-9	109.879	56.689	53.190	1,97%
10-14	115.177	59.048	56.129	2,08%
15-19	108.562	55.898	52.664	1,95%
20-24	108.128	55.230	52.898	1,96%
25-29	124.766	63.273	61.493	2,28%
30-34	145.626	72.933	72.693	2,69%
35-39	191.318	95.830	95.488	3,54%
40-44	226.585	113.020	113.565	4,21%
45-49	214.645	106.154	108.491	4,02%
50-54	206.263	101.157	105.106	3,89%
55-59	194.856	94.932	99.924	3,70%
60-64	178.875	86.077	92.798	3,44%
65-69	163.937	77.967	85.970	3,18%
70-74	157.521	72.506	85.015	3,15%
75-79	121.760	53.316	68.444	2,54%
80-84	109.761	43.868	65.893	2,44%
85 e máis	126.805	42.053	84.752	3,14%
Total	2.699.499	1.298.964	1.400.535	51,88%

Fonte: IGE, INE. Padrón municipal de habitantes

Comparativa da poboación segregada por sexos e grupos quinquenais de idade



% de mulleres por grupos quinquenais de idade



Asinado por: Parlamento de Galicia
 Data e hora: 17/11/2020 08:45:50

CSV: REXISTROEIREz47ug7
 Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



▪ **Evolución da taxa de nacementos segundo sexo. Galicia 1996 - 2019**

Ano	Total	Homes	Mulleres
1996	18.597	9.529	9.068
1997	18.683	9.647	9.036
1998	18.538	9.621	8.917
1999	18.784	9.691	9.093
2000	19.418	10.052	9.366
2001	19.361	9.955	9.406
2002	19.327	9.987	9.340
2003	20.423	10.539	9.884
2004	20.621	10.652	9.969
2005	21.097	10.867	10.230
2006	21.392	11.075	10.317
2007	21.752	11.216	10.536
2008	23.175	11.981	11.194
2009	22.537	11.572	10.965
2010	22.047	11.500	10.547
2011	21.594	11.256	10.338
2012	21.089	10.990	10.099
2013	19.727	10.084	9.643
2014	19.630	10.262	9.368
2015	19.427	10.032	9.355
2016	19.062	9.773	9.289
2017	18.445	9.471	8.974
2018	16.563	8.543	8.020
2019 (1º semestre)	7.697	4.029	3.668

Fonte: IGE, INE. Padrón municipal de habitantes


En Galicia, ao igual que no resto do mundo, nacen máis homes que mulleres; sen embargo, ao ter as mulleres unha esperanza de vida superior á dos homes, ao final da vida, a proporción queda equilibrada ou incluso sobreviven máis mulleres.



▪ Poboación segundo nacionalidade e sexo. Galicia 2019

	Nacionalidade española	Nacionalidade estranxeira	TOTAL
Homes	1.250.366	48.598	1.298.964
Mulleres	1.348.265	52.270	1.400.535
Total	2.598.631	100.868	2.699.499

Fonte: IGE, INE. Padrón municipal de habitantes




Proporción de mulleres españolas e estranxeiras




▪ Poboación estranxeira distribuída por provincias. Galicia 2019

Provincia	Total	Homes	Mulleres	% mulleres
A Coruña	38.107	17.930	20.177	20,00%
Lugo	14.584	7.393	7.191	7,13%
Ourense	14.171	6.787	7.384	7,32%
Pontevedra	34.006	16.488	17.518	17,37%
Total	100.868	48.598	52.270	51,82%

Fonte: IGE, INE. Padrón municipal de habitantes




% de mulleres estranxeiras distribuídas por provincia




▪ Poboación estranxeira segundo sexo e lugar de nacemento. Galicia 2019

	Total	Homes	Mulleres	% mulleres
Europa	37.192	19.914	17.278	33,06%
África	13.848	8.506	5.342	10,22%
América	44.318	17.153	27.165	51,97%
Asia	5.381	2.958	2.423	4,64%
Oceanía e apátridas	129	67	62	0,12%
Total	100.868	48.598	52.270	100,00%

Fonte: IGE, INE. Padrón municipal de habitantes



% de mulleres estranxeiras segundo nacionalidade




▪ Poboación estranxeira segundo idade. Galicia 2019


Idade	Total	Homes	Mulleres	% Mulleres
0-4	3.885	2.021	1.864	3,57%
5-9	3.748	1.854	1.894	3,62%
10-14	3.996	2.009	1.987	3,80%
15-19	5.044	2.626	2.418	4,63%
20-24	7.707	3.724	3.983	7,62%
25-29	9.993	4.527	5.466	10,46%
30-34	12.208	5.497	6.711	12,84%
35-39	12.621	6.051	6.570	12,57%
40-44	11.374	5.719	5.655	10,82%
45-49	8.652	4.321	4.331	8,29%
50-54	6.703	3.337	3.366	6,44%
55-59	4.926	2.425	2.501	4,78%
60-64	3.671	1.637	2.034	3,89%
65-69	2.571	1.142	1.429	2,73%
70-74	1.616	741	875	1,67%
75 e máis	2.153	967	1.186	2,27%
Total	100.868	48.598	52.270	100,00%

Fonte: IGE, INE. Padrón municipal de habitantes





% de mulleres estranxeiras por grupos de idade



2.2 Chamadas por violencia de xénero ao 016. Comparativa co resto das Comunidades Autónomas.

Dende a súa posta en marcha en setembro do 2007, o teléfono 016 ofrece información e asesoramento xurídico en materia de violencia de xénero as 24 horas do día os 365 días do ano, ten carácter gratuíto e caracterízase pola universalidade na prestación do servizo especializado, que se efectúa en 52 idiomas: castelán, galego, catalán, euskera, inglés, francés, alemán, portugués, chino mandarín, ruso, árabe, rumano, búlgaro, e outros 39 idiomas a través dun servizo de teletradución.

A prestación do servizo de información compete a un equipo de persoas especializadas en violencia de xénero, producíndose unha derivación automática das chamadas de emerxencia e urxencia aos centros 112 autonómicos.


A cifra total de chamadas referentes á violencia de xénero atendidas polo 016 dende o 1 de xaneiro de 2019 ata o 31 de decembro de 2019 no conxunto de España, foi de 63.081, das cales 2.330 foron efectuadas desde Galicia.



Provincia	Nº	%
A Coruña	1.121	48,11%
Lugo	193	8,28%
Ourense	204	8,76%
Pontevedra	812	34,85%
Total	2.330	100,00%



Informe anual 2019 de violencia de xénero




Fonte: Ministerio de Igualdade

Enlace: <http://estadisticasviolenciagenero.igualdad.mpr.gob.es/>

Das 63.081 chamadas recibidas a cifra mais elevada de chamadas correspóndese coa Comunidade de Madrid (13.286), seguida de Andalucía (10.052), de Cataluña (7.681) e da Comunidade Valenciana (7.581). Galicia, cun rexistro de 2.330 chamadas posiciónase nun sétimo lugar.

Comunidade autónoma	Número de chamadas	%
Comunidad de Madrid	13.286	21,06 %
Andalucía	10.052	15,94 %
Cataluña	7.681	12,18 %
Comunitat Valenciana	7.581	12,02 %
Canarias	3.962	6,28 %
Castilla y León	2.873	4,55 %
Galicia	2.330	3,69 %
Castilla - La Mancha	2.193	3,48 %
País Vasco	1.651	2,62 %
Región de Murcia	1.520	2,41 %
Illes Balears	1.264	2,00 %
Principado de Asturias	1.224	1,94 %
Aragón	1.223	1,94 %
Extremadura	1.034	1,64 %
Cantabria	649	1,03 %
Comunidad Foral de Navarra	572	0,91 %
La Rioja	350	0,55 %
Ceuta	91	0,14 %
Melilla	84	0,13 %
No consta	3.461	5,49 %
Total	63.081	100,00 %





Fonte: Ministerio de Igualdade

Enlace: <http://estadisticasviolenciagenero.igualdad.mpr.gob.es/>

2.3 Víctimas mortais por violencia de xénero. Galicia 2019

- Mulleres vítimas mortais por violencia de xénero

Galicia rexistrou ao remate do 2019 tres mulleres vítimas mortais por violencia de xénero, que son o 5,45% dos 55 casos rexistrados no conxunto de España ao remate do ano 2019.

Mulleres vítimas mortais por Violencia de Xénero nas provincias galegas	
A Coruña	0
Lugo	1
Ourense	0
Pontevedra	2
TOTAL	3

Fonte: Ministerio de Igualdade

Enlace: <http://estadisticasviolenciagenero.igualdad.mpr.gob.es/>



Informe anual 2019 de violencia de xénero

CC.AA.	Nº casos	%
Andalucía	13	23,64 %
Aragón	1	1,82 %
Illes Balears	1	1,82 %
Canarias	8	14,55 %
Cantabria	2	3,64 %
Castilla y León	3	5,45 %
Cataluña	9	16,36 %
Comunitat Valenciana	7	12,73 %
Galicia	3	5,45 %
Comunidad de Madrid	7	12,73 %
Región de Murcia	1	1,82 %
Total	55	100,00 %

Fonte: Ministerio de Igualdade

Enlace: <http://estadisticasviolenciagenero.igualdad.mpr.gob.es/>

Das dezasete CC.AA. e dúas cidades autónomas, Andalucía, con 13 casos rexistrados de mulleres asasinadas por violencia de xénero, sitúase como a comunidade autónoma co maior número de mulleres asasinadas por violencia de xénero en 2019. Galicia e Castela e León-con 3 casos confirmados de mulleres asasinadas por violencia de xénero (5,45% do total)- son a quinta comunidade autónoma en número de casos.



- Evolución do número de mulleres vítimas mortais por violencia de xénero en mans da súa parella ou ex parella por CC.AA. (período:1999-2019)


CC.AA.	1999	2000	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019
Andalucía	13	10	12	10	13	19	9	21	8	9	14	18	17	8	11	10	14	5	7	12	13
Aragón	0	0	1	3	2	2	4	1	2	1	0	2	2	1	2	0	1	3	0	3	1
Asturias	1	0	2	0	2	0	1	3	2	1	0	5	2	1	1	0	3	2	0	3	0
Baleares	3	1	2	4	4	2	4	3	1	1	1	2	1	2	2	3	1	6	0	1	1
Canarias	2	5	5	7	6	2	6	4	6	5	5	7	3	2	2	1	3	3	4	2	8
Cantabria	1	0	0	0	1	2	0	0	2	0	0	0	0	0	2	0	1	0	0	0	2
Castilla y León	3	3	1	4	4	2	4	3	3	6	1	4	2	2	3	3	2	6	0	2	3
Castilla - la Mancha	5	3	2	0	2	4	2	4	5	3	1	3	1	4	4	0	1	2	6	2	0
Cataluña	9	8	7	7	12	11	8	10	12	10	10	11	9	13	4	13	6	6	8	7	9
C. Valenciana	6	7	9	9	7	9	6	8	10	10	9	8	8	6	9	7	11	6	8	2	7
Extremadura	1	1	0	1	1	2	0	1	0	0	1	1	0	1	1	0	1	1	2	0	0
Galicia	2	4	0	3	5	2	1	0	5	7	3	2	3	4	3	6	8	4	2	3	3
Madrid	4	17	6	4	5	5	4	5	9	11	5	7	9	6	9	7	4	3	8	5	7
Murcia	1	1	2	0	3	4	2	3	2	4	2	1	2	0	0	0	1	0	3	1	1
Navarra	1	1	0	1	1	1	2	0	1	3	0	0	1	0	0	0	0	0	1	2	0
País vasco	1	2	1	1	0	4	3	3	2	3	2	2	2	2	1	3	3	1	2	2	0
La Rioja	1	0	0	0	2	1	0	0	0	2	1	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
Ceuta	0	0	0	0	1	0	0	0	0	0	1	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
Melilla	0	0	0	0	0	0	1	0	1	0	0	0	0	0	0	2	0	1	0	0	0
Total	54	63	50	54	71	72	57	69	71	76	56	73	62	52	54	55	60	49	51	47	55

Fonte: Ministerio de Igualdade

Enlace: <http://estadisticasviolenciagenero.igualdad.mpr.gob.es/>



Evolución totais



Fonte: Ministerio de Igualdade

Enlace: <http://estadisticasviolenciagenero.igualdad.mpr.gob.es/>



▪ **Menores vítimas mortais por violencia de xénero**

Galicia non rexistrou en 2019 ningún/ningunha menor vítima mortal por violencia de xénero. No conxunto de España rexistráronse un total de 3 menores vítimas mortais por violencia de xénero.

Menores vítimas mortais por Violencia de Xénero nas provincias galegas	
A Coruña	0
Lugo	0
Ourense	0
Pontevedra	0
TOTAL	0

Fonte: Ministerio de Igualdade

<http://www.violenciagenero.igualdad.gob.es/violenciaEnCifras/victimasMortales/fichaMenores/home.htm>

CC.AA.	Nº casos	%
Aragón	1	33,3%
Canarias	1	33,3%
Región de Murcia	1	33,3%
TOTAL	3	100%

Fonte: Ministerio de Igualdade

<http://www.violenciagenero.igualdad.gob.es/violenciaEnCifras/victimasMortales/fichaMenores/home.htm>

2.4 Violencia xénero: Casos 2019

▪ Características dos casos de mulleres vítimas mortais por violencia de xénero en España no ano 2019

▪ Mulleres vítimas mortais por violencia de xénero, e presuntos agresores, segundo grupos de idade.

Grupos de idade	Mulleres vítimas mortais		Presuntos agresores	
	Número	%	Número	%
15 anos ou menos	0	0,0%	0	0,0%
16-17 anos	1	1,8%	0	0,0%
18-20 anos	0	0,0%	1	1,8%
21-30 anos	10	18,2%	5	9,1%
31-40 anos	10	18,2%	7	12,7%
41-50 anos	22	40,0%	26	47,3%
51-60 anos	7	12,7%	9	16,4%
61-70 anos	2	3,6%	3	5,5%
71-84 anos	1	1,8%	2	3,6%
>=85 anos	2	3,6%	2	3,6%
Total	55	100,0%	55	100,0%

Fonte: Ministerio de Igualdade

<http://www.violenciagenero.igualdad.mpr.gob.es/violenciaEnCifras/victimasMortales/fichaMujeres/home.htm>



- Mulleres vítimas mortais por violencia de xénero, e presuntos agresores, segundo país de nacemento.

País de nacemento	Mulleres vítimas mortais		Presuntos agresores	
	Número	%	Número	%
España	33	60,0%	34	61,8%
Outro país	22	40,0%	21	38,2%
Total	55	100,0%	55	100,0%

Fonte: Ministerio de Igualdade

<http://www.violenciagenero.igualdad.mpr.gob.es/violenciaEnCifras/victimasMortales/fichaMujeres/home.htm>

- Mulleres vítimas mortais por violencia de xénero, segundo tipo de relación sentimental e de convivencia co presunto agresor

Tipo de relación	Número	%
Parella	40	72,7%
Exparella ou parella en fase de ruptura	15	27,3%
Total	55	100,0%

Fonte: Ministerio de Igualdade

<http://www.violenciagenero.igualdad.mpr.gob.es/violenciaEnCifras/victimasMortales/fichaMujeres/home.htm>

Convivencia	Número	%
Convivían	36	65,5%
Non convivían	12	21,8%
Non consta	7	12,7%
Total	55	100,0%

Fonte: Ministerio de Igualdade

<http://www.violenciagenero.igualdad.mpr.gob.es/violenciaEnCifras/victimasMortales/fichaMujeres/home.htm>



- Mulleres vítimas mortais por violencia de xénero, segundo características relacionadas coa tutela institucional.

Denuncia previa/continuación do proceso por parte da vítima	Número	%
Con unha ou máis denuncias previas	11	20,0%
<i>Interpostas pola vítima</i>	9	16,4%
<i>Interpostas por outros</i>	2	3,6%
Sen denuncia previa	44	80,0%

Fonte: Ministerio de Igualdade

<http://www.violenciagenero.igualdad.mpr.gob.es/violenciaEnCifras/victimasMortales/fichaMujeres/home.htm>

Casos con denuncia previa	Número	%
Continuación do proceso	7	63,6%
Non continuación do proceso	2	18,2%
Non consta	2	18,2%
Total	11	100,0%

Fonte: Ministerio de Igualdade

<http://www.violenciagenero.igualdad.mpr.gob.es/violenciaEnCifras/victimasMortales/fichaMujeres/home.htm>

- Mulleres vítimas mortais por violencia de xénero, que interpuxeran denuncia. Solicitude, concesión e vixencia de medidas de protección en favor da vítima.

Solicitude/vixencia de medidas concedidas	Número	%
Casos con denuncia previa	11	1
Solicitáronse medidas	5	45,5%
<i>Adoptáronse</i>	5	100,0%
<i>Non se adoptaron</i>	0	0,0%
<i>Non consta</i>	0	0,0%
Non se solicitaron	4	36,4%
Non consta	2	18,2%

Fonte: Ministerio de Igualdade

<http://www.violenciagenero.igualdad.mpr.gob.es/violenciaEnCifras/victimasMortales/fichaMujeres/home.htm>



Casos con medidas adoptadas	Número	%
Vixentes	4	80,0%
Non vixentes	1	20,0%
<i>Por renuncia da vítima</i>	0	0,0%
<i>Por fin do período de vixencia</i>	1	100,0%
<i>Por outros motivos</i>	0	0,0%

Fonte: Ministerio de Igualdade

<http://www.violenciagenero.igualdad.mpr.gob.es/violenciaEnCifras/victimasMortales/fichaMujeres/home.htm>

- Mulleres vítimas mortais por violencia de xénero, con medidas de alonxamento vixentes quebrantadas polo presunto agresor.

Quebrantamento de medidas de alonxamento	Número	%
Sin oposición da vítima	0	0,0%
Con oposición da vítima	1	25,0%
Non consta	3	75,0%
Total	4	100,0%

Fonte: Ministerio de Igualdade

<http://www.violenciagenero.igualdad.mpr.gob.es/violenciaEnCifras/victimasMortales/fichaMujeres/home.htm>

- Presuntos agresores de mulleres vítimas mortais por violencia de xénero , segundo tentativa de suicidio.

Tentativa de suicidio	Número	%
Suicidio consumado	14	25,5%
Tentativa non consumada	3	5,5%
Non houbo tentativa	38	69,1%
Total	55	100,0%

Fonte: Ministerio de Igualdade

<http://www.violenciagenero.igualdad.mpr.gob.es/violenciaEnCifras/victimasMortales/fichaMujeres/home.htm>



▪ *Características dos casos das mulleres vítimas mortais por Violencia de Xénero en Galicia no ano 2019*

Características do caso da muller vítima mortal por Violencia de Xénero en Galicia no ano 2019	
Caso 1	<p>Data: 10/02/2019 Localidade: Valga Idade da vítima: 43 Idade do agresor: 46 Nacionalidade da vítima: española Nacionalidade do agresor: española Tipo de relación: matrimonio Método do crime: disparo con arma de fogo Denuncia previa por violencia: Non Orde de protección vixente: Non Fill@s menores de idade: Non Personación da Xunta de Galicia no caso (acción popular): Non procede por suicidio do agresor</p>
Caso 2	<p>Data: 21/04/2019 Localidade: Vilalaba Idade da vítima: 48 Idade do agresor: 50 Nacionalidade da vítima: española Nacionalidade do agresor: española Tipo de relación: Ex-marido Método do crime: acoitelamento Denuncia previa por violencia: Si Orde de protección vixente: Si Fill@s menores de idade: Non Personación da Xunta de Galicia no caso (acción popular): Non procede por suicidio do agresor</p>
Caso 3	<p>Data: 16/09/2019 Localidade: Valga Idade da vítima: 39 Idade do agresor: 41 Nacionalidade da vítima: española Nacionalidade do agresor: española Tipo de relación: Ex-marido Método do crime: Disparos con arma de fogo Denuncia previa por violencia: Non Orde de protección vixente: Non Fill@s menores de idade: Si Personación da Xunta de Galicia no caso (acción popular): Si</p>

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



- *Características das/dos menores vítimas mortais por violencia de xénero en España no ano 2019*
- *Menores vítimas mortais en casos de violencia de xénero contra a súa nai e presuntos agresores, segundo grupos de idade.*

Intervalo de idade	Menores vítimas mortais		Presuntos agresores	
	Número	%	Número	%
< 1 anos	0	0,0%	/	/
1-2 anos	0	0,0%	/	/
3-4 anos	0	0,0%	/	/
5-6 anos	0	0,0%	/	/
7-8 anos	0	0,0%	/	/
9-10 anos	1	33,3%	/	/
11-12 anos	1	33,3%	/	/
13-14 anos	0	0,0%	/	/
15-17 anos	1	33,3%	0	0,0%
18-20 anos	/	/	0	0,0%
21-30 anos	/	/	0	0,0%
31-40 anos	/	/	1	33,3%
41-50 anos	/	/	2	66,7%
51-60 anos	/	/	0	0,0%
61-70 anos	/	/	0	0,0%
71-84 anos	/	/	0	0,0%
≥ 85 anos	/	/	0	0,0%
Total	3	100,0%	3	100,0%

Fonte: Ministerio de Igualdade

<http://www.violenciagenero.igualdad.gob.es/violenciaEnCifras/victimasMortales/fichaMenores/home.htm>

- *Menores vítimas mortais en casos de violencia de xénero contra a súa nai e presuntos agresores, segundo país de nacemento.*

País de nacemento	Menores vítimas mortais		Presuntos agresores	
	Número	%	Número	%
España	2	66,7%	1	33,3%
Outro país	1	33,3%	2	66,7%
Total	3	100,0%	3	100,0%

Fonte: Ministerio de Igualdade

<http://www.violenciagenero.igualdad.gob.es/violenciaEnCifras/victimasMortales/fichaMenores/home.htm>



- *Menores vítimas mortais en casos de violencia de xénero contra a súa nai e presuntos agresores, segundo parentesco co presunto agresor e convivencia da súa nai con este.*

Tipo de relación	Número	%
Filla/o	3	100,0%
Outra relación	0	0,0%
Total	3	100,0%

Fonte: Ministerio de Igualdade

<http://www.violenciagenero.igualdad.gob.es/violenciaEnCifras/victimasMortales/fichaMenores/home.htm>

Convivencia	Número	%
Convivían	3	100,0%
Non convivían	0	0,0%
Non consta	0	0,0%
Total	3	100,0%

Fonte: Ministerio de Igualdade

<http://www.violenciagenero.igualdad.gob.es/violenciaEnCifras/victimasMortales/fichaMenores/home.htm>

- *Menores vítimas mortais en casos de violencia de xénero contra a súa nai, segundo características relacionadas coa tutela institucional desta.*

Denuncia previa/continuación do proceso	Número	%
Con unha ou máis denuncias previas	1	33,3%
<i>Interpostas pola nai</i>	1	100,0%
<i>Interpostas por outros</i>	0	0,0%
Sen denuncia previa	2	66,7%

Fonte: Ministerio de Igualdade

<http://www.violenciagenero.igualdad.gob.es/violenciaEnCifras/victimasMortales/fichaMenores/home.htm>

Casos con denuncia previa	Número	%
Continuación do proceso	1	100,0%
Non continuación do proceso	0	0,0%
Non consta	0	0,0%
Total	1	100,0%

Fonte: Ministerio de Igualdade

<http://www.violenciagenero.igualdad.gob.es/violenciaEnCifras/victimasMortales/fichaMenores/home.htm>



- *Menores vítimas mortais en casos de violencia de xénero contra a súa nai con existencia de denuncias previas. Solicitude, concesión e vixencia de medidas de protección a favor da nai.*

Solicitude/vixencia de medidas concedidas	Número	%
Casos con denuncia previa	1	100%
Solicitáronse medidas	1	100,0%
Concedéronse	1	100,0%
Non se concederon	0	0,0%
Non consta	0	0,0%
Non se solicitaron	0	0,0%
Non consta	0	0,0%

Fonte: Ministerio de Igualdade

<http://www.violenciagenero.igualdad.gob.es/violenciaEnCifras/victimasmortales/fichamenores/home.htm>

Casos con medidas adoptadas	Número	%
Vixentes	1	100,0%
Non vixentes	0	0,0%
Por renuncia da nai	0	0,0%
Por fin do período de vixencia	0	0,0%
Por outros motivos	0	0,0%

Fonte: Ministerio de Igualdade

<http://www.violenciagenero.igualdad.gob.es/violenciaEnCifras/victimasmortales/fichamenores/home.htm>

- *Menores vítimas mortais en casos de violencia de xénero contra a súa nai con medidas de alonxamento vixentes quebrantadas polo presunto agresor.*

Quebrantamento de medidas de alonxamento	Número	%
Sen oposición da nai	0	0,0%
Con oposición da nai	0	0,0%
Non consta	1	100,0%
Total	1	100,0%

Fonte: Ministerio de Igualdade

<http://www.violenciagenero.igualdad.gob.es/violenciaEnCifras/victimasmortales/fichamenores/home.htm>



- *Menores vítimas mortais en casos de violencia de xénero contra a súa nai, segundo tentativa de suicidio.*

Tentativa de suicidio	Número	%
Suicidio consumado	2	66,7%
Tentativa non consumada	0	0,0%
Non houbo tentativa	1	33,3%
Total	3	100,0%

Fonte: Ministerio de Igualdade

<http://www.violenciagenero.igualdad.gob.es/violenciaEnCifras/victimasMortales/fichaMenores/home.htm>

2.5 Acreditación da situación de violencia de xénero

Para os efectos da Lei 11/2007, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, a situación de violencia acreditarase por calquera das seguintes formas:

- a) Certificación da orde de protección ou da medida cautelar, ou testemuño ou copia autenticada pola secretaria ou polo/a secretario/a xudicial da propia orde de protección ou da medida cautelar.
- b) Sentenza de calquera orde xurisdiccional que declare que a muller sufriu violencia en calquera das modalidades definidas nesta lei.
- c) Certificación e/ou informe dos servizos sociais e/ou sanitarios da Administración pública autonómica ou local.
- d) Certificación dos servizos de acollida da Administración Pública Autonómica ou local.
- e) Informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de violencia.
- f) Informe da Inspección de Traballo e da Seguridade Social.
- g) Calquera outra que se estableza regulamentariamente.



2.6 Ordes de protección solicitadas e adoptadas nos Xulgados de Violencia sobre a Muller. Galicia 2019. Comparativa cos datos globais do territorio español

Nos xulgados de violencia sobre a muller, no ano 2019, incoáronse, no territorio español, un total de 40.720 solicitudes de ordes de protección e medidas (dos artigos 544 ter e 544 bis), das cales foron adxudicadas 28.682 (o 70% das solicitudes). Das 40.720 solicitudes, atribúenselle a Comunidade Autónoma de Galicia 2.022 solicitudes, das que se resolveron favorablemente 1.335 (o 66% do total).

Total ordes de protección e medidas solicitadas e adoptadas						
Período	Territorio	Incoadas	Resoltas adoptadas	Resoltas inadmitidas	Resoltas denegadas	% adoptadas
1º trimestre	Galicia	433	261	1	171	60%
	Total España	9.530	6.395	85	3.051	67%
2º trimestre	Galicia	524	325	13	186	62%
	Total España	10.262	7.228	95	2.939	70%
3º trimestre	Galicia	536	396	6	134	74%
	Total España	10.973	7.961	128	2.884	73%
4º trimestre	Galicia	529	353	2	174	67%
	Total España	9.955	7.098	53	2.804	71%
Total 2019	Galicia	2.022	1.335	22	665	66%
Total 2019	España	40.720	28.682	361	11.678	70%

Fonte: Consejo General del Poder Judicial

Enlace: <http://www.poderjudicial.es/cgpi/es/Temas/Estadistica-Judicial/Estadistica-por-temas/Datos-penales--civiles-y-laborales/Violencia-domestica-y-Violencia-de-genero/Datos-sobre-Violencia-sobre-la-mujer-en-la-estadistica-del-CGPI/>

Dentro da Comunidade Autónoma de Galicia, foi na provincia da Coruña na que máis ordes de protección e medidas se incoaron (782), e onde máis se adoptaron (542). A menor porcentaxe de adoptadas en relación coas incoadas dáse na provincia de Pontevedra (56%), e a maior porcentaxe de ordes de protección e medidas adoptadas foi nas provincias de Ourense (80%) e A Coruña (69%) seguidas de Lugo (60%).

Ordes de protección e medidas solicitadas e adoptadas en Galicia por provincias					
Provincia	Incoadas	Resoltas adoptadas	Resoltas inadmitidas	Resoltas denegadas	% adoptadas
A Coruña	782	542	20	220	69%
Lugo	247	148	0	99	60%
Ourense	363	292	1	70	80%
Pontevedra	630	353	1	276	56%
Total	2.022	1.335	22	665	66%

Fonte: Consejo General del Poder Judicial

Enlace: <http://www.poderjudicial.es/cgpi/es/Temas/Estadistica-Judicial/Estadistica-por-temas/Datos-penales--civiles-y-laborales/Violencia-domestica-y-Violencia-de-genero/Datos-sobre-Violencia-sobre-la-mujer-en-la-estadistica-del-CGPI/>



2.7 Denuncias e renuncias presentadas nos Xulgados de Violencia sobre a Muller. Galicia 2019. Comparativa co total presentadas no territorio español

Nos xulgados de violencia sobre a muller, no ano 2019, rexistráronse, no conxunto do territorio español, un total de 168.168 denuncias por violencia de xénero, ao mesmo tempo que se contabilizaban 17.077 renuncias por acollerse a vítima á dispensa de declarar como testemuña (un 10% do total). Das 168.168 denuncias, compútanselle á Comunidade Autónoma de Galicia 6.551 (4%) das cales 366 a vítima acolleuse á dispensa de declarar como testemuña (un 6% do total).

Denuncias e renuncias presentadas nos Xulgados de Violencia sobre A Muller					
Período	Territorio	Denuncias recibidas	Renuncias (a vítima acóllese á dispensa de declarar como testemuña)	Ratio renuncias/denuncias	Ratio ordes/denuncias
1º trimestre	Galicia	1.736	75	4%	25%
	Total España	40.319	3.759	9%	24%
2º trimestre	Galicia	1.607	133	8%	33%
	Total España	40.495	4.151	10%	25%
3º trimestre	Galicia	1.680	84	5%	32%
	Total España	45.122	4.592	10%	24%
4º trimestre	Galicia	1.528	74	5%	35%
	Total España	42.232	4.575	11%	24%
Total 2019	Galicia	6.551	366	6%	31%
Total 2019	España	168.168	17.077	10%	24%

Fonte: Consejo General del Poder Judicial

Enlace: <http://www.poderjudicial.es/cgpi/es/Temas/Estadistica-Judicial/Estadistica-por-temas/Datos-penales-civiles-y-laborales/Violencia-domestica-y-Violencia-de-genero/Datos-sobre-Violencia-sobre-la-mujer-en-la-estadistica-del-CGPI/>

Dentro da Comunidade Autónoma de Galicia, foi na provincia da Coruña na que máis denuncias se recibiron nos xulgados de violencia sobre a muller (2.788), seguida de Pontevedra (2.346). A ratio entre renuncias, por acollerse a vítima á dispensa de declarar como testemuña, e denuncias é do 12% na provincia de Ourense, do 10% en Lugo, do 6% en Pontevedra e do 4% na Coruña. Non obstante é na provincia de Ourense na que a ratio entre ordes de protección incoadas e denuncias recibidas é maior (55%).

Denuncias e renuncias presentadas nos Xulgados de Violencia sobre a Muller de Galicia por provincias				
Provincia	Denuncias recibidas	Renuncias (a vítima acóllese á dispensa de declarar como testemuña)	Ratio renuncias/denuncias	Ratio ordes/denuncias
A Coruña	2.788	100	4%	28%
Lugo	753	73	10%	33%
Ourense	664	78	12%	55%
Pontevedra	2.346	115	6%	27%
Total	6.551	366	6%	31%

Fonte: Consejo General del Poder Judicial

Enlace: <http://www.poderjudicial.es/cgpi/es/Temas/Estadistica-Judicial/Estadistica-por-temas/Datos-penales-civiles-y-laborales/Violencia-domestica-y-Violencia-de-genero/Datos-sobre-Violencia-sobre-la-mujer-en-la-estadistica-del-CGPI/>



3. MEDIDAS E ACTUACIÓNS LEVADAS A CABO POLA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA AO LONGO DO ANO 2019, NO MARCO DA LEI 11/2007, GALEGA PARA A PREVENCIÓN E O TRATAMENTO INTEGRAL DA VIOLENCIA DE XÉNERO.

3.1 Introducción

A Lei parte de 7 principios xerais que orientan todo o seu contido:

1- A violencia é considerada como unha forma extrema de desigualdade entre homes e mulleres. Segundo este principio, constitúe unha das formas máis graves de discriminación cara as mulleres, e por conseguinte, atenta radicalmente contra o principio de igualdade, principio constitucional do noso Estado Democrático e de Dereito.

Este postulado leva implícito que as políticas para loitar contra a violencia dirixida ás mulleres, están intimamente vinculadas ao logro da igualdade entre as persoas e que, en definitiva, o obxectivo último de toda intervención en violencia de xénero deba ir dirixido a modificar a estrutura básica e universal de desigualdades e asimetría nas relacións entre homes e mulleres.

2- O carácter integral tradúcese en varios aspectos. Por un lado, a erradicación da violencia é unha cuestión pública e compete aos poderes públicos a súa abordaxe, tanto na prevención como no tratamento. Por outro lado, obriga a todas as instancias a intervir na totalidade dos danos ocasionados ás vítimas e en todas as fases do proceso (detección, denuncia, asistencia, recuperación, reinserción, etc.).

3- O seu tratamento é complexo, transversal e multidisciplinar e esixe incorporar un enfoque global.

4- Os instrumentos de intervención deben partir dunha análise diferenciada e sistemática das necesidades específicas de ambos sexos e do diferente impacto que as políticas públicas teñen sobre mulleres e homes, na formación especializada en xénero dos operadores públicos e no desenvolvemento de accións combinadas dirixidas ás mulleres e accións xerais para toda a sociedade.

5- Incorpora a lei o concepto de vitimización secundaria: unha persoa que resulta vitimizada pola vivencia de situacións de maltrato pode volver a ser vitimizada ao recorrer ás institucións ou a profesionais de axuda se estes non fan un axeitado manexo da intervención. Evitar a segunda vitimización ou retraumatizacións debe ser obxectivo inmediato e para iso a lei contempla medidas que garanten a especialización e a formación en xénero de todos os colectivos profesionais que interveñen no proceso e a integridade psicolóxica, autonomía social e económica das mulleres, a través da disposición dos recursos axeitados.



6- Así mesmo, promulga os principios de cooperación e coordinación: estes principios deben inspirar as actuacións de todos os poderes públicos para optimizar os recursos, os mecanismos e a eficiencia das políticas, así como a participación dos colectivos e asociacións de mulleres; en definitiva, a organización da sociedade civil fronte ao maltrato.

7- Tamén está presente o principio de equidade territorial: Con este principio a lei pretende asumir a realidade da dificultade de acceso aos recursos e á información de moitos colectivos de mulleres, especialmente ás que viven no medio rural. Así, o desenvolvemento da rede de recursos e mecanismos de protección deberá ter en conta sistemas de compensación destes desequilibrios territoriais.

Título I: Prevención da violencia de xénero

Neste apartado faise referencia ás disposicións adoptadas e enfocadas a abordar diferentes medidas de prevención da violencia de xénero, como son as dirixidas a unha axeitada sensibilización social, resaltando o papel que deben cumprir os medios de comunicación, as medidas de investigación e formación e por último as medidas no ámbito educativo.

Capítulo I: Medidas de sensibilización contra a violencia de xénero.

Artigo 6. Deseño, elaboración e difusión de campañas.

Artigo 7. Fomento do movemento asociativo.

Artigo 8. Actividades culturais e artísticas.

Artigo 9. Tratamento da información.

Artigo 10. Convenios de autorregulación.

Artigo 11. Contidos e publicidade en relación coa violencia de xénero.

Ao longo do ano 2019 e coa finalidade de favorecer que todos os colectivos, ámbitos públicos e privados, así como toda a sociedade en xeral, acaden unha sensibilidade cara este grave problema social e sobre o que urxe dar unha resposta eficaz, leváronse a cabo dende diversos departamentos da Xunta de Galicia importantes actuacións neste sentido:



Artigo 6: Deseño, elaboración e difusión de campañas

- Campaña do 18 de outubro de 2019. Día europeo contra a trata de persoas.



A trata de seres humanos xa foi recoñecida como delito na Convención das Nacións Unidas contra a Delincuencia Organizada Transnacional en decembro do ano 2000 (Protocolo de Palermo).

Dende o ano 2011 aparece recollida como delito autónomo no artigo 177 bis do Código Penal. Neste artigo defínese a trata como : a captación, o transporte, o traslado, a acollida, a recepción ou o aloxamento de persoas, cando se empregue violencia, intimidación, engano, ou se abuse dunha situación de superioridade ou de necesidade ou vulnerabilidade dunha vítima, xa sexa nacional ou estranxeira, e con algunha das finalidades seguintes:

- A imposición de traballo ou servizos forzados, a escravitude ou prácticas similares á escravitude, a servidume ou a mendicidade.
- A explotación sexual, incluída a pornografía.
- A extracción dos seus órganos corporais.

A Trata de Seres Humanos con fins de explotación sexual, especialmente de mulleres e de nenas, as súas principais vítimas, é unha manifestación máis da situación de desigualdade e de indefensión na que se atopan as mulleres en moitos lugares do mundo e constitúe unha clara expresión da violencia exercida contra a muller.

En Galicia, pola súa banda, a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo, recolle no seu artigo 3, a trata de mulleres e nenas con fins de explotación sexual como unha forma de violencia de xénero e ademais Galicia é pioneira na implicación da Administración autonómica na loita contra esta lacra, coa sinatura en xaneiro de 2010, e actualizada en 2012, do protocolo entre a Fiscalía Superior de Galicia e a Xunta de Galicia sobre a adopción de medidas de prevención, investigación e tratamento ás mulleres vítimas de trata con fins de explotación sexual.



A Secretaría Xeral da Igualdade, con motivo do Día Europeo contra a Trata de Persoas, celebrado o día 18 de outubro, puxo en marcha unha nova campaña informativa co lema “A túa diversión destroza vidas” coa finalidade de seguir concienciando ao global da sociedade no combate contra esta lacra.

Para iso distribuíronse 3.000 carteis nos concellos galegos, CIMs, Centros da Rede Galega de Acollemento, Centro de Recuperación Integral (CRI), Delegacións territoriais da Xunta, Xulgados de violencia de xénero, oficinas de atención ás vítimas, nas ONGs que traballan coa Xunta de Galicia nos programas de apoio ás vítimas da trata, e nos centros de saúde.

Ademais o Consello da Xunta aprobou unha Declaración Institucional con motivo do día 18 de outubro que se recolle a continuación:

■ **Declaración Institucional da Xunta de Galicia na celebración do 18 de outubro, Día Europeo contra a trata de seres humanos.**

“O Goberno Galego con motivo do Día Europeo contra a Trata de Seres Humanos, 18 de outubro, reafírmase na súa clara e decidida condena a esta grave violación dos dereitos humanos, calquera que sexa a súa forma e mostra o seu firme compromiso na prevención e na loita contra a trata de persoas, facendo especial fincapé no apoio incondicional ás vítimas.

No ano 2010, a Asemblea Xeral da ONU adoptou un Plan de Acción Mundial para combater un dos delitos máis execrables que aínda hoxe, a pesar de estar en pleno século XXI, segue existindo: o tráfico de persoas con fins de explotación sexual. Un terrible delito ligado ao crime organizado que afecta de maneira global á comunidade internacional, xa sexa como país de orixe, tránsito ou destino das vítimas desta forma de escravitude, contra o que todos os países deben loitar de maneira coordinada.

Segundo datos do último informe da Oficina de Nacións Unidas contra a Droga e o Delito, o 94% das vítimas de trata con fins de explotación sexual son mulleres e nenas.

A pobreza, as migracións, os conflitos armados ou o cambio climático e os miles de persoas desprazadas que foxen como consecuencia destes desastres sitúanse entre as causas dunha realidade aterradora e cruel na que miles de mulleres e nenas son explotadas sexualmente. Un problema de dimensión transnacional pero tamén nacional, rexional e local no que hai que poñer aos Dereitos Humanos e a xustiza no centro dos nosos esforzos.



Neste sentido, a igualdade de xénero é un principio fundamental da Axenda 2030 das Nacións Unidas, e os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable lébrannos a gobernos e sociedade civil que na súa consecución é necesaria a erradicación de calquera tipo de discriminación e violencia contra as mulleres e as nenas, incluíndo a trata e a explotación sexual.

Moitas mulleres escapan dos seus países de orixe en busca dunha vida mellor, sen saber na súa fuxida que van caer nas redes das mafias e a traballar para as mesmas baixo o xugo dunha ameaza constante por parte dos seus traficantes, aos que non importa pisar a dignidade das persoas. As vítimas da escravitude sexual teñen dono e viven atrapadas polo medo e baixo ameazas contra elas e as súa familias.

Faise difícil comprender que os miles de homes que acoden en busca de sexo de pago non sexan conscientes do terror que se esconde detrás do seu consumo, ou non queiran mirar máis aló para tratar de comprender a transcendencia da súa participación nesta cadea opresora que fai posible que hoxe en día aínda siga existindo a escravitude humana.

Por todo o anterior, dende o Goberno galego e con motivo do Día Europeo contra a Trata de Seres humanos, pomos en marcha unha campaña de sensibilización social coa finalidade de seguir concienciando á sociedade na loita contra esta lacra, baixo o lema: A túa diversión destroza vidas.

Dende hai xa varios anos, a Xunta de Galicia puxo en marcha unha serie de instrumentos dirixidos a garantir a protección das vítimas. Adoptáronse protocolos de detección e derivación de vítimas de trata de seres humanos con fins de explotación sexual, que implican a profesionais de distintos ámbitos para garantir o acceso das vítimas a recursos de asistencia especializados. Ademais, temos claro que, xunto á protección das vítimas e a persecución do delito, é necesario impulsar accións de prevención e concienciación, dirixidas á poboación en xeral, sobre todo aos homes mozos, como pezas crave na erradicación destas situacións.

O Goberno Galego declara a súa firme vontade de seguir avanzando na erradicación da trata de seres humanos, un delito que produce devastadoras consecuencias nas persoas que son captadas e utilizadas como simple mercadoría.”



➤ Campaña do 25 de novembro 2019: Día Internacional contra a violencia de xénero



Con motivo da conmemoración do día internacional contra a violencia de xénero, no marco das campañas institucionais que se realizan anualmente o 25 de novembro, a **Secretaría Xeral da Igualdade** puxo en marcha a campaña *“NON á violencia de xénero”*.

Con este lema, a Xunta quere dicirle NON a todas as formas de violencia recollidas na Lei 11/2017, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia xénero, é dicir, a violencia física, psicolóxica, económica e sexual, así como os abusos sexuais, o acoso sexual e a trata de mulleres e nenas con fins de explotación. A campaña tamén di non ao maltrato, ao maltratador e ao machismo.



Difusión da Campaña:

Co obxectivo de sensibilizar á cidadanía e buscar a complicidade de toda a sociedade para erradicar a violencia contra as mulleres a Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral de Medios, difundíuse activamente a campaña institucional en prensa escrita, radio, internet e portais dixitais:

- Elaboración e difusión masiva por toda Galicia de **50.000** carteis co lema da campaña
- Anuncios publicitarios sobre a campaña coa emisión de 75 pases na Televisión de Galicia e nunhas 400 cuñas nas emisoras de radio galega.
- Publicación de 25 anuncios nos xornais da comunidade
- Máis de seis millóns de banners en internet twitter
- Un cento de valos por toda Galicia
- Presenza nas redes sociais

Ademais, e como en aos anos anteriores, o Consello da Xunta aprobou unha Declaración Institucional con motivo do día 25 de novembro:

■ Declaración Institucional da Xunta de Galicia na celebración do 25 de novembro, Día Internacional para a eliminación da violencia contra as mulleres.

“Hoxe, 25 de novembro, conmemórase un ano máis o Día Internacional para a eliminación da violencia de xénero, unha violencia que nos obriga dende o ámbito público a empregar todos os esforzos, recursos e vontades para acadar algún día a súa erradicación, ao tempo que debemos traballar para reparar o dano sufrido polas vítimas, un dano inxusto e intolerable, froito dun grave problema social que nos atinxe a todas e a todos e que nos obriga a fomentar a transformación de contextos discriminatorios noutros máis igualitarios.

En marzo deste ano 2019 o Goberno galego aprobou un plan de actuación para a implantación na nosa Comunidade Autónoma das medidas incluídas no Pacto de Estado contra a violencia de xénero, plan que permitiu a posta en marcha de novas medidas e o reforzo e ampliación doutras que Galicia xa tiña en funcionamento. Un plan que constitúe unha aposta firme e decidida de todos os departamentos da Xunta de Galicia na loita contra a violencia machista desde unha mirada transversal. Esta aposta decidida marcará o camiño para os vindeiros anos, con pasos firmes nesta loita común, e apelando á necesidade de unir esforzos por e para incrementar a eficacia dos nosos compromisos cara un cambio social que faga posible a igualdade real.



No marco simbólico do Día Internacional para a eliminación da violencia de xénero a Xunta de Galicia expresa con claridade e decisión a súa vontade de avanzar cara escenarios que nos axuden a configurar unha Galicia libre de violencia machista, co compromiso de implicarnos tamén na sensibilización social necesaria para propiciar unha transformación cultural que permita acadar un novo pacto social entre mulleres e homes. Un novo pacto baseado en relacións libres de violencia, que poña o centro na vida humana e na liberdade das persoas sen distinción de sexos.

Que a morte de M^a José, M^a Carmen, Sandra, Alba e Elena, asasinadas en 2019, non quede no esquecemento e nos impulse a seguir insistindo na prevención de todas as formas de violencia cara as mulleres como garantía para a non repetición de situacións inaceptables, así como para seguir ofrecendo e mellorando recursos e servizos que restitúan o dano causado a través da completa recuperación das vítimas e das súas fillas e fillos.”

- **Outras actuacións levadas a cabo pola Xunta entorno ao día 25 de novembro foron:**
 - **Andaina contra a violencia de xénero: “Camiño ao respecto”**



O 24 de novembro, desenvolveuse a sétima edición da andaina contra a violencia de xénero: “Camiño ao respecto”, organizada pola Xunta de Galicia e que percorreu o camiño que separa o Monte do Gozo da Praza do Obradoiro, onde rematou a andaina coa lectura dun manifesto de repulsa e rexeitamento da violencia de xénero, e na que participaron preto dun milleiro de persoas.

O obxecto desta andaina é promover a participación cidadá a prol do rexeitamento público e formal contra a violencia de xénero e sensibilizar sobre a importancia de valores como o respecto e a igualdade entre homes e mulleres, valores que encarna o Camiño de Santiago.



- **Concurso de imaxes e vídeos para a campaña do 25N, Día internacional contra a violencia de xénero, dirixido aos centros educativos.**

Con motivo da celebración do 25 de novembro, Día Internacional contra a Violencia de Xénero, a Secretaría Xeral da Igualdade e a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa convocaron un novo concurso de imaxes gráficas e pezas audiovisuais.

O obxecto do concurso é promover a reflexión sobre a loita contra a violencia de xénero nos centros educativos de Galicia, a través dunha acción que fomente a participación cidadá no rexeitamento público e frontal contra a violencia de xénero e sensibilizar sobre a importancia de valores como o respecto e a igualdade entre mulleres e homes.

- ◆ Tema: *Reflexión contra a violencia de xénero*
- ◆ Lema obrigatorio: *25 de novembro. Día Internacional contra a Violencia de Xénero*
- ◆ Destinatarios: centros de ensino non universitario; poderán presentarse por cada categoría e modalidade
- ◆ Participación: equipos constituídos por 1 docente e tantas alumnas e alumnos como se considere.
- ◆ Categorias:
 - 1ª categoría: alumnado de 5º e 6º de primaria e 1º e 2º da ESO
 - Apartado imaxe gráfica: 7 centros
 - Apartado peza audiovisual: 5 centros
 - 2ª categoría: alumnado de 3º e 4º da ESO e 1º e 2º de bacharelato, de FP básica, de ciclos de grao medio e de ciclos de grao superior.
- ◆ Modalidades:
 - Apartado imaxe gráfica: 15 centros
 - Apartado peza audiovisual: 7 centros

En total participaron 30 centros educativos e 192 alumnas e alumnos

Todos os traballos foron avaliados por un xurado composto polas persoas integrantes da Comisión asesora de publicidade non sexista, a Secretaría Xeral da Igualdade, e a Consellería de Educación.

No apartado de imaxe gráfica, o primeiro premio da primeira categoría recaeu nun grupo de alumnos de 1º da ESO do IES Carlos Casares. O segundo premio desta categoría foi para outro grupo de alumnos de 1º da ESO do IES Illa de Ons, de Bueu.




Na segunda categoría, de alumnado de máis idade, o primeiro premio de imaxe gráfica foi para alumnado do 2º Ciclo Medio de Formación Profesional do IES Leixa, de Ferrol. O segundo premio foi para alumnos de 2º de Bacharelato do IES Carlos Casares, de Vigo.

1º premio 1ª categoría: IES Carlos Casares de Vigo



1º premio 2ª categoría: IES Leixa de Ferrol



No apartado de peza audiovisual o primeiro premio da primeira categoría foi para unha clase de 2º de ESO do IES Vilalonga, de Sanxenxo; mentres que o primeiro premio da segunda categoría recaeu nun grupo de alumnas e alumnos do 2º ciclo superior do IES Leixa, de Ferrol.



➤ **Campaña de prevención da violencia machista entre a xente moza e mulleres que viven no ámbito rural**

En 2019 a Secretaría Xeral da Igualdade elaborou e difundiu campañas específicas contra a violencia de xénero, o rexeitamento ao maltratador e a consideración das vítimas, tendo en conta que esta violencia constitúe a expresión máis extrema da desigualdade entre homes e mulleres.

A campaña tiña como principais destinatarios/as :

- mulleres que viven no ámbito rural
- mulleres novas
- Agresores

Lemas:

Punto final ao medo- Punto final ao control-Punto final ao acoso- Punto final ao maltratador- Punto final ao machismo



Datos:

N.º actos de presentación da Campaña: 1

N.º de insercións en prensa: 85

N.º spots elaborados:1

N.º de baners elaborados:10

N.º cuñas de radio elaboradas:3

N.º emisións TV:91

N.º emisións radios:682

N.º soportes exteriores con campaña:231

N.º mozos/as potenciais receptores/as da campaña: 385.000

N.º mulleres que viven no rural potenciais receptoras da campaña: 782.000

➤ Campaña Agresión OFF: Eu digo non á violencia sexual



Esta campaña, creada pola Xunta no ano 2018 para levala a cabo nos principais festivais musicais de Galicia coa finalidade de sensibilizar e evitar agresións sexuais contra as mulleres seguiu desenvolvendo e ampliouse durante o ano 2019.

No ano 2019, no marco do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, no que se recollen medidas tales como campañas que teñan como público obxectivo a mocidade, ou actuacións de sensibilización, prevención e elaboración de campañas e materiais contra a violencia sexual, a Consellería de Cultura e Turismo e a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza acordaron colaborar no establecemento dunha liña de axudas específica destinada a desenvolver a campaña **AGRESIÓN OFF, Eu digo non á violencia sexual nas festas de Galicia**.

Así, a Axencia Galega de Turismo, no DOG. nº 73 do 15 de abril de 2019, publicou a Resolución do 5 de abril de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións a concellos para apoio, promoción e difusión ás festas declaradas de interese turístico de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2019 que incluía dúas liñas de actuación.



A liña 2 tiña como obxecto de subvención a posta en marcha, durante a celebración das festas declaradas de interese turístico de Galicia, da campaña de información e sensibilización fronte á violencia sexual en espazos públicos: AGRESIÓN OFF, Eu digo non á violencia sexual, utilizando para iso a marca creada para estes efectos.

Nesta liña eran subvencionables aqueles gastos relacionados co desenvolvemento da campaña AGRESIÓN OFF, Eu digo non á violencia sexual, como material para difusión, cartelería, punto de información, merchandaxe..., e foille concedida a subvención a 32 entidades locais: Monterrei, Padrón, A Guarda, Muros, A Estrada, Boiro, Chantada, Guitiriz, Laxe, Mos, Oímbra, Ponteceso, Ribeira, Vimianzo, Viveiro, Ares, Malpica, Melide, Silleda, San Cristovo de Cea, Valdoviño, Vilanova de Arousa, A Pobra do Caramiñal, Begonte, Lourenzá, Marín, Moaña, Mondoñedo, Rairiz de Veiga, Rianxo, Cambados e Sada.

Provincia	Nº concellos
A Coruña	14
Lugo	6
Ourense	4
Pontevedra	8
Total	32

Por outra banda, a Axencia de Turismo de Galicia asinou 18 convenios de colaboración, para o desenvolvemento da campaña *Agresión Off* nas festas de interese turístico nacional e internacional, tanto cos concellos como outras entidades organizadoras das devanditas festas.

Os gastos e actuacións subvencionables son as mesmas que na convocatoria, arriba sinalada, para a celebración das seguintes festas:

- **Internacionais:** Romaría Viquinga de Catoira, Festa dá Arribada dá Carabela Pinta en Baiona, Festa do Viño Albariño de Cambados, Festa das Fogueiras de San Xoan na Coruña, Semana Santa de Ferrol, Festas do Apóstolo en Santiago, Festival Internacional do Mundo Celta en Ortigueira, Festa do Corpus Christi en Pontearreas e Rapa das Bestas de Sabucedo na Estrada.
- **Nacionais:** “ Entroido ” de Xinzo, Romaría dá Nosa Sra. dá Barca en Muxía, Festa do Marisco no Grove, Festa do Polbo en Carballiño, Festa da Lamprea en Arbo, Festas de San Roque en Vilagarcía, Festas de San Froilán en Lugo, Festa de Arde Lucus en Lugo.



Ademais na Resolución do 28 de marzo de 2019, conxunta da Axencia Galega das Industrias Culturais e da Axencia Turismo de Galicia, pola que se establecen as condicións de adhesión á marca Fest Galicia e para a realización de contratos de patrocinio con entidades privadas para festivais de música profesionais que se celebran desde o 1 de xuño de 2019 ao 30 de setembro de 2019, considerados estratéxicos para o territorio xa que xeran un retorno publicitario para as marcas Fest Galicia e Xacobeo Galicia 2021 (DOG núm. 67, do 5 de abril), incluíase unha liña de patrocinio da campaña de información e sensibilización fronte á violencia sexual en espazos públicos: Agresión Off, eu digo non á violencia sexual.

Un total de 8 festivais ofreceron esta publicidade nas súas solicitudes: Atlantic Fest, Cantos na Maré, Caudal Fest, Festival da Luz, Festival Revenidas, Ribeira Sacra Festival, Festival Son Rías Baixas, e Festival Vive Nigrán.

Pola súa banda, a **Secretaría Xeral da Igualdade**, licitou, a través dun procedemento de contratación aberto, o desenvolvemento da campaña “Agresión Off”, contra a violencia sexual, en festivais, festas, concentracións turísticas e outros eventos desenvolvidos en Galicia no ano 2019.

O obxecto deste contrato foi a prestación dos servizos relativos ao desenvolvemento da campaña da Xunta de Galicia contra a violencia sexual “Agresión Off”, en concreto as seguintes actuacións:

- O deseño, a realización, montaxe/desmote e transporte das casetas coas que se participará nos eventos sinalados para ofrecer información contra a violencia sexual.
- As actividades de información sobre a violencia sexual en particular, e sobre a violencia de xénero en xeral. Trátase de sensibilizar e concienciar ao público asistente aos eventos da importancia de romper coas condutas violentas e non igualitarias, tanto nas relacións sociais como de parella, principalmente entre a xente nova.
- A realización de actividades lúdico formativas.
- A realización dun taller formativo para persoal de seguridade.
- A distribución de material de prevención e atención a vítimas da violencia sexual así como outro material que achegue información e que contribúa á sensibilización.





Esta campaña, a través do stand con material informativo e obradoiros, estivo presente nos festivais adheridos ao FEST Galicia 2019:

- Festival Portamérica (Caldas de Reis)
- Resurrection Fest (Viveiro)
- Festival Ribeira Sacra (Sober)
- Vive Nigrán (Nigrán)
- Atlantic Fest (Illa de Arousa)
- Festival Sinsal (Illa de San Simón)
- Festival SonRías (Bueu)
- Festival Revenidas (Vilaxoán-Vilagarcía de Arousa)
- Festival da Luz (Boimorto)
- WOS Festival (Santiago)
- Cantos na Maré (Pontevedra)
- Caudal Fest (Lugo)



E tamén foi ofertada pola Secretaría Xeral da Igualdade as entidades locais galegas adheridas á Rede Galega de Entidades Locais contra a Violencia de Xénero, ao abeiro do convenio de colaboración asinado coa FEGAMP (véxase páxina 347), desenvolvéndose en 23 entidades locais:

Provincia	Nº concellos
A Coruña	12
Lugo	4
Ourense	4
Pontevedra	3
Total	23

Datos de persoas participantes:

Nº de persoas participantes nas accións de sensibilización: 4.073

Nº de mulleres: 1.651

Nº de homes: 1.232

Nº de persoas que solicitaron información: 1.190

Material distribuído no marco da campaña: 9.910 unidades

Ademais o stand da campaña Agression OFF estivo no evento "Mocidade", da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, que congregou na Cidade da Cultura ao longo da fin de semana do 25 ao 27 de outubro a máis de 400 mozos e mozas galegos e do Norte de Portugal de entre 18 a 30 anos .

- **Difusión das campañas informativas fronte á violencia de xénero e ás agresións sexuais no evento internacional "Galicia Classic Surf Pro"**




No ano 2019 a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, asinou un convenio de colaboración co Clube Praia de Pantín, entidade que organiza e desenvolve a Galicia Classic Surf Pro, un campionato mundial considerado como un dos principais eventos internacionais deportivos de surf, que conta cun público moi numeroso, maiormente xente moza.



A súa finalidade é apoiar o labor de información e ditusión que no ámbito da prevención e sensibilización contra a violencia de xénero desenvolve este Clube no marco da Galicia Classic Surf Pro, campionato mundial do que o Clube é organizador, e que encaixa de maneira clara nas medidas previstas no Pacto de Estado contra a violencia de xénero, en concreto as referidas ao desenvolvemento de campañas de prevención e sensibilización fronte a violencia de xénero, que teñan como destinatarios principais as nenas e os nenos, adolescentes e mocidade, para que interioricen a igualdade como un valor esencial para a convivencia entre mulleres e homes.

Este evento deportivo tivo lugar entre o 28 de agosto e o 7 de setembro de 2019.

No stand específico que establece o Clube praia de Pantín no Galicia no evento Classic Surf Pro para proporcionar información sobre prevención da violencia de xénero e difundir campañas, inclúese a difusión a través de soportes físicos e dixitais tamén as campañas contra a violencia de xénero da Xunta de Galicia, integrándoas nos soportes utilizados e nas ferramentas de marketing dixital do evento, activando as ditas campañas tamén en redes sociais.



■ **Campaña de comunicación e sensibilización nos centros de maiores e de persoas con discapacidade**

A Consellería de Política Social, a través da Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade, no marco do Pacto de Estado contra a Violencia de xénero, realizou unha campaña de sensibilización para a prevención de violencia de xénero nun colectivo especialmente sensible, as mulleres maiores. O obxectivo foi brindarlle ao persoal profesional das residencias e centros de día de maiores ferramentas para que saiban identificar e actuar ante situacións de violencia de xénero.



A campaña, que foi acompañada dun plan de formación para os distintos colectivos de empregados/as públicos/as dos centros de maiores e de persoas con discapacidade, levouse a cabo en 24 servizos de atención residencial da rede da Xunta de Galicia

Número de participantes nas 24 accións formativas: 170

Materiais elaborados e distribuídos: 2400 dípticos . Teñen o obxectivo de difundir conceptos claves: que é a violencia de xénero, como detectala, que recursos existen e cal é o marco xurídico.



- Vídeo de 1 minuto e 30 segundos de duración, adaptado á súa difusión en redes sociais. https://www.youtube.com/watch?v=DuMGg_Gnyrw
- 72 pósters informativos

■ Accións específicas para fomentar o xogo e os xoguetes igualitarios

En decembro de 2019 a conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional e a secretaria xeral da Igualdade presentaron a campaña “Os Bolechas pola Igualdade”, con material didáctico a empregar tanto na escola como na casa para traballar cara a Igualdade entre as/os mais novos.

O material didáctico elaborado ten como finalidade promocionar a igualdade entre as nenas e nenos e no ámbito educativo e para as familias, como o libro dos Bolechas pola Igualdade, dos se reparten 10.000 unidades; unha unidade didáctica para traballar nas aulas, das que se reparten 30.500 nos centros, así como 60.500 cadernos de actividades, 10.000 chapas coa imaxe de os Bolechas pola Igualdade cos días internacionais: 8 de marzo e 25 de novembro. O material tamén está dispoñible para a súa descarga.





Por outra banda, continuou tamén a campaña “Xoguetes para a igualdade. Xogamos iguais. Os xoguetes non teñen sexo”, que ten como obxectivo sensibilizar sobre o contido sexista e violento de moitos xogos e xoguetes, acabar coa segregación de nenas e nenos nos xogos derivada de estereotipos de xénero que persisten na sociedade e concienciar aos mais pequenos que poden xogar indistintamente co mesmo xoguete, que non hai cores de nenas e de nenos.

Esta actuación tamén dá cumprimento a unha das propostas incluídas no Pacto de Estado contra a violencia de xénero, que inclúe de xeito específico unha medida para fomentar xoguetes igualitarios

Ao abeiro desta iniciativa distribúense 7.000 carteis e 13.800 marcapáxinas cun decálogo de consellos, para a súa distribución nos centros comerciais, comercios, centros de ensino, centros de saúde e concellos.

- **Prevención e sensibilización fronte á violencia de xénero a través da dinamización e promoción da lingua galega**

Con data 7 de xuño de 2019 a Vicepresidencia e Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Consellería de Cultura e Turismo, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, asinaron un convenio de colaboración co el obxecto de desenvolver, dentro das actividades de fomento e promoción da lingua galega, algunhas das medidas previstas no Pacto de Estado contra a violencia de xénero.



O programa desenvolvido denominouse “Nós contra a violencia”, e a súa finalidade foi a realización de programas de prevención e sensibilización fronte á violencia de xénero a través da dinamización e promoción da lingua galega, incluíndo nas actividades de dinamización e promoción lingüística dirixidas á infancia, mocidade e familias, accións específicas sobre prevención e sensibilización fronte á violencia de xénero, con mensaxes positivos, unitarios e adaptados ás esixencias de cada momento, implicando á sociedade no seu conxunto e elixindo os momentos máis favorables para a súa difusión, así como a realización de campañas que teñan como público a mocidade, a través do uso preferentemente das tecnoloxías da información e a comunicación.



N.º entidades implicadas nas accións	74
N.º actos de presentación de campaña	60
N.º materiais elaborados e distribuídos (carteis, ploters, guías e libros)	3500

N.º persoas participantes	8157
<i>N.º homes usuarios/participants</i>	2692
<i>N.º mulleres usuarias/participants</i>	3297
<i>N.º menores usuarios/participants</i>	2168



A programación das actividades tivo repercusión noutros ámbitos administrativos, fundamentalmente, en centros educativos dependentes da Consellería de Educación da Xunta de Galicia e nos concellos da Rede de Dinamización Lingüística, que na actualidade son 197.

Por outra banda, nos programas xerados pola **Secretaría Xeral da Política Lingüística** foméntase a igualdade, a inclusión e a prevención da violencia de xénero, canda outros valores transversais, e favorécese a visualización da muller. O mesmo adoita acontecer nos recursos creados polos centros educativos. Na selección de recursos dos Equipos de dinamización da Lingua Galega (EDLG) seleccionados para divulgar no Portal da Lingua Galega tense sempre en conta que non sexan sexistas, discriminatorios ou xenófobos.

Proxectos de innovación educativa en dinamización lingüística

A Secretaría Xeral de Política Lingüística desenvolve o programa Proxectos de innovación educativa en dinamización lingüística, en colaboración coa Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa no marco do Plan Proxecta. Paralelamente, presenta con periodicidade anual a convocatoria para a realización de Proxectos de innovación educativa en dinamización lingüística (PIDL), dirixida aos centros docentes de titularidade pública de Galicia.

No art. 7, indícase que os PIDL deben fomentar entre outros aspectos, o achegamento do alumnado procedente do estranxeiro e das súas familias á lingua e ao coñecemento da realidade sociocultural galega e/ou o incremento do uso e valoración positiva da lingua galega entre o alumnado neofalante.

No art. 10, de criterios de valoración, puntúanse con 3 e 2 puntos respectivamente as propostas de tratamento da diversidade, a atención ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo e as medidas para fomentar a igualdade e mais o acceso de alumnos e alumnas en igualdade de condicións e o fomento dos valores democráticos.

https://www.lingua.gal/a-secretaria-xeral/convocatorias/_/Premios/convocatoria_0102/convocatoria-para-realizacion-proxectos-innovacion-educativa-dinamizacion-linguistica

Moitos destes proxectos son salientables polas medidas a prol da igualdade e contra a violencia de xénero e mais as medidas de inclusión. Os seleccionados como excelentes no ano 2019 son un exemplo:



- O Prado fala galego, IES Carlos Casares e IES Santa Irene, Vigo, Pontevedra
- A cidade sen barreiras, CEE Nosa Señora do Rosari, A Coruña
- Ao son delas, IES Maximino Romero de Lema, Zas, A Coruña
- Cóxegas: caixas de investigación e creación como experiencia estética e emocional de acompañamento lingüístico, CEIP Heroínas de Sálvora, Ribeira, A Coruña
- Miserábeis, IES Illa de Ons, Bueu Pontevedra

Programa e Certame Nós tamén creamos!

A Secretaría Xeral de Política Lingüística desenvolve o programa Nós tamén creamos!, en colaboración coa Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa e no marco do Plan Proxecta. Así mesmo, convoca anualmente os premios Nós tamén creamos! asociado ao programa para centros de educación infantil e primaria e no que poden participar tamén centros de educación especial. Neste certame o alumnado realiza (co apoio do profesorado) curtas baseadas en álbums ilustrados, que se envían aos centros participantes no certame; a selección destes libros busca fomentar valores transversais, como a igualdade, a non violencia e a inclusión. As curtas baseadas neles que realizan os rapaces para o certame e que promoven, daquela, eses mesmos valores, están a disposición de todo o mundo na sección infantil do web da CRTVG.

Un exemplo foi o álbum *Maruxa*, que chegou a todos os centros participantes no concurso e deu lugar a varias curtas, entre elas unha das premiadas:

<http://www.crtvg.es/tvg/a-carta/categoria-3-ceip-poeta-avelino-diaz>

Programa 21 días co galego e máis (2019-2020).

Neste programa da Secretaría Xeral da Política Lingüística, que vai pola segunda edición, os centros crearon vídeos e desenvolveron actividades relacionadas coa visualización das mulleres e co fomento da igualdade e a inclusión e a diversidade.

Entre elas destaca a seguinte do IES Arcebispo Xelmírez sobre o acoso e a represión ás mulleres, centrada na figura das irmás Fandiño:

<https://blogs.xunta.gal/21diascogalegoemais/2020/01/15/dia-3-o-ies-xelmirez-falanos-de-ciberacoso/>

Ou a seguinte sobre a importancia da diversidade:

<https://blogs.xunta.gal/21diascogalegoemais/2020/01/16/dia-4-o-ies-de-poio-e-a-importancia-da-diversidade/>



Concurso de Curtas Senda dos Faros

No artigo 9 da do **Concurso de Curtas Senda dos Faros**, convocado pola Secretaría Xeral de Política Lingüística e a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa inclúese como un dos criterios de selección a potenciación dos valores democráticos (integración, inclusión social, amizade, non-violencia, igualdade de xénero, solidariedade...).

Programa Lingua rodada

Na proba de selección do **programa Lingua rodada**, desenvolvido pola Secretaría Xeral de Política Lingüística establécese que o xurado poderá desbotar aquelas producións cuxo contido non se axuste ás bases ou que promovan unha mensaxe ofensiva, violenta ou discriminatoria.

Concurso- exposición Letras Galegas.

Moitos dos carteis e as guías didácticas que se presentan a este certame inclúen materiais diversos (entre eles vídeos e podcasts) que favorecen a inclusión, como pictogramas, vídeos en linguaxe de signos, vídeos con subtítulos, tarefas con alfabeto Braille etc., sobre todo na categoría A, de centros de educación infantil e primaria, na que poden participar tamén centros de educación especial.

<https://www.lingua.gal/o-galego/promovelo/dia-das-letras-galegas>

As exposicións e as guías didácticas premiadas nas dúas categorías edítanse e distribúense por aproximadamente 1.800 puntos de Galicia e do exterior (centros educativos de primaria e secundaria, bibliotecas, centros de estudos galegos etc.).

VIII Festival Arte pola Igualdade Letras Galegas

A Secretaría Xeral da Política Lingüística súmase, cada curso, á celebración dos actos conmemorativos do Día das Letras Galegas co Festival Arte pola Igualdade, para potenciar a inclusión. No 2019 tivo lugar o 9 de maio, ás 19:00 h, no Teatro Colón da Coruña e participaron o CEE N.^a Sra. Do Rosario, CEIP Eusebio da Guarda e o CMUS Profesional da Coruña. Neste acto, ademais de lembrar a figura de Antonio Fraguas Fraguas, tamén se quixo visualizar o trastorno autista coa dramatización da peza *Belulo*.

<https://www.lingua.gal/o-galego/promovelo/dia-das-letras-galegasLigazón>



Recursos dos Equipos de Dinamización da Lingua Galega (EDLG) dos centros educativos contra a violencia de xénero e a prol da igualdade e da inclusión

Moitos recursos creados polos EDLG dos centros educativos dependentes da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional promoven a igualdade, a inclusión, a non-violencia e a loita contra o sexismo.

A Secretaría Xeral da Política Lingüística publica recursos relacionados con estas temáticas, especialmente na sección Datas sinaladas e concretamente nos apartados correspondentes aos filtros Día Internacional da Discapacidade, Día Contra a Violencia de Xénero, Día da Muller e Día da Paz, que en si mesmos, xa supoñen unha medida a prol da igualdade, a inclusión, a non-violencia: <http://www.lingua.gal/o-galego/promovelo/equipos-de-dinamizacion-da-lingua-galega/datas-sinaladas>

Estes son algúns exemplos:

- Ecofeminismo! IES Porto do Son, Porto do Son (A Coruña)
https://www.lingua.gal/o-galego/promovelo/equipos-de-dinamizacion-da-lingua-galega/datas-sinaladas/listado/_/contido_1159/ecofeminismo
- Memorandum. IES Lamas de Abade, Santiago de Compostela (A Coruña)
https://www.lingua.gal/o-galego/promovelo/equipos-de-dinamizacion-da-lingua-galega/datas-sinaladas/listado/_/contido_1192/emmemorandumem
- Vídeos sobre mulleres destacadas da Historia. CPI Manuel Suárez Marquier, O Rosal (Pontevedra)
https://www.lingua.gal/o-galego/promovelo/equipos-de-dinamizacion-da-lingua-galega/datas-sinaladas/listado/_/contido_1186/videos-sobre-mulleres-destacadas-historia
- Se é amor non doe. IES Taboada Chivite, Verín, Ourense
https://www.lingua.gal/o-galego/promovelo/equipos-de-dinamizacion-da-lingua-galega/datas-sinaladas/listado/_/contido_1078/amor-non-doe



Nas actividades dos EDLG relacionadas co Día da Ciencia en Galego tratase de divulgar aqueles recursos dos centros que visualicen as mulleres científicas.

- Día Internacional da Muller e a Nena na Ciencia. IES Pontepedriña, Santiago de Compostela (A Coruña)

https://www.lingua.gal/o-galego/promovelo/equipos-de-dinamizacion-da-lingua-galega/datas-sinaladas/listado/_/contido_1171/dia-internacional-muller-nena-ciencia/

- Mulleres científicas destacadas. CEIP Arquitecto Casas Novoa de Santiago de Compostela

https://www.lingua.gal/o-galego/promovelo/equipos-de-dinamizacion-da-lingua-galega/datas-sinaladas/listado/_/contido_1172/mulleres-cientificas-destacadas

- Blog Anxopictogramas: Este blog lévao o EDLG do CEIP Plurilingüe O Mosteirón coa colaboración do EDLG do CEIP Plurilingüe Anxo da Garda e o. Realiza moitos materiais (contos, cancións...), con pictogramas.

<http://anxopictogramas.blogspot.com>

- Concurso de Carteis para o Día Internacional da Muller do CIFP Coroso
- Xornadas Reseteando dende a Educación, IES Luís Seoane 07/02/2019 Xornada sobre a violencia de xénero, organizada polo IES Luís Seoane (Pontevedra), con tres poñentes relatoras feministas, aberta aos centros e particulares.

<https://www.edu.xunta.gal/portal/node/26824>

- Curta *Estamos contigo*, do IES Taboada Chivite, Verín (Ourense). O alumnado de 1.º da ESO do IES Taboada Chivite ergue a súa voz nesta canción contra o acoso escolar, en galego e a ritmo de flamenco. Velaquí o xenial resultado.

https://www.lingua.gal/o-galego/promovelo/equipos-de-dinamizacion-da-lingua-galega/audiovisuais-e-musica/_/contido_1050/estamos-contigo

- Vídeos *Derruba o muro do machismo* e *Dálle unha volta*, IES de Vilalonga (Sanxenxo)

https://www.lingua.gal/o-galego/promovelo/equipos-de-dinamizacion-da-lingua-galega/datas-sinaladas/listado/_/contido_1194/derruba-muro-machismo-dalle-unha-volta



- *Rompe a cadea do maltrato. Chama ao 016*, CPI U Cruce, Cerceda (A Coruña)
https://www.lingua.gal/o-galego/promovelo/equipos-de-dinamizacion-da-lingua-galega/datas-sinaladas/listado/_/contido_1195/rompe-cadea-maltrato-chama-016
- Videoclip *Unha mirada máis*, CEIP San Clemente de César (Caldas de Reis)
https://www.lingua.gal/o-galego/promovelo/equipos-de-dinamizacion-da-lingua-galega/datas-sinaladas/listado/_/contido_1191/unha-mirada-mais
- Lemas contra o maltrato, IES Monte Neme, Carballo (A Coruña)
https://www.lingua.gal/o-galego/promovelo/equipos-de-dinamizacion-da-lingua-galega/datas-sinaladas/listado/_/contido_1188/lemas-contra-maltrato
- En loita contra a violencia de xénero / Eneólogo contra o machismo / Lecturas contra a violencia machista, IES Pontepedriña, Santiago de Compostela (A Coruña)
https://www.lingua.gal/o-galego/promovelo/equipos-de-dinamizacion-da-lingua-galega/datas-sinaladas/listado/_/contido_1190/loita-contra-violencia-xenero-enealogo-contra-machismo-lecturas-contra-violencia
- Vídeo *Se é amor non doe*, IES Taboada Chivite, Verín, Ourense
https://www.lingua.gal/o-galego/promovelo/equipos-de-dinamizacion-da-lingua-galega/datas-sinaladas/listado/_/contido_1078/amor-non-doe
- II Congreso Escolar pola Igualdade Maruxa Mallo, IES Maruxa Mallo (12.04.2019). Evento desenvolvido para celebrar a data do 8 de marzo, Día Internacional da Muller e para reivindicar non só a igualdade entre homes e mulleres senón tamén todas as igualdades.
<https://www.mancomunidadeordes.gal/noticias/ordes-4698/ii-congreso-escolar-pola-igualdade-maruxa-mallo-35621.html>



Iniciativas dos EDLG para o Día das Letras Galegas

Moitos recursos creados polos EDLG dos centros educativos dependentes da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional para o Día das Letras Galegas promoven a igualdade e a inclusión. En <https://www.lingua.gal/o-galego/promovelo/dia-das-letras-galegas> aparecen varios exemplos:

- Casamento da pulga (canción). Centro: CEIP Plurilingüe Anxo da Garda e CEIP Plurilingüe O Mosteirón, Sada (A Coruña)
 - Casamento da pulga (en lingua de signos). Centro: CEE Nosa Señora do Rosario e CEIP Plurilingüe Anxo da Garda (A Coruña)
 - Casamento da pulga (biografía en pictogramas). Centro: CEIP Plurilingüe Anxo da Garda, A Coruña e CEIP Plurilingüe O Mosteirón, Sada (A Coruña)
- **Proxecto de empoderamento de mulleres migrantes en situación de vulnerabilidade e risco de exclusión social**

No ano 2019 a Vicepresidencia e Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, asinou un convenio de colaboración coa Fundación Juan Soñador para o desenvolvemento do **Proxecto Malaikas**, de empoderamento de mulleres migrantes en situación de vulnerabilidade e risco de exclusión social.

A Fundación Juan Soñador, entidade de carácter social sen ánimo de lucro, ten entre as súas actividades fundacionais “Desenvolver proxectos de promoción social de barrios populares con un alto índice de problemática social, mediante proxectos socioeducativos, culturais, de ocio y tempo libre, de educación de calle, de promoción de la muller e igualdade de xénero”. Conta ademais con equipos educativos profesionais, estables e identificados cos seus valores fundamentais (ser axentes de cambio e transformación social, por medio dunha proposta socioeducativa integral e de calidade, promovendo o protagonismo activo das persoas excluídas como suxeito de dereitos; proposta educativa cun criterio preventivo, que non se reduce á protección social senón que vai ás causas que provocan a exclusión; estilo educativo baseado nunha relación persoal de proximidade, familiaridade e a aceptación da persoa, con actitudes que desenvolvan a súa autoestima e o recoñecemento da súa dignidade)



Dentro do seu Programa Teranga, de atención integral a persoas migrantes, encádrase o proxecto **Malaikas**, para o empoderamento de mulleres migrantes en situación en situación de vulnerabilidade e risco de exclusión social, con intervención nas cidades de Lugo, Vigo, Ourense e A Coruña.

O obxecto deste convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, e a Fundación Juan Soñador para o desenvolvemento do proxecto Malaikas, para ou empoderamento de mulleres migrantes en situación en situación de vulnerabilidade e risco de exclusión social, con intervención nas cidades de Lugo, Vigo, Ourense e A Coruña.

Obxectivos específicos:

- Incrementar as redes de apoio social das mulleres que participen en Malaikas.
- Mellorar o benestar emocional das mulleres e a posibilidade de afrontar situacións persoais, familiares e sociais, a través de espazos grupais e comunitarios.
- Sensibilizar á cidadanía sobre a situación das mulleres migrantes, a través dun enfoque de igualdade e xénero.
- Eixes de acción:
 - Creación dun espazo grupal de mulleres migrantes onde poder xuntarse, falar, soñar, tecer redes sociais e alianzas de apoio.
 - Fomento do encontro a través de temas de interese para o crecemento persoal.
 - Consideración das mulleres como axentes multiplicadores de vida nas súas familias.
 - Aposta pola sabedoría tácita das mulleres e a súa participación en diversos foros sociais dándolles visibilidade.

O proxecto Malaikas desenvólvese en cada cidade cun grupo de mulleres onde se levaron a cabo estas actividades:

1.- Acollida diaria das mulleres. As mulleres participantes contan cun espazo de acollida diaria onde poderán recibir a información que precisen e utilizar as instalacións e os medios tecnolóxicos á súa disposición (ordenadores para búsquedas de emprego, contactos coas familias nos países de orixe etc.) así como para facilitar o contacto con outras persoas e favorecer o intercambio cultural.



2.- Encontros formativos, obradoiros dende unha perspectiva participativa que favoreza o empoderamento e o intercambio de experiencias. Os encontros serán grupais fomentando a estabilidade do grupo ata crear un vínculo entre elas que poida superar os encontros formais.

3.- Encontros lúdico festivos, con saías en grupo, excursións pola cidade, festas de aniversarios, celebracións, gastronomía, etc. Estes encontros lúdicos estarán abertos a todas as mulleres que participan no espazo de acollida.

4.- Encontros de alianzas, favorecendo as relacións entre as participantes incluso fora do espazo do centro, ata crear redes de apoio entre elas.

5.- Espazo de sensibilización, que permita dar visibilidade e comunicar á cidadanía a situación das mulleres migrantes. Utilizaranse as redes sociais para este fin, facebook, twitter, así como a páxina Web da Fundación Juan Soñador.

Resultados:

Obxectivos de participación	Resultados esperados	Resultados acadados
Espazo de acollida	225 mulleres	658 mulleres
Encontros formativos	40 mulleres	96 mulleres
Encontros lúdicos	50 mulleres	82 mulleres

➤ **Accións contra a violencia de xénero entre poboación refuxiada e desprazada**

Durante o ano 2019, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza asinou oito convenios de colaboración coas ONGD Médicos do Mundo; Farmacéuticos Mundi; Entreculturas Fe e Alegría; Fundación Educación e Cooperación (Educo); Fundación AIDA Axuda, Intercambio e Desenvolvemento; e Asemblea de Cooperación pola Paz (ACPP); así como co Comité español do Alto Comisionado das Nacións Unidas para os Refuxiados (ACNUR) e a Axencia de Nacións Unidas para os refuxiados de Palestina en España (UNRWA- España), para a posta en marcha de accións contra a violencia de xénero e a favor da igualdade de mulleres e homes entre a poboación refuxiada e desprazada de distintas partes do mundo

As iniciativas abordan diversos aspectos como a atención psicosocial, as campañas de sensibilización e prevención, ou actividades de empoderamento das mulleres. Todas elas dirixidas a mellorar as condicións da vida da poboación, nomeadamente das mulleres e nenas, e contribuír a erradicar a lacra da violencia de xénero e da desigualdade sexa onde sexa.



Proxectos desenvolvidos:

➤ **Protección e resposta á violencia sexual e de xénero de poboación refuxiada congoleña en Uganda:**

Trátase dun proxecto executado en colaboración con ACNUR cuxo obxectivo xeneral foi a protección dos dereitos fundamentais e mellora das condicións de vida da poboación refuxiada da República Democrática do Congo en Uganda, concretamente na provincia de Hoima.

Reforzáronse as capacidades do persoal sanitario e de organizacións que traballan nos campos sobre asistencia psicosocial a mulleres vítimas de violencia sexual e de xénero.

Traballouse especificamente na redución da incidencia da violencia sexual e de xénero, a través da sensibilización/capacitación das comunidades e do empoderamento socio-económico a longo prazo das mulleres no asentamento de Kyangwali.

- Nº de accións de formación para profesionais: 3
- Nº de profesionais participantes en accións de formación: 85
- Nº de mulleres refuxiadas atendidas: 4.025
- Nº de mulleres en risco de violencia sexual e de xénero atendidas 600
- Nº de accións de formación para a violencia sexual e de xénero realizadas con mulleres: 25
- Nº de mulleres participantes en accións de formación para a violencia sexual e de xénero realizadas con mulleres: 600
- Nº de actividades de sensibilización sobre a problemática endémica da violencia sexual: 50

➤ **Prevenção da violencia de xénero a través de iniciativas de protección impulsadas polas comunidades de persoas refuxiadas de Palestina en Líbano:**

Trátase dunha intervención executada en colaboración con UNRWA España que persegue protexer e promover os dereitos das persoas refuxiadas de Palestina en virtude do dereito internacional, especificamente contribuíndo á redución e a prevención de casos de violencia de xénero na comunidade refuxiada de Palestina en Líbano.



O Marco de Prevención da Violencia de Xénero da UNKWA, centrase na creación de asociacións e no fortalecemento das estruturas comunitarias para a prevención da violencia de xénero. A través da contribución dos fondos do Pacto de Estado, os comités de mulleres e nenas puideron continuar recibindo sesións de capacitación e titoría por parte de ABAAD en temas relacionados coa prevención e resposta á violencia de xénero, así como habilidades de facilitación de formacións e metodoloxías para a organización de sesións de concienciación comunitaria. Co apoio operativo da Asociación do Programa de Mujeres, os comités implementaron actividades de sensibilización coa comunidade e campañas de promoción que se centraron en abordar cuestións relacionadas coa violencia de xénero como o matrimonio infantil, a violencia e os dereitos das mulleres e as nenas á educación. N.º persoas participantes nas accións de prevención da violencia de xénero: 2782

Mulleres	921
Nenas	1.534
Nenos	227
Homes	100

Nº actividades de sensibilización sobre a violencia de xénero: 57

N.º de homes participantes en talleres de construción de novas masculinidades. 165

N.º persoas participantes en accións de sensibilización comunitaria sobre saúde mental e psicosocial:254

Mulleres	182
Nenas	15
Nenos	9
Homes	48

N.º participantes en talleres formativos sobre violencia de xénero :614

Mulleres: 514

Nenas: 100

Nº de accións de formación para profesionais:3

Nº profesionais participantes en accións de formación sobre identificación, prevención e xestión de casos de violencia de xénero : 323

- **Resposta á crisis de refuxiados/as Rohingya:** A intervención, executada co apoio da Fundación Educación e Cooperación (EDUCO), tivo como obxectivo xeneral, contribuír á estabilización e normalización da vida cotiá da poboación Rohingya que vive nos campamentos de Cox' s Bazar (Bangladesh), brindando a nenos, nenas e adolescentes (NNA) un marco de seguridade e protección que preveña, detecte, e de seguimento á violencia, o abandono, a explotación e o abuso.



O proxecto levou a cabo tres tipos de iniciativa

.Capacitación das persoas membros do Comité Comunitario de Protección da Infancia (CCPI)

.Campaña de sensibilización liderada por nenas e nenos

.Visitas a domicilio (en grupo e individuais)

Nº profesionais participantes en accións de formación sobre identificación, prevención e xestión de casos de violencia de xénero :69

N.º accións na Campaña de sensibilización liderada por nenas e nenos: 26

N.º sesións individuais en visitas a domicilio: 225

N.º sesións grupais en visitas a domicilio: 120

N.º persoas participantes en accións de sensibilización1.045

Mulleres: 585

Homes: 460

- **Fortalecer os recursos locais de prevención e protección das mulleres e nenas sobreviventes de VS e VBG nos asentamentos informais de poboación refuxiada en Eastliegh North, Nairobi, baixo un enfoque de restitución integral e promoción dos DSR:** O proxecto executado en colaboración con Farmacéuticos Mundi, centrouse en promover o dereito á saúde e a unha vida libre de violencia das mulleres e nenas refuxiadas en Nairobi, a través do fortalecemento dos recursos locais de prevención e protección das mulleres e nenas sobreviventes de Violencia sexual e Violencia Baseada no Xénero, concretamente nos asentamentos informais de poboación refuxiada de Eastliegh North, Nairobi, baixo un enfoque de restitución integral e promoción dos Dereitos Sexuais e Reprodutivos.

Articulouse unha rede comunitaria de defensoras de xénero e realizado accións de promoción da saúde e os DSR de mulleres e nenas en coordinación coas campañas locais de prevención de VS e VBG con diferentes actores locais, incluíndo aspectos de novas masculinidades. Desenvolvéronse programas de capacitación sobre actividades xeradoras de ingreso, creáronse protocolos de actuación compartidos para a atención integral de mulleres sobreviventes de VS e VBG entre os recursos de saúde institucionais e os recursos comunitarios e participouse na campaña “16 días de activismo contra a Violencia Baseada no Xénero no espazo laboral” organizada polo Grupo de Traballo de VBG de Nairobi na que participan UNHCR.



Nº de mulleres con tratamento médico de urxencia (EIS): 10

Nº de mulleres que conforman a rede comunitaria de defensoras de xénero: 7

Nº de homes que conforman a rede comunitaria de defensores de xénero: 3

Nº accións de promoción da saúde e os DSR de mulleres e nenas: 489

Nº mulleres participantes en terapias grupais: 66

Nº de mulleres con atención en APS e a SSR integral (atención de urxencia, saúde materno-infantil): 995

Nº mulleres participantes en accións formativas: 14

Nº campañas (6 días de activismo contra a Violencia Baseada no Xénero no espazo laboral): 1

- **“Persoas que se moven”:** As violencias de xénero que afectan ás mulleres, nenas, nenos, poboación LGTBI e indíxenas no proceso migratorio mesoamericano: A intervención executada en colaboración con Médicos do Mundo, tivo como obxectivo xeral reflectir o impacto das violencias de xénero no tránsito migratorio Mesoamericano para impulsar a resposta da Cooperación Internacional e implicando á Cooperación Española nos países da rexión.

Fíxose un esforzo por impulsar o coñecemento sobre a situación das violencias contra as mulleres, nenas, nenos, poboacións LGTBI e indíxenas no tránsito migratorio mesoamericano, para preparar unha mellor e maior resposta da Cooperación Internacional, a través de cultivar e publicar información por distintos medios ou soportes técnicos: gráfico, visual e multimedia.

Dada a relevancia e extensión territorial do tema deste proxecto, Médicos do Mundo articula unha alianza co xornal dixital O Faro.net, para que, coa experiencia e recoñecemento rexional e internacional que este xornal ten no tratamento destes temas, sexa este medio de comunicación quen desenvolva o proceso de campo nos distintos países en coordinación cos equipos de Médicos do Mundo despregados nas súas distintas sedes de: Tegucigalpa (Honduras), San Salvador (O Salvador), Ciudad de Guatemala (Guatemala) e Tapachula, (Estado de Chiapas, México).

Esta alianza, logrou por unha banda fortalecer as sinerxias existentes para o tema de migración e xénero que ambas as institucións traballan e potenciar os seus logros e visibilidade.



Desta maneira O Faro.net realizou unha proposta que se articulou a partir da proposta do proxecto e entregou elementos de traballo de campo para lograr os obxectivos perseguidos, a partir dun proxecto xornalístico enfocado en visibilizar a migración de mulleres centroamericanas cara a Estados Unidos desde o recoñecemento da diversidade entre quen migran e o respecto á complexidade do fenómeno da mobilidade, das violencias que o atravesan e das vidas e decisións das persoas que o protagonizan.

Realizouse un extenso traballo de campo que deu como resultado un Foto-Ensaio baseado en retratos de mulleres migrantes de México, Guatemala, O Salvador e Honduras. Este traballo xornalístico converteuse nunha exposición itinerante pola rexión mesoamericano.

Nº exposicións fotográficas realizadas:4 (México, Honduras, O Salvador, Guatemala)

Nº encontros didácticos: 4 (México, Honduras, O Salvador, Guatemala)

Nº participantes encontros didácticos : 600

- **Identificación e creación de mecanismos para afrontar a violencia de xénero de adolescentes e mulleres refuxiadas na fronteira sur de México:** O proxecto desenvolvido en colaboración coa Fundación Entreculturas Fe e Alegría desenvolveuse co fin de garantir condicións de dignidade e non violencia para as mulleres en condicións de refuxio e desprazamento forzado por violencia en Tapachula, México. Tratouse con el de contribuír ao empoderamento de mulleres adultas e menores solicitantes da condición de refuxio e refuxiadas para a identificación e creación de mecanismos para afrontar a violencia.

Nº de sesións grupais de empoderamento: 40

Nº de mulleres participantes en accións de formación e de empoderamento: 719

Nº de mulleres que conforman unha rede comunitaria de apoio: 20

Nº de sesións formativas coas mulleres da rede comunitaria de apoio: 7

Nº de eventos públicos: 17



- **Jina Ao Dar - Prevención da violencia de xénero en campamentos de refuxiados sirios e palestinos no Líbano:** O proxecto desenvolvido en colaboración coa Asociación AIDA, Axuda, Intercambio e Desenvolvemento, púxose en marcha co obxectivo de previr a violencia machista contra as mulleres e menores de idade sirias e palestinas refuxiadas no Líbano e con el leváronse a cabo actividades de sensibilización e prevención de violencia de xénero en comunidades de refuxiados sirios na rexión de Akkar, unha das rexións rurais máis pobres de Líbano e con maior concentración de poboación refuxiada.

Nº de participantes en accións de prevención e sensibilización: 1.359

Nº de sesións informativas para mulleres sobre violencia de xénero e os aspectos legais e de saúde relacionados: 18

Nº de sesións de educación de xénero e apoio psicolóxico para nenos e nenas: 18

Nº de sesións de teatro interactivo sobre temas de xénero para toda a comunidade: 3

- **Reducir o risco e mellorar a resiliencia fronte á violencia machista das mulleres, nenas e nenos pertencentes á poboación refuxiada, desprazada ou retornada en asentamentos da rexión de Diffa, Níxer:** O proxecto executado en colaboración con Asemblea de Cooperación pola Paz, buscou contribuír ao exercicio do dereito para vivir con dignidade e á protección das mulleres, nenas e nenos pertencentes á poboación refuxiada, desprazada ou retornada na Rexión de Diffa en Níxer, a través da redución do risco e mellora da resiliencia fronte á violencia machista. Desta forma traballouse para conseguir mellorar as capacidades de prevención e resposta fronte a violencia machista dos actores do sector de protección e promover accións de mitigación da violencia machista na rexión de Diffa.

Nº de profesionais das forzas de seguridade nigerinas formados sobre prevención de violencia machista e mecanismos e medidas de actuación: 120

Nº de profesionais Ong formados en prevención atención e derivación de vítimas de violencia machista: 54

Nº de participantes en encontros comunitarios sobre prevención da violencia machista: 98

Nº de campañas de sensibilización sobre prevención da violencia machista e da estigmatización de vítimas: 1



➤ **Actuacións de sensibilización contra a violencia de xénero no ámbito deportivo**

O 22 de marzo de 2019 a Vicepresidencia e Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Secretaría Xeral para o Deporte asinaron un convenio de colaboración co obxecto de desenvolver algunhas das medidas previstas no Pacto de Estado contra a violencia de xénero.

➤ **Organización e coorganización de actividades, competicións ou eventos deportivos para a difusión dunha campaña de rexeitamento contra a violencia de xénero e das medidas establecidas no pacto de Estado contra a Violencia de Xénero.**

Nº de entidades implicadas nas accións: 59

Nº de actos de presentación de Campaña : 65

Nº de materiais elaborados e distribuídos: 5.800 (cartelería dos eventos, imaxe nas redes sociais das entidades, publicidade física mediante lonas; pantallas; banners, etc.

Nº de persoas participantes: 5.600

➤ **Accións de sensibilización contra a violencia de xénero nas competicións deportivas organizadas polas Federacións Deportivas Galegas, nos que se difunda os valores e medidas establecidas no pacto de Estado contra a Violencia de Xénero. N.º entidades implicadas nas accións: 32 federacións deportivas galegas**

Nº de actos de presentación de campaña: 386

Nº de materiais elaborados e distribuídos: 35.000 (cartelería dos eventos, imaxe nas redes sociais das entidades; publicidade física mediante lonas, pantallas, banners, etc.

Nº de persoas participantes: 33.671

➤ **Campañas de sensibilización en violencia de xénero a través da Fundación Deporte Galego:**

- Desenvolvemento de campañas de prevención e sensibilización fronte á violencia de xénero, cuxos destinatarios principais foron as nenas e nenos, adolescentes, novos e público en xeral, para que interioricen a igualdade como valor esencial para a convivencia real efectiva e real entre homes e mulleres.



- Desenvolvemento de campañas específicas contra a violencia de xenero en espazos deportivos a través do Plan de Patrocinio dos Equipos de Alta Competición Profesional de Galicia 2019.
- Deseño e transmisión de contidos relacionados coa loita pola tolerancia, igualdade e non violencia no deporte e na vida, entendendo esta actuación como un medio fundamental para a educación da sociedade sen discriminación e que incumbe a todas as persoas a través do Plan de Patrocinio Deportivo da Fundación Deporte Galego, aos Equipos de Alta Competición de Galicia 2019.
- Posta en marcha de campañas de prevención e sensibilización fronte á violencia de xénero con deportistas olímpicos e paralímpicos galegos/ as clasificados/ as ou en fase de clasificación para os Xogos Olímpicos/ Paralímpicos de Tokyo 2020.

Nº de entidades implicadas nas accións:

- . Deportistas: 25
- . Equipos Alta competición profesional: 5
- . Equipos Alta Competición: 191

Nº de actos de presentación de Campaña:

- . Deportistas: 6 actos
- . Equipos Alta competición profesional: 5 Actos
- . Equipos Alta Competición: 7 Actos
- . Eventos: 2 actos

Nº de materiais elaborados e distribuídos: 250

1 vídeo (1) de difusión e publicidade sobre a firma do convenio co motivo da citada campaña.

Nº de persoas participantes:

- . Deportistas: 17 masculinos e 8 femininos
- . Equipos Alta competición profesional: 5 masculinos
- . Equipos Alta Competición: 100 masculinos, 85 femininos e 6 mixtos



- **Elaboración de materiais informativos para nais e pais que axuden a previr e detectar a violencia de xénero a incluír na cesta benvida para nais e pais**

Esta actuación levouse a cabo ao abeiro do convenio de colaboración asinado o 27 de marzo de 2019 entre a Vicepresidencia e Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Consellería de Política Social para o impulso de accións no marco do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero.

Elaborouse unha Guía-xogo de Coeducación e prevención da violencia de xénero, da que se distribuíron: 5.000 exemplares nas cestas benvida entregadas ás nais e pais de Galicia que deron a benvida ao mundo a un fillo ou filla en 2019

- **XV Xornadas de pais e nais, educar en igualdade: Coeducación e prevención da violencia de xénero desde as familias”**



En 2019 estas xornadas desenvolvéronse ao abeiro do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, atendendo tanto a temática de promoción da igualdade como a loita para erradicar a violencia contra as mulleres.

Trátase dunha actividade destinada a sensibilizar ás familias e ao público en xeral na educación en igualdade e prevención da violencia de xénero. Están dirixidas á comunidade educativa dos centros, as persoas socias da ANPA, as familias, profesorado, e público en xeral.

Abordáronse os conceptos básicos sobre as desigualdades persistentes na nosa sociedade e no eido educativo, dos estereotipos e roles de xénero, das condutas machistas, da conciliación e da necesidade da corresponsabilidade ou reparto equitativo das tarefas de coidado e domésticas, entre outras pautas para avanzar cara a igualdade. Presentáronse datos actualizados sobre a violencia de xénero en Galicia e pautas, recomendacións e protocolos para a loita contra a violencia de xénero. Todos isto con exemplos e material descritivo. E, ademais, expuxéronse experiencias levadas a cabo polas ANPAS de centros educativos de Galicia de traballo neste eido.

Para intentar facilitar a asistencia ás familias e profesorado esta actividade tivo lugar nas catro provincias nas seguintes datas:

- A Coruña | 31 de maio | 17:00 h - 20:30 h, Delegación Territorial da Xunta e



Galicia.

- Lugo | 1 de xuño | 10:00 h - 13:30 h, Delegación Territorial da Xunta de Galicia.
- Pontevedra | 7 de xuño | 17:00 h - 20:30 h, Delegación Territorial da Xunta de Galicia.
- Ourense | 8 de xuño | 10:00 h - 13:30 h, Delegación Territorial da Xunta de Galicia.

➤ **Obradoiros “Igual a nós”: Actividade de dinamización en igualdade e prevención da violencia de xénero**



Esta actividade, que ten como obxectivo principal dinamizar en igualdade e en prevención violencia de xénero os centros socio-comunitarios de Galicia, fomentando a participación social das mulleres maiores, foi ofertada en 2019 pola **Secretaría Xeral da Igualdade** ás entidades locais galegas adheridas á Rede Galega de Entidades Locais contra a Violencia de Xénero, ao abeiro do convenio de colaboración asinado coa FEGAMP (véxase páxina 347).

Outros obxectivos da actividade son:

- Mellorar a calidade de vida da mulleres maiores
- Promover e sensibilizar na educación en igualdade, a corresponsabilidade, a coeducación e a prevención da violencia de xénero.
- Sensibilizar e concienciar para a ruptura dos estereotipos de xénero existentes.
- Potenciar entre as mulleres maiores o uso das novas tecnoloxías como ferramenta de comunicación e formación.
- Fomentar a participación social e o encontro entre mulleres como ferramenta de autoestima persoal e grupal.

Os obradoiros “Igual a nós” empregan o teatro como medio de intervención e transformación da realidade e conciencia social sobre a igualdade de oportunidades, a partires da reflexión individual e grupal das persoas. A iniciativa ofrece a posibilidade de reflexionar sobre a igualdade, as discriminacións, os estereotipos de xénero, a corresponsabilidade ou a coeducación. Ademais de fomentar o uso do teléfono móbil, a través da aplicación Escapp, e de sensibilizar sobre a necesidade de cambiar os modelos de socialización existentes cara un modelo máis xusto e igualitario.



Esta activade desenvolveuse nun total de 36 entidades locais:

PROVINCIA	CONCELLO
A Coruña	As Pontes de García Rodríguez
	Cerceda
	Cerdido
	Melide
	Negreira
	Ordes
	Outes
	San Sadurniño
	Val do Dubra
Lugo	Barreiros
	Burela
	Cospeito
	Lourenzá
	Ourol
	Quiroga
Ourense	A Mezquita
	Avión
	Baños De Molgas
	Barbadás
	Celanova
	Concello A Gudiña
	Mancomunidade de Concellos
	Santa Águeda
	Mancomunidade do Ribeiro
	Mancomunidade Terra de Celanova
	Ourense
	Paderne de Allariz
	Pereiro de Aguiar
	Ribadavia
Riós	
Vilamartin de Valdeorras	
Pontevedra	Cuntis
	A Guarda
	Ponteareas
	Pontecesures
	Rosal
	Sanxenxo

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



➤ **Obradoiros "Violencia de xénero e o novo contexto dixital"**

Trátase de obradoiros educativos para nenos, nenas e adolescentes, preferentemente expostos a situacións de violencia de xénero centradas no coñecemento e prevención das novas formas de violencia que xorden no contexto dixital: ciberviolencia de xénero, grooming, sextorsión.

Este obradoiro sobre a violencia de xénero e o novo contexto dixital foi ofertado aos centros educativos participantes no programa “Por 365 de respecto e igualdade”, programa de prevención da violencia de xénero dende o ámbito educativo desenvolvido pola Secretaría Xeral da Igualdade dentro do Plan Proxecta da Consellería Educación Universidade e Formación Profesional (véxase páxina 166).

➤ **“Hai saída grazas a ti”, encontro-debate sobre a abordaxe da violencia de xénero**

Entre as actuacións ofertadas ás entidades locais galegas adheridas á Rede Galega de Entidades Locais contra a Violencia de Xénero, pola Secretaría Xeral da Igualdade, ao abeiro do convenio de colaboración asinado coa FEGAMP (véxase páxina 347), inclúense a actuación “**Hai saída grazas a ti**”, un encontro-debate sobre a abordaxe da violencia de xénero, con especial énfase na xente moza.

A actividade foi desenvolvida en 11 entidades locais:

Provincia	Concello
A Coruña	Brión
	Mugardos
	Vedra
Ourense	A Rúa
	O Carballiño
	San Xoán de Río
Pontevedra	Viana do Bolo
	As Neves
	Baiona
	Gondomar
	O Porriño

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia




➤ **Charlas informativas sobre agresións sexuais e violencia sexual**

Estas charlas, a cargo de persoal especializado é outra das actuacións ofertadas pola Secretaría Xeral da Igualdade ás entidades locais galegas adheridas á Rede Galega de Entidades Locais contra a Violencia de Xénero, e, ao abeiro do convenio de colaboración asinado coa FEGAMP (véxase páxina 347):

Provincia	Concello
A Coruña	Ares
	Arteixo
	Santiso
	Teo
Lugo	Folgozo do Courel
	Foz
	Monforte de Lemos
	Panton
Pontevedra	Barro
	Caldas de Reis
	Cangas
	Pazos de Borben
	Poio
	Ponte Caldelas
	Redondela

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia

➤ **Prevención de situacións de violencia de xénero: curso de defensa persoal e autcapacidades**



A través do convenio de colaboración asinado entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Secretaría Xeral da Igualdade e a Federación Galega de Loita (FEGALOITA) desenvólvese un proxecto de empoderamento e autcapacidades con mulleres en xeral, e con vítimas da violencia de xénero e sexual en particular, a través de accións de adestramento físico e psíquico así como da creación de protocolos de actuación para a prevención de situacións de violencia, no marco da Rede de Entidades Locais contra a Violencia de Xénero.



A Xunta, a través da Secretaría Xeral de Igualdade, facilitalle a Federación Galega de Loita material informativo e de sensibilización a prol da eliminación da violencia de xénero para distribuílo nas súas accións formativas e pon ademais á súa disposición contidos sobre violencia de xénero para incluír no seu programa formativo. Pola súa parte, instrutores e instrutoras de Fegaloita cualificados e con experiencia en técnicas de intervención en violencia de xénero encárganse de formar ás mulleres participantes nos cursos de defensa persoal fronte á situacións de violencia de xénero.

As persoas instrutoras son técnicas e técnicos convenientemente formados/as en defensa persoal e con experiencia en formación e en técnicas de intervención e coñecementos en violencia de xénero e sexual.

Esta actuación, tamén foi ofertada pola pola Secretaría Xeral da Igualdade ás entidades locais galegas adheridas á Rede Galega de Entidades Locais contra a Violencia de Xénero, ao abeiro do convenio de colaboración asinado coa FEGAMP (véxase páxina 347), e foille concedida a 60 entidades locais.

Provincia	Concello
A Coruña	Vimianzo
	Ames
	Arteixo
	Arzúa
	Boiro
	Boqueixon
	Cabanas
	Carballo
	Cerdido
	Dodro
	Ferrol
	Laxe
	Lousame
	Mesia
	Muros
	Muxia
	Muxia
	Negreira
	Noia
	Ordes
Ortigueira	
Padrón	
Ribeira	
Teo	
Tordoia	
Valdoviño	



Lugo	Burela
	Chantada
	Monforte de Lemos
	Monterroso
	Palas de Rei
	Pol
	Rábade
	Sarria
	Vilalba
	Viveiro
	Ourense
A Merca	
Avion	
Carballiño	
Cartelle	
Celanova	
Leiro	
Mancomunidade do Ribeiro	
Melón	
Quintela de Leirado	
Riós	
Pontevedra	A Estrada
	Baiona
	Cangas
	Cuntis
	Lalín
	Moaña
	Mos
	Nigrán
	Pontevedra
	Salceda de caselas
	Silleda
	Soutomaior
	Tui

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



➤ **Programa de Estadías de tempo libre para mulleres soas con responsabilidades familiares non compartidas (preferentemente vítimas de violencia de xénero)**

No Diario Oficial de Galicia do 1 de abril de 2019 publicouse a Resolución da Secretaría Xeral da Igualdade pola que se aprobaban as bases reguladoras e se convocaban estadías de tempo libre para mulleres soas con responsabilidades familiares non compartidas.

Este programa ten por obxecto facilitarlle ás mulleres, preferentemente vítimas de violencia de xénero, que teñan fillas ou fillos menores e/ou menores en acollida, exclusivamente ao seu cargo, un espazo e un tempo desligado da súa situación habitual e no cal poidan intercambiar experiencias a través da convivencia nun espazo de lecer, reforzando o seu vínculo materno-filial nun ambiente de seguridade, respecto e bo trato como modelo de convivencia.

Convocábanse ata un máximo de 90 prazas para mulleres con fillas e/ou fillos ao seu cargo, con idades comprendidas entre os 2 e os 12 anos, para desfrutar dunhas estadías de entre sete e dez días, en réxime de pensión completa, preferentemente entre finais do mes de xuño e principios do mes de setembro.

Entre os criterios de valoración a considerar para a adxudicación das prazas están:

- Residir nun centro de acollida.
- Acreditar ser ou ter sido vítima de violencia de xénero nos tres 24 meses.


Nesta ocasión foron **beneficiarias do programa 37 mulleres e 52 menores** que desfrutaron dunha semana de descanso e lecer entre o 25 de xuño de o 2 de xullo de 2019.

Persoas beneficiarias 2019:

PROVINCIA	Mulleres	Menores	TOTAL
A Coruña	29	39	68
Lugo	3	7	10
Ourense	2	2	4
Pontevedra	3	4	7
Total	37	52	89

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia





- **Reserva de praza en campamentos de verán 2019, para fillos e fillas de mulleres vítimas da violencia de xénero.**


Dende a Secretaría Xeral da Igualdade, en colaboración coa Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, da Consellería de Política Social, ofertóuselles un ano máis, ás e aos menores dependentes de mulleres vítimas de violencia de xénero que residen ou residiron nos últimos anos nalgún centro de acollida, a posibilidade preferentemente de participar nos campamentos xuvenís organizados pola Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado da Consellería de Política Social dentro do programa Campaña-Verán 2019, a través dunha reserva específica de prazas.

A través da oferta da devandita campaña ofrécese a posibilidade de que as/os rapaces empreguen o seu tempo libre vacacional participando en actividades de carácter lúdico, cultural, deportivo e formativo, que sirvan non só para divertirse senón tamén para o enriquecemento persoal e vital.

Nº rapazas e rapaces beneficiarios destas prazas:

Provincia	Nenos	Nenas	Total
A Coruña	5	6	11
Lugo	1	1	2
Ourense	0	1	1
Pontevedra	19	25	44
Total	25	33	58





Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia

➤ Campo de traballo en igualdade e prevención da violencia de xénero

A Consellería de Política Social, a través da Dirección xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado levou a cabo no concello de Cerdedo-Cotobade, do 31 de xullo ao 11 de agosto, o campo de voluntariado “Un rural de cine: A muller é vida”, cos seguintes obxectivos:

- 1.- Dar a coñecer a realidade das mulleres do rural de Cerdedo-Cotobade e a súa importancia en Galicia.
- 2.- Implicar ás/ós participantes na posta en valor da igualdade e empoderamento feminino, facendo especial fincapé na prevención da violencia de xénero, no rural de Cerdedo-Cotobade.
- 3.- Fomentar valores de sensibilización social e solidariedade

En concreto, 17 mozos e mozas galegos/as, doutras comunidades e de países estranxeiros (de entre 18 a 30 anos) participaron como voluntarios/as na realización (pre-produción, gravación e edición) dunha curta documental, en contacto directo coa veciñanza do concello, sobre a igualdade, feminismo e empoderamento das mulleres do rural galego.

As entrevistas realizadas para as diferentes sesións de rodaxe foron:

- Iria Blanco. Neta dunha muller maltratada.
- Raquel Touriño. Presidenta de MEI de Cerdedo-Cotobade, A Lama e Ponte Caldelas.
- Yolanda Cortegoso. Psicóloga especialista en violencia de xénero.
- Josefa Fernández ‘Pepita’. Emigrante e emprendedora no rural.
- Otilia Cid. Traballadora do campo de voluntariado.

Este campo de voluntariado tivo financiamento dos fondos vinculados ao Pacto de Estado contra a violencia de xénero e realizouse en colaboración coa Secretaría Xeral de Igualdade.



➤ **Prazas en Residencias xuvenís.**

A Consellería de Política Social, a través da Dirección xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado desenvolveu a Orde do 21 de xuño de 2019 pola que se determinan as bases reguladoras e se convocan prazas de persoas colaboradoras-bolseiras para residencias xuvenís dependentes da Consellería de Política Social para o curso 2019-2020. Os criterios de selección que se teñen en conta para estas prazas son, entre outros, as mulleres vítimas de violencia de xénero ou persoas solicitantes cuxas proxenitoras a sufrisen.

Tamén tramitou a Orde do 30 de abril de 2019 pola que se convocan prazas nas residencias xuvenís dependentes da Consellería de Política Social para o curso 2019-2020. Do total de prazas resérvase un 9 % para o caso de mozas que sufran violencia de xénero ou para mozos e mozas cuxas proxenitoras a sufrisen, e establécese coma un dos criterios de adxudicación de prazas ser muller vítima de violencia de xénero ou persoa solicitante cuxas proxenitoras a sufrisen.

Convocatoria para o curso académico 2019/20: 216 prazas

Cidade	Residencia	Estudantes	Traballadores/as	Violencia xénero
Lugo	Centro Residencial Xuvenil “LUG”	60	7	7
Ourense	Florentino L. Cuevillas	45	5	5
Vigo	Altamar	71	8	8

Fonte: Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado

➤ **Subvencións a proxectos de acción voluntaria para programas de prevención e sensibilización fronte á violencia de xénero**

No ámbito do voluntariado, a Consellería de Política Social, a través da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, levou a cabo neste ano diferentes iniciativas en materia de prevención da violencia de xénero, no marco do Pacto de Estado en contra da violencia de xénero, que se canalizaron en primeiro lugar a través de dúas ordes de subvención. A través destas dúas ordes destinouse un total de 197.783,11 euros á prevención e sensibilización en materia de violencia de xénero, cun total de 165 proxectos subvencionados.



1) *Orde do 24 de xuño de 2019 pola que se regulan as bases que rexeran as subvencións para entidades de acción voluntaria de carácter privado para o fomento e a realización de actividades de voluntariado e se procede á súa convocatoria para o ano 2019 (código de procedemento BS508B).*

A través desta orde (DOG núm. 126, do xoves, 4 de xullo de 2019) serán subvencionables os programas e actuacións presentados polas entidades de carácter privado sen ánimo de lucro, sempre que desenvolvan proxectos de acción voluntaria e que se realicen no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, nalgunha das seguintes áreas:

a) Área de sensibilización: o obxectivo destes programas será o de difundir entre toda a sociedade galega a importancia e o valor da participación solidaria de carácter voluntario. Trátase de fomentar o voluntariado a través de actividades de sensibilización como:

1. Desenvolvemento de xornadas, seminarios, charlas e actividades dirixidas a dar a coñecer a realidade das entidades de acción voluntaria, así como á promoción e captación de voluntariado.
2. Realización de campañas que fomenten a sensibilización da sociedade galega cara ao voluntariado e ás súas organizacións.
3. Estudos encamiñados a coñecer a realidade do voluntariado galego nos seus diferentes niveis de actuación: local, comarcal, etc.
4. Fomento das medidas establecidas no Pacto de Estado en materia de violencia de xénero, tales como:

Eixo 1.2: campañas:

Medida 33: promover campañas contra a cosificación do corpo das mulleres e a hipersexualización das nenas.

Medida 34: dar formación á mocidade sobre o uso axeitado e crítico da internet e das novas tecnoloxías, especialmente na protección da privacidade e sobre os cibercriminos (stalking, sexting, grooming,...).

Eixo 1.4: medios:

Medida 56: atender as necesidades informativas da mocidade para frear condutas machistas que desembocan en malos tratos.



Eixo 8: visualización e atención a outras formas de violencia contra as mulleres:

Medida 267: desincentivar a demanda de prostitución mediante campañas de concienciación e obradoiros de sensibilización dirixidos á mocidade.

b) Área de formación: persegue unha modernización e adaptación permanente das entidades de acción voluntaria á realidade social a través destas liñas fundamentais:

1º. Formación de persoas responsables de voluntariado e das persoas voluntarias.

2º. Fomento e incorporación de novas tecnoloxías dentro das entidades como, por exemplo, o deseño e mantemento de páxinas web.

3º. **Fomento das medidas establecidas no Pacto de Estado en materia de violencia de xénero, tales como:**

Eixo 1.2: campañas:

Medida 34: dar formación á mocidade sobre o uso axeitado e crítico de internet e das novas tecnoloxías, especialmente na protección da privacidade e sobre os cibercrimes (stalking, sexting, grooming,...).

Eixo 1.4: medios:

Medida 56: atender as necesidades informativas da mocidade para frear condutas machistas que desembocan en malos tratos.

c) Área de coordinación: as accións fomentarán o traballo en rede e a coordinación entre as diferentes entidades incorporando, de xeito transversal, as actuacións desenvolvidas nos diferentes eidos do voluntariado.

O orzamento da orde ascendeu a 215.540,32 €. Un total de 92 proxectos recibiron 215.522,67 €, dos que 74.996,78 euros foron destinados ás medidas relacionadas co Pacto de Estado en materia de violencia de xénero.



2) Orde do 24 de xuño de 2019 pola que se regulan as bases das subvencións para entidades de acción voluntaria e entidades locais enmarcadas no Programa servizo de voluntariado xuvenil, e se procede á súa convocatoria para o ano 2019 (código de procedemento BS320A).

A través desta orde (publicada no DOG núm. 126, do xoves, 4 de xullo de 2019), tal como se establece no seu artigo 2.1, “serán subvencionables os proxectos de acción voluntaria presentados por entidades de acción voluntaria e entidades locais sempre que a dita acción voluntaria a desenvolvan mozas/os de idades comprendidas entre os 16 e os 30 anos, para os menores 18 anos precisase, ademais, autorización da/o nai/pai ou titora/titor legal, e que se realicen no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, prioritaria pero non exclusivamente, nalgunha/s das seguintes áreas:

- a) Actividades relacionadas co Camiño de Santiago.
- b) Actividades de recuperación da cultura/arte/tradicións populares galegas.
- c) Actividades con colectivos en situación de risco.
- d) Actividades xuvenís.
- e) Actividades ambientais.
- f) Actividades relacionadas coa igualdade de xénero.
- g) Posta en marcha de programas de voluntariado no ámbito familiar por parte das entidades.
- h) Actividades relacionadas coa posta en valor do medio rural.
- i) Actividades relacionadas co benestar das persoas maiores.
- j) Actividades relacionadas co Pacto de Estado en materia de violencia de xénero:** accións de sensibilización e prevención da violencia de xénero (campañas diversas), promoción de actividades de apoio ás vítimas, información, formación, entre outras medidas, do documento refundido de medidas do Pacto de Estado en materia de violencia de xénero”.

Indica que o artigo 2.2 da citada orde que “os proxectos subvencionables en calquera da/s área/s anteditas deberán introducir, en todo caso, como actuacións transversais e dotadas de contido propio, accións relacionadas co Pacto de Estado en materia de violencia de xénero”.



As beneficiarias destas axudas foron as entidades de acción voluntaria e as entidades locais que desenvolveron proxectos de voluntariado dentro dalgunha das áreas indicadas anteriormente.

O orzamento da orde ascendeu a 405.000 €, sendo 195.000 € para entidades locais e 210.000 para entidades de acción voluntaria:

- Un total de 120.540 euros foron destinados a concellos que realizaron 29 proxectos, dos que unha porcentaxe do 38,46% foi destinada a medidas de prevención da violencia de xénero tales como campañas varias (prevención, sensibilización, contra a cosificación do corpo das mulleres, formación sobre uso axeitado e crítico da internet, actividades informativas para frear condutas machistas, impulsar asociacións de mulleres no ámbito rural,...)
- Por outra banda, un total de 171.862,34 euros foron destinados a asociacións de voluntariado, que realizaron 44 proxectos e dos que unha porcentaxe do 35,71% tamén foron destinados a medidas de prevención e e sensibilización en materia de violencia de xénero.

Centros Quérote+.

Os centros Quérote+, como servizo da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado foron implementados e foron evolucionando para garantir un servizo de información e asesoramento especializado dirixido a mocidade, co fin de contribuír ao desenvolvemento integral de mozos e mozas, atendendo as súas demandas, intervindo en todos os procesos posibles de xeito preventivo, fomentando a súa autonomía, capacidade de xestión, habilidades persoais e toma de decisións.

A intervención, a formación e a atención do servizo Quérote + abarca ás familias, ao ámbito escolar e ao resto da comunidade que está directamente ligada ao proceso educativo e de construción da mocidade.

Deste xeito, este servizo desenvolve, entre outros, obradoiros a prol da igualdade e tratando temas como a convivencia entre iguais, resolución de conflitos, valores que axudan o desenvolvemento das persoas. Estes obradoiros impártenos fundamentalmente en centros de ensino, pero tamén en concellos ou entidades.



➤ **Desenvolvemento de campañas de prevención e sensibilización da violencia de xénero no ámbito rural**

En 2019, a SXI colaborou coa Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader), a través dos Grupos de Desenvolvemento Rural (GDR) para desenvolver un proxecto único con varias actividades diferentes realizadas en todo o territorio rural de Galicia. A principal misión foi dirixidas e orientar as actuacións aos habitantes do rural co fin de sensibilizar sobre a importancia de establecer medidas contra todas as formas de violencia machista nun rural onde a soidade e o illamento da muller pode complicar a asistencia dos medios habituais.

Así se estableceu entre todos os axentes participantes (Agader e GDRs) unha axenda única na cal se repartisen en función dun estudo pormenorizado de cada un dos 24 territorios nos cales dividimos o territorio rural galego, cal era a actividade que mellor se adaptase ás necesidades dos mesmos, e así mesmo establecéronse actividades orientadas ao persoal técnico dos GDRs co fin de que eles mesmos puidesen traballar de forma directa cos axentes implicados do territorio e orientasen parte das súas actividades diarias de dinamización rural á loita contra este problema social.

As actividades de difusión, divulgación e formación acerca das medidas aplicadas no medio rural contra a violencia de xénero que levaron a cabo foron as seguintes:

1. Publicacións relativas á violencia.
2. Vídeos relacionados coa loita contra a violencia.
3. Charlas divulgativas achega do pacto de Estado contra a violencia de xénero.
4. Campaña de difusión en redes sociais
5. Actividades Formativas en relación ao pacto de estado contra a violencia de xénero.
6. Xornadas de difusión sobre actividades de loita contra a violencia de xénero.
7. Xornadas sobre violencia de xénero no medio rural e os seus protocolos de actuación.
8. Creación de pezas artísticas colaborativas de danza, performances etc, a partir de testemuños de vítimas de violencia de xénero.

En total, foron 24 as entidades implicadas nas accións (GDR), e participaron delas 2.500 persoas, sendo 1.500 delas mulleres.



Artigo 7: Fomento do movemento asociativo

➤ Convocatoria de axudas económicas destinadas a fomentar o asociacionismo e a participación das mulleres

No Diario Oficial de Galicia do 22 de marzo de 2019 publicouse a Resolución do 7 de marzo de 2019, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas destinadas a fomentar o asociacionismo e a participación das mulleres, e se procede á súa convocatoria para o ano 2019.

A finalidade destas axudas é a de fortalecer e consolidar o movemento asociativo e potenciar a participación social e a calidade de vida das mulleres galegas a través das seguintes liñas:

a) Liña 1: consolidación do movemento asociativo, destinada a compensar gastos correntes que orixine o mantemento e funcionamento das asociacións de mulleres e das súas federacións.

b) Liña 2: promoción de actuacións e actividades singularizadas en materia de igualdade, de prevención da violencia de xénero e de acompañamento das vítimas, con especial incidencia nas mulleres rurais, mulleres maiores e/ou mulleres en situación de vulnerabilidade, no marco do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero.

Para o seu financiamento destínase crédito por un importe total de catrocentos oitenta mil euros (480.000 €) de acordo coa seguinte distribución:

a) Liña 1: consolidación do movemento asociativo, destinada a compensar gastos correntes que orixine o mantemento e funcionamento das asociacións de mulleres e das súas federacións: 180.000 euros.

b) Liña 2: promoción de accións singularizadas en materia de igualdade e prevención da violencia de xénero: 300.000 euros.

Na liña 2 subvenciónase a promoción de actuacións e actividades singularizadas en materia de igualdade, de prevención da violencia de xénero e de acompañamento das vítimas, con especial incidencia nas mulleres rurais, mulleres maiores e/ou mulleres en situación de vulnerabilidade, no marco do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, e que respondan a algunha das



tipoloxías indicadas nas bases reguladoras, incluídas as actuacións de sensibilización e concienciación social en materia de igualdade e prevención da violencia de xénero, e actuacións específicas dirixidas á prevención da violencia contra as mulleres e ao acompañamento das vítimas.

No ano 2019 foron beneficiarias da liña 2, para a promoción de accións singularizadas en materia de igualdade e prevención da violencia de xénero, 58 asociacións, por un importe total de 175.906,87 euros.

Provincia	Nº entidades beneficiarias liña 2	Importe concedido liña 2
A Coruña	8	47.281,92 €
Lugo	4	13.194,00 €
Ourense	36	77.222,20 €
Pontevedra	10	38.208,75 €
Total	58	175.906,87 €

- **Convocatoria de axudas e subvencións a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro, para programas para mulleres en situación de especial vulnerabilidade. (Inclúe as vítimas de violencia de xénero como colectivo de especial vulnerabilidade.)**

A través da Resolución do 21 de decembro de 2018, da **Secretaría Xeral da Igualdade** (DOG núm. 18, do 25 de xaneiro de 2019), establecéronse as bases reguladoras e convocáronse para o ano 2019 as subvencións a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para programas dirixidos a mulleres en situación de especial vulnerabilidade.

As axudas tiñan como finalidade a realización dos seguintes programas

- Programa de recursos integrais específicos para mulleres xestantes ou lactantes con fillas ou fillos menores de tres anos, en situación de especial vulnerabilidade.
- Programa de recursos integrais de atención personalizada e especializada para mulleres en situación de especial vulnerabilidade, pertencentes a un ou varios colectivos nos que conorra dita situación, segundo a relación que figura na disposición adicional única desta resolución.



Para efectos desta convocatoria tiñan a consideracion de mulleres en situacion de especial vulnerabilidade, entre outras, as **vítimas de violencia de xénero ou de violencia doméstica e as vítimas de explotación sexual-laboral en redes de prostitución ou de trata de persoas.**

As actuacións desenvolvidas no correspondente programa deben encadrarse nalgún dos seguintes tipos:

- a) Servizos de orientación e información sobre recursos singularizados, de atención, orientación e asesoramento persoal e social, así como de apoio directo nas relacións con outras entidades, organismos e servizos que faciliten ás persoas usuarias o seu proceso de integración social.
- b) Servizo de atención psicolóxica.
- c) Servizo de asesoramento xurídico.
- d) Servizo de mediación intercultural e/ou familiar.
- e) Actividades para a adquisición de habilidades persoais e sociais básicas ou de competencias para a mellora da empregabilidade.
- f) Servizos ou medidas de apoio e orientación laboral para a mellora da empregabilidade e de acompañamento na busca de emprego, incluído o emprego por conta propia e o emprendemento, así como a prospección do mercado de traballo, a intermediación e a titorización laboral e profesional.

Ás subvencións obxecto desta convocatoria dedicouse un orzamento total de 910.000 euros, que conta cun cofinanciamento do 80% polo Fondo Social Europeo do Programa Operativo FSE-Galicia 2014-2020, e foron **beneficiarias no ano 2019 un total de 36 entidades.**

- **Convocatoria de axudas económicas destinadas a financiar actividades de promoción da igualdade e de prevención da violencia de xénero para as asociacións de nais e pais do alumnado de centros educativos de Galicia**

No Diario Oficial de Galicia do 29 de maio de 2019 publicouse a Resolución do 20 de maio de 2019, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas destinadas a financiar actividades de promoción da igualdade e de prevención da violencia de xénero, financiadas en desenvolvemento do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, para as asociacións de nais e pais do alumnado de centros educativos de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2019.



Ao abeiro desta convocatoria subvencionábase a realización de programas e actividades de difusión, información e formación para a promoción da igualdade e a prevención da violencia de xénero, a realizar polas ANPA, federacións e confederacións de ANPA, dirixidos ao alumnado de centros educativos non universitarios e/ou ás familias e á comunidade educativa, e que responderan a algunha ou algunhas das seguintes tipoloxías recollidas nas medidas do Pacto de Estado contra a violencia de xénero do eixe 1:

- a) Escolas de pais e nais e/ou formación para as familias en temas de igualdade, de educación afectivo-sexual (aspectos fisiolóxicos e afectivo-emocionais) e sobre violencia de xénero.
- b) Elaboración de materiais informativos para nais e pais que lles axuden a detectar a violencia de xénero da que poden ser vítimas ou agresores as súas fillas ou fillos adolescentes.
- c) Realización de accións de formación, sensibilización e difusión, contra a cosificación do corpo das mulleres e contra a hipersexualización das nenas.
- d) Formación para pais e nais e/ou para mozas e mozos sobre o uso adecuado e crítico da internet e as novas tecnoloxías, especialmente na protección da privacidade e sobre os cibercriminos (stalking, sexting, grooming, etc.).
- e) Accións de formación coas familias e/ou alumnado sobre novas masculinidades para romper cos micromachismos e cos comportamentos machistas adquiridos polos estereotipos.
- f) Outras accións de formación e información para nais e pais que sensibilicen as familias sobre os estereotipos persistentes na sociedade e tamén no eido educativo e sobre pautas para previr a violencia de xénero, ou para detectala e que se dean a coñecer entre as familias os protocolos existentes nos casos de agresións ou violencia contra as mozas.

O crédito orzamentario total para o financiamento das axudas previstas nesta convocatoria foi de trescentos oitenta mil euros (380.000 €), logo da Resolución do 6 de agosto de 2019, pola que se ampliou a dotación orzamentaria.

No ano 2019 foron beneficiarias un total de 113 asociacións:

Provincia	Nº beneficiarias
A Coruña	41
Lugo	18
Ourense	19
Pontevedra	35



Artigo 8: Actividades culturais e artísticas

- “ Golpes”. Espectáculo teatral pedagóxico que analiza o impacto da violencia de xénero e tenta concienciar á mocidade na súa prevención.



O espectáculo, denominado “Golpes”, da compañía aAntena, dirixido por Xosé Leis e protagonizado pola actriz Estíbaliz Veiga, é un espectáculo directo, cercano, que xoga co impacto directo da posta en escena, sen trucos dramaturxicos ou de escenografía.

Golpes é a vida de Pamela, unha rapaza que nos conta a súa vida, os seus soños, como era romántica, que aprendeu dunha relación que non debeu vivir . Tratando e previndo a desigualdade dende onde nacen as relacións (a adolescencia).

Pamela é unha moza que ven de sufrir violencia machista. Cóntanos como entrou no círculo da violencia, como se namorou crendo nos postulados do amor romántico e como foi entrando no círculo da violencia. Pamela recibiu moitos golpes , pero o máis grande foi verse a si mesma mudada noutra persoa, por iso quere compartir as súas experiencias vitais, para que ningunha outra muller pase por onde foi golpeada.

Golpes busca que a audiencia identifique todos e cada un dos índices sociais presentados na súa vida “de todos os días”, vexa canto traballo hai por facer para vivir nun mundo igualitario, como hai un golpe continuo contra do latexo social, máis Pamela conseguino e a obra pretende sementar esa visión dun “mundo mellor posible.

Esta actuación formaba parte da oferta de actividades da Secretaría Xeral da Igualdade á Rede de entidades locais contra a violencia de xénero, creada ao abeiro do convenio de colaboración coa Federación Galega de Municipios e Provincias, FEGAMP (véxase páxina 347), e concedéuselle a 25 entidades locais, no último trimestre de 2019:



Provincia	Concello
A Coruña	Cambre
	Carballo
	Carnota
	Cee
	Curtis
	Dodro
	Fisterra
	Frades
	Lousame
	Mazaricos
	Noia
	Oroso
	Ribeira
	Santa comba
Lugo	Alfoz
	Becerreá
	Bóveda
	Palas de Rei
Ourense	Sober
Pontevedra	Bande
	Mos
	Nigrán
	O Grove
	Ribadumia
	Meis

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia

O espectáculo tamén está en varios centros educativos que desenvolven o programa “Por 365 días de respecto e igualdade”, programa de prevención da violencia de xénero dende o ámbito educativo desenvolvido dentro do Plan Proxecta da Consellería Educación Universidade e Formación Profesional (véxase páxina 166).



- Exposición Express-arte



A exposición “Express-arte”, foi creada no marco do programa de inserción laboral para vítimas da violencia de xénero, subvencionado pola Secretaría Xeral da Igualdade, e impulsado pola Asociación de Xóvenes Emprendedores Lucenses (AXEL).


“Express Arte” é unha mostra do traballo feito polas participantes, versionando obras de arte pictóricas, ofrecendo unha perspectiva diferente das realidades representadas nos cadros.

Esta exposición que foi ofertada pola **Secretaría Xeral da Igualdade**, no último trimestre do ano 2019; ás entidades locais galegas adheridas á Rede Galega de Entidades Locais contra a Violencia de Xénero (véxase páxina 347), e estivo en 10 entidades locais.

Provincia	Concello
A Coruña	Boqueixón
	Coirós
Lugo	Carballedo
	Chantada
Ourense	A Pobra de Trives
	Manzaneda
Pontevedra	Rodeiro
	Soutomaior
	Tomiño
	Vilaboia

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia





A mostra estará tamén en varios centros educativos que desenvolven o programa “Por 365 días de respecto e igualdade”, programa de prevención da violencia de xénero dende o ámbito educativo desenvolvido dentro do Plan Proxecta da Consellería Educación Universidade e Formación Profesional (véxase páxina 166).

➤ **Exposición “Á Violencia de Xénero...Dille Non!”**



A exposición “*Á Violencia de Xénero... Dille NON!*”, impulsada pola Xunta de Galicia, está dirixida a axudar á mocidade a recoñecer, identificar e rexeitar condutas sexistas e nocivas nas súas relacións, a visibilizar e crear conciencia social e a impulsar valores como o da liberdade, a tolerancia e o respecto.





Xunto coa exposición, a Secretaría Xeral da Igualdade facilita un caderno divulgativo baseado en dita exposición e que tamén ten por finalidade a prevención e sensibilización da xente moza sobre a violencia de xénero.

A exposición que foi ofertada pola Secretaría Xeral da Igualdade, no último trimestre do ano 2019, ás entidades locais galegas adheridas á Rede Galega de Entidades Locais contra a Violencia de Xénero (véxase páxina 347), e rotou por 14 entidades locais.

Provincia	Concello
A Coruña	A Baña
	Arzúa
	Betanzos
	Cariño
	Ortigueira
	Porto Do Son
	Sada
	O Pino
Lugo	Pol
	Rábade
Pontevedra	Crecente
	Forcarei
	Marín
	Silleda

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade





Tras o seu paso polos concellos a mostra estará tamén en varios centros educativos que desenvolven o programa “Por 365 días de respecto e igualdade”, programa de prevención da violencia de xénero dende o ámbito educativo desenvolvido dentro do Plan Proxecta da Consellería Educación Universidade e Formación Profesional (véxase páxina 166).

➤ **Exposición “*Cartas de Amor*”**

Cartas de Amor é unha mostra do cómic galego sobre violencia de xénero, xa convertida nunha ferramenta de uso continuado dende a Secretaría xeral da Igualdade, que ten como finalidade sensibilizar á poboación máis nova sobre a existencia de violencia nas súas relacións de parella, nos seus modos de relacionarse. Axudarlles a decatarse de que formas e modos de comportamento habituais como as demostracións de celos, o control sobre a vestimenta da parella, as súas chamadas telefónicas, mensaxes e correos electrónicos, a limitación dos seus movementos en relación ás súas amizades, son en realidade demostracións dun comportamento violento, e polo tanto a eliminalo.

A mostra está composta por traballos de Miguel Calatayud (premio nacional de ilustración), Paco Roca (premio nacional de cómic), así como outras figuras galegas, como Patricia Castelao, Pirusca, David Pintor e Óscar Villán. Tamén participaron autoras e autores que están acadando grande éxito entre a xente máis nova, como Eva Vázquez, Javier Olivares, Primitivo, Sonia Pulido, Jack Mircala ou Sergi San Julián. Ademais o escultor Méndez, a escritora Anxos Sumai e o deseñador Fausto, uníronse a esta mostra con tres achegas diferentes.



No último trimestre do ano 2019, foi ofertada pola **Secretaría Xeral da Igualdade**, ás entidades locais galegas adheridas á Rede Galega de Entidades Locais contra a Violencia de Xénero, ao abeiro do convenio de colaboración asinado entre esta Secretaría Xeral e a FEGAMP (véxase páxina 347), e desenvolveuse en 2 entidades locais.

Provincia	Concello
A Coruña	A POBRA DO CARAMIÑAL
Ourense	VILARIÑO DE CONSO

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



A mostra “Cartas de amor” tamén forman parte dos recursos ofertados pola Secretaría Xeral da Igualdade aos centros educativos participantes no programa “Por 365 de respecto e igualdade”, programa de prevención da violencia de xénero dende o ámbito educativo desenvolvido dentro do Plan Proxecta da Consellería Educación Universidade e Formación Profesional (véxase páxina 166).



➤ **Actuacións de sensibilización e prevención da violencia de xénero dos departamentos dependentes da Consellería de Cultura e Turismo.**

Con data 5 de febreiro de 2019 a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Consellería de Cultura e Turismo asinaron dous convenios de colaboración ao abeiro do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, para levar a cabo distintas accións de prevención e sensibilización contra a violencia de xénero.

Un dos acordos implicaba á Axencia Galega de Turismo de Galicia, co obxectivo de difundir a campaña Agresión Off, eu digo non á violencia sexual (ver páxina 48).

O outro acordo asinado implicaba á Dirección Xeral de Políticas Culturais, e no marco deste acordo leváronse a cabo dúas liñas de actuación:

-Programa Ler conta moito

Para levar a cabo este proxecto publicouse a Orde do 26 de abril de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras da subvención a entidades locais de Galicia para a programación de actividades de dinamización á lectura que promovan a igualdade entre homes e mulleres e/ou a loita contra a violencia de xénero nas bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas de titularidade municipal, integradas na Rede de bibliotecas públicas de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2019 (DOG núm. 92 de 15/05/2019)

O desenvolvemento destas actividades de dinamización no ámbito da biblioteca reforzan o seu carácter de espazo aberto, á vez que contribúen á prevención e sensibilización contra a violencia de xénero dunha maneira lúdica e atractiva.

O procedemento para a concesión das subvencións tramitouse mediante o rateo do orzamento existente entre os solicitantes que cumprían as condicións establecidas, en función do número de bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas de titularidade municipal con que contan as Entidades Locais. A cantidade total concedida a cada Concello, debe repartirse a partes iguais entre as bibliotecas e/ou axencias de lectura para as que se solicita esta subvención.

As bibliotecas para as que se solicitaba a axuda debían programar un mínimo de dúas actividades. O importe concedido a cada concello debía empregarse para financiar o 100% do custo de cada unha das actividades.



O 3 de xullo publicouse no DOG a Resolución do 21 de xuno pola que se da publicidade ás axudas concedidas ao amparo da Orde do 15 de marzo de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras da subvención a entidades locais de Galicia para a programación de actividades de dinamización da lectura nas bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas de titularidade municipal, integradas na Rede de bibliotecas públicas de Galicia.

N.º entidades implicadas nas accións: 156 bibliotecas públicas municipais de 122 concellos.

N.º de actividades realizadas: 437

Nº de participantes nas actividades: 10.925

- Accións de prevención e sensibilización fronte á violencia de xénero nas bibliotecas públicas centrais territoriais de xestión autonómica

Ao abeiro do antedito acordo a Consellería de Cultura e Turismo puxo en marcha unha campaña con actividades en cada unha de las bibliotecas públicas de xestión autonómica.

Obxectivos:

- Crear espazos, servizos e experiencias que promoven a igualdade de xénero.
- Difundir unha colección de fondos bibliográficos, centrados na igualdade, na muller e a loita contra a violencia de xénero.
- Promover actividades novas, dirixidas a todas as idades e que esperten o interese de toda a cidadanía por estes temas.
- Fomentar o uso da linguaxe inclusiva e non sexista como avance no camiño á igualdade.
- Crear espazos pola igualdade nas nosas bibliotecas: espazos de encontro para todos os públicos que poñen en valor a igualdade entre mulleres e homes e a prevención e sensibilización contra a violencia de xénero.

Para conseguir estes obxectivos desenvolvéronse as seguintes actuacións:

- Adquisicións de fondos bibliográficos que incrementaron e completaron os xa existentes nas bibliotecas, co obxectivo de crear espazos pola igualdade, con centros de Interese sobre a muller, a igualdade e para a prevención da violencia de xénero.



- Creación dunha sinalética igualitaria nos edificios e dos servizos bibliotecarios.
 - Actividades culturais e de animación a lectura para a promoción da igualdade e a prevención da violencia de xénero: exposicións, talleres, conferencias, teatro, contacontos...
 - Creación de espazos pola igualdade:
 - Sinalización do espazo e dos fondos cunha cartelería propia e en linguaxe non sexista
- N.º entidades implicadas nas accións: 6 bibliotecas públicas
- N.º de actividades realizadas: 153
- Nº de participantes nas actividades: 3.825

Actividades dos Arquivos

A realización de actividades nos arquivos dependentes da Subdirección Xeral de Arquivos e Museos durante o ano 2019 non incluíron campañas propiamente ditas de sensibilización contra a violencia de xénero pero si atopamos manifestacións culturais sobre o papel da muller en distintos momentos da nosa historia que amosan as desigualdades ás que se viron sometidas na sociedade e mesmo atopamos algunha exposición que inciden no tema do maltrato. Foron as seguintes:

Arquivo de Galicia (Santiago de Compostela)

1) Exposición Mulleres Sobranceiras

Como cada ano, desde o 2016, o Arquivo preparou unha nova edición da serie “Mulleres sobranceiras”, unha mostra documental organizada cada ano para celebrar o Día Internacional da Muller, o 8 de marzo.

Nesta ocasión a exposición titulada A Memoria conservada: Un mar de mulleres puxo o foco no papel desenvolvido tradicionalmente polas mulleres nas tarefas relacionadas coa explotación dos recursos mariños, e de forma especial, o seu papel protagonista na industria conserveira, un sector sobresaínte da economía galega.

Con isto pretendeuse unha dobre función: dar visibilidade ao papel das mulleres e concienciar sobre os cambios necesarios para conseguir unha sociedade verdadeiramente integradora e igualitaria.



Para iso seleccionáronse documentos pertencentes a varios fondos documentais custodiados no propio Arquivo de Galicia, En total foron seleccionadas 54 pezas entre documentos textuais, fotografías, planos e obxectos, que se distribuíron en seis vitrinas.

A maior parte deles foron producidos pola factoría que a conserveira Massó S.A. tiña na localidade de Avilés. Pero a mostra incorporou tamén outros documentos de procedencia pública, como os das consellerías de Presidencia e Mar, e de procedencia privada como os da Real Sociedade Económica de Amigos do País de Santiago, a empresa Casa Mar de Vigo ou o fondo fotográfico de FOAT (Fotografía Aérea Terrestre S.A.).

2) Noticias en redes sociais

Foron publicadas na conta institucional de Facebook do centro 7 noticias que poñen en relación os documentos do arquivo con diferentes aspectos do tratamento da condición feminina.

Reproducimos a continuación os textos publicados:

FOTOGRAFÍAS PARA UN CURRICULUM VITAE

Se alguén consulta nas múltiples páxinas web sobre consellos para presentar unha foto perfecta para atopar un traballo, todas coinciden nunha premisa fundamental, non amoses unha imaxe coa túa parella e menos cos teus fillos. Nos anos cincuenta do pasado século a maioría dos españois non tiñan unha cámara fotográfica no seu fogar e acudir a un profesional era un custo que non se podían permitir, polo que era habitual nestes casos recorrer aos retratos que se tiña na casa. Tal é o caso que hoxe nos ocupa, onde unha muller presentou unha solicitude de traballo na conserveira Massó acompañada dunha foto na que se amosa orgullosa co seu fillo en brazos, acadando finalmente o emprego. Sería posible atopar hoxe emprego con este retrato?, qué pensades?.

Arquivo de Galicia. Fondo da fábrica de conservas Massó Hermanos, S.A. G5155-017.



MAN DE OBRA FEMININA REPRESENTADA POR HOMES

A empresa Massó Hermanos, como todas as industrias conserveiras, empregaba maiormente mulleres nas súas fábricas. Nos anos 50, seguindo as pautas paternalistas do franquismo, conseguiron un lixeiro aumento do seu nivel de vida e algúns elementos de mellora nas súas condicións sociolaborais entre os que destacaba o sistema de servizos de farmacia recollido no documento que hoxe presentamos. Trátase dunha acta de información sobre a modificación da prestación farmacéutica na que se reflicte o resultado da votación do persoal dunha das fábricas de Avilés xunto coas papeletas emitidas. Nela non deixa de chamar a atención que na mesa da presidencia figuren cinco homes como representantes dun persoal maioritariamente feminino, tal como o amosa o feito de que das cincuenta papeletas emitidas, corenta foran de mulleres e só dez de homes, cinco deles os da mesa. Arquivo de Galicia. Fondo da fábrica de conservas Massó Hermanos, S.A. G5210-003.

PROVISIÓN DE PRAZA DE PROFESORADO DE PIANO: UN “CONCURSO ENTRE VARÓNS”

A Real Sociedade de Amigos do País da cidade de Santiago, fundada en 1784, destacou pola creación e promoción de diversas escolas nas que abriu as súas portas ás nenas e mulleres. Unha delas foi a de música que funcionou desde 1877 ata o ano 1953 na que alcanza o título de Conservatorio e se independiza da institución.

Nas súas clases o alumnado era maioritariamente feminino e o profesorado estaba formado por tres homes, que daban clases a escolares de ambos sexos, e dúas mulleres que só impartían docencia ás do seu propio xénero. Mais no ano 1905 o profesor José Courtier abandona por problemas de saúde e recomenda a súa filla Nemesia para a praza, a cal desfrutará ata súa morte no ano 1927. Entón para a nova provisión da praza estímase conveniente que sexa nun “concurso entre varóns” polo que a aspirante María de la Ascensión Rey Abelleira será rexeitada polo único feito de ser muller.

Arquivo de Galicia. Real Sociedade de Amigos do País de Santiago de Compostela, GP548/946.



MULLERES SOBRANCEIRAS

Como cada ano, a medida que nos aproximamos á data do 8 de marzo, o Arquivo de Galicia está a preparar unha nova exposición da serie Mulleres Sobranceiras, adicada neste 2019 ás mulleres que traballaron no sector conserveiro. A fabricación de conservas, unha das pioneiras na industrialización de Galicia, foi levada a cabo maioritariamente por man de obra feminina, desde o tratamento da materia prima á embalaxe, pasando polo enlatado. Sirva esta mostra, partindo do fondo Massó Hermanos, S.A., para render unha pequena homenaxe e facer visible esta labor dura, estacional e mal remunerada, levada a cabo polas nosas mulleres do mar, as “mariñas”. Arquivo de Galicia. Santiago de Compostela.

INAUGURACIÓN DA EXPOSICIÓN “MEMORIA CONSERVADA: UN MAR DE MULLERES”

Todo listo para a inauguración de mañá mércores 6 ás 11:00 horas da exposición que o Arquivo de Galicia, como cada ano, adica ao Día da Muller. Trátase de 54 pezas entre documentos textuais, fotografías, planos e obxectos que reflicten na súa maioría a actividade da Conserveira Massó Hermanos. O carácter fundamentalmente feminino do sector da conserva, en contraposición ao que sucedía noutros sectores industriais, determinou a selección destes documentos para dar testemuño da vida destas mulleres e renderlles unha pequena homenaxe.

Xa sabedes, mañá mércores ás 11:00, estades todos convidados.

INAUGURACIÓN OFICIAL DA EXPOSICIÓN “MEMORIA CONSERVADA: UN MAR DE MULLERES”.

Hoxe ás 11:00 tivo lugar a inauguración oficial da exposición “Memoria conservada: un mar de mulleres”. A partir da semana vindeira organizaremos visitas guiadas da man da nosa compañeira Sara, unha das principais responsables deste proxecto expositivo. Irémosvos informando ao longo destes días sobre os horarios destas visitas para todas as persoas que esteades interesadas.

BRECHA SALARIAL

A brecha salarial de xénero defínese como a diferenza entre as ganancias brutas promedio por hora que se pagan aos homes e as que se pagan ás mulleres por un traballo de valor igual ou comparable. Hoxe 8 de marzo, Día da Muller, presentamos a brecha salarial existente na antiga fábrica de conservas que a empresa Massó



Hermanos S.A. tiña en Avilés correspondente ao ano 1945. Nunha industria, a conserveira, onde o traballo era maioritariamente feminino, o soldo dos seus compañeiros masculinos era considerablemente maior. Unha pinche muller cobraba un 28% menos que un pinche varón, ou un aprendiz cobraba tanto como unha obreira especializada. De acordo coas Nacións Unidas as mulleres seguen cobrando un 23% menos que os homes a día de hoxe. Cambiaron tanto as cousas nestes últimos 74 anos? Fondo da fábrica de conservas Massó Hermanos, S.A. Arquivo de Galicia. Santiago de Compostela.

3) Indicadores de xénero

A continuación facilítase información sobre o número de persoas que fixeron uso do servizo de consulta do arquivo desagregada por sexos, coa finalidade de que podan ser utilizados como indicadores de xénero. Non se aplica o criterio de xénero para as consultas realizadas pola Administración, por ter a consideración de persoa xurídica.

Nº total persoas	Homes	133	Total cidadanía	205	Total xeral	312
	Mulleres	72				
	Administración	107	Administración	107		

Arquivo Histórico Provincial de Lugo

Neste arquivo non se realizou ningunha acción nin campaña de sensibilización sobre a violencia de xénero.

As accións que se realizan no AHP de Lugo van orientadas á visibilización das mulleres e á mostra da súa presenza nos documentos e, polo tanto, na historia e no día a día, tanto na vida pública como privada. Nesta liña se planifican as exposicións.

En 2019 a exposición titulase “Tempo de Infancia” e mostra o transcórrese na cidade dun sector aínda menos visible ca o das mulleres: o dos nenos e nenas, dos que sen embargo temos fontes, incluso documentos realizados por una e outras. A busca de imaxes representativas de ambos sexos da lugar a nesgos, xa que non se mostran todas as que hai, senón unha escolma. Pero como dentro dese grupo as nenas son aínda menos visibles ca os nenos, elixíronse moitas imaxes onde aparecen elas, e non se elixiron moitas nas que aparecen eles, co fin de equilibrar a representación. Tamén se observou a segregación e a desigual presenza de un sexo ou outro segundo o tipo de actividades ou segundo o período cronolóxico representado.



Tamén se realizou a adaptación da base de datos de persoas usuarias co fin de desagregalas por sexo, o que nos permite a visibilización das mulleres usuarias.

En 2019, os usuarios do centro foron 884 persoas, das cales 598 foron homes e 281 mulleres.

Arquivo Histórico Provincial de Ourense

1) Visitas teatralizadas “Os segredos dos franciscanos”

Trátase dunha visita teatralizada ao Arquivo, combinada con espazos emblemáticos da cidade cos que tivo relación a Orde Franciscana. É esencialmente unha actividade destinada aos centros de ensino, desde infantil a secundaria; se ben tamén participaron escolas de adultos.

Na visita visibilízanse, entre outros aspectos, as diferencias de xénero que existiron no pasado, co caso dunha labandeira que mostra como se ve obrigada a casar para poder subsistir con comodidade na súa sociedade. Tamén se envía unha mensaxe da necesidade de asumir a igualdade nos rols de xénero, demostrando como mulleres e homes poden facer as mesmas cousas: no relato cóntase como en certo momento os franciscanos vense obrigados a vivir coas clarisas, pero que isto non significa que elas lles fagan as cousas. A perspectiva de xénero aparece con certa transversalidade ao longo da actividade.

2) Visita teatralizada "A Porta do tempo: as mulleres na historia de Ourense III: A conciencia da igualdade":

Na semana do Día Internacional dos Arquivos (9 xuño) abrimos unha porta no tempo para entrar nos anos finais do século XIX e coñecer a mulleres ilustres da intelectualidade galega como Emilia Pardo Bazán ou Concepción Arenal, para despois viaxar polo comezo do século XX, ata chegar ao momento no que as mulleres lograron acceder ao exercicio do voto nos anos 30. Nesta actividade procurouse mostrar como se foi xerando a conciencia de igualdade na nosa sociedade.



Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra

1) DÍA DA MULLER TRABALLADORA. 8 de marzo 2019

Facebook - 1 entrada sobre *A primeira médica galega: Olimpia Valencia López*.

Expuxéronse 5 imaxes do seu expediente académico, do fondo do Instituto de Pontevedra, de 1918, custodiado neste arquivo.

Olimpia Valencia López (1898-1987) estudou Medicina en Santiago de Compostela e licenciouse en 1925 con premio extraordinario, converténdose na primeira muller galega en obter esa licenciatura. O seu expediente académico inclúe 19 matrículas de honra e premio extraordinario de licenciatura.

En 1928 abriu un consultorio de medicina xeral e xinecoloxía en Vigo. Por ser muller era mirada polos seus colegas masculinos e pacientes con certa desconfianza, pero pouco a pouco gañou recoñecemento profesional.

Muller de inquietudes culturais, vencellada a Galicia, tivo relacións con varios recoñecidos intelectuais galeguistas. En 1937 foi detida e acusada de pertencer ao Partido Galeguista, polo que durante algúns anos duros perdeu moitos pacientes.

Foi médica do seguro nacional de enfermidade nos anos 40, exercendo na sanidade pública ata os anos 60, pero seguiu practicando a medicina privada na viguesa rúa Príncipe ata que se xubilou.

A súa vida representa un caso singular e significativo da incorporación da muller ao eido académico e profesional no primeiro terzo do século XX en España.

2) DÍA INTERNACIONAL DOS ARQUIVOS. 9 de xuño 2019

Orientouse este ano a destacar a relevancia das mulleres na emigración galega:

- Conferencia: *A experiencia das mulleres galegas no Uruguai: fontes para a súa historia*. Impartida pola profesora da Facultade de Historia de Santiago de Compostela, Pilar Cagiao Vila.
- Exposición de documentos sobre *Fontes para o estudo da emigración no Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra*.
- Velada musical a cargo de Jorgelina Piana, que nos deleitou con tangos e milongas.



3) ESTATÍSTICAS

Dun total de 2.221 consultas atendidas polos/as técnicos/as do arquivo 1.008 foron feitas por mulleres.

Dun total de 200 persoas investigadoras 58 foron mulleres e, destas, 30 novas investigadoras

Arquivo do Reino de Galicia

1. XORNADAS: DIFUSIÓN ARQUIVÍSTICA E PERSPECTIVA DE XÉNERO: A EXPOSICIÓN VIRTUAL MULLERES E MESTRAS DO ARQUIVO DO REINO DE GALICIA

As Xornadas Gardaarquivo de 2019 invitan á comunidade arquivística a mostrar experiencias de visibilización das mulleres como suxeitos historiográficos de pleno dereito, coa finalidade de contribuir á igualdade total.

2. DÍA INTERNACIONAL DA MULLER

Exposición virtual: O maltrato ás mulleres a través dos documentos”.

Este ano elixiuse dar visibilidade á violencia de xénero no pasado, tema moi complexo e cheo de matices.

O tema focalizouse no maltrato físico na parella, por ser máis evidente e doado de identificar nos documentos. A propia elección do termo “maltrato” supón un posicionamento teórico; considerouse máis contundente e descritivo que “violencia”, máis xenérico, e por outra banda “malos tratamentos” adoita ser o termo empregado nos documentos.

Porén, pretendeuse dar voz ás mulleres do xeito máis neutral posible e así seleccionáronse declaracións de procesos xudiciais nas que elas mesmas describen o maltrato que sufriron, entre os séculos XVI e XIX. Engadiuse o exemplo da raíña Urraca de León, procedente da *Historia Compostelana*, e textos lexislativos ilustrativos da discriminación das mulleres dende a Idade Media.

A exposición virtual foi anunciada en Facebook e colgada na páxina web do arquivo, dispoñible na seguinte ligazón:

http://arquivosdegalicia.xunta.gal/export/sites/default/arquivo-do-reino-de-galicia/resources/downloads/expo_mulleres_2019.pdf . Tamén no servidor a través da seguinte ruta:

05.SERV>DIFUS>expos>mulleres>muller_2019>'expo_mulleres_2019.pdf'.



Actividades da Fundación Cidade da Cultura de Galicia

ACCIÓN CULTURAL

1. Valor e mestria. Galicia como fútbol

Exposición. Museo Centro Gaiás. Do 15 de febreiro ao 1 de setembro de 2019

Valor e mestría. Galicia como fútbol foi a exposición máis ambiciosa sobre o fenómeno do fútbol na nosa comunidade. Ao longo destes 143 anos o fútbol galego foi protagonista en numerosos momentos estelares, pero na mostra púxose especialmente de manifesto a figura da muller neste deporte tradicionalmente entendido como un deporte masculino pero que non foi así nos seus inicios, e unha tendencia que está cambiando na actualidade. A exposición fixo especial fincapé na figura da muller dentro deste deporte dende a súa creación ata a actualidade na Comunidade galega e nas súas vitrinas e paneis puidemos ver información dende a porteira Irene Gómez considerada a primeira muller do fútbol nacional ata as actuais consecucións de figuras como Verónica Boquete.

2. O fútbol feminino contado polas súas protagonistas

Mesa redonda. Museo Centro Gaiás. 06 de marzo de 2019

Co gallo da celebración do Día Internacional da Muller (8 de marzo) e coincidindo coa exhibición no Museo Centro Gaiás da exposición 'Valor e mestría. Galicia como fútbol', a Cidade da Cultura de Galicia organizou unha mesa redonda sobre o fútbol feminino. A moderadora foi Cristina López Villar, doutora e mestra da Universidade da Coruña e que tamén colabora no catálogo da exposición 'Valor e mestría. Galicia como fútbol'. Como intervenientes estiveron Lis Franco, estrela do equipo feminino Karbo, e Teresa Abelleira, capitá do Real Club Deportivo da Coruña feminino, que xoga coa Selección Española de Fútbol. Hai que salientar que o Karbo conquistou unha Copa Raíña Sofía (tempada 1981-1982) e tres campionatos de España consecutivos (do 1893 ao 1985), así como unha Copa Galega. Ademais, fíxose coas cinco ligas galegas celebradas entre 1983 e 1988.



3. Escenas do Cambio 2019

Festival de teatro, danza e arte en acción. Do 7 ao 16 de febreiro 2019

Na quinta edición do festival, presentáronse 17 espectáculos de compañías cunha presenza feminina destacada e cuxa temática en prol da igualdade e da identidade de xénero foi moi marcada, tanto en número de mulleres directoras como de creadoras e de executantes. Especialmente foi importante a obra da compañía italiana Motus e o seu espectáculo MDLSX.

Destacada tamén foi a visión feminina dada por Melania Cruz e Tito Asorey na súa obra *O Empapelado Amarelo*. Do mesmo xeito outras obras do festival trataron estes temas dunha forma aberta e explícita como a performance do francés François Chaignau, Dumi Moyi, os solos de danza de Vera Mantero, as performances de Esther Ferrer, os solos de Ola Maciejewska e Flora Détraz, a música e poesía de María Salgado en *Jinete Último Reino* ou as coreografías de Ligia Lewis en *Minor Matter*.

4. Pensar coas mans. Cestería, cerámica e xoiería de Galicia.

Exposición. Museo Centro Gaiás. Do 12 de abril ao 8 de setembro 2019

O Museo Centro Gaiás propuxo unha viaxe no tempo pola artesanía de Galicia, da actualidade ás orixes. Un percorrido a través de 250 pezas e da colaboración de 65 artesáns, que converteu a *Pensar coas mans. Cestería, cerámica e xoiería de Galicia* na mostra máis ambiciosa ao redor destas expresións, que forman parte do noso patrimonio cultural. Comisariada por Verónica Santos Farto a exposición puxo de especial manifesto a labor e o peso da muller no mundo da artesanía actual en Galicia, xa que o 60% da autoría da exposición foi feminina.

5. Plástico a mareas

Intervención artística. Torres Hejduk. Do 5 de xuño ao 18 de agosto 2019

Con motivo da celebración do Día Internacional do Medio Ambiente (5 de xuño) as Torres Hejduk, da Cidade da Cultura de Galicia, acolleu a intervención artística *Plástico a mareas* de María Arceo, compostelá residente en Londres desde 1984, onde se graduou en Belas Artes na Escola de Arte de Camberwell e máis tarde cun Posgrao en Arte e Educación do Deseño da Universidade de Goldsmith.



As súas obras sempre teñen unha forte carga de denuncia dos danos medioambientais que está a provocar o exceso de lixos e residuos que xera a sociedade actual. A súa visión dende o feminino desta problemática global deu como resultado unha recreación multisensorial de carácter inmersivo.

6. Reb/veladas na paisaxe II

Intervencións artísticas en espazos naturais. Museo Centro Gaiás

Do 19 de setembro de 2019 ao 6 de xaneiro 2020

Reb/veladas na paisaxe é un proxecto de intervención artística pensado en feminino e no que convidamos a tres comisarias a traballar nos espazos naturais da Cidade da Cultura de Galicia propondo a tres artistas para que realicen una intervención específica.

Estas intervencións forman parte da programación do Xacobeo 21 xa que Reb/veladas na paisaxe 2019 explora a relación do Gaiás co Camiño de Santiago a través da chegada da vía da prata pola calzada do Sar. Neste contexto, as tres intervencións propostas para esta nova edición, localizadas na ladeira Oeste do Bosque de Galicia, buscan o diálogo físico e visual co Camiño de Santiago, a catedral e a Cidade histórica de Compostela, meta e destino da peregrinación. Este 2019 é o segundo ano desta experiencia na que contaremos coas comisarias Paula Cabaleiro, Montserrat Pis e Sara Donoso.

CONSTELACIÓNS II // Comisaria: Montserrat Pis Marcos // Artista: Clara Montoya

(Re)produccións (entre o erro e a verdade) // Comisaria: Sara Donoso // Artista: Pablo Barreiro

DEIXA AQUÍ OS MEDOS // Comisaria: Paula Cabaleiro // Artista: Alicia Framis.

7. Atardecer no Gaiás

Ciclo de concertos. Cidade da Cultura de Galicia.

Do 4 de xullo ao 17 de agosto de 2019

Atardecer no Gaiás ofreceu neste 2019 un total de 20 concertos ao aire libre e ao caer o sol é unha das citas consolidadas da época estival. Destas 20 citas 11 concertos estaban encabezados por bandas de mulleres e reivindicativas da necesidade de igualdade e de concienciación cos problemas da violencia de xénero. O grupo galego De Vacas, a madrileña Cecilia Krull, ou as reivindicativas



Agoraphobia, MissBolivia, as Kumbia Queers, Laura Lamontagne, a brasileira Labaq, Monterrosa, Las Migas e Marinah foron as que encabezaron o cartel feminino de Atardecer no Gaiás.

8. Audacia. Festival de artes e emprendemento

Festival de artes. Museo Centro Gaiás. 18 e 19 de outubro de 2019

O Festival de artes e emprendemento *Audacia* arrincou por primeira vez neste 2019 no Gaiás para pór a disposición das persoas usuarias unha ampla descuberta de produtos, servizos, convocatorias e iniciativas relacionadas coa creación contemporánea e co emprendemento no eido creativo. Tanto na selección de relatores como nos proxectos participantes fíxose especial fincapé na importancia da muller no eido da creación actual. Así puidemos acudir a charlas, formacións e relatorios de creadoras como Uqui Permui, Sonia iglesias, Iria Vázquez, María Yáñez, Anaquiños de Papel, 7H Cooperativa, Ana Díaz, Cintia Salido, Ademais, como peche das xornadas programouse un espectáculo de clara compoñente feminina como “Mercedes e mais eu” que trouxo ao escenario do Gaiás o universo creativo de Janet Novás e Mercedes Peón.

Artigos 9 e10 Tratamento da información e Convenios de autorregulación

Premios Comunicar en Igualdade

A difusión pública nos diversos medios de comunicación dos asuntos relacionados coa perspectiva de xénero, coa igualdade entre homes e mulleres e coa loita contra a violencia de xénero, como expresión máxima da desigualdade, ten unha importancia decisiva no labor de concienciación social sobre a consecución deses obxectivos que deben ser irrenunciáveis para a nosa sociedade.

No Diario Oficial de Galicia do 12 de febreiro de 2019 publicouse a Resolución do 12 de febreiro de 2019, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se aproban as bases reguladoras e se convoca o Premio Comunicar en Igualdade para o ano 2019, co obxecto de recoñecer traballos de tipo xornalístico que contribúan á defensa e difusión dos valores da igualdade entre mulleres e homes, así como á loita contra a violencia de xénero.



Trátase de premiar as boas prácticas respecto dun tratamento axeitado de asuntos de cobertura informativa diaria como poden ser o sexismo na publicidade, outros modelos de masculinidade, a violencia machista, a trata de seres humanos con fins de explotación sexual, a violencia de xénero en colectivos especialmente vulnerables, a situación da muller nos diferentes ámbitos, así como os temas relacionados en xeral coa perspectiva de xénero e coa desigualdade por razón de xénero.

O Premio “Comunicar en igualdade” convocouse en dúas modalidades, por unha banda, para profesionais do xornalismo, e por outra banda, para alumnado universitario. Para os/as profesionais do xornalismo, premiando os mellores traballos informativos ou serie de pezas elaboradas individual ou colectivamente, segundo criterios de calidade, esforzo investigador e de sensibilización e axeitado tratamento informativo sobre a igualdade de xénero ou sobre a violencia de xénero. Os traballos debían ser orixinais e en idioma galego, podendo ser de tipo impreso, dixital ou audiovisual. Podían presentarse informacións, crónicas, entrevistas, artigos de opinión, reportaxes fotográficos, documentais ou similares; xa publicados ou emitidos nalgún medio de comunicación (xornais, radios, televisión ou páxinas web) con influencia no ámbito galego durante o ano 2018 e en 2019 ata a finalización do prazo de presentación de solicitudes. Cada participante podía presentar un único traballo. Establecíanse 3 categorías de premios, cunha dotación económica de 6.000 euros, 3.000 euros e 2.000 euros.

Na categoría para o alumnado universitario, podía participar calquera alumna ou alumno con matrícula nalgunha das titulacións impartidas no Sistema Universitario de Galicia (SUG) no curso 2018-2019. O premio ía aos mellores traballos de tipo xornalístico segundo criterios de calidade, esforzo investigador e axeitado tratamento dende a perspectiva de xénero. Os traballos, en idioma galego, podían ser de tipo impreso, dixital ou audiovisual. Valorábase que o traballo fora emitido ou publicado nalgún medio de comunicación (xornais, radios, televisión ou páxinas web) con influencia no ámbito galego durante o ano 2018 e en 2019 ata a finalización do prazo de presentación de solicitudes. Cada participante podía presentar un único traballo. Establecíanse 3 categorías de premios, cunha dotación económica de 4.000 euros, 2.000 euros e 1.000 euros.

A concesión dos premios previstos nesta convocatoria realizouse con cargo aos



fondos do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero que establece un eixe específico (eixe 1) dedicado ao fomento das accións de sensibilización da sociedade e da prevención da violencia de xénero, mediante accións e campañas dirixidas a visibilizar o dano que producen a desigualdade e as condutas violentas e a axudar a tomar conciencia sobre a magnitude do problema da violencia contra as mulleres e as consecuencias que ten para a vida das mulleres e dos seus fillos e fillas; tendo en consideración o papel insubstituíble que teñen os medios de comunicación para unha eficaz prevención e loita contra a violencia de xénero e na elaboración de contidos de entretemento baseados en valores de igualdade e respecto.

No Diario Oficial de Galicia do 12 de novembro de 2019 publicouse a Resolución do 24 de outubro de 2019, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se adxudica o Premio Comunicar en Igualdade para o ano 2019.

Na modalidade para profesionais do xornalismo o xurado outorgou o primeiro premio, dotado con 6.000 euros ao texto “As mulleres na opinión: un elefante rosa no medio das redaccións” do **grupo de traballo As Mulleres na Opinión de Xornalistas Galegas**. O traballo “O noso toque de queda” de **Sara Vila Alonso**, recibiu o segundo premio, valorado en 3.000 euros, mentres que o terceiro, de 2.000 euros, recaeu na peza “Sesé Mateo: a palabra que resiste á morte”, de **Montserrat Dopico González**.

Na categoría reservada para o alumnado universitario, **Uxía Castro Martínez** recibiu o primeiro premio, de 4.000 euros, polo traballo “Eles gobernan, elas aman. Os mitos do amor romántico”. O texto “Un relato de mulleres nas minas do Bierzo” valeulle a **Lucía Parrilla del Río** o recoñecemento do segundo posto nesta categoría, cunha dotación de 2.000 euros. Pola súa parte, **Silvia López López** foi a galardoada co terceiro premio, de 1.000 euros, ao participar co traballo “Nun sistema tan opresivo para a muller ser monxa era unha opción cómoda”.

O xurado estivo presidido polo director xeral de Políticas Culturais, na secretaría unha persoa designada pola Secretaría Xeral da Igualdade e como vogais, as persoas integrantes da Comisión Asesora de Publicidade non Sexista. En ambas modalidades, seleccionáronse os mellores traballos segundo criterios de calidade, esforzo investigador e de sensibilización e axeitado tratamento informativo dende a perspectiva de xénero.



Actuacións da Secretaría Xeral de Medios da Xunta de Galicia en relación a prevención e ao tratamento da violencia de xénero

O día 8 de marzo de 2019, Día Internacional da Muller, a Secretaría Xeral de Medios levou a cabo unha campaña institucional en prensa escrita, radio, internet e portais dixitais co obxectivo de contribuir a unha crecente e efectiva igualdade entre mulleres e homes.

O día 25 de novembro de 2019, Día Internacional Contra a Violencia de Xénero, esta secretaría levou a cabo unha campaña institucional en prensa escrita, radio, internet e portais dixitais co obxectivo de sensibilizar á cidadanía e buscar a complicidade de toda a sociedade para erradicar a violencia contra as mulleres e conseguir o rexeitamento social cara os maltratadores.

Tratamento da violencia machista na CRTVG durante 2019

1.-Durante o ano 2019, a CRTVG seguiu aplicando as recomendacións sobre o tratamento informativo da violencia contra as mulleres propostas polo Consello de Administración da CRTVG. Este documento, accesible no portal corporativo (<http://www.crtvg.es/crtvg/portal-de-transparencia/responsabilidade-social-corporativa/autoregulacion/recomendacions-do-consello-de-administracion-da-crtvg-sobre-o-tratamento-informativo-da-violencia-contra-as-mulleres>) propón como criterio xeral que as informacións relacionadas coa violencia de xénero deben ser obxecto dun tratamento serio, delicado e rigoroso que prime ante todo o respecto extremo ás vítimas.

Entre outros criterios, destácase a conveniencia de extremar o celo no manexo das fontes de información e das declaracións, incidindo tamén na idea de que os medios públicos galegos non se limitan ao tratamento dos feitos dramáticos senón que tamén divulgan os casos en que as mulleres conseguen liberarse dos malos tratos para que sirvan de exemplos a outras vítimas. Sempre se inclúe nas informacións o número de teléfono de atención aos casos de violencia machista.

Ademais, as novas normas reguladoras da comunicación comercial audiovisual da CRTVG, aprobadas polo Consello de Administración no mes de outubro de 2018 e dispoñibles no Portal de Transparencia da Corporación inclúen un capítulo específico sobre a imaxe da muller (Capítulo 3). O documento é accesible en:

<http://www.crtvg.es/files/Normasreguladorascomunicacincomercial24102017.pdf>



2.- Contidos nos medios públicos.

A CRTVG esforzase para tratar a diario aqueles temas que axuden a poñer luz sobre a necesidade de erradicar a violencia contra a muller, as noticias que se produzan nese eido e, por desgraza, os feitos negativos, os casos de violencia, para que nunca se agoche ou se minimize esta realidade. Pero tamén as positivas, como as medidas das diferentes administracións para loitar contra esta violencia e educar en igualdade; ou as historias de superación de mulleres que recuperan as súas vidas tras seren vítimas de maltrato.

A modo de resumo, co gallo do último 25N de 2019 -e como tamén se fai arredor do 8 de marzo, Día Internacional da Muller- os contidos da TVG puxeron aínda máis o seu punto de mira nesta cuestión non só chegado o propio 25 de novembro, senón tamén nos días previos a esta data. De feito, unha busca no noso sistema de documentación tira máis de cen referencias á loita contra a violencia machista nos telexornais, incluídos o “Bos días”, “A revista” e os Telexornais Mediodía e Serán, entre os días 21 e 25 de novembro de 2019.

- O día 10 de novembro emitíuse a presentación da campaña oficial da Xunta de Galicia e dous días despois ofreceuse en todos os informativos o spot oficial da campaña.
- O día 20 cubriuse a presentación desa campaña nas prazas de abastos, iniciativa coa que a Secretaría Xeral de Igualdade intentaba estender ao maior número de persoas os ideais do 25N.
- O “Bos Días” do 21 de novembro comezou informando da proximidade da data da conmemoración do Día contra a Violencia na Muller, e con tal motivo contouse desde a factoría PSA de Vigo que a empresa viña de asinar cunha ONG un convenio para a loita contra a violencia de xénero, ofrecendo, entre outras cousas, postos de traballo para vítimas. Nese mesmo informativo falouse da última xornada do xuízo da chamada “manada de Pozoblanco” e do inicio do proceso contra os xogadores da Arandina, acusados de violar a unha menor. Estes temas foron tratados tamén no “Telexornal Mediodía”, así como que tamén tivo informativo local de Vigo, no “Telexornal Serán” do mesmo día e no “Bos Días” da xornada seguinte.
- Esa semana houbo varios xuízos por casos de violencia sobre a muller, que tiveron o seu posto destacado nos informativos da Galega.
- Tamén se empregaron outros formatos, como as entrevistas. Destaca, por exemplo, unha entrevista en directo no “Bos Días” do 22N con María Xosé



Porteiro, adxunta á Valedora do Pobo, sobre o tratamento nos medios de comunicación ás noticias relacionadas coa violencia e as problemáticas de xénero. Ese mesmo día, TVG informou tamén sobre unha xornada formativa, na Coruña, arredor do 25 N.

- O 23 de novembro, recolleuse a declaración feita polo secretario xeral dos socialistas galegos, Abel Caballero, con motivo do 25N, e tamén se informou sobre a fundación do “Observatorio Mulleres e Ciencia” en Madrid. Ademais, no “Telexornal Mediodía” informouse dunha reclamación dos profesionais da educación, que solicitaban, textualmente, “unha materia obrigatoria de sexualidade na escola, tanto en infantil como en secundaria. Unha materia que consideran urxente para previr nas aulas a violencia de xénero sobre as mulleres”. A seguinte peza dese mesmo Telexornal introducíase do seguinte xeito: “Nenos, mulleres e homes participan en Palas de Rei nunha andaina reivindicativa para facer visible o problema da violencia de xénero. As cifras deste ano superan as do anterior: no primeiro semestre presentáronse 3.343 denuncias en Galicia e xa van cinco mulleres asasinadas”.
- Tamén o 23 de novembro, no “Telexornal Serán”, incluíuse unha peza sobre a andaina solidaria de Palas de Rei que se introducía do seguinte xeito: “Nesta fin de semana, previa a celebración do Día Internacional contra a violencia de xénero, distintas actividades recórdanos a necesidade de poñer as gafas violeta da igualdade. É o caso da andaina celebrada en Palas de Rei e da xornada formativa para docentes que tivo lugar en Santiago”.
- A véspera do 25 de novembro coincidiu en domingo. Nesa xornada, o “Telexornal Mediodía” e o “Telexornal Serán” informaron dunha andaina contra a violencia (intro): “Galicia mobilízase contra a violencia de xénero. Arredor dun milleiro de persoas participaron na “Andaina do Respecto” convocada pola Xunta de Galicia dende o Monte do Gozo. Representantes do goberno galego, do Parlamento e do concello de Santiago encabezaron esta marcha de apoio ás vítimas e de total repudio aos agresores”.
- 25 de novembro. De entre as dúcias de pezas dese día arredor do tema, destacan:

No “Bos Días”, o 25-N ocupou boa parte do desenvolvemento do informativo: conexión en directo con Valga, para explicar que un dos colectivos máis vulnerables son as mulleres que viven no rural; unha peza sobre as concentracións da xornada, e un balance das mulleres asasinadas polas súas parellas ao longo do ano.



Houbo tamén un faladoiro extraordinario, que se centrou única e exclusivamente na violencia machista.

Na “Revista “ practicamente o 100% do contido xirou entorno ao 25N. Un dos directos estivo nun IES de Ames que inclúe no seu currículo a formación en igualdade e en contra da violencia de xénero; a tertulia tivo como convidadas a Evelia Carballo, Carla Reyes e a psicóloga experta en terapias con vítimas de violencia de xénero Concha Rodríguez. E entrevistas con Maite Pampín, membro da UFAM, a unidade especializada na loita contra a violencia de xénero, e Carlos Negro, profesor que imparte a materia de igualdade no citado IES de Ames.

O “Galicia Noticias” tamén se ocupou do 25N, xa desde os seus titulares. Na portada amosou un vídeo feito por alumnos do CEIP do Carballal, de Marín, “para tentar concienciarnos a todos sobre este problema social” e houbo varias pezas sobre violencia machista, na que se ampliaba a información recollida nos titulares.

O “Telexornal Mediodía” levou en titulares, xusto ese día, un novo asasinato dunha muller pola súa parella en Tenerife. Tamén houbo titulares dedicados á propia celebración do 25-N e declaracións do Presidente da Xunta de Galicia contra a violencia de xénero. As tres noticias desenvolvíanse despois, loxicamente, no informativo, nunha franxa etiquetada como “Especial 25-N” na que se relataron os actos desenvolvidos en Galicia e no resto de España; a polémica xurdida en Madrid polas declaracións de Ortega Smith, de VOX, as declaracións institucionais desde a Xunta e o Goberno Central; as aportacións dos partidos políticos galegos, con declaracións de Ana Pontón, Gonzalo Caballero e Pedro Puy; a entrega de premios da Xunta a escolares polo 25-N, na que participou Alberto Núñez Feijóo e un novo directo desde Valga para facer balanço das vítimas de violencia de xénero do 2019.

O “Telexornal Serán” repetiu e ampliou o esquema desenvolvido no informativo do mediodía. Ademais das pezas xa comentadas, levaron a cabo un amplo resumo das manifestacións celebradas en Galicia, e tamén das de Madrid, Barcelona e Coimbra (Portugal), ademais da concentración en Tenerife en repulsa da última muller asasinada pola súa parella esa mesma xornada.

O Programa da tarde “Fun polo Aire”. Un equipo deste espazo visitou un colexio de Caldas de Reis, onde un numeroso coro dun colexio da localidade compuxo unha canción contra a violencia de xénero, escrita por un dos seus profesores, dentro do proxecto “Unha mirada máis”. Os rapaces interpretárona en directo no programa.



Na Radio Galega, a cobertura informativa iniciouse tamen uns días antes do 25N:

Sábado, 23 | Galicia Por Diante (08:00)

- Noticia sobre un programa da Xunta de Galicia para fomentar o emprego entre as vítimas da violencia machista, con declaracións de Susana López Abella, secretaria xeral de Igualdade.
- Entrevista a Sonia Rama, coordinadora do programa VioGén da Policía Autonómica. Trátase dun Sistema de Seguemento Integral nos casos de Violencia de Xénero.

Sábado, 23 | A Crónica (14:00)

- Noticia sobre o manifesto do Partido Popular de Galicia na semana do 25-N, con declaracións do secretario xeral do PPdeG, Miguel Tellado.
- Noticia sobre a posta en marcha por parte da Xunta de medidas para loitar contra a violencia machista desde o ámbito da Educación, con declaracións da conselleira de Educación, Carmen Pomar.
- Noticia sobre a intervención na Radio Galega de Sonia Rama, coordinadora do programa VioGén da Policía Autonómica, con declaracións da responsable explicando as actuacións que desenvolven os axentes sobre os 300 casos de violencia machista rexistrados no programa.

Sábado, 23 | Edición Especial de Panorámica (14:20)

- Presentación do programa: Nas vésperas do Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller, Panorámica di NON á violencia machista e faino facendo foco na esixencia de máis recursos e mesmo de máis empatía para a loita contra esta violencia, na necesidade de reformar o Código Penal tralas controvertidas sentenzas da Manada e de Manresa e na erradicación de tódalas formas de violencia contra a muller.
- Reportaxe sobre o acoso sexual a partir dunha enquisa de Metroscopia, que recoñece que unha de cada tres mulleres españolas se sentiu acosada sexualmente cando menos unha vez.
- Reportaxe sobre a polémica xerada trala sentenza da Audiencia de Barcelona sobre a chamada Manada de Manresa, que volveu situar no centro do debate a necesidade de reforma do Código Penal nos artigos que se refiren aos delitos contra a liberdade sexual.



- Reportaxe sobre as reclamacións de asociacións de mulleres, xuízas e fiscais, que piden máis medios e máis empatía para loitar contra a violencia machista.

Domingo, 24 | A Crónica (14:00)

- Noticia sobre a andaina realizada por centos de persoas desde o Monte do Gozo ata a Praza do Obradoiro, con declaracións da conselleira de Educación, Carmen Pomar e da secretaria xeral de Igualdade, Susana López Abella.
- Noticia sobre a intervención na Radio Galega de Miguel Tellado, secretario xeral do PPdeG, en relación á xornada contra a violencia machista.
- Noticia sobre a intervención de Gonzalo Caballero, secretario xeral do PSdeG, en relación á xornada contra a violencia machista.
- Noticia sobre a enumeración de actos sociais, institucionais, políticos e sindicais programados para a xornada do 25 de novembro.

Luns, 25 | Galicia Por Diante (06:00-07:00-08:00)

- Noticia sobre a enumeración de actos sociais, institucionais, políticos e sindicais programados para a xornada do 25 de novembro.
- Noticia sobre a andaina realizada por centos de persoas desde o Monte do Gozo ata a Praza do Obradoiro, con declaracións da conselleira de Educación, Carmen Pomar e da secretaria xeral de Igualdade, Susana López Abella.
- Noticia sobre o balance oficial de crimes machistas en Galicia e España.
- Noticia sobre a intervención de Gonzalo Caballero, secretario xeral do PSdeG, en relación á xornada contra a violencia machista.
- Noticia sobre a intervención na Radio Galega de Miguel Tellado, secretario xeral do PPdeG, en relación á xornada contra a violencia machista.
- Entrevista a Susana López Abella, secretaria xeral de Igualdade.

Luns, 25 | A Crónica (14:00)

- Noticia sobre o crime machista de Tenerife.
- Noticia sobre o balance oficial de crimes machistas en Galicia e España.
- Reportaxe sobre as vítimas da violencia machista. Inclúe testemuñas directas.
- Noticia sobre a Fiscal Xeral do Estado animando a denunciar, con declaracións.
- Noticia sobre a declaración institucional da Xunta con motivo da xornada do 25N.



- Noticia sobre a entrega dun premio escolar sobre o 25N.
- Noticia sobre o acto da vicepresidenta do Goberno, Carmen Calvo, pedindo a fin da prostitución entre outras medidas contra a violencia machista.
- Noticia sobre a declaración do presidente do Partido Popular, Pablo Casado, no marco da xornada contra a violencia machista.
- Noticia sobre a declaración da voceira de Ciudadanos, Lorena Roldán, no marco da xornada contra a violencia machista.
- Noticia sobre as declaracións dos partidos políticos galegos no marco da xornada contra a violencia machista con declaracións dos portavoces parlamentarios Luís Villares, Ana Pontón, Gonzalo Caballero e Pedro Puy.
- Noticia sobre o acto institucional da USC
- Noticia sobre a intervención na Radio Galega de Susana López Abella, secretaria xeral de Igualdade.
- Noticia sobre a previsión de mobilizacións en Galicia e no conxunto de España.

Luns, 25 | A Crónica (20:00)

- Noticia sobre as mobilizacións en Galicia e España con motivo do 25-N.
- Noticia sobre as reivindicacións dos sindicatos CiG e CCOO con motivo do 25-N.
- Reportaxe sobre as vítimas da violencia machista. Inclúe testemuñas directas.
- Noticia sobre a declaración institucional da Xunta con motivo da xornada do 25N. Inclúe corte da secretaria xeral de Igualdade, Susana López Abella.
- Noticia sobre a entrega dun premio escolar sobre o 25N.
- Noticia sobre as declaracións dos partidos políticos galegos no marco da xornada contra a violencia machista. Inclúe cortes dos portavoces parlamentarios Luís Villares, Ana Pontón, Gonzalo Caballero e Pedro Puy.
- Noticia sobre a declaración do presidente do Partido Popular, Pablo Casado, no marco da xornada contra a violencia machista.
- Noticia sobre a declaración da voceira de Ciudadanos, Lorena Roldán, no marco da xornada contra a violencia machista.
- Entrevista a Carmen Paredes, directora Centro de Urgencias para Víctimas (CEMVI)



E nos programas da RG:

Venres, 22 de novembro

- Galicia por Diante | Presentación dos Puntos Violeta da Subdelegación do Goberno en Ourense.
- Diario Cultural | Sección sobre a violencia contra a muller no cinema galego.

Sábado, 23 de novembro

- Panorámica | Emisión de tres reportaxes: “A necesidade de máis recursos para loitar contra a violencia machista”, “A necesidade da reforma do Código Penal”, “Diferentes formas de violencia machista: o acoso”.

Domingo, 24 de novembro

- Galicia por Diante Fin de Semana | Entrevista a Laura Seara, avogada que imparte conferencia sobre mulleres con discapacidade. Conto de Soledad Felloza sobre a muller. Editorial de Victoria Rodríguez.

Luns, 25 de novembro | Día contra a violencia machista

- Galicia por Diante | Conexión coa andaina do Centro de Formación do Servizo de Audiovisuais de Lugo contra a violencia machista. Conexión co pleno xuvenil da Deputación de Ourense sobre violencia de xénero. Cobertura dos distintos actos institucionais no conxunto do territorio galego. Entrevistas a tres mulleres vítimas da violencia machista.
- Diario Cultural | Conversa sobre o sector con Pablo Patiño de Teatro Ghazafellos, a actriz Paula Carballeira e María Torres, da compañía de Teatro Elefante Elegante.
- A programación cultural da Radio Galega, baixo o paraugas do Diario Cultural, dedicou o libro semanal á obra “As estacións do lobo” -Xerais-, de María Reimóndez.
- A Tarde | Conexión co acto da Secretaría Xeral de Igualdade en Outeiro de Rei. Entrevista sobre as actividades do Colexio Oficial de Traballo Social polo 25N. Entrevista á voceira do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, que organizou un recital poético musical. Conexión en directo coa manifestación convocada pola Marcha Mundial das Mulleres en Vigo. Emisión reportaxe sobre o acoso sexual.
- Convivir | Entrevista ao fillo dunha muller asasinada por violencia machista.



E nos Deportes da RG:

Zona Mixta | 25 novembro

- Entrevista á colexiada internacional Zulema González sobre as experiencias de violencia machista que sufriu como árbitra.

Deportes A Crónica | 25 novembro

- Entrevista á presidenta de Mulleres Deportistas Galegas, Merce Barrientos.

Ao Contraataque | 25 novembro

- Entrevista á campioa do mundo de paddle surf en El Salvador, Esperanza Barreras.

3. Publicidade

En canto á publicidade, o 25 de novembro, Día contra a Violencia Machista, en aplicación do convenio de colaboración coa Secretaría Xeral de Igualdade, a TVG emitiu publicidade de balde da campaña institucional.

A CRTVG forma parte do Observatorio Galego de Violencia de Xénero constituído en 2014 e que conta con representantes das administracións, da Xustiza, sindicatos, asociacións de mulleres e medios de comunicación coma a CRTVG para traballar coordinadamente para atallar o machismo e as mortes e agresións. A CRTVG participou activamente na comisión específica creada para detectar e retirar os contidos e mensaxes publicitarias sexistas que promovan a discriminación sexual.

A CRTVG forma parte desde 2015 da Comisión Asesora de Publicidade non sexista do Observatorio Galego de Violencia de Xénero, e participa activamente neste foro de asesores no que se valoran as denuncias daqueles casos de publicidade que fai un posicionamento non axeitado do papel da muller na sociedade.

- En marzo, a representante da CRTVG nesta comisión, a coordinadora de publicidade na área de Negocio da Corporación, participou como xurado do concurso de carteis do Día Internacional da Muller.
- Esta representante foi tamén membro do xurado, en outubro, do Premio Comunicar en Igualdade para o ano 2019, coa finalidade de recoñecer e recompensar traballos de tipo xornalístico que contribúan á defensa e difusión dos valores da igualdade entre mulleres e homes, así como á loita contra a violencia de xénero.



- E por último, a mesma representante participou como xurado do concurso de imaxes e audiovisuais do 25 de novembro. O 3 de abril, a CRTVG recibiu a visita dos escolares do IES Vilalonga de Sanxenxo, gañadores do certame no ano anterior. <http://www.crtvg.es/crtvg/noticias-corporativas/alumnos-do-ies-vilalonga-galardoados-por-promover-a-loita-contra-a-violencia-de-xenero-visitan-a-crtvg>.

A CRTVG está integrada na asociación Autocontrol de Publicidade, organización da que participa todo o sector da publicidade en España. Esta entidade ten vixente un código de conduta ou normas reguladoras da emisión de mensaxes publicitarias e de televenda que atende, entre outros aspectos, o cumprimento dos principios da igualdade de xénero e persegue, de oficio e tamén en resposta a reclamacións, a emisión de contidos sexistas a través das mensaxes comerciais.

4. Campaña de RSC adicada á muller: #DíaInternacionaldasMulleresRurais

A CRTVG sumouse á celebración do Día Internacional das Mulleres Rurais, que se celebra o 15 de outubro en todo o mundo. Con ese motivo, as #AcciónsG -as actividades de Responsabilidade Social Corporativa da CRTVG- viraron cara ao rural galego na súa cuarta campaña do ano, con contidos especiais na súa programación e catro cortinas de televisión que se emitiron toda a semana arredor desta data.

A CRTVG, como socia do Pacto Mundial das Nacións Unidas, uniuse á celebración a través das súas #AcciónsG creando unhas cortinas de televisión que se emitiron na Galega durante toda a semana e cun espazo na web con información e ligazóns de interese a organizacións e institucións públicas e privadas e tamén aos contidos que os medios públicos emitiron eses días arredor da celebración.

#DíaInternacionaldasMulleresRurais:

<https://accionesg.crtvg.gal/mulleresrurais/>

As catro cortinas supuxeron un traballo de intervención gráfica por primeira vez por parte da CRTVG sobre a identidade corporativa, tomando como base o deseño téxtil do mandil galego. Cun tratamento simbólico sobre os patróns habituais dos mandís, cadros en distintas cores, decidíronse esquemas cromáticos independentes para cada unha das pezas. Con catro patróns distintos, as pezas dedicáronse tamén a distintos eidos do traballo das mulleres do rural galego: a educación, a artesanía, a tecnoloxía, a música ou o traballo no mar e a terra.



Tanto a TVG como a RG prestaron especial atención a este eido con reportaxes e entrevistas na súas grellas. Por exemplo, o martes 15 de outubro estiveron no ‘Galicia por diante’ da Radio Galega Carmen Rodríguez, coordinadora de ‘Mulleres de seu’; Paula Fandiño, directora xerente de ‘Mar de Frades’; e Sonia Vidal, gandeira de Xunqueira de Ambía. Pola súa parte, en ‘A revista’ estivo en directo desde Portomarín coa Asociación de Mulleres Rurais de Portomarín Lugo (O Xaramago).

#DialInternacionaldasMulleresRurais foi a cuarta campaña do ano de CRTVG dentro das súas actividades de Responsabilidade Social Corporativa, que desenvolve no marco dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) de Nacións Unidas. Baixo o paraugas de #AcciónsG, a CRTVG promove estas campañas para actuar, sensibilizar, provocar o cambio e mellorar a sociedade. Todas as campañas inclúen a perspectiva de xénero, pero cada ano a Corporación adica unha delas integramente á muller.

5.- Outras accións

- O Consello de Administración da CRTVG conta cunha Comisión de Igualdade que vela pola observancia da normativa neste eido nos medios de comunicación dependentes da CRTVG. A Comisión de Igualdade celebrou 5 sesións no 2019.
- Por outra parte, a Comisión de Igualdade da CRTVG, formada por representantes dos traballadores e por representantes da Corporación e que fora creada en 2018, traballa na implantación dun plan de igualdade, de acordo coa definición dese principio que establece a Lei orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva entre mulleres e homes. No 2019 traballouse nos contidos do plan e levouse a cabo unha enquisa entre os traballadores/as.
- A CRTVG estableceu que nas contratacións públicas, no caso de empate entre varios candidatos un criterio de desempate sería o licitador que acredite a condición de Marca Galega de Excelencia en Igualdade.



Artigo 11: Contidos e publicidade en relación coa violencia de xénero.

➤ A Comisión asesora de publicidade non sexista

Na sección 2ª do capítulo III, do Decreto 157/2012, do 5 de xullo de 2012, e dependendo do Observatorio Galego da Violencia de Xénero e con carácter permanente, créase a **Comisión Asesora de Publicidade Non Sexista**, que ten como obxecto asesorar e orientar as entidades, asociacións, axentes publicitarios que o requiran, ofrecendo criterios alternativos para eliminar o sexismo nas mensaxes publicitarias e incorporar accións positivas que cooperen á erradicación de todo tipo de discriminación por razón do sexo das persoas.

A constitución da Comisión Asesora da Publicidade Non Sexista, no seo do **Observatorio Galego da Violencia de Xénero**, tivo lugar o 20 de novembro de 2014.

O seu obxecto fundamentalmente é velar pola erradicación do sexismo nas mensaxes publicitarias e pola implantación de accións que favorezan a eliminación da discriminación por razón de sexo entre as persoas; atender as peticións de asesoramento que se remitan, facilitando criterios e alternativas co fin de evitar o sexismo na publicidade; servir de vía para canalizar e orientar as queixas que se reciban sobre publicidade sexista, de acordo co establecido na Lei 34/1988, do 11 de novembro, xeral de publicidade, e difundir a información obtida co fin de fomentar o rexeitamento social ao tratamento discriminatorio ás mulleres a través da comunicación mediática.

A publicidade é unha técnica de comunicación de gran alcance e impacto, que destaca pola súa capacidade para influír na percepción da realidade, xerar necesidades e expectativas, e ofrecer ao público modelos e actitudes que poden exercer unha influencia positiva ou negativa sobre o avance cara a igualdade entre homes e mulleres.

Na publicidade sexista o tratamento que se fai das mulleres e os homes non é igualitario porque, entre outras causas, se difunden imaxes estereotipadas, violencia expresa e/ou subordinación dun sexo sobre outro, e se explota o corpo e a sexualidade como reclamo publicitario, empregando unha linguaxe discriminatoria

Dende a súa constitución e ata o 31 de decembro de 2019 a Comisión recibira un total de 79 denuncias, 8 delas no ano 2019, na súa maioría relacionadas con carteis e anuncios con connotacións sexistas, sendo algunhas delas trasladadas ao Observatorio da Imaxe da Muller dependente do Instituto da Muller e instando en case todos os casos á retirada inmediata da publicidade.



Capítulo II: Medidas de investigación e de formación en materia de violencia de xénero.

Artigo 12. Potenciación da investigación sobre a violencia de xénero.

Artigo 13. Rexistros administrativos.

Artigo 14. Formación nas universidades.

Artigo 15. Formación da totalidade das e dos profesionais.

Este capítulo da lei fai fincapé na necesidade de coñecer con maior profundidade o fenómeno da violencia de xénero, as súas causas e consecuencias, os aspectos xurídicos e sociais, pero tamén as repercusións de carácter psicolóxico sobre as vítimas, así como os perfís dos maltratadores, entendendo que o maior coñecemento provocará unha resposta máis eficaz en todos os ámbitos: prevención, intervención, recuperación e castigo e reeducación dos maltratadores.

Artigo 12: Potenciación da investigación sobre a violencia de xénero

- Neste apartado cómpre mencionar a posta en marcha do **Observatorio Galego da Violencia de Xénero**, como órgano colexiado e institucional de Galicia encargado do estudo, da avaliación e do seguimento das políticas contra a violencia de xénero que se desenvolvan en Galicia.

No apartado correspondente, recóllese toda a información sobre este órgano, e as liñas de traballo establecidas en 2014, con continuidade en 2019 (véxase páxina 366).

- A **Dirección Xeral de Inclusión Social**, da Consellería de Política Social, en colaboración coa Secretaría Xeral da Igualdade e co apoio dos fondos do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, realizou o Estudo sobre o senfogarismo feminino e violencia de xénero en Galicia.

O estudo foi desenvolvido por un equipo investigador da Universidade de Santiago de Compostela, baixo a supervisión da dirección xeral, e achega información cualitativa sobre a situación das mulleres sen fogar en Galicia e a incidencia e relación coa violencia de xénero como determinante das súas situacións ou como factor que está presente nelas.



Para profundar no coñecemento da materia realizáronse enquisas a persoas responsables de centros de atención ás persoas sen fogar e a mulleres usuarias destes, así como entrevistas a persoas expertas.

- **A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional** colaborou co Ministerio de Presidencia, co Ministerio de Educación e co IMIO na recollida de datos en 23 centros galegos para o estudo “Igualdad y prevención de la violencia de género”. Este estudo recolleu mostras representativas dos equipos directivos, profesorado e alumnado de 3º e 4º da ESO, bacharelato, FP e FP básica co fin de coñecer a percepción da incidencia da da violencia de xénero en persoas menores de idade.

O estudo, coordinado pola profesora M^a José Díaz Aguado, da Unidade de Psicoloxía Preventiva da Universidade Complutense de Madrid e dálle continuidade a dous estudos realizados en anos anteriores coa mesma distribución representativa, co cal constitúe un elemento fundamental para coñecer a evolución da percepción da violencia de xénero en poboación escolar.

O estudo será colgado na rede a través dos medios dos Ministerios colaboradores e difundido a través do portal educativo.

https://violenciagenero.igualdad.gob.es/violenciaEnCifras/estudios/investigaciones/2020/pdfs/Estudio_menores_final.pdf

- **Accións de promoción de formación, investigación, sensibilización e prevención da violencia de xénero no ámbito universitario**

No ano 2019 a **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza** asinou tres convenios de colaboración coas 3 universidades galegas, a Universidade da Coruña, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo.

O obxecto destes convenios foi o desenvolvemento de medidas do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, con actuacións como as seguintes:

- Reforzar e ampliar en materia de Educación, os valores igualitarios e a educación afectivo-sexual obrigatoria en todos os niveis educativos, fomentando que os mesmos se aborden de forma integral (aspectos fisiolóxicos e afectivo-emocionais).
- Incluír en todas as etapas educativas, a prevención da violencia de xénero, do machismo e das condutas violentas, a educación emocional e sexual e a igualdade, o valor da diversidade e a tolerancia.



- Implicar ás Unidades de Igualdade das Universidades na realización de estudos sobre o impacto do acoso, as agresións e os abusos sexuais no ámbito universitario, e valorar a oportunidade de realizar campañas de prevención nos Campus Universitarios, e de forma particular das agresións sexuais “en cita”.
- Formación permanente a docentes en prevención da violencia de xénero.
- Realizar campañas que teñan como público objetivo á mocidade, utilizando preferentemente as tecnoloxías da información e da comunicación.
- Dar formación á mocidade sobre o uso adecuado e crítico da internet e as novas tecnoloxías, especialmente na protección da privacidade e sobre os cibercrimes (stalking, sexting, grooming, etc).
- Formar os e as profesionais que atenden ás vítimas de violencia de xénero nas necesidades específicas das mulleres transexuais ou transxénero vítimas de violencia de xénero.
- Promover desde as administracións públicas e organizacións empresariais, a mellora da formación recibida polos e as responsables das empresas e representantes sindicais.
- Diseñar programas de prevención, detección e protocolos especializados, ou actualizar os existentes en atención e actuación, adaptándoos ás especificidades das diferentes violencias sexuais. Desenvolver protocolos de intervención e detección precoz en todos os ámbitos de Educación Infantil, Primaria e Secundaria, así como no ámbito universitario.
- Fomentar a investigación en violencias sexuais: estudos diagnósticos, desenvolvemento estatístico, unificación de datos e publicidade dos mesmos. Realizar estudos de prevalencia e deseño de indicadores para todos os tipos de violencias sexuais.
- Realizar un estudo sobre as novas realidades de trata e as respostas operativas que deben implementarse para que as actuacións policiais teñan maior facilidade á hora de intervir en espazos de alto nivel de control por parte dos proxenetas, incluídas as vivendas.
- Establecer un sistema de análise estatística que recolla as violencias machistas que sofren as mulleres que exercen a prostitución.
- Realizar estudos sobre a situación das mulleres maiores de 65 anos que sofren violencia de xénero e preparar recursos adaptados a elas.



- Realizar estudos sobre a situación dos menores (custodia, rexime de visitas, relacións co pai maltratador...)
- Impulsar a formación especializada en violencia de xénero para os e as profesionais dos medios de comunicación.
- Promover desde as administracións públicas e organizacións empresariais, a mellora da formación recibida polos e as responsables das empresas e representantes sindicais.
- Incluír contidos de igualdade contra a violencia de xénero nos temarios de acceso aos corpos docentes.
- Introducir nos libros de historia a orixe, desenvolvemento e logros do movemento feminista, no marco do Pacto de Educación.
- Incluír no Máster obrigatorio de acceso ao corpo de profesores/ as de Educación Secundaria un módulo de prevención de violencia de xénero no ámbito escolar.

Datos:

Nº de actividades de sensibilización: 50

Nº de cursos realizados: 15

Nº de proxectos/traballo e estudos de investigación: 69

Nº de enquisas: 488

Nº de participantes: 2.212

Nº de mulleres: 1.659

Nº de homes: 553

Artigo 13: Rexistros administrativos

- **Seguimento do Plan Galego de Estatística: 2019: Área de violencia de xénero: Ano 2019**

O Programa Estatístico Anual da Comunidade Autónoma de Galicia para o 2019, aprobado polo Decreto 165/2018, do 27 de decembro, establece como unha das operacións estatísticas a realizar pola Secretaría Xeral da Igualdade, a estatística de violencia de xénero, na que se recollen os datos correspondentes aos expedientes tramitados entre o 1 de xaneiro e o 30 de decembro de 2019.



Unidades estatísticas

Prestacións económicas directas.

- Axuda de pagamento periódico a vítimas da violencia de xénero (véxase páxina 233).

No ano 2019, réxese pola Resolución do 17 de decembro de 2018, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión da prestación periódica para mulleres que sofren violencia de xénero, prevista no artigo 39 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo (DOG nº 1, do 2 de xaneiro de 2020), modificada pola Resolución do 12 de febreiro de 2019 (DOG nº 36, do 20 de febreiro), e pola Resolución do 2 de xaneiro de 2019, da secretaría xeral da igualdade, pola que se convoca para o ano 2019 a prestación periódica para mulleres que sofren violencia de xénero prevista no artigo 39 da lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola lei 12/2016, do 22 de xullo (DOG nº 2 do 3 de xaneiro).

Os requisitos para poder ser beneficiaria desta axuda establécense no artigo 5 da antedita Resolución do 17 de decembro de 2018, modificada pola Resolución do 12 de febreiro de 2019 : ser muller, maior de idade ou emancipada vítima de violencia de xénero, ter cesado a convivencia co agresor nos doce meses inmediatamente anteriores á data de presentación da solicitude, estar empadroada e residir na Comunidade Autónoma de Galicia, carecer de recursos económicos e/ou dispoñer dunha rendas ou ingresos brutos mensuais iguais ou inferiores ao dobre do IPREM vixente, excluída a parte proporcional da pagas extraordinarias, e non ter percibido con anterioridade esta axuda ou a axuda de pago único establecida no artigo 27 da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro.

A situación de violencia de xénero derivada de convivencia acreditarase, segundo o disposto no artigo 7 das bases reguladoras recollidas na antedita Resolución do 17 de decembro de 2018, con algún dos documentos seguintes: certificación da orde de protección ou da medida cautelar, testemuño ou copia autenticada polo/a secretario/a xudicial da propia orde de protección ou da medida cautelar; sentenza de calquera orde xudicial, que declare que a muller sufriu violencia de xénero ou documento xudicial que declare que a muller é vítima de trata de seres humanos con fins de explotación sexual; informe das forzas e corpos de seguridade que indique a existencia de indicios claros de trata de seres humanos con fins de explotación sexual; informe dos servizos sociais e/ou sanitarios da administración pública autonómica ou local, informe dos servizos de acollida ou informe do Ministerio Fiscal que indique a



existencia de indicios de violencia.

A axuda consiste nunha contía económica destinada directamente á beneficiaria, de carácter periódico, ata o máximo de doce mensualidades, sempre que nese período subsistan as circunstancias polas que se concedeu.

- **Axuda de pagamento único ás vítimas de violencia de xénero** (véxase páxina 242).

No ano 2019 réxese pola Resolución do 17 de decembro de 2018, da secretaría xeral da igualdade, pola que se regulan as bases para a concesión das axudas establecidas no artigo 27 da lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, e no artigo 43 da lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, e se procede á súa convocatoria para o ano 2019. (DO nº 1 do 2 de xaneiro).

Os requisitos esixidos para poder ser beneficiaria desta axuda recóllense no artigo 6.1 da antedita Resolución; son ser muller, maior de idade ou emancipada vítima de violencia de xénero; non convivir co agresor; estar empadroada e residir na Comunidade autónoma de Galicia; carecer de rendas que, en cómputo mensual, superen o 75 por cento do salario mínimo interprofesional vixente, excluída a parte proporcional de dúas pagas extraordinarias; ter especiais dificultades para obter un emprego, que se acreditará a través do informe do Servizo Público de Emprego; ter vixentes as medidas de protección establecidas nunha orde de protección, informe do Ministerio Fiscal ou sentenza xudicial, e non ter percibido esta mesma axuda con anterioridade.

A axuda é compatible coas axudas previstas na Lei 35/1995, do 11 de decembro, de axudas e asistencia ás vítimas de delitos violentos e contra a liberdade sexual así como con calquera outra axuda económica de carácter autonómico ou local concedida pola situación de violencia de xénero.

Segundo se establece no artigo 8.1 da citada Resolución do 17 de decembro 2018, a situación de violencia acredítase pola orde de protección a favor da vítima, informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de que a denunciante é vítima de violencia de xénero en tanto non se dite a orde de protección, así como a sentenza condenatoria definitiva, ou definitiva e firme, que conteña medidas de protección que acrediten a actualidade da situación de violencia.



- Indemnización establecida no artigo 43 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero (véxase páxina 256).

No ano 2019 réxese pola Resolución do 17 de decembro de 2018, da secretaría xeral da igualdade, pola que se regulan as bases para a concesión das axudas establecidas no artigo 27 da lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, e no artigo 43 da lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, e se procede á súa convocatoria para o ano 2019. (DO nº 1 do 2 de xaneiro).

Esta liña de axudas ten por obxecto proporcionar axuda económica en forma de indemnización dirixida ás mulleres que sofren violencia de xénero e/ou as e os menores ou persoas dependentes delas polos danos e prexuízos ocasionados como consecuencia da situación de violencia. Trátase de indemnizacións fixadas mediante sentenza xudicial ditada por xulgados e tribunais con sede no territorio galego, no caso de incumprimento, por insolvencia, por parte do obrigado a satisfacelas.

Poden ser beneficiarias destas axudas: as mulleres que sufran violencia de xénero, as persoas menores de idade que dependan dunha muller que sufra violencia de xénero, as persoas maiores de idade que dependan economicamente dunha muller que sufra violencia de xénero e as persoas dependentes baixo o coidado dunha muller que sufra violencia de xénero.

Os requisitos para poder ser beneficiaria desta axuda recóllense no artigo 6.2 da citada Resolución : estar empadroada e ter residencia efectiva en calquera dos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia, ter dereito á percepción dunha indemnización, por danos e perdas derivados dunha situación de violencia de xénero, recoñecida nunha resolución xudicial firme ditada por un xulgado ou tribunal con sede na Comunidade Autónoma de Galicia, que exista constatación xudicial do incumprimento do deber de satisfacer a indemnización por insolvencia do obrigado ao pagamento e que a persoa beneficiaria se atope nunha situación de precariedade económica como consecuencia da falta de pagamento da indemnización xudicialmente recoñecida.

A contía da indemnización é a fixada pola resolución xudicial correspondente que quede pendente de pagamento tras a declaración de insolvencia do obrigado a el, sen que a contía máxima poida ser superior a 6.000 € por cada persoa beneficiaria.



□ **Prestacións de servizos.**

- **Atención polo Punto de Coordinación das Ordes de Protección** (véxase páxina 333)

Expedientes de seguimento de medidas de protección de mulleres vítimas de violencia de xénero.

Estes expedientes ábreanse pola entrada no PCOP, dependente da Secretaría Xeral da Igualdade, da comunicación dos xulgados competentes da adopción dunha resolución xudicial (auto ou sentenza) que implica pronunciamento sobre medidas ou ordes de protección. A información (sentenzas/autos/medidas/ordes de protección) remítese desde os xulgados. O funcionamento xeral é de apertura dun expediente por vítima; o que supón que en certo número de casos dentro dun mesmo expediente, faise un seguimento a sucesivas medidas ou ordes de protección.

- **Acreditacións da Condición de Violencia de Xénero.**

Solicitudes e expedición de certificacións/acreditacións da condición de vítima de violencia de xénero.

- **Certificación acreditativa da condición de vítima de violencia de xénero**, para os efectos da incorporación ao programa de inserción laboral deste colectivo.

O artigo 2º.b da Orde do 2 de maio de 2006 establece como un dos documentos que debe acompañar á solicitude de incorporación ao programa, a Certificación acreditativa da condición de vítima, expedida polo Punto de Coordinación das Ordes de Protección, dependente da Secretaría Xeral da Igualdade.

Datos Estatísticos 2019.

1.- Expedientes de concesión de axudas de pagamento único.

Nº resolucións favorables			
Provincia	1º semestre	2º semestre	Total
A Coruña	32	53	85
Lugo	6	3	9
Ourense	10	12	22
Pontevedra	29	43	72
Total	77	111	188

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



2.- Expedientes de concesión de axudas de pagamento periódico.

Nº resolucións favorables			
Provincia	1º semestre	2º semestre	Total
A Coruña	135	109	244
Lugo	35	21	56
Ourense	41	29	70
Pontevedra	107	100	207
Total	318	259	577

3.- Expedientes de concesión da indemnización regulada no artigo 43 da lei galega 11/2007.

Nº resolucións favorables			
Provincia	1º semestre	2º semestre	Total
A Coruña	1	5	6
Lugo	0	0	0
Ourense	0	0	0
Pontevedra	0	1	1
Total	1	6	7

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia

4.- Atención polo Punto de Coordinación das Ordes de Protección.

Novos expedientes seguidos			
Nº expedientes			
Provincia	1º semestre	2º semestre	Total
A Coruña	259	274	533
Lugo	61	92	153
Ourense	68	80	148
Pontevedra	174	225	399
Total	562	671	1233

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



Medidas de protección comunicadas			
Nº ordes de protección			
Provincia	1º semestre	2º semestre	Total
A Coruña	351	355	706
Lugo	101	122	223
Ourense	78	92	170
Pontevedra	234	260	494
Total	764	829	1593

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia

5.- Certificación acreditativa da condición de vítima de violencia de xénero, para os efectos da incorporación ao programa de inserción laboral deste colectivo.

Nº certificacións emitidas			
Provincia	1º semestre	2º semestre	Total
A Coruña	1	5	6
Lugo	1	3	4
Ourense	0	1	1
Pontevedra	18	14	32
Total	20	23	43

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



Artigos 14 e 15: Formación nas universidades e formación da totalidade das e dos profesionais

- Decreto 70/2017, do 13 de xullo, polo que se regula a formación en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero do persoal ao servizo de Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

Este Decreto, publicado no Diario Oficial de Galicia do 1 de agosto de 2017, regula a formación en xénero da totalidade do persoal da Administración pública e sitúa a Comunidade Autónoma de Galicia na primeira liña no uso de ferramentas e desenvolvemento de boas prácticas dirixidas a cimentar un patrón igualitario entre mulleres e homes.

Dáse así cumprimento á Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, que establece que a Xunta garantizará, nos termos que se establezan regulamentariamente, e promoverá, mediante os instrumentos necesarios, a formación en igualdade de todos e todas as profesionais que traballan en ámbitos relacionados directa ou indirectamente coa violencia de xénero. En especial, dos e das profesionais da sanidade, dos servizos sociais, educativos, das forzas e corpos de seguridade e das operadoras e operadores xurídicos, mediante o deseño de programas específicos de formación en materia de violencia de xénero e poñéndolos á disposición de calquera ente, organismo ou departamento, e da sociedade en xeral, para a súa aplicación nas diversas accións formativas.

Desta maneira, todo o persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais do sector público autonómico de Galicia, o persoal docente, o persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, así como o persoal ao servizo da Administración de xustiza e o persoal funcionario do corpo de Policía autonómica, serán formados neste eido. Ademais, no caso do persoal de novo ingreso que acceda á condición de persoal funcionario de carreira ou laboral fixo da Administración xeral, as actividades formativas para a obtención do nivel básico de coñecemento terán carácter obrigatorio.

No marco deste Decreto, sinalanse a continuación as accións formativas desenvolvidas no marco da Xunta de Galicia



■ Formación para persoal no ámbito da Administración pública 2019

Ao longo de 2019, a **Escola Galega de Administración Pública** desenvolveu diversas actividades formativas en materias relacionadas coa igualdade e a prevención da violencia de xénero.

As actividades preséntanse atendendo á especificidade ou non dos contidos. Así, no primeiro apartado recóllense aquelas actividades específicas en materia de xénero e no segundo apartado inclúense aquelas actividades, que, se ben non son específicas en materia de xénero, si inclúen contidos nesta materia. O terceiro apartado comprende ás actividades desenvoltas en virtude de convenios de colaboración nas que se abordan estes contidos.

1. Actividades específicas en materia de xénero para empregados das administracións públicas de Galicia

En 2019, a EGAP reforzou amplamente a oferta formativa nestes contidos, a través dun importante incremento no número de actividades específicas e prazas de formación. Por primeira vez, realizáronse convocatorias específicas en materia de igualdade e violencia de xénero para o persoal ao servizo das administracións territoriais, institucionais e entes públicos instrumentais do sector público da Comunidade Autónoma, así como do persoal da Administración de xustiza de Galicia e de administración e servizos (PAS) das tres universidades do Sistema universitario de Galicia (DOG núm. 31, do 13 de febreiro, e DOG núm. 179, do 20 de setembro de 2019).

Esta oferta formativa conxunta veu garantir que todas as persoas destinatarias destas actividades, con independencia da Administración a que pertencesen, puidesen acceder a esta formación de carácter transversal, garantindo así unha xestión máis eficiente desta e unha maior racionalización na cobertura das prazas.

No ano 2019 foron programadas un total de corenta e sete edicións (de dezoito actividades diferentes), vinte e nove das cales se impartiron na modalidade de teleformación e dezoito na modalidade presencial. A súa finalidade é a de achegar os conceptos básicos en materia de igualdade de oportunidades e as ferramentas necesarias para a integración da perspectiva de xénero no traballo cotián do persoal ao servizo das administracións públicas de Galicia.



Así pois, na modalidade en liña desenvóléronse as seguintes actividades formativas:

TÍTULO	EDICIÓNS
Conciliación da vida persoal, familiar e laboral	1
Linguaxe administrativa non sexista e imaxe igualitaria na práctica da xestión pública	2 (unha especificamente dirixida a persoal das entidades locais)
Formación básica para a sensibilización e prevención da violencia de xénero	4
Formación básica en igualdade de xénero nas administracións públicas	6 (unha especificamente dirixida a persoal das entidades locais e outra ao PAS das Universidades do SUG)
Básico en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero	10
<i>Sexting</i> , sextorsión, violencia de xénero dixital	4
O enfoque de xénero no deseño, execución e avaliación de plans, programas e proxectos	1
Módulo II. Violencia de xénero e familiar. Tramitación	1 (dirixida especificamente ao persoal da Administración de Xustiza)

Fonte: Escola Galega de Administración Pública. Xunta de Galicia

As actividades impartidas na modalidade presencial foron as seguintes:

TÍTULO	EDICIÓNS
Ser a líder: o liderado e autoliderado feminino	1
Igualdade de xénero: perspectiva xurídica	1
Violencia de xénero	1
Básico en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero	3
Atención integral en violencia de xénero	7 (dirixidas especificamente ao persoal da Administración de Xustiza)
Violencia de xénero desde a perspectiva socioasistencial	1 (dirixidas especificamente ao persoal da Administración de Xustiza)

Fonte: Escola Galega de Administración Pública. Xunta de Galicia



Ademais, en 2019 a EGAP organizou catro cursos monográficos na materia:

TÍTULO	EDICIÓNS
Curso monográfico coeducación emocional para a igualdade	1
Detección e intervención ante a violencia de xénero nos centros de maiores, centros de día e servizos de axuda a domicilio	1
Curso monográfico Como construír e de-construír crenzas limitantes? Auto-percepción e autonomía emocional	1
Curso monográfico Violencia de xénero na adolescencia	1

Fonte: Escola Galega de Administración Pública. Xunta de Galicia

Se temos en conta ambas modalidades formativas, presencial e en liña, as actividades finalmente desenvoltas para o persoal ao servizo das administracións públicas de Galicia no 2019 representan un total de 965 horas de formación efectivamente impartidas (625 horas de formación na modalidade en liña e 340 horas impartidas na modalidade presencial) e un total de 1858 persoas formadas (1417 persoas formadas na modalidade de teleformación e 441 na modalidade presencial).

Por outra parte, na modalidade de autoformación, que posibilita o acceso á formación dun xeito máis autónomo e flexible, ofertáronse os seguintes cursos:

- Formación básica en igualdade de xénero nas administracións públicas
- Formación básica para a sensibilización e prevención da violencia de xénero
- Linguaxe administrativa non sexista e imaxe igualitaria na práctica da xestión pública

Un total de 1913 persoas solicitaron acceder aos contidos propostos na modalidade de autoformación, e foron 248 as persoas que certificaron os seus coñecementos nestas materias, mediante as correspondentes probas de avaliación.

Así, pois en termos globais, atopamos que un total de 2106 empregados/as públicos/as recibiron o correspondente diploma acreditativo de terse formado nestes contidos: 1858 recibírono tras ter participado nas actividades formativas presenciais ou de teleformación, e 248 obtiveron o certificado de equivalencia tras ter superado as probas libres a través das cales é posible certificar os coñecementos nesta materia no marco do programa de autoformación da EGAP.



2. Actividades non específicas en materia de xénero que inclúen contidos sobre xénero dirixidas ao persoal das distintas administracións

Ademais da formación especificamente centrada en materia de igualdade, a EGAP incorpora este tipo de contidos nos programas doutras actividades formativas:

- No curso *Acoso laboral: Prevención, detección e reparación*, desenvolto ao abeiro dun convenio de colaboración entre a EGAP e a Vicepresidencia, abórdanse cuestións específicas relativas ao acoso en función do xénero.
- O curso *Módulo I. A actividade dos xulgados de garda: actuacións propias e alleas aos xulgados de instrución*, dirixido ao persoal da Administración de xustiza, pretende proporcionar coñecementos específicos de xestión procesual, atendendo aos procedementos especiais relativos, entre outros colectivos, ás vítimas de violencia de xénero.
- Por outra parte, impártense contidos sobre linguaxe non sexista no curso sobre *Manual de estilo do DOG e outras publicacións institucionais*, orientados a que o persoal coñeza alternativas para evitar os estereotipos de xénero na linguaxe e empregue unha linguaxe igualitaria.
- Tamén se abordan contidos relacionados con esta materia na actividade formativa *Contratación estratéxica* dado que nela se analiza a consecución de intereses sociais e ambientais a través da contratación pública, atendendo á potencialidade da contratación pública como instrumento para promover a integración de determinados colectivos, a protección do medio ambiente e a igualdade de xénero, entre outras cuestións.

Así, no ano 2019 impartíronse módulos formativos relativos aos contidos de xénero nun total de 4 actividades formativas, o que supuxo que 154 alumnos/as puideron formarse en contidos xenéricos respecto do xénero e a igualdade, así como en materia de linguaxe non discriminatoria.



3. Actividades formativas que inclúen contidos sobre xénero organizadas ao abeiro de convenios de colaboración

En 2019 organizáronse dous cursos específicos nesta materia, ao abeiro dos seus respectivos convenios de colaboración:

- O curso *Consumo e xénero*, de 20 horas de duración e no que se ofertaron 30 prazas, desenvolveuse no marco dun convenio de colaboración entre a EGAP e o Instituto Galego de Consumo e da Competencia. Impartiuse na modalidade *on line* e dirixiuse especificamente ao persoal da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, Espazos Xoves e OMIX, e ao persoal do Instituto Galego de Consumo.
- O curso *Permisos de corresponsabilidade nos coidados familiares para a igualdade*, de 20 horas de duración, desenvolveuse ao abeiro dun convenio de colaboración entre a EGAP e UGT. Ofertáronse 50 prazas na modalidade de teleformación, ás que puideron acceder os distintos colectivos de empregados públicos.

Tamén no que respecta ás actividades formativas organizadas grazas á sinatura de convenios de colaboración, hai que facer referencia aos contidos de prevención de riscos laborais desde a perspectiva de xénero que se inclúen nos cursos realizados ao amparo do convenio entre o Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral e a EGAP.

En concreto, no marco deste convenio, en 2019 organizáronse 9 edicións do curso de *Prevención de Riscos Laborais. Nivel básico*, de 60 horas de duración cada unha deles, na modalidade de teleformación, nos que se aborda a prevención de riscos laborais desde a perspectiva de xénero, así como unha edición do curso de *Prevención de Riscos Laborais en actividades de tempo libre*, tamén de 60 horas e igualmente impartido en liña, no que tamén se inclúen contidos sobre PRL desde a perspectiva de xénero.

As actividades desenvoltas ao abeiro de convenios de colaboración nas que se abordan estes contidos representan un total de 650 horas de formación e 849 alumnos/as formados.

Formación de profesionais do ámbito sanitario

Con data do 10 de xuño de 2019 asinouse o Acordo de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Consellería de Sanidade para desenvolver medidas previstas no Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero.

Con base no anterior leváronse a cabo accións formativas de profesionais que traballan en ámbitos relacionados directa ou indirectamente coa violencia de xénero, e en especial dos/das profesionais da sanidade, con módulos específicos de prevención, atención, asistencia e/ou tratamento de situacións de violencia de xénero.



Así, planificouse a realización de actividades formativas por dúas vías.

Dunha banda, a Axencia galega para a xestión do coñecemento en saúde (ACIS) encargouse do desenvolvemento dun plan de formación especializada de profesionais sanitarios, consistente en cursos presenciais e de teleformación, así como xornadas específicas na materia. Así mesmo, elaborou un documento audiovisual preventivo-informativo sobre a violencia de xénero para as pantallas dos centros de saúde de Galicia.

Doutra banda, con data de 17 de setembro de 2019, formalizáronse un total de 14 convenios de colaboración cos colexios profesionais de medicina (4), enfermería (4), farmacia (4), psicoloxía (1) e traballo social (1), para a posta en marcha e desenvolvemento de accións de formación especializada dirixidas a profesionais dos diferentes eidos da medicina sobre prevención e atención a mulleres e menores que sofren violencia de xénero. En execución destes convenios, os colexios deseñaron e levaron a cabo durante o último trimestre do ano 2019 diferentes tipos de actividades formativas para os seus afiliados, en forma de cursos mixtos (presencial e teleformación) e de xornadas e relatorios. Varias entidades procederon á gravación das actividades formativas e a súa posterior difusión en RRSS, que constitúe un xeito eficaz de divulgación, e que facilita o acceso aos contidos por colexiados con imposibilidade de acudir ou participar nas actividades formativas.

No que se refire especificamente á atención psicolóxica, e como se acaba de indicar, un dos colexios profesionais cos que se asinou convenio de colaboración foi o de Psicoloxía de Galicia, o cal desenvolveu un curso básico de 64 horas lectivas celebrado en Santiago de Compostela, entre o 6 de outubro e o 9 de novembro de 2019.

Por outra banda, en materia de violencia de xénero desde a **Consellería de Sanidade**, a través do **Servizo Galego de Saúde**, desenvolvéronse durante o ano 2019 diversas medidas orientadas a profesionais desta organización:

- **Xornada: “Reflexionando en Xénero e Saúde”** realizada en Santiago de Compostela. Entrevista a Isabel Peña-Rey Redondo (8 de marzo).
- **Xornada “Miradas expertas con perspectiva de Violencia de Xénero”**, realizada en Santiago de Compostela coa participación de profesionais de todas as áreas sanitarias (21 de Novembro).
- **Asistencia de dúas persoas ao curso “Diploma en Salud Pública y Género”** organizado pola Escola Nacional de Sanidade (ENS) do 16 de setembro ao 13 de decembro de 2019.



- **Curso presencial “Prevención da violencia de xénero”** realizada en Uroso coa participación de 34 alumnos e alumnas.
- **Cursos presenciais “Atención as mulleres en situación de violencia de xénero”** de formación para estudantes de:
 - Enfermaría: 6 Escolas (Santiago de Compostela, Lugo, Ourense (3 edicións), Pontevedra, Povisa e Meixoeiro) dunha duración de 4 horas.
 - Traballadores/as sociais: 2 Escolas (Santiago de Compostela e Vigo) dunha duración de 4 horas.Nº de alumnos/as: 364
- **Curso online “Básico en Igualdade de oportunidades e control da violencia de xénero”** na modalidade de autoformación, dirixido a profesionais non sanitarios da rede do Servizo Galego de Saúde:

Nº de alumnos/as que remataron: 8.590
- **Curso online “A violencia cara ás mulleres: Como detectala e pautas de actuación dende o Servizo Galego de Saúde”**, dirixido a profesionais sanitarios, 3 edicións.

Nº de alumnos/as que remataron: 532
- **Elaboración de vídeos de entrevistas** co fin de dar a coñecer o traballo que realizan diferentes profesionais ante unha situación de Violencia de xénero (traballadora social, xuíza, médica de familia e enfermeira especialista en obstetricia). Os vídeos (4) están dirixidos para a formación de profesionais dos centros da rede do SERGAS.
- **Elaboración de vídeos dirixidos a profesionais:**
 - Habilidades de comunicación
 - A muller non recoñece a situación de violencia de xénero
 - A muller recoñece a situación de violencia de xénero pero non quere denunciar
 - A muller recoñece a situación de violencia de xénero e idenfica as situacións de perigo que está a vivir
 - A muller en situación de violencia de xénero chega á consulta acompañada da súa parella
 - A abordaxe da violencia de xénero na xente nova
 - Conclusións



Plan de Formación anual do servizo de voluntariado e participación

O Servizo de Voluntariado e Participación, da **Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado**, convocou, no marco do Plan de Formación anual do servizo varios cursos nos que, ou ben na súa totalidade ou ben a través dalgún módulo, se tiveron en conta algunha das medidas para erradicar a violencia de xénero.

Nos cursos do **Programa de formación en igualdade para a prevención e o afrontamento da violencia de xénero para persoas voluntarias** abordáronse conceptos como a violencia machista cara ás mulleres e as menores e o acoso sexual por razón de sexo, o acompañamento ás vítimas de violencia de xénero e ás súas familias, os recursos da Rede Galega de Acollemento e da Rede de Mediadoras, así como un módulo sobre as bases do Pacto de Estado sobre a Violencia de Xénero e un obradoiro acerca de como actuar ante casos de violencia.

Programáronse 10 edicións do curso na súa modalidade presencial, nas localidades de Santiago de Compostela, Vigo, Ourense, Lugo, Vilalba, A Coruña, Ferrol, Pontevedra, Vilagarcía e Betanzos.

Nº participantes presenciais: 89

Nº cursos online realizados: 12

Nº participantes: online 1.045

Formación para persoas educadoras no tempo de lecer e persoas voluntarias

Dende a **Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado** estimouse necesario formar ás persoas voluntarias e aos/ás axentes educativos/as no ámbito do lecer e tempo libre en materia de violencia de xénero co obxectivo de dotalos de ferramentas e habilidades para a prevención, a detección e a posible intervención ante situacións de violencia de xénero e acadar, de xeito indirecto, un achegamento desta mensaxe aos mozos e mozas que participen nas actividades de ocio e tempo libre.

Con este fin programáronse, no marco do Pacto de Estado contra a violencia de xénero e en colaboración coa Secretaría Xeral de Igualdade, cinco accións formativas para consolidar espazos libres de violencia. Estas cinco accións do curso “Educación en igualdade no tempo libre: todos os espazos libres de violencia” desenvolvéronse en Vigo, Ourense, Lugo, A Coruña e Vilagarcía.



O obxectivo xeral destes cursos de "Educación en igualdade no tempo libre: todos os espazos libres de violencia" pasa por sensibilizar e concienciar sobre a violencia de xénero ás persoas voluntarias e aos profesionais do eido do tempo libre para que os nenos e nenas sexan coeducadas de xeito transversal e, desta maneira, promover relacións igualitarias, eliminar actividades sexistas ou que segreguen por xénero e erradicar situacións de violencia.

Neste sentido, con estas accións trátase de desenvolver formación específica en xénero e violencia de xénero ao monitorado e persoal dinamizador das actividades de ocio e tempo libre de cara a prever e detectar posibles situacións de violencia; así como de dotar de ferramentas de cara á detección, erradicación ou posible intervención das distintas formas de violencia cara as mulleres tanto no contexto de ocio e tempo libre como nos fogares.

Formación e sensibilización de mocidade en igualdade e prevención da violencia de xénero

Neste proxecto, desenvolvido pola **Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado** ao abeiro do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, distínguense 2 grandes actuacións:

- Con motivo da celebración do Encontro da mocidade creativa e emprendedora, que do 25 ao 27 de outubro de 2019 reuniu a máis de 500 mozos e mozas na Cidade da Cultura de Galicia (Santiago), desenvolvéronse accións formativas dirixidas á prevención da violencia de xénero e de sensibilización fronte ás agresións sexuais entre a mocidade a través do stand Agresión OFF.

Nº de mozos e mozas participantes en accións formativas: 200

- Desenvolvéronse tamén sesións de Cineforum nas tres residencias xuvenís dependentes da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado centrado na proxección da película documental "Tódalas mulleres que coñezo" cun posterior coloquio coa súa directora (Xiana do Teixeiro). O obxectivo desta acción foi crear unha pauta de dinamización pedagóxica sobre a igualdade de xénero e a prevención da violencia de xénero a partir da película documental.

Nº de mozos e mozas participantes en sesións de cineforum: 250



Formación dos/as profesionais dos centros de maiores e persoas con discapacidade

A Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade, da Consellería de Política Social, tomando en consideración a necesidade de formación específica en relación á prevención e tratamento da violencia de xénero, a través da Subdirección Xeral de Recursos Residenciais e de Atención Diúrna, xestionou e coordinou un plan de formación específico en materia de prevención, atención e tratamento integral da violencia da xénero, dirixido aos distintos colectivos de empregados/as públicos/as dos centros de maiores e de persoas con discapacidade, para que os/as profesionais que de forma directa ou indirecta interactúan ou poden interactuar neste ámbito, puideran acceder á totalidade de actividades programadas nesta materia.

Este plan de formación dinámica e especializada realizouse en 24 servizos de atención residencial de maiores e de persoas con discapacidade da rede da Xunta de Galicia, con unha duración de 40 horas lectivas cada acción formativa. Os cursos, que se iniciaron o día 12 de setembro e finalizaron o día 22 de novembro do ano 2019, integraron unha oferta formativa ampla e diversificada, cuxos obxectivos estratéxicos foron:

1. Achegar formación e actualización de coñecementos aos/ás profesionais que prestan atención directa a mulleres maiores e mulleres con discapacidade nos servizos de atención residencial.
2. Facilitar formación básica e metodolóxica para a prevención, atención, asistencia e tratamento integral das situacións de violencia de xénero exercida contra as mulleres.
3. Dotar os profesionais do ámbito residencial de ferramentas de actuación que lles resulten de aplicación para a abordaxe de situacións de especial vulnerabilidade e/ou indefensión.
4. . Implicar a estes/as profesionais na loita contra a violencia de xénero e reforzar competencias (persoais e profesionais) que lles permitan previr, detectar, e abordar adecuadamente as situacións distintivas que afectan as mulleres maiores ou mulleres adultas con discapacidade, tanto no sentido físico, mental ou psíquico, como tamén no sentido social; situación que implica unha maior vulnerabilidade e indefensión, que pode provocar que a persoa sexa vítima de violencia de xénero.

Así pois, coa finalidade de dotar aos/ás profesionais de estratexias de actuación, encamiñadas a previr, detectar e abordar adecuadamente situacións de violencia de xénero contra mulleres maiores ou en situación de discapacidade, desenvolveranse os seguintes bloques formativos:



BLOQUE I: Conceptos xerais en materia de igualdade. Contexto histórico e social. Aspectos éticos e legais.

BLOQUE II:

Primeira parte: Tipos de maltrato. Maltrato contra maiores e persoas con discapacidade: violencia, maltrato e abuso.

Segunda parte: Análise de Guía de Actuación Coordinada contra o Maltrato de Persoas Maires ou Persoas con Discapacidade (Xunta de Galicia. Secretaría de Política Social).

BLOQUE III:

Primeira parte: Violencia de xénero ou violencia machista. Tipos e formas de violencia de xénero. O ciclo da violencia machista.

Segunda parte : Análise do Protocolo de actuación para e erradicación da violencia de xénero as mulleres nos servizos de atención residencial e de atención diúrna

BLOQUE IV: Aproximación ao marco xurídico en España.

BLOQUE V: Enfoque psicosocial.

Primeira parte: A detección da violencia de xénero.

Segunda parte: Consecuencias psicolóxicas, sociais e de saúde. Abordaxe das consecuencias nas diferentes areas da persoa.

Trastornos mais frecuentes: Cadros mais comunmente atopados nas mulleres vitmas de violencia de xénero e que son obxecto de atención clínica.

A intervención psicolóxica en violencia de xénero.

Intervención dende o traballo social.

A transcendencia da intervención xurídica especializada en situacións de violencia de xénero.

Recursos de atención: Prevención, apoio e atención.

Tamén se elaborou un Manual que servirá de documento de consulta para as/os citadas/os profesionais de centros de maiores.





Estas actuacións foron desenvolvidas ao abeiro do convenio de colaboración asinado entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Consellería de Políticas Social o 27 de marzo de 2019 para o impulso de novas accións no ámbito social para loitar contra a violencia de xénero, no marco do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero.

■ Plan anual de formación en lingua galega (Probas CELGA e cursos de formación en lingua galega)

De acordo co Decreto 163/2018, do 13 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da **Consellería de Cultura e Turismo**, entre as funcións da **Secretaría Xeral de Política Lingüística** (en diante SXPL) figuran a coordinación e xestión dos plans e programas de formación e de acreditación de competencias en materia de lingua galega, así como a xestión das probas de acreditación da competencia en lingua galega.

O plan anual de formación en lingua galega baséase na realización de cursos preparatorios para as probas Celga (niveis Celga 1, 2, 3 e 4), dirixidos a toda a poboación, así como de cursos de linguaxes específicas (linguaxe administrativa e linguaxe xurídica galegas, niveis medio e superior), dirixidos ao persoal que traballa nas distintas administracións públicas. Nos contidos destes cursos, así como no material didáctico complementario, exercicios prácticos e demais actividades, tense en conta o **uso non sexista da linguaxe**, así como o **fomento dunha visión afastada dos estereotipos de xénero**. En abril de 2019, incorporouse o curso Celga 3 á modalidade de teleformación, na que xa se impartían o Celga 1 e o Celga 4. A elaboración dos contidos de formación telemática aproveitouse para facer actualizacións e incidíuse especialmente no **uso non sexista da linguaxe**. Ademais, ao profesorado titor dos cursos indicaselle que teñen que facer un uso non sexista nas súas comunicacións coa alumnado



En canto ás probas Celga, que se convocaron nos meses de xuño e novembro, tamén se tivo en conta o emprego dunha linguaxe inclusiva, tanto na redacción ou selección dos textos das probas escritas e da proba oral. O profesorado da proba oral ten instrucións de coidar o linguaxe á hora de facer a entrevista.

Tamén temos en conta a utilización non sexista no material interno que emprega a organización.

Fanse probas específicas de acreditación de competencias comunicativas en galego para obter os certificados dos diferentes niveis de coñecemento de lingua galega ás persoas con dificultades auditivas ou de linguaxe. Con esta medida facilítase unha maior inclusión das persoas afectadas por circunstancias diversas que minoran as súas competencias funcionais (xordos, ou Persoas afectados por calquera outra diversidade funcional...) e, pola súa vez, promóvense medidas non discriminatorias tendentes a eliminar agravios comparativos na corrección das probas ás persoas con capacidades diferentes.

Formación de profesionais do ámbito educativo: Formación do profesorado.

A **Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional** desenvolve a formación do profesorado a través do Plan Anual de Formación do profesorado, que no curso 2019/20 incorporou unha sección específica de igualdade co fin de dar maior entidade á temática. Ademais diversificou a oferta de temáticas abordadas dentro da coeducación, ofertounas en todos os centros de formación e recursos co fin de achegalas ao profesorado de todo o territorio e diversificou a posibilidade de realizar as actividades: escolas de familias (ENAPAS), licenzas de formación, formación en centros (PFPP, seminarios, grupos de traballo), actividades presenciais, actividades en rede e actividades mixtas.

Nos cursos 2018/19 e 2019/20 (que afectan ao ano 2019) non se concedeu ningunha licenza de formación para a elaboración de materiais coeducativos.

No curso 2019/20 están activas 9 escolas de nais e pais (ENAPAS) nas que se traballa a prevención da violencia de xénero.

En canto á formación en centros (PFPP, seminarios, grupos de traballo), neste curso escolar 2019/2020 hai 41 centros que desenvolver un proxecto de formación no propio centro arredor da igualdade, e nomeadamente arredor do plan de igualdade:



Título da actividade formativa	Nº horas	Nº profesionais inscritos/as
PFPP C1931058 Convivencia e igualdade.	20	7
PFPP C1931121 Os plans de igualdade, desenvolvemento e aplicación.	12	15
PFPP F1931001 Elaboración do plan de igualdade.	20	1
PFPP F1931005 Elaboración do plan de igualdade	20	7
PFPP F1931009 Elaboración do plan de igualdade	20	10
PFPP F1931010 Implementación do plan de igualdade	20	3
PFPP F1931064 Formación en igualdade de xénero	20	11
PFPP L1931020 A igualdade como eixe do proxecto educativo de centro	10	6
PFPP L1931020 Construindo a igualdade dende o centro	20	6
PFPP L1931061 Educando en igualdade	20	13
PFPP L1931081 Reinventando o Cantel: novo Proxecto Educativo e Plan de Igualdade	30	9
PFPP L1931087 Elaboración do Plan de Igualdade. Recursos para impulsar un modelo coeducativo	30	6
PFPP L1931097 Diversidade = igualdade e inclusión	30	9
PFPP O1931057 Traballando a igualdade no IES As Lagoas	40	16
PFPP O1931073 Medrando na igualdade	25	12
PFPP O1931089 - Creación de material didáctico audiovisual na temática de apertura ao mundo (desigualdades, xenofobia, sexismo, ecoloxía)	25	6
PFPP O1931089 - Elaboración dun Plan de Igualdade	25	6
PFPP P1931002 Terra de igualdade	20	11
PFPP P1931027 Traballando pola igualdade	20	16
PFPP P1931051 Accións para a mellora da convivencia e a igualdade no centro	20	7
PFPP P1931086 A elaboración do plan de igualdade do centro	20	15
PFPP P1931099 LGBTQ - Igualdade	20	4
PFPP P1931116 Facendo visible a igualdade e diversidade sexual	20	16
PFPP S1931003 Xogando en igualdade	20	11
PFPP S1931018 Traballando a igualdade	20	4
PFPP S1931036 Xogando en Igualdade	20	12
PFPP S1931038 Introducción da radio escolar para o tratamento da igualdade	8	13
PFPP S1931051 Estratexias de aprendizaxe cooperativa e deseño de medidas e recursos que teñan en conta a diversidade e igualdade para mellorar a convivencia no centro	30	12
PFPP S1931057 Xogando en igualdade	20	14



Título da actividade formativa	Nº horas	Nº profesionais inscritos/as
PFPP S1931064 Plan de igualdade no CEIP. Ramón Cabanillas	20	12
PFPP S1931069 IES Xulián Magariños: Igualdade e perspectiva de xénero	40	8
PFPP S1931070 Igualdade de xénero na intervención sociocomunitaria	50	12
PFPP S1931076 Traballando a igualdade	20	8
PFPP S1931085 Elaboración do plan de igualdade	40	20
PFPP S1931111 Tamén traballamos en igualdade	30	15
PFPP S1931111 Traballando en igualdade	30	14
PFPP S1931116 Igualdade de oportunidades en Coroso	20	4
PFPP V1931065 A biblioteca como centro de inclusión e igualdade	30	11
PFPP V1931073 Igualdade e diversidade afectivo-sexual no IES A Guía	20	6
PFPP V1931079 En busca de estratexias reais cara a igualdade	20	30
PFPP V1931100 CamiñaMos cara á igualdade	20	9
TOTAL	965	427

Actividades de continuidade de formación do profesorado realizadas en 2019:

Título da actividade formativa	Nº horas	Nº profesionais certificadas/os
Módulo de Igualdade, Convivencia e Inclusión	20	5.523
Abordaxe da violencia de xénero desde o ámbito educativo	30	59
Consumo e xénero	30	37
Orientación, titoría e construción da identidade libre de estereotipos de xénero	30	33
Estratexias para a promoción da igualdade no ámbito educativo	30	33
XX Foro galego de educación en igualdade	12	78
TOTAL	152	5.763

Actividades formativas que se ofertaron por vez primeira no curso 2018/2019:

Título da actividade formativa	Nº horas	Nº profesionais certificadas/os
Calendario da igualdade	50	86
Comunicar en igualdade	50	45
STEM en feminino	20	89
Deseño e desenvolvemento do plan de igualdade do centro educativo	20	6
Educación en igualdade nas relacións afectivo-sexuais.	20	29
Igualdade e Educación no ensino secundario e postobrigatorio	35	25
Igualdade e Educación para Departamentos de Orientación	35	26



Título da actividade formativa	Nº horas	Nº profesionais certificadas/os
Igualdade e Educación para equipos directivos	35	21
Igualdade e Educación para profesorado de infantil e primaria	35	13
Xornada de educación para a igualdade. Curso 2018-2019	8	82
TOTAL	308	422

Actividades formativas que se desenvolveron no 1º trimestre do curso 2019/2020:

Título da actividade formativa	Nº horas	Nº profesionais certificadas/os
Formación inicial en igualdade	20	731
Formación inicial en igualdade	20	899
Formación inicial en igualdade	20	87
A comunicación en igualdade a través das TIC- Santiago	30	12
Prevenición da violencia de xénero desde a escola- Santiago	8	120
Educación para a igualdade nas relacións afectivo-sexuais- Santiago	20	pte
Conmemorando a igualdade todo o ano- A Coruña	20	pte
A comunicación en igualdade a través das TIC-Ferrol	30	6
Conmemorando a igualdade todo o ano- Lugo	20	16
Conmemorando a igualdade todo o ano-Ourense	20	18
Educación para a igualdade nas relacións afectivo-sexuais- Ourense	20	16
Conmemorando a igualdade todo o ano-Pontevedra	20	49
A comunicación en igualdade a través das TIC-Vigo	30	5
Tratamento da diversidade afectivo-sexual e de xénero nas aulas-Vigo	8	61
TOTAL	286	2.020



➤ XIX Foro Galego de Educación en Igualdade



O propósito dos foros de educación en igualdade é promover a construción dun novo modelo formativo capaz de abranguer por igual ao feminino e ao masculino. Entre os seus obxectivos figura tamén procurar a reflexión entre o profesorado galego sobre a transmisión de estereotipos de xénero no ámbito escolar e favorecer a toma de conciencia das e dos asistentes como axentes nesta situación discriminatoria, así como presentar investigacións e proxectos que sirvan de guía para traballar a educación en igualdade e a prevención da violencia de xénero. No ano 2019 quíxose facer fincapé na coeducación, pola relevancia que ten a formación das persoas en igualdade, desde os inicios da escolaridade e ao longo da mesma, para poder acadar unha equidade efectiva e real.

A edición XIX do Foro Galego de Educación en Igualdade que tivo lugar os días 5 e 6 de abril de 2019 na Escola Galega de Administración Pública en Santiago de Compostela e levou por título "Coeducación, por unha sociedade non sexista",

Os contidos deste XIX Foro galego de educación en igualdade foron:

- Relatorio: “Desmontar o sexismo escolar desfacendo os estereotipos de xénero”, a cargo de Amparo Tomé González, socióloga da educación e experta en xénero e educación, asesora do profesorado e investigadora sobre o sexismo educativo.
- Relatorio: “*Masculinidades disidentes*” por Xosé Cabido, docente e membro do equipo de igualdade do IES Fontexería de Muros
- Relatorio: “*Traballando escolas libres de violencias machistas*”, por Carmen Ruíz Repullo, profesora de Socioloxía da Universidade Pablo de Olavide
- Obradoiro: “*24/7 sen machismo. 24/7 sen violencia*”, por Carmen Ruíz Repullo, profesora de Socioloxía da Universidade Pablo de Olavide
- Obradoiro: “*Deconstruíndo a masculinidade hexemónica*”, por Xosé Cabido, docente e membro do equipo de igualdade do IES Fontexería de Muros
- Relatorio: “*A importancia da coeducación afectivo e sexual na infancia e na mocidade: un reto urxente*”, a cargo de Amada Traba, docente da Universidade de Vigo (FCED) na materia de Socioloxía da Educación, asesora en políticas de igualdade e experta en socioloxía do xénero



➤ **Formación de profesionais dos Centros de Información ás Mulleres de Galicia 2019**



No ano 2019 a Secretaría Xeral da Igualdade organizou e desenvolveu un Plan de formación específico para profesionais dos CIM co obxecto de facilitar-lles ferramentas e coñecementos que lles axuden a mellorar o seu traballo.

Este Plan de formación constou de 4 xornada formativas desenvolvidas nos meses de xuño, setembro e outubro.

- ◆ **Xornada “A violencia sexual, proxectos e experiencias para abordala desde o respecto e a protección á vítima”,** que tivo lugar o 4 de xuño de 2019 en Santiago de Compostela e na que participaron 90 profesionais.

Contidos da xornada:

Relatorio: *A actuación policial ante agresións sexuais en colectivos vulnerables.* Pedro Corrales, sarxento do EMUME CENTRAL, unidade da Garda Civil encargada dos delitos contra a muller e menores-

Relatorio: *Das manadas á porno-vinganza e as agresións en contornos festivos: a violencia sexual en tempos do #MeToo.* M. Isabel Menéndez Menéndez, directora de la Unidad de Igualdad da Universidade de Burgos

Mesa redonda: *A violencia sexual infrinxida a persoas con dobre discriminación*

Participan:

- ✓ *Abuso Sexual Infantil. Primeira Violencia Sexual contra a muller.* Carla Román, psicóloga do Servizo de Atención da Fundación Vicki Bernadet
- ✓ *A prostitución, a Trata e a explotación sexual tamén son violencias.* Lourdes Pazo, técnica do Programa Vagalume
- ✓ *Violencia cara as nenas e mulleres con discapacidade.* Melisa Silva Castro, psicóloga da Asociación ACADAR



- ◆ **Xornada: Taller CIMASCAM*: Unha década de experiencia tratando vítimas de violencia sexual.**

O CIMASCAM é un centro público e de balde. Está dirixido a mulleres maiores de idade que sufriran calquera tipo de violencia sexual ó longo da súa vida, por calquera agresor e en calquera ámbito. O acceso ao centro é libre ou por derivación profesional, con cita previa. Ofrece os servizos de información, orientación e acollida, apoio social e atención psicolóxica. Tamén atención xurídica, mediación intercultural e a área de sensibilización, prevención e formación.

Esta xornada desenvolveuse en Santiago de Compostela o 20 de xuño de 2019 e nela participaron 86 profesionais dos CIM.

A xornada consistiu no desenvolvemento do taller “A violencia sexual: mitos e realidades no traballo con mulleres superviventes”, impartido por Ana Valmala Almazán, traballadora social do CIMASCAM.

- ◆ **Xornada “Intervención profesional con persoas do colectivo LGTBI”,** terceira das catro xornadas para persoal dos Cim, que se desenvolveu en Santiago de Compostela o 20 de setembro de 2019 e na que se inscribiron 108 persoas.

Contidos da xornada:

Relatorio: *Os Centros Quérote+: información e formación en aspectos vinculados coa diversidade sexual*, impartido por Noa Tilve, directora do programa Quérote+.

Relatorio: *Abrazar a diversidade sexual, familiar e de identidade de xénero: retos e boas prácticas*, a cargo de Ignacio Pichardo, profesor titular no Departamento de Antropoloxía Social e Psicoloxía Social da Universidade Complutense de Madrid.

Mesa redonda: *Colectivo LGTBI: situación do movemento asociativo en Galicia*

Participan:

- ✓ *As barreiras do colectivo LGTBI.* Carlos Emilio Mella, presidente de ALAS Coruña
- ✓ *11 anos de atención ao colectivo LGTBI dende Nós Mesmas.* Elisabet Pérez Costas, integrante de de Nós Mesmas
- ✓ *Miradas LGTBI a situacións ‘normais’.* Cristian Garza González, coordinador do programa SexPoint de CASCO



- ◆ Xornada “*Novos programas e cambios sociais na asistencia a vítimas de violencia de xénero*”.

Nesta xornada fíxose unha presentación de novos programas e iniciativas contra a violencia de xénero da Xunta de Galicia e levouse a cabo o obradoiro práctico “Psicoloxía afirmativa LGTBI aplicada aos adolescentes e aos seus familiares”, impartido por Pablo López García, psicólogo especializado no colectivo LGTBI e profesor do Instituto Superior de Estudos Psicolóxicos (ISEP).

Tivo lugar o 4 de outubro de 2019 en Santiago de Compostela e nela que participaron 85 profesionais.

- ◆ **Formación para Profesionais da psicoloxía 2019**

Os convenios de colaboración asinados entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia “para a atención psicolóxica a mulleres que sofren violencia de xénero, e complementariamente para as súas fillas e fillos menores e outras persoas do seu entorno familiar que vivan ou padezan situacións de violencia de xénero (PAPMVX), para a atención psicolóxica a homes con problemas de control de violencia no ámbito familiar (Programa Abramos o Círculo)”, e tamén “para a posta en marcha dunha quenda de garda psicolóxica especializada e permanente para mulleres e os seus fillos e fillas menores, que sofren violencia de xénero na Comunidade autónoma de Galicia”, recollen no seu clausulado que as psicólogas e psicólogos de ambos programas, deberán de cursar as actividades de formación continua que a este respecto se establezan, elaborándose para este fin e de xeito conxunto, programas formativos mínimos.

Tamén se establece que, de estimarse oportuno, se incorporarán a esta formación as e os profesionais dos centros, oficinas e puntos de información ás mulleres que se determine, así como outros/as profesionais que estean colaborando coa Secretaría Xeral da Igualdade no tratamento da violencia contra as mulleres.

No ano 2019 leváronse a cabo catro accións formativas ao abeiro dos anteditos convenios:

- ◆ *Xornada interna de traballo dos programas (PAPMVX e Abramos o Círculo)*, que tivo lugar o 23 de febreiro de 2019, na Facultade de Psicoloxía da USC.

Nestas xornadas participaron como relatoras as profesionais dos programas: Paula Baldomir Gago, Julita M^a Touriño Araújo, M^a del Carmen González Pais e M^a del Pilar Millán Cerqueiro.

Asistiron 55 profesionais dos programas(49 mulleres e 6 homes).



- ◆ *Obradoiro de formación: “Intervención con nenos e nenas que sufriron ou presenciaron violencia doméstica e de xénero”*

Este obradoiro estivo destinado a terapeutas que forman parte tanto do PAPMVX como de Abramos o círculo, ademais de estar convidados os e as profesionais da psicoloxía dos Centros de Información á Muller da nosa comunidade autónoma.

Tivo lugar os días 5 e 6 de xullo de 2019 na Facultade de Psicoloxía da USC e foi impartido por:

- Cristina Cortés Viniegra, psicóloga e psicoterapeuta, codirectora do Centro de Psicoloxía da Saúde Vitaliza (Pamplona), centro sanitario especializado en trauma, apego e psicoloxía infantil.
- Javier Elcarte López, psicólogo e psicoterapeuta, director e membro fundador do Centro de Psicoloxía da Saúde Vitaliza (Pamplona), presidente da Sociedad Española de Bio y Neurofeedback (SEBINE), postgado en neuropsicoloxía, experto en abuso e trauma complexo.

Os obxectivos principais deste obradoiro eran mostrar como intervir tendo en conta o trauma de apego, negligencia e a retraumatización por falta de habilidades cognitivas e sociais, destacar a importancia da fase estabilización e consolidación de recursos e verase a forma de cubrir as lagoas madurativas e a experiencia faltante dunha figura de apego seguro, dar unha dobre intervención en paralelo, por unha banda co neno ou nena e por outra coa familia e ver a importancia da psicoeducación á familia proporcionando información de como afecta o trauma de abandono ao desenvolvemento dos seus fillos e fillas e información que lles axude a comprender porque estes nenos e nenas compórtanse como o fan.

Os contidos do obradoiro foron:

FUNDAMENTOS BIOLÓXICOS E SOCIAIS DO APEGO.

- ¿Que supón o trauma temprano e a falta de seguridade?.
- ¿Cómo afecta no desenvolvemento madurativo e emocional?.
- A inmadurez madurativa fonte de retraumatización.

FASE DE ESTABILIZACIÓN, CHAVE DA INTERVENCIÓN.

- O vínculo e a recuperación ou consolidación do apego en familia imprescindible para o acceso a memorias positivas e á esperanza futura.
- Intervención en paralelo coas familias e o neno ou nena.
- Como cubrir a experiencia faltante.



- Como acceder aos estados infantís encapsulados.
- Como usar a narrativa para integrar a historia.
- Viñetas do ciclo vital.
- Intervención coa nai.
- Recuperar a capacidade de coidado.
- Instalar nela e no fillo ou filla esa capacidade.
- Proxección de futuro co enraizamento e recursos e competencias maternas.

Asistiron 103 profesionais (91 mulleres e 12 homes).

◆ *Obradoiro de formación: “A perspectiva transcultural na violencia de xénero”*

Este obradoiro tivo lugar os días 25 e 26 de outubro de 2019 e estivo destinado a terapeutas que forman parte tanto do PAPMVX como de Abramos o círculo, ademais de estar convidados os e as profesionais da psicoloxía dos Centros de Información á Muller de Galicia.

Foi impartido por:

- Marina de la Hermosa Lorenci, psiquiatra e psicoterapeuta. Experiencia clínica, investigadora e docente en diversidade de xénero e sexual. Secretaria da Sección de Dereitos Humanos da Asociación Española de Neuropsiquiatría. Psiquiatra na unidade de atención temperá no Centro Médico Poza de la Sal (Madrid).
- Elvire Agossou, psicóloga da Asociación Red Sir[a], Rede de apoio terapéutico, xurídico e psicosocial (Madrid) desde o 2018. Diplomada a nivel máster en psicoterapia integrativa e counselling e diplomada avanzada en psicoterapia existencial. Especialista en diversidade de xénero e sexual. Experiencia en terapia de dó.

O obxectivo xeral do programa proporcionar aos e ás profesionais maneiras de traballar e afrontar o traballo na violencia de xénero desde unha perspectiva transcultural.

Os contidos do obradoiro foron os seguintes:

1. Violencias de xénero. Violencia contra as mulleres na relación de parexa.
2. ¿De que falamos cando falamos de cultura? ¿Que queremos dicir con transcultural?.
3. Competencia cultural. Feminismos racializados e migrantes. Outros modelos de xestión comunitaria da violencia.



4. Interseccionalidade. Diferenzas do poder no contexto terapéutico.
5. Vulnerabilidades relacionadas co proxecto migratorio. Estrés de minoría en relación co racismo.
6. Diferenzas culturais transxeneracionais.
7. Acompañamento centrado en necesidades en violencia de xénero en contexto transcultural.

Asistiron un total de 63 profesionais (56 mulleres e 7 homes)

◆ *“Intervención na emerxencia en violencia de xénero”*

Esta formación desenvolveuse ao abeiro do convenio de colaboración para a posta en marcha dunha quenda de garda psicolóxica especializada e permanente para mulleres e os seus fillos e fillas menores, que sofren violencia de xénero na Comunidade autónoma de Galicia.

Tivo lugar en Santiago de Compostela, na Escola Galega de Administración Pública, os días 3, 4, 24 e 25 de maio de 2019 e asistiron 136 profesionais (126 mulleres e 10 homes).

Esta actividade formativa constou de catro módulos:

- . Módulo 1: O día 3 de maio de 17:00 a 21:00 horas, “A Perspectiva de Xénero”.
- . Módulo 2: O día 4 de maio de 10:00 a 14:00 horas e de 15:00 a 19:00 horas, “A Intervención Psicolóxica na Situación de Emerxencia”.
- . Módulo 3: O día 24 de maio de 17:00 a 21:00 horas, “Aspectos Xurídicos a ter en conta para a Intervención con Mulleres e Menores/Adolescentes Víctimas de Violencia de Xénero”.
- . Módulo 4: O día 25 de maio de 10:00 a 14:00 horas e de 15:00 a 17:00 horas, “O enfoque do trauma dentro do contexto dunha situación de urxencia” (de 17:00 a 19:00 horas Formación Interna para os membros da Quenda)

◆ **Formación para Forzas e Corpos de Seguridade 2019**

A Academia Galega de Seguridade Pública, organismo autónomo adscrito a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia, encargado da formación do persoal da seguridade pública que traballa en Galicia, desenvolve anualmente formación na materia de violencia de xénero, como materia troncal e pilar dentro dos plans de formación continua e selectiva de acceso e promoción interna aos Corpos da Policía Local, e colabora na formación da Policía Nacional e da Garda Civil, de acordo co convenio subscrito



entre a Xunta de Galicia e o Ministerio do Interior para a súa formación.

Durante o ano 2019 na Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP) leváronse a cabo 83 cursos de formación en materia de violencia de xénero, todos presenciais.

Na sede da AGASP celebráronse 8 cursos de formación continua: 2 de primeira intervención coa vítima, 2 de intervención co home maltratador, 2 os/as menores como vítimas, 1 de recursos da Administración en materia de violencia de xénero e 1 de instrucións policiais de violencia de xénero.

Ademais o alumnado da 11 promoción de policía local de Galicia, tivo como materia troncal a de violencia de xénero.

De xeito descentralizado (é dicir, fóra das instalacións da Academia, facilitando así que a formación chegase a todos/a os/as profesionais do sector, nas policía locais levándose a cabo nas xefaturas, na policía nacional e na UPA nas comisarías e na Garda Civil nas comandancias) leváronse a cabo 75 cursos.

No ano 2019 en materia de violencia de xénero a AGASP formou a 1313 profesionais, realizando mais de 650 horas de formación en 86 cursos.

Corpo	Nº cursos	Prazas	Horas lectivas	Solicitudes	Persoas matriculadas
Policía Local	50	1025	492	690	509
Garda Civil	22	550	110	550	550
Policía Nacional	8	200	40	200	200
Unidade Adscrita da Policía Nacional á CCAA	6	74	30	54	54
TOTAL	86	1849	672	1494	1313



◆ **Xornadas técnicas para o intercambio de experiencias sobre violencia de xénero Galicia-Norte de Portugal**



A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza organizou unhas xornadas técnicas para o intercambio de experiencias sobre Violencia de Xénero dentro do proxecto 0101_GNP_AECT_1_E, que se desenvolve dentro do Programa Operativo de Cooperación Territorial España-Norte de Portugal e no que a Secretaría Xeral da Igualdade da Xunta de Galicia está a participar como socia.

O proxecto 0101 GNP-AECT trata de avanzar na mellora da capacidade institucional e a eficiencia da administración pública, promovendo a mellora e eficacia de redes estables de cooperación transfronteiriza na loita contra a violencia de xénero, polo que o obxectivo xeral desta xornada é o de ofrecer un espazo no que os axentes implicados na atención a mulleres vítimas de violencia de xénero e aos seus fillos e fillas poidan poñer en común os seus recursos, pautas e protocolos de actuación.

Para facilitar a asistencia de todo o persoal interesado, desenvolveuse a xornada nas 3 Eurocidades:

19 de Decembro. Tui - Valença. Edificio do Vale do Minho. Avda. Miguel Dantas, 69. Valença

20 de Decembro. Verín - Chaves. Sede da Eurocidade Chaves - Verín. Feces de Abaixo

23 de Decembro. Salvaterra - Monção: Edificio da Casa do Viño. Salvaterra de Miño

As temáticas tratadas nestas xornadas foron:

- A atención ás mulleres vítimas de violencia de xénero en Galicia Norte de Portugal. Sistema de acreditación da condición de vítima e recursos de asistencia e acollida.
- Os centros de acollida. Proceso de acceso e derivación.
- Experiencias na intervención con mulleres vítimas de violencia de xénero



♦ **Formación especializada a profesionais da avogacía de Galicia sobre a atención a mulleres e menores que sofren violencia de xénero**

O 9 de outubro de 2019 a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza asinou un convenio de colaboración co Consello da Avogacía Galega para levar a cabo accións de formación especializada para avogados/as sobre atención a mulleres e menores que sofren violencia de xénero, no marco das axudas do Pacto do Estado contra a Violencia de Xénero.

Deseñouse unha formación específica que abarcaba aspectos relativos a menores e violencia de xénero, mulleres estranxeiras, aspectos psicolóxicos e sociais, así como os recursos e programas dispoñibles en Galicia neste ámbito.

O programa formativo impartíuse presencialmente en sete sedes distintas: A Coruña, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago e Vigo.

N.º entidades implicadas nas accións: 7.

N.º persoas participantes: 2.225

Asistentes aos cursos organizados polos Colexios de avogados/as:

Colexio de Avogados/as organizador do curso	Número asistentes
Colexio Avogados/as da Coruña	136
Colexio Avogados/as de Ferrol	85
Colexio Avogados/as de Lugo	350
Colexio Avogados/as de Ourense	223
Colexio Avogados/as de Pontevedra	1260
Colexio Avogados/as de Santiago de Compostela	100
Colexio Avogados/as de Vigo	71
Total de letrados/as beneficiados/as pola actuación:	2.225

N.º profesionais participantes: 112:

Profesionais participantes nos cursos organizados polos Colexios de avogados/as

Colexio de Avogados/as organizador do curso	Número profesionais
Colexio Avogados/as da Coruña	17
Colexio Avogados/as de Ferrol	23
Colexio Avogados/as Lugo	12
Colexio Avogados/as de Ourense	18
Colexio Avogados/as de Pontevedra	15
Colexio Avogados/as de Santiago de Compostela	13
Colexio Avogados/as de Vigo	14
Total profesionais participantes	112



◆ **Formación especializada a profesionais da procuradoria sobre a atención a mulleres e menores que sofren violencia de xénero**

O 9 de outubro de 2019 a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza asinou tamén un convenio de colaboración co Consello Galego de Procuradores dos Tribunais, para levar a cabo accións de formación especializada para procuradores/as sobre atención a mulleres e menores que sofren violencia de xénero, no marco das axudas do Pacto do Estado contra a Violencia de Xénero.

Dentro da formación hai módulos específicos sobre menores e violencia de xénero, mulleres estranxeiras, aspectos psicolóxicos e sociais (recursos e programas en Galicia), en relación coa violencia de xénero.

Programa formativo impartido presencialmente en sete sedes distintas: A Coruña, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago e Vigo.

A formación impartida por un equipo docente interdisciplinar e con extensa experiencia no tratamento deste fenómeno estrutural na organización do sistema social, logrou unha formación especializada e multidisciplinar na violencia de xénero, dando a coñecer o complexo fenómeno, as súas causas, consecuencias para as vítimas, mecanismos de produción, redes de apoio legais e psicosociais actuais en España e en Galicia; e proporcionou unha visión global da problemática, potenciando que os/as procuradores/ as aprendan a evitar procesos de vitimización secundaria, formándoos no campo de asistencia ás vítimas de diferentes formas de violencia de xénero e dotándoos de coñecementos, técnicas e ferramentas para actuar #ante este tipo de problemática, en particular, tendo en conta a súa condición de profesionais colaboradores da administración de xustiza.

Nº de entidades implicadas nas accións: 15

Nº de materiais elaborados e distribuídos: 1.500

Nº de persoas participantes: 235



Capítulo III: Medidas no ámbito educativo

Artigo 16. Actitudes.

Artigo 17. Escolarización inmediata en caso de violencia de xénero.

Artigo 18. Edición e adaptación de materiais.

Artigo 19. Revisión e adaptación do currículo educativo.

Artigo 20. Plans de acción tutorial.

Artigo 21. Proxectos educativos e curriculares de centro.

Artigo 22. Consellos escolares e Consello Escolar de Galicia.

Artigo 23. Inspección educativa.

Para a prevención da violencia de xénero, a educación e a formación en igualdade da comunidade educativa é unha cuestión fundamental. A desaparición dos prexuízos e estereotipos de xénero desde a escola é absolutamente imprescindible para lograr xeracións futuras corresponsables, igualitarias e tamén máis felices. É por iso que se presta unha especial atención a todas as actuacións desenvolvidas no eido educativo, ao marxe da formación dos e das profesionais, xa mencionadas.

Artigo 16: Actitudes

A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional está a desenvolver o **Plan de Actuacións para a Igualdade** nos centros educativos de Galicia. A través deste plan estanse a implementar 27 medidas de actuacións de carácter transversal encamiñadas a impulsar o traballo coeducativo dos centros. Así pois, a prevención da violencia de xénero constitúe un dos obxectivos principais no desenvolvemento destas accións. Este plan foi elaborado e presentado en 2016 e as medidas que contén estanse a poñer en marcha gradualmente, comezando polo desenvolvemento curricular de materias e polo impulso e diversificación da formación do profesorado. Pódese consultar o documento completo na seguinte ligazón:

http://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/plan_actuacions_igualdade_educacion.pdf

Por outra banda, as actividades dirixidas á comunidade escolar, incluíron, ademais daquelas que integran o Plan Proxecta, Contratos-programa (especificamente a liña de actuación 3 IGUÁLA-T) e o Plan Director, e das que se programen nas distintas áreas dentro da abordaxe curricular como tema transversal prevista na norma, aquelas que se planifiquen dentro da conmemoración do Día Internacional contra a Violencia de Xénero, establecido o 25 de novembro de 2019 mediante a Orde do 29 de xuño de 2019 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2019/20 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG do 28 de xuño).



➤ Plan Proxecta 2019-2020

O Plan Proxecta é unha iniciativa da **Consellería Educación, Universidade e Formación Profesional** en colaboración con diferentes organismos dirixida a fomentar a innovación educativa nos centros a través de programas educativos que desenvolvan as competencias clave como eixe do currículo e os elementos transversais, nos cales se inclúe a educación en valores.

Trátase dun plan que busca un avance nas dinámicas de mellora da calidade educativa favorecendo a innovación nos propios centros a través de programas externos que leven á motivación e ao traballo activo, cooperativo e en rede, do alumnado e do profesorado implicado. Para iso, un dos principais obxectivos deste plan é promover a realización de proxectos interdisciplinarios que poidan servir de modelo de traballo ou de boa práctica, tanto para o propio centro en que se orixinan como para o resto da comunidade educativa galega.

- No curso 2019-2020 a **Secretaría Xeral da Igualdade** está a desenvolver novamente dous programas educativos no marco do Plan Proxecta: “Por 365 días de respecto e igualdade” e “Donas de sí”.
- “Por 365 días de respecto e igualdade”, destinado a 36 centros educativos, para alumnado de ESO, Bacharelato, FP e adultos.



O seu obxectivo principal é proporcionarlle ás mozas e mozos galegos, dende a escola, formación e ferramentas que lles permitan coñecer e recoñecer a violencia contra as mulleres, e actuar na súa prevención, fomentando a autoestima, a autonomía, o coñecemento da construción social das súas identidades sexuais e a asignación de roles, o que permitirá traballar na eliminación de estereotipos sexistas e de falsas crenzas.



O programa é un dobre convite para o profesorado: por unha banda para reflexionar en primeira persoa sobre a violencia de xénero, e por outra banda, para compartilo co seu alumnado a través das actividades propostas.

As actividades teñen como primeiro obxectivo proporcionar ao profesorado recursos que dun xeito sinxelo lles facilite coñecer de primeira man que pensan e senten as súas alumnas e os seus alumnos e como o expresan. Abordar a violencia cara ás mulleres pode facerse dende diferentes perspectivas, pero se o que queremos é previr esta violencia, é fundamental indagar nas súas causas e facer ver que a violencia de xénero estea profundamente ligada a un xeito de entender as relacións baseado en mitos, falsas crenzas, malas maneiras de entender o que é un home ou o que é unha muller e o que é unha relación amorosa.

Por isto, nalgunhas actividades propostas nas unidades didácticas de apoio que se poñen ao dispor do profesorado súxírese invitalos a pensar acerca das infinitas maneiras de ser home e de ser muller, de relacionarse preguntando e contestando ao propio desexo, indagando no que significa ser libres.

Obxectivos :

- Proporcionar ao profesorado recursos que dun xeito sinxelo lles facilite coñecer de primeira man que pensa e sente o seu alumnado e como o expresan.
- Indagar sobre as causas da violencia de xénero.
- Recoñecer o profundo vínculo que existe entre a violencia de xénero e a maneira en que entendemos as relacións de parella.
- Identificar e recoñecer os mitos, falsas crenzas, relacións tóxicas nas relacións amorosas entre homes e mulleres.

Entre as actividades do programa recóllense as seguintes:

- Formación: Formación en igualdade e contra a violencia de xénero
- Apoio ao profesorado: Asesoramento a cargo de persoal especialista pluridisciplinar para un óptimo aproveitamento dos recursos

O profesorado participante neste programa ten preferencia para participar no curso formativo “Abordaxe da violencia de xénero no ámbito educativo”, incluído dentro das actividades de formación do profesorado realizadas a través da Plataforma Platega.



Recursos:

1. *Unidade didáctica para educación secundaria “Cartas de Amor. 15 artistas contra a violencia de xénero”, con proposta de actividades a partires das obras da mostra “Cartas de Amor”.*
2. *Unidade didáctica para educación secundaria e bacharelato “Á violencia de xénero...dille Non!”, que xira arredor dun conxunto de 8 fichas ou paneis que conforman a mostra “Á violencia de xénero... Dille Non!”.*
3. *Exemplares de material diverso como a curtametraxe “MIÑA”, unha reflexión sobre a violencia de xénero, a “Guía de literatura infantil e xuvenil non discriminatoria II”, ou o libro “Berrando ao mundo”*
4. *Exposición “Cartas de Amor”, exposición gráfica de ilustracións de diversos artistas sobre a violencia de xénero e a mocidade. A exposición quere sensibilizar a poboación máis nova sobre a existencia de violencia nos seus modos de relacionarse, axudar a detectala e polo tanto a eliminala.*
5. *Exposición “Á Violencia de Xénero...Dille Non!”, exposición gráfica ilustrada, dirixida a axudar á mocidade a recoñecer, identificar e rexeitar condutas sexistas, nocivas nas súas relacións, acompañada de carteis e dípticos informativos e de sensibilización elaborados a partires de dita exposición.*
6. *Exposición fotográfica “Express-Arte”, unha perspectiva de diferentes realidades dende a arte. Creada no marco do programa de inserción laboral para vítimas da violencia de xénero e impulsado pola Asociación de Xóvenes Emprendedores Lucenses (AXEL)*
7. *Desenvolvemento de obradoiros sobre “Violencia de xénero e o novo contexto dixital”, centrados no coñecemento e prevención das novas formas de violencia que xurden no contexto dixital: ciberviolencia de xénero, grooming, sextorsión.*
8. *Charla informativa sobre agresións sexuais e violencia sexual, a cargo de persoal especializado.*
9. *Charla de sensibilización: “A nova escravitude do século XXI: Trata de seres humanos con fins de explotación sexual, outra forma de violencia de xénero”, a cargo de persoal especializado.*
10. *Charla sobre o tratamento da violencia de xénero na publicidade e nos medios audiovisuais, a cargo de persoal especializado.*
11. *Espectáculo teatral sobre violencia de xénero “Golpes”, que analiza o impacto da violencia de xénero e tenta concienciar á mocidade na súa prevención.*



Centros participantes no programa "Por 365 días de respecto e igualdade" no curso académico 2019-2020:

Centro	Concello	Provincia
IES Agra de Raíces	Cee	A Coruña
IES Espiñeira	Boiro	A Coruña
IES San Clemente	Santiago de Compostela	A Coruña
IES Plurilingüe Pedra da Aguia	Camariñas	A Coruña
IES Plurilingüe Fontexería	Muros	A Coruña
IES De Catabois	Ferrol	A Coruña
IES Urbano Lugrís	Malpica de Bergantiños	A Coruña
CIFP Porta Da Auga	Ribadeo	Lugo
CPI Plurilingüe de Castroverde	Castroverde	Lugo
IES Illa de Sarón	Xove	Lugo
IES Val do Asma	Chantada	Lugo
IES Río Cabe	Monforte de Lemos	Lugo
CPI de Cervantes	Cervantes	Lugo
IES Nosa Sra. dos Ollos Grandes	Lugo	Lugo
CPI Dr. López Suárez	O Saviñao	Lugo
IES Aquis Querquernis	Bande	Ourense
IES Carlos Casares	Viana do Bolo	Ourense
IES Cosme López Rodríguez	A Rúa	Ourense
IES Martaguisela	O Barco de Valdeorras	Ourense
IES Ramón Otero Pedrayo	Ourense	Ourense
CIFP Portovello	Ourense	Ourense
CPR Plurilingüe Vila do Arenteiro	O Carballiño	Ourense
EPAPU Nelson Mandela	A Lama	Pontevedra
IES A Basella	Vilanova de Arousa	Pontevedra
IES Chano Piñeiro	Forcarei	Pontevedra
IES De Meaño	Meaño	Pontevedra
IES De Sanxenxo	Sanxenxo	Pontevedra
IES Laxeiro	Lalín	Pontevedra
IES De Rodeira	Cangas	Pontevedra
IES A Xunqueira I	Pontevedra	Pontevedra
IES De Poio	Poio	Pontevedra
CPR Plurilingüe Lar	Mos	Pontevedra



Centro	Concello	Provincia
IES Plurilingüe Aquis Celenis	Caldas de Reis	Pontevedra
IES Marco do Camballón	Vila de Cruces	Pontevedra
IES Castelao	Vigo	Pontevedra
IES A Xunqueira II	Pontevedra	Pontevedra

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia

- “Donas de si”, destinado a centros educativos, para alumnado de primaria, ESO, Bacharelato, ciclos e adultos. Estase a desenvolver en 24 centros educativos.

O programa "Donas de si" ten como obxectivo principal a visibilización e posta en valor da participación e produción das mulleres como pezas fundamentais na configuración e no desenvolvemento da sociedade galega contemporánea, de xeito que se recoñeza o seu papel político, social, artístico, científico e cultural e se supere a visión tradicional que presenta as súas achegas como puramente anecdóticas ou secundarias. Para conseguilo propón realizar unha aproximación de conxunto, que teña en conta a variable de xénero, a figuras relevantes (atendendo especialmente as figuras esquecidas ou ocultas) da nosa historia para construír e divulgar a memoria histórica feminina de Galicia.

O traballo dos centros neste programa pódese centrar nos seguintes aspectos:

- coñecemento e divulgación de mulleres relevantes na historia
- coñecemento e divulgación de mulleres relevantes na actualidade
- coñecemento e divulgación do labor das mulleres do contorno do alumnado

Obxectivos específicos do programa:

PARA O ALUMNADO:

- Recoñecer os valores e as achegas das mulleres á innovación cultural, científica e intelectual e situalas nos contextos que lles tocou vivir para poder descubrir aspectos esquecidos e mais para axudarnos a comprender máis profundamente o que significaron.
- Analizar as funcións das mulleres na historia a través dos libros de texto.
- Reflexionar sobre os avances na conquista de novos ámbitos de presenza para as mulleres e para os homes.



PARA O PROFESORADO:

- Dotar as xeracións actuais de referentes femininos que ofrezan usos e valores onde teña cabida a igualdade entre mulleres e homes e que sexan de utilidade na construción de proxectos vitais libres de condicionantes de xénero.
- Promover a educación en igualdade entre a comunidade educativa co fin de alcanzar un clima de centro libre de actitudes discriminatorias.
- Introducir a perspectiva de xénero naqueles aspectos que incidan na elección do futuro profesional do alumnado.
- Favorecer o desenvolvemento de actitudes e comportamentos que contribúan a eliminar actitudes sexistas e a evitar os prexuízos e estereotipos de xénero.
- Incentivar as alumnas na elección de estudos en áreas científico-técnicas.
- Contribuír á orientación vital e profesional libre de estereotipos.

PARA A COMUNIDADE EDUCATIVA:

- Promover accións en materia de educación en igualdade.
- Participar activamente na visibilización do traballo das mulleres na comunidade educativa de referencia do alumnado.
- Achegar testemuño e experiencia persoal das traxectorias vitais e profesionais de persoas que rompan cos roles de xénero.

Actividades e recursos

Formación para o profesorado:

O profesorado participante neste programa, de estar interesado, terá preferencia para participar nos cursos formativos:

- “Estratexias para a promoción da igualdade no ámbito educativo”
- “Orientación, titoría e construción da identidade libre de estereotipos de xénero”

Ambos os dous incluídos dentro das actividades de formación do profesorado realizadas a través da Plataforma Platega.

Material didáctico:

Poderase utilizar material didáctico elaborado e facilitado pola Secretaría Xeral de Igualdade, como as unidades didácticas:



- "María Wonenburger. Unha científica adiantada ao seu tempo".
- "Concepción Arenal. A visitadora de cárceres".
- "A escaleira desigual. A condesa rebelde". Sobre Emilia Pardo Bazán.
- Exposición de fotografía dos Premios "Maria Josefa Wonenburguer", que recoñece a mulleres que dedican a súa vida profesional a algún campo específico da ciencia ou da tecnoloxía, mulleres que souberon adiantarse ao seu tempo e que abriron e abrirán camiños a moitas outras.

Maletas viaxeiras: a Secretaría Xeral de Igualdade e a Rede de Formación dispoñen de maletas viaxeiras con publicacións de interese para traballar a temática da igualdade e da prevención da violencia de xénero en infantil/primaria e secundaria/bacharelato. O CAFI e os distintos CFR dispoñen dun servizo de préstamo para este recurso bibliográfico.

Centros seleccionados no curso 2019-2020 para desenvolver o programa "Donas de si":

Centro	Concello	Provincia
CEIP Heroínas de Sálvora	Ribeira	A Coruña
CEIP María Pita	A Coruña	A Coruña
CEIP Plurilingüe de Toques	Toques	A Coruña
CEIP Plurilingüe María Barbeito e Cervino	A Coruña	A Coruña
CEIP Sanjurjo de Carricarte	A Coruña	A Coruña
CEP Plurilingüe de Ventín	Ames	A Coruña
CPI de San Sadurniño	San Sadurniño	A Coruña
CPI Plurilingüe Cabo da Area	Laxe	A Coruña
IES A Sardiñeira	A Coruña	A Coruña
IES Lamas de Castelo	Carnota	A Coruña
IES Plurilingüe Fontexería	Muros	A Coruña
IES Saturnino Montojo	Ferrol	A Coruña
CEIP Plurilingüe de Lousada	Guntín	Lugo
CEIP Plurilingüe Santo Estevo de Parga	Guitiriz	Lugo
CEIP San Xoán	Becerreá	Lugo
CPI Uxío Novoneira	Pedrafita do Cebreiro	Lugo
CPR Plurilingüe Sagrado Corazón de Jesús	Ribadeo	Lugo
IES Ánxel Fole	Lugo	Lugo
IES de Quiroga	Quiroga	Lugo
IES Illa de Sarón	Xove	Lugo
IES Lama das Quendas	Chantada	Lugo
IES Marqués de Sargadelos	Cervo	Lugo
IES Poeta Díaz Castro	Guitiriz	Lugo
IES Val do Asma	Chantada	Lugo
CEIP Bibei	Viana do Bolo	Ourense



Centro	Concello	Provincia
CEIP Carlos Casares	Xinzo de Limia	Ourense
CEIP Plurilingüe O Ruxidoiro	Barbadás	Ourense
CEIP Plurilingüe Otero Novas	Cortegada	Ourense
CEIP Princesa de España	Verín	Ourense
CEIP Ramón Otero Pedrayo	O Barco de Valdeorras	Ourense
CEIP San Marcos	Cartelle	Ourense
CIFP Portovello	Ourense	Ourense
CPR Plurilingüe Divina Pastora	Ourense	Ourense
CPR Plurilingüe Santa Maria	Ourense	Ourense
IES de Allariz	Allariz	Ourense
CEIP de Cerdeiriñas	Vila de Cruces	Pontevedra
CEIP de Laredo	Redondela	Pontevedra
CEIP de Rubiáns	Vilagarcía de Arousa	Pontevedra
CEIP Escultor Acuña	Vigo	Pontevedra
CEIP Plurilingüe A Florida	Sanxenxo	Pontevedra
CEIP Plurilingüe M. Ramiro Sabell Mosquera	Ponteareas	Pontevedra
CEIP Santa Mariña	Vigo	Pontevedra
CPI da Cañiza	A Cañiza	Pontevedra
CPI do Toural	Vilaboa	Pontevedra
CPR Plurilingüe Lar	Mos	Pontevedra
IES Álvaro Cunqueiro	Vigo	Pontevedra
IES Castro Alobre	Vilagarcía de Arousa	Pontevedra
IES Chan do Monte	Marín	Pontevedra
IES do Barral	Ponteareas	Pontevedra
IES Laxeiro	Lalín	Pontevedra
IES Marco do Camballón	Vila de Cruces	Pontevedra
IES Plurilingüe Terra de Turonio	Gondomar	Pontevedra
IES Ricardo Mella	Vigo	Pontevedra
IES San Tomé de Freixeiro	Vigo	Pontevedra

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia

■ **“Rapazas emprendedoras nas TIC”.**

O programa "Rapazas emprendedoras nas TIC" está desenvolvido pola **Axencia para a modernización tecnolóxica de Galicia (Amtega)** dentro do Plan Proxecta.

Ten como obxectivo fomentar o emprendemento das rapazas de secundaria a través das Tecnoloxías da Información e a Comunicación (TIC). O programa está relacionado con varias iniciativas a nivel europeo, como o proxecto europeo “ICT-Go-Girls! Promoting Entrepreneurship Among Secondary School Girls through ICT”, no que participa a Secretaría Xeral de Igualdade, e o “Girls in ICT Day”, promovido pola International Telecommunication Union (ITU) a nivel internacional. Neste programa participan 2 centros no curso escolar 2019/2020.



■ **Quérote+: educación sexual na aula.**

Programa da **Consellería de Política Social**, a través do Consorcio galego de servizo de igualdade e benestar, dentro do Plan Proxecta, destinado a alumnado de 3º da ESO e FP básica.

Para o curso 2019/2020 "Quérote+" proponlles aos centros participantes a formación sobre "Ciclo de Vida Adolescente". A través dunha colaboración entre os centros de ensino e os centros Quérote+ buscarase que mozos e mozas desenvolvan, dentro dos obxectivos e das liñas estratéxicas do Plan Proxecta, a educación en valores e as súas competencias mediante un proxecto interdisciplinario. Un proxecto que, integrado nas programacións específicas do profesorado e na programación xeral anual do centro, logre aprendizaxes activas e cooperativas centradas en cuestións de interese e motivantes para o alumnado e relacionadas co seu contorno máis próximo. O centro de ensino seleccionará unha das modalidades propostas por Quérote+, poñéndoo en relación coas temáticas recollidas na modalidade elixida. O persoal do centro inscrito como participante realizará un proxecto no que se reflectirán as iniciativas/actividades que implantarán ao longo do curso nas súas clases e/ou titorías, para acadar o desenvolvemento das competencias e dos valores abordados. Un dos elementos que terá que recoller o proxecto é o desenvolvemento de actividades que incidan na contorna das persoas participantes. Neste programa están participando 26 centros educativos.

■ **Xente con Don**

Este programa, desenvolvido pola **Consellería de Sanidade** dentro do Plan Proxecta, ten como obxectivo previr o VIH e as demais infeccións de transmisión sexual (ITS) na mocidade galega de educación secundaria, bacharelato e de ciclos formativos, promovendo as prácticas sexuais seguras e o respecto polos dereitos das persoas afectadas. Neste programa participan 1 centro neste curso escolar.

■ **Galicons-net**

O obxectivo deste programa do **Instituto Galego de Consumo**, dentro do Plan Proxecta, é realizar un proxecto de innovación educativa en materia de consumo responsable coa finalidade de potenciar a educación para o consumo nos centros de ensino, así como motivar un traballo activo e colaborativo de alumnado e profesorado. Unha das modalidades que ofrece é Consumo e xénero. Neste programa participan 12 centros neste curso escolar.



■ De Ítaca a Avalon

Programa da **Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea** dentro do Plan Proxecta. O seu obxectivo é promover unha cidadanía galega crítica, responsable e comprometida coa erradicación das desigualdades sociais e especialmente coa promoción de sociedades libres de violencias machistas (ODS 4 y ODS 5), dende a coeducación. Neste programa participan 3 centros neste curso escolar 2019/2020.

■ Plan Director para a convivencia e a mellora da seguridade nos centros educativos e nos seus contornos

Continuando na liña de anos anteriores pero incorporando novas dimensións, desde o curso 2013-2014, este Plan ofrece aos centros educativos a posibilidade de solicitar charlas informativas/formativas impartidas por expertos das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado sobre diferentes temáticas que favorezan a mellora da convivencia e o achegamento destes profesionais aos cidadáns ao mesmo tempo que facilita actuacións moi en consonancia coa Acción Titorial e as propostas do Plan de Convivencia desenvolvidas nos centros. Entre estas actuacións atópase a violencia de xénero.

Segundo os datos publicados pola Delegación do Goberno na súa páxina web, no ano 2019 participaron nestas actividades 130.355 membros da comunidade educativa, pertencentes a 1.086 centros, o que constitúe o 80% do total dos centros de Galicia. Isto supuxo un aumento dun 16,5% respecto do ano anterior (11.850 asistentes). Os equipos especializados da Policía Nacional e da Garda Civil impartiron 3.630 charlas nas que 9 de cada 10 asistentes fueron alumnos. Preto da metade das charlas centráronse nas novas tecnoloxías (1.475) seguido do acoso escolar (799) e da violencia de xénero (427).

En canto ás 427 charlas sobre violencia de xénero, constitúen o 11,76% das realizadas a través do plan director e distribúense por provincias do seguinte xeito: A Coruña (200), Lugo (61), Ourense (62), Pontevedra (104).

■ Contratos-programa

A actuación IGUÁLA-T de contratos-programa ofrécese por vez primeira diferenciada dentro do apartado de convivencia, ofrecéndose como modalidade dirixida para aqueles centros que queiran afondar na coeducación. Con ella promóvese o desenvolvemento de accións que interveñan no fomento da coeducación, promoción da



igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, prevención e tratamento da violencia de xénero, promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual, prevención e tratamento da LGBTIfobia e outras medidas semellantes.

Por outra parte, con esta actuación trátase tamén de fomentar nos centros docentes os valores, as actitudes e as prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto á diversidade e no fomento da igualdade entre mulleres e homes. Neste curso escolar participan 273 centros na modalidade IGUÁLA-T.

■ Accións de prevención e sensibilización sobre violencia sexual na mocidade



Durante o meses de marzo de 2019 leváronse a cabo accións de formación e sensibilización no eido da violencia sexual nos 7 campus universitarios de Galicia: A Coruña, Santiago, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo.

A temáticas abordadas foron:

- Prostitución e Pornografía: Violencia Sexual Comercial
- A performance da masculinidade hexemónica: aprendendo a manter os privilexios
- A violencia de xénero en parámetros de saúde
- Experiencias de ciberviolencia en poboación adolescente galega
- Porno e violencia sexual
- Violencia sexual contra as mulleres: mitos e realidades
- A manada: da violencia de xénero ás violencias machistas
- A violencia de xénero como construción social contra as mulleres. Como lograr o cambio social?
- Acoso Sexual e por razón de Sexo no ámbito académico
- Podemos previr a violencia de xénero sen vitimizar ás mozas?
- Violencia sexual na prensa: de Diana Quer a Laura Luelmo, e mentres tanto, a Manada



- Os Dereitos da menor vítima de Violencia de xénero e a súa protección
- A coeducación, motor do cambio cara a unha sociedade igualitaria

O número de alumnas e alumnos que participaron nas xornadas foi de 742, das cales 131 (17,7%) foron mozos e 611 mozas (82,3%).

Artigo 17: Escolarización inmediata en caso de violencia de xénero

O Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece no seu artigo 28, relativo ao alumnado afectado por medidas de violencia de xénero e/ou acoso escolar:

1. A consellería con competencias en materia de educación asegurará, dentro do seu ámbito competencial e de acordo co establecido no artigo 17 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, a escolarización inmediata do alumnado que se vexa afectado por cambios de centro derivados de situacións de violencia de xénero. Así mesmo, os centros educativos prestarán atención especial á inclusión e normalización do dito alumnado.

2. Nos casos en que sexa necesario un cambio de centro por motivos de violencia ou acoso escolar, garantirase a escolarización inmediata do alumnado afectado.

O artigo 13 do Decreto 254/2012, do 13 de decembro, polo que se regula o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que impartan ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece que a Administración educativa asegurará a escolarización inmediata do alumnado que se vexa afectado por cambios de centro derivados de actos de violencia de xénero ou acoso escolar, e adoptará as medidas necesarias para que os centros educativos lle presten especial atención.

O artigo 46.3 da Orde do 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o citado Decreto 254/2012 concreta que corresponde á Inspección educativa constatar a efectiva concorrencia da situación de violencia de xénero e, de ser o caso, adoptar as medidas necesarias para a inmediata escolarización do alumnado afectado.



Segundo a información facilitada polos Servizos Territoriais de Inspección Educativa, durante o ano 2019 houbo 77 alumnos e alumnas afectados por cambio de centro derivado de 54 casos de violencia de xénero, dado que en 17 casos hai varios irmáns/irmás implicados/as. A distribución por provincias é a seguinte:

A Coruña			Lugo			Ourense			Pontevedra		
Nº casos	Alumnos/as afectados/as		Nº casos	Alumnos/as afectados/as		Nº casos			Nº casos	Alumnos/as afectados/as	
	Nenos	Nenas		Nenos	Nenas		Nenos	Nenas		Nenos	Nenas
16 (en 4 casos hai irmáns)	14	15	1 (hai irmáns)	2	1	11 (en 2 casos hai irmáns)	9	5	26 (en 5 casos hai irmáns)	13	18

Fonte: Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

Por outra banda, a Resolución do 1 de marzo de 2018, da Consellería de Política Social, pola que se convoca o procedemento de adxudicación de prazas nas escolas infantís 0-3 dependentes da Axencia galega de servizos sociais e do Consorcio galego de servizos de igualdade e benestar, recolle un procedemento extraordinario de ingresos urxentes en escolas infantís para os fillos e fillas das mulleres que se atopen nunha casa de acollida e/ou sexan vítimas de violencia de xénero.

As admisións en escolas infantís realizadas ao longo do ano 2019 foron as seguintes:

Provincia	Axencia	Consorcio	Totais
A Coruña	1	3	4
Lugo	0	0	0
Ourense	4	2	6
Pontevedra	4	5	9
TOTAIS	9	10	19

Fonte: Consellería de Política Social

A través da Orde do 17 de xullo de 2018 e da Orde de 16 de xullo de 2019 pola que se convocan as axudas para a posta en marcha de casas niño sinálase que, para o caso de que a demanda de prazas sexa superior a oferta, terán prioridade as mulleres vítimas de violencia de xénero empadroadas no concello en que se sitúa a casa niño ou nun limítrofe sen recursos de atención á primeira infancia de ata tres anos de idade.

No ano 2019 non se rexistrou ningún caso de neno/a fillo/a de muller vítima de violencia de xénero que accedera á casa niño como consecuencia da aplicación desta prioridade.



Artigo 18: Edición e adaptación de materiais

Tal e como establece a Disposición adicional cuarta da LOE (Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, segundo o texto consolidado):

Disposición adicional cuarta. Libros de texto e demais materiais curriculares.

1. No exercicio da autonomía pedagóxica, correspóndelle aos órganos de coordinación didáctica dos centros públicos adoptar os libros de texto e demais materiais que deban de utilizarse no desenvolvemento dos diversos ensinós.

2. A edición e adopción dos libros de texto e demais materiais non requirirán a previa autorización da Administración educativa. En todo caso, estes deberán adaptarse ao rigor científico adecuado ás idades dos alumnos e ao currículo aprobado por cada Administración educativa. Así mesmo, deberán reflectir e fomentar o respecto aos principios, valores, liberdades, dereitos e deberes constitucionais, así como aos principios e valores recolleitos na presente Lei e na Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero, aos que debe de axustarse toda a actividade educativa.

3. A supervisión dos libros de texto e outros materiais curriculares constituirá parte do proceso ordinario de inspección que exerce a Administración educativa sobre a totalidade de elementos que integran o proceso de ensino e aprendizaxe, que debe velar polo respecto aos principios e valores contidos na Constitución e ao disposto na presente Lei.

Así, no proceso normal de inspección, realízase esta función. Non obstante o I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020 (redactado e presentado no ano 2016) achegou as seguintes medidas a desenvolver paulatinamente.

- M1. Elaborar orientacións para a valoración de materiais didácticos desde o punto de vista da perspectiva de xénero.
- M2. Revisar materiais didácticos vinculados a programas e proxectos educativos co fin de garantir a perspectiva de xénero.
- M3. Difundir a táboa de avaliación de materiais didácticos desde o punto de vista da perspectiva de xénero entre a comunidade educativa.
- M4. Elaborar unha publicación divulgativa para o profesorado para difundir os principios da coeducación, da igualdade e da educación afectiva e sexual na comunidade educativa.



- M5. Realizar accións informativas con recomendacións sobre aspectos de organización e planificación nos centros desde o respecto e a integración da igualdade.
- M6. Fornecer pautas para a revisión dos documentos internos do centro para explicitar as medidas reeducativas e reparadoras aplicables no caso de condutas contrarias á convivencia por razón de xénero.
- M9. Incluír a perspectiva de xénero e o principio de igualdade no curso de formación inicial do novo persoal funcionario docente.
- M10. Fomentar a oferta de actividades formativas no ámbito da igualdade e da violencia de xénero, así como no da diversidade afectiva e sexual .
- M13. Fomentar a oferta de actividades formativas no ámbito da igualdade e da violencia de xénero, así como no da diversidade afectiva e sexual.
- M18. Ofertar unha materia de libre configuración autonómica para abordar a perspectiva de xénero na ESO e iniciar a análise para a súa inclusión na etapa de bacharelato.
- M19. Impulsar un ciclo formativo superior para incluír a perspectiva de xénero na FP.
- M24. de actuación Configurar e xestionar maletas viaxeiras para ensinanza obrigatoria sobre igualdade de xénero, violencia de xénero e educación afectiva e sexual.

➤ **Unidade didáctica “Á violencia de xénero... Dille non!”**,

No ano 2019 a **Secretaría Xeral da Igualdade** editou a unidade didáctica “Á violencia de xénero... dille non!”, pensada para realizar co alumnado de 3º e 4º da ESO ou 1º e 2º de Bacharelato.



Esta unidade didáctica xira en torno a un conxunto de 8 fichas ou paneis que conforman a mostra “Á violencia de xénero... Dille non”. Cada ficha ou panel, recolle unha das principais manifestacións de violencia de xénero que se dan entre a mocidade: control, celos, humillación, manipulación, abuso, chantaxe emocional, sexo, sextorsión. Para cada manifestación propónse unha actividade/dinámica didáctica, se ben cada unha das actividades propostas pódense aplicar indistintamente a cada unha das manifestacións recollidas nas fichas ou paneis da mostra, pois están pensadas para poder ser intercambiáveis.



A súa finalidade é facilitar o labor do profesorado na sensibilización e identificación das principais manifestacións da violencia de xénero entre a mocidade.

Obxectivos específicos: que tanto os mozos como as mozas participantes:

1. Aprendan a identificar a VX e as principais manifestacións que se dan entre a mocidade que recolle a presente unidade.
2. Aprendan a discernir que é e que non é unha actitude machista nunha relación e diferenciar unha relación tóxica e machista dunha igualitaria.
3. Entendan que os micromachismos son a base da VX e que os rexeiten.

Cada unha das fichas ou paneis que integran esta unidade, e que corresponden a un tipo de manifestación da violencia de xénero frecuente entre a mocidade, acompáñase dunha actividade/dinámica. As actividades/dinámicas combinan momentos de análise, reflexión en traballo individual ou en pequenos grupos, xunto con dinámicas xerais/colectivas, debates, plenarios participativos e toma de consensos.

Artigo 19: Revisión e adaptación do currículo educativo.

Tanto o Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia como o Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia establecen o obxectivo da igualdade entre mulleres e homes na sociedade como finalidade primordial dos distintos niveis educativos, incluíndo tamén diversas referencias nos contidos concretos dos currículos.

Os decretos aprobados nos últimos anos que regulan cada currículo de ciclos formativos e as ensinanzas especiais teñen como denominador común a presenza deste obxectivo.

Todos os desenvolvementos curriculares están suxeitos ao pertinente informe en materia de igualdade polo que este extremo está garantizado.

Os decretos dos currículos de ciclos formativos de formación profesional publicados no exercicio 2016, e aqueles que se publiquen en exercicios posteriores, garanten a perspectiva de xénero nos contidos, nos procedementos, nas actitudes e nos valores que conforman o currículo neste nivel educativo, segundo o artigo 19 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.



A xustificación atópase na inclusión, nos currículos das ensinanzas de cada ciclo formativo de formación profesional, dun obxectivo de carácter xeral que contén a finalidade de analizar e valorar a prevención da violencia de xénero. Este obxectivo reza así:

Analizar e valorar a participación, o respecto, a tolerancia e a igualdade de oportunidades, para desenvolver os valores do principio de igualdade de trato e non discriminación entre homes e mulleres nin por ningunha outra condición nin circunstancia persoal nin social, así como a prevención da violencia de xénero e o coñecemento da realidade homosexual, transexual, transxénero e intersexual.

Así mesmo, o traslado deste obxectivo ao currículo de cada módulo profesional está avalado polo establecido no artigo 34 do Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia. Este artigo refírese ao posterior desenvolvemento do currículo a través das programacións elaboradas para cada módulo profesional.

Estas programacións concretarán e adaptarán o currículo ás características do contorno socioproductivo, tomando como referencia o perfil profesional do ciclo formativo a través dos seus obxectivos xerais e dos resultados de aprendizaxe establecidos para cada módulo profesional.

➤ **Ciclo superior de promoción de igualdade de xénero.**

Cómpre destacar o desenvolvemento da medida M19 do *I Plan de actuacións para a igualdade* coa publicación do currículo autonómico do ciclo de grao superior de Promoción de Igualdade de Xénero a través do Decreto 28/2018, do 21 de xuño (DOG do 13 de agosto), pertencente á familia profesional de Servizos socioculturais e á comunidade. Este Decreto entrou en vigor no curso 2018/19, aínda que o ciclo arrancou con currículo BOE no curso anterior. Neste curso escolar impártase no CIFP Xunqueira (Pontevedra).

As ocupacións relacionadas con este título están relacionadas coa promoción e apoio en materia de igualdade efectiva de mulleres e homes.

Así mesmo, dentro dos obxectivos xerais deste currículo (art. 9) atópanse os seguintes relacionados directamente coa violencia de xénero:

- Detectar factores potenciais de risco, aplicando instrumentos e indicadores de avaliación, para deseñar estratexias preventivas da violencia de xénero.
- Aplicar protocolos de actuación analizando os procesos de vitimización secundaria, para pór en práctica programas e accións de prevención de violencia de xénero.



- Seleccionar protocolos de actuación, interpretando a normativa legal en materia de dereitos, servizos e recursos de protección, para asesorar e acompañar as mulleres en situación de violencia de xénero.
- Diseñar estratexias e materiais de formación e sensibilización, analizando as necesidades e as características da poboación destinataria, para desenvolver accións de intervención socioeducativa en materia de igualdade e en prevención da violencia contra as mulleres.

A cualificación profesional SSC451_3, sobre Promoción para a igualdade efectiva de mulleres e homes, determina este currículo e inclúe unha unidade de competencia específica relacionada con "detectar, previr e acompañar no proceso de atención a situacións de violencia exercida contra as mulleres". O módulo profesional do ciclo formativo que desenvolve integramente esta competencia é o de Prevención da violencia de xénero.

Finalmente, os módulos profesionais que se enumeran a continuación tamén garanten a perspectiva de xénero nos seus contidos:

- Metodoloxía da intervención social. Este módulo contén aspectos relacionados coa identificación das principais manifestacións de violencia de xénero como un reflexo da desigualdade entre homes e mulleres.
 - Información e comunicación con perspectiva de xénero. Recolle o tratamento informativo da violencia de xénero.
 - Intervención socio-educativa para a igualdade. Desenvolve as funcións de organización desta intervención, a súa execución e avaliación, así como xestión da calidade de dita intervención.
 - Formación en centros de traballo. Este módulo garante que o futuro técnico superior realiza operacións de preparación da actividade de promoción de igualdade ou prevención da violencia de xénero, entre outras.
- **Materias de libre configuración autonómica**

No curso 2016-17 implantouse de xeito curricular a materia de libre configuración autonómica "**Igualdade de Xénero**", ofertada para os cursos de 1º ou 2º da ESO, e no curso 2018-19 implantouse "Coeducación para o Século XXI". Este obxectivo figuraba como a medida 18 do I Plan de actuacións para a Igualdade.



O currículo referido á ESO está regulado pola Orde do 13 de xullo de 2016 pola que se amplía a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato e se regula o seu currículo e a súa oferta (DOG do 4 de agosto de 2016). Os centros de ensino poden ofertar voluntariamente ao alumnado de 1º ou 2º da ESO esta materia (entre outras), que ten unha dedicación de 1 h semanal. Neste curso 2019-2020, están a desenvolver a materia **56 centros**, e chega a 977 alumnas e 677 alumnos de toda Galicia (total 1.648).

O currículo referido a bacharelato está regulado pola Orde do 7 de agosto de 2018 pola que se amplía a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta (DOG do 30 de agosto de 2018). Os centros de ensino pódena ofertar voluntariamente ao alumnado de 1º de bacharelato (entre outras), cunha dedicación de 2 h semanais. Neste curso 2019-2020, están a desenvolver a materia **14 centros**, e chega a 137 alumnas e 52 alumnos de toda Galicia (total: 189).

Artigo 20: Plans de acción tutorial

Os plans de acción tutorial de todos os niveis educativos incluírán apartados específicos destinados a potenciar modificacións nos modelos masculino e feminino, así como unha orientación de estudos e profesións baseada nas aptitudes e capacidades das persoas e non en estereotipos sexistas. Os ditos plans corresponden ao ámbito da autonomía dos centros e ao control específico da Inspección Educativa.

Artigo 21: Proxectos educativos e curriculares de centro

Os proxectos educativos de centro incorporarán a perspectiva de xénero na súa elaboración e no seu desenvolvemento. Os proxectos curriculares propiciarán medidas de coeducación nos contidos, nas actitudes e nos procedementos. .

No marco normativo que establece os principios xerais de funcionamento do sistema educativo, o de igualdade sitúase nunha posición destacada que permite consideralo estratéxico no exercicio da boa gobernanza das políticas públicas educativas. Así, observamos a presenza do principio de igualdade de xeito explícito na lexislación educativa entre os fins da educación, os elementos transversais e os obxectivos das distintas etapas educativas. Da súa concreción na vida dos centros pódese dar conta a través dos distintos documentos organizativos do centro, que detallamos deseguido.



Dentro da súa autonomía pedagóxica e organizativa, os centros de ensino dispoñen de instrumentos documentais a través dos cales se pode canalizar o seu traballo a prol da consecución dunha escola plenamente coeducativa, isto é, que considere nuclear o principio de igualdade e que o exprese a través dunha perspectiva de xénero que posibilite observar as desigualdades sociais que existen entre homes e mulleres.

Desde o punto de vista organizativo, o artigo 126.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 maio, de educación, establece a obriga dos centros a, unha vez constituído o Consello Escolar do centro, designar unha persoa no seu seo que impulse medidas educativas que fomenten a igualdade real e efectiva entre homes e mulleres.

Desde o punto de da organización escolar e os seus instrumentos normativos internos, adoptando como obxectivo a construción dunha escola educativa, o centro debe recoller este obxectivo nos seguintes documentos:

- Proxecto educativo (PE). Segundo o art. 121 da Lei orgánica 2/2006, do 3 maio, de educación, o Proxecto educativo debe recoller os valores, os obxectivos e as prioridades de actuación do centro e, ademais, os contidos relacionados coa atención á diversidade, á acción tutorial e ao plan de convivencia. Polo tanto, dará conta da abordaxe do principio de igualdade en toda a súa extensión.
- Normas de organización, funcionamento e convivencia (NOFC). Segundo o art. 124 da Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa establece que, dentro da súa autonomía, os centros establecerán as súas NOFC de acordo coas necesidades do seu contexto educativo. Así, constitúese tamén como un instrumento de relevo á hora de establecer as normas que favorezan o seguimento do cumprimento do principio de igualdade.
- Programación Xeral Anual (PXA). O art. 125 da Lei orgánica 2/2006, do 3 maio, de educación indica que a PXA debe recoller todos os aspectos relativos á súa organización e funcionamento, incluídos os proxectos, o currículo, as normas e todos os plans de actuación acordados e aprobados. Así pois, constitúe o documento máis integrador das propostas de acción no ámbito da igualdade.
- Memoria anual (MA). A MA é un documento que ten como finalidade avaliar o grao de cumprimento da programación xeral anual e no que dar conta das propostas concretas de mellora. Será un documento de traballo importante á hora de comprobar a eficacia das políticas de igualdade desenvolvidas desde o centro.
- Plan de convivencia. Segundo o artigo 124 da Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, sobre as normas de organización, funcionamento e convivencia, o Plan de convivencia de cada centro debe recoller accións para a



resolución pacífica de conflitos con especial atención as actuacións de prevención da violencia de xénero, igualdade e non discriminación. Así mesmo, a identificación das condutas contrarias á convivencia deberán recoller o dato de se a causa ou a orixe dun caso de discriminación ou acoso pode estar baseado no xénero, na orientación ou na identidade sexual.

Segundo a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, a igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres constitúe un fin e un principio informador das normas sobre convivencia (art. 3.b)7; ademais, no que se refire aos dereitos do alumnado, recóllese o dereito a recibir unha formación integral coeducativa (art. 7.1.a), e entre os seus deberes recóllese o respecto pola igualdade de dereitos entre mulleres e homes (art. 7.2.c). Tendo en conta estas bases, prescribíense indicacións na elaboración do Plan de convivencia, do que se di que deberá integrar o principio de igualdade entre mulleres e homes (art. 10.1); ao tratar as medidas para a prevención, detección e tratamento das situacións de acoso escolar, indícase que se debe recoller de xeito explícito a integración da perspectiva de xénero para poder previr eficazmente situacións de acoso das nenas e mozas (art. 30.1).

Segundo o Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar, establécese que o plan de convivencia inclúe entre os seus obxectivos xerais a prevención, detección e eliminación da violencia de xénero (art. 12.e). En canto ao plan de convivencia, establécense entre os seus obxectivos xerais o fomento da igualdade entre homes e mulleres (12.c) e a prevención da violencia de xénero (12.e). Para garantir o seu cumprimento, indícase que entre as actuacións, programas e medidas que leven a diante os centros para a mellora da convivencia deben desenvolver actividades dirixidas á sensibilización da comunidade educativa na igualdade entre homes e mulleres para previr posibles situacións de violencia de xénero (art. 21.c). Tamén entre as medidas complementarias para a mellora da convivencia indícase que se poderán desenvolver programas específicos para traballar a igualdade entre homes e mulleres (art.24.2).

Por último, cómpre anotar que o dito decreto tipifica como condutas gravemente prexudiciais para a convivencia os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de sexo (38.b).

Cómpre anotar que o dito decreto tipifica como condutas gravemente prexudiciais para a convivencia os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de sexo (38.b).



Por último, sinalar como novidade do curso 2019/20 a publicación da Instrución do 6 de setembro de 2019, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, para a elaboración de plans de igualdade no curso 2019/2020, nos centros docentes sostidos con fondos públicos de niveis non universitarios da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional. Esta instrución ten por obxecto regular a elaboración do plan de igualdade dos centros docentes sostidos con fondos públicos que impartan as etapas de educación infantil, primaria, secundaria ou formación profesional.

Ten carácter básico e é de obrigado cumprimento para os centros educativos aos que vai dirixida. Nela establécese o procedemento para que cada un deles, dentro da súa autonomía, adapte o plan á súa realidade contextual e educativa. O plan de igualdade elaborado formará parte do Proxecto educativo de cada centro, e desenvolverase anualmente no marco da súa Programación xeral anual. Como plan de centro, a súa elaboración será responsabilidade do equipo directivo. Para realizar esta tarefa poderá contar coa colaboración do Departamento de Orientación e do persoal con formación en igualdade.

Pola súa banda, os centros integrados de formación profesional (CIFP), rexidos pola súa instrución específica, desenvolveron tamén accións coeducativas coa achega do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero:

Plans de igualdade elaborados en CIFP. Os CIFP recibiron a correspondente instrución para elaborar o plan de igualdade conforme as especificidades deste tipo de centros.

Proxectos curriculares que inclúen medidas coeducativas. Introducíronse medidas para mellorar os plans de igualdade destes centros.

Publicación do volume "Prácticas para a igualdade de xénero na FP". Recolle diferentes experiencias postas en marcha nos diferentes centros da rede e CIFP co obxectivo de compartilas co resto de centros educativos que contan con estas ensinanzas.

Xornada de difusión da devandita publicación. Presentación da publicación mencionada así como das actuacións postas en marcha neste ámbito.

Datos:

N.º de centros integrados (CPI): 64

N.º de unidades en las CPI: 1.117

N.º de institutos (IES): 254

N.º de unidades nos IES: 2.977

N.º de centros participantes no Concurso Comunicatedu 2019: 12



N.º de premios outorgados: 1

N.º alumnado CIFP 18.590 (alumnos: 9.680; alumnas: 8.910)

N.º profesorado CIFP 1.615 (profesores: 769; profesoras: 846)

E tamén, ao abeiro do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero nos centros públicos de infantil e primaria (EEI, CRA, CEP, CEIP, CPI e IES) desenvolvéronse accións no ámbito da igualdade e prevención, sensibilización e detección da violencia de xénero como:

- obradoiros co alumnado sobre educación sexual, igualdade de oportunidades e prevención da violencia de xénero, dereitos LGTBI, diversidade de familias, prevención da lgtbifobia, orientación libre de estereotipos, empoderamento feminino, etc.)

- actuacións teatrais co alumnado de infantil e primaria

- deseño de patios coeducativos

- campañas de sensibilización

- elaboración de materiais de difusión

- talleres coas familias

- dotación de xogos coeducativos

- dotación de lecturas coeducativas para o alumnado e o profesorado

Datos:

N.º de escolas infantís (EEI): 99

N.º de unidades nas EEI: 202

N.º de centros rurais agrupados (CRA): 28

N.º de unidades nos CRA: 182

N.º de centros de primaria (CEP): 23

N.º de unidades nas CEP: 277

N.º de centros de infantil e primaria (CEIP): 567

N.º de unidades nas CEIP: 5.972



Artigo 22: Consellos escolares e Consello Escolar de Galicia

Desde o punto de vista organizativo, o artigo 126.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 maio, de educación, establece que unha vez constituído o Consello Escolar do centro, este designará unha persoa que impulse medidas educativas que fomenten a igualdade real e efectiva entre homes e mulleres. Esta medida cumprirase tanto no caso dos centros públicos (art. 126.2) como no caso dos concertados (disposición derogatoria única).

Respecto ao artigo 22.2, o Consello Escolar de Galicia incorpora en representación do órgano competente en materia de igualdade, a proposta da Secretaría Xeral de Igualdade. Esta incorporación faise no Decreto 8/2016, do 21 de xaneiro, polo que se dispón o cesamento e nomeamento de membros do Consello Escolar de Galicia (DOG do 3-02-2016).

En relación ao punto 3, o Consello Escolar de Galicia achega o seu informe sobre violencia de xénero no ámbito educativo non universitario, cuxos datos referidos a violencia de xénero xa figuran recollidos neste informe.

Artigo 23: Inspección educativa

Os servizos de inspección educativa do departamento da Xunta de Galicia competente en materia de educación velan polo cumprimento e pola aplicación de todos os principios recollidos no capítulo III da Lei, destinados a fomentar a igualdade real entre mulleres e homes. Corresponden ao ámbito da autonomía dos centros e ao control específico da Inspección educativa.



Titulo II: Protección e asistencia fronte á violencia de xénero

Capítulo I: Medidas no ámbito sanitario e psicolóxico.

Capítulo II: Medidas no ámbito xudicial.

Capítulo III: Outras medidas de apoio e protección.

Capítulo IV: Medidas no ámbito da formación e emprego.

Capítulo V: Medidas de carácter económico.

Neste apartado compréndense as medidas enfocadas a regular as actuacións tanto dos poderes públicos como do persoal profesional co fin de garantir unha asistencia sanitaria, xurídica, social e psicolóxica integral á mulleres vítimas de violencia de xénero. Medidas de protección tales como dispositivos de alarma (Atenpro), programas de reeducación, etc. Así mesmo, faise referencia ás distintas prestacións e axudas económicas para as mulleres en situación de violencia, como a prestación periódica establecida pola Xunta de Galicia, dirixida a posibilitar a súa autonomía e independencia económica.

Capítulo I: Medidas no ámbito sanitario e psicolóxico

Artigo 24. Dereito á atención sanitaria.

Artigo 25. Atención psicolóxica.

Artigo 26. Protocolo de actuación.

Artigo 27. Rexistro de casos.

Artigo 24: Dereito á atención sanitaria

Dende a **Consellería de Sanidade, Servizo Galego de Saúde**, realízanse cursos para información e formación básica respecto a utilización da guía técnica do proceso de atención as mulleres en situación de violencia de xénero e instrucións para cubrir o parte de lesións no sistema lanus (véxase páxina 202).

Dentro destes, envíase e explícase un fluxograma de toma de decisión para os distintos casos de sospeita de violencia cara a muller na consulta, que ten por obxectivo proporcionar ás e aos profesionais sanitarios unhas pautas homoxéneas de actuación, nos casos de violencia de xénero dirixida de forma específica contra as mulleres, tanto na atención e seguimento como na prevención e diagnóstico temperán destas situacións, recollidas na



Guía Técnica nº 13 do Plan Integral da saúde da Muller, para os casos de violencia contra as mulleres que se atopa na páxina web do Sergas.

Así mesmo, deséñanse actuacións e materiais que faciliten e melloren a detección, a intervención e o apoio de situacións de violencia contra as mulleres con discapacidade ou en situación de vulnerabilidade, como:

Guía de atención sanitaria ás mulleres con discapacidade.

Formación na Atención Sanitaria das mulleres Inmigrantes

Violencia de Xénero. Procedemento de intervención en saúde

Artigo 25: Atención psicolóxica

Recoñécese na lei o dereito á asistencia psicolóxica gratuíta para as e os menores e para outras persoas dependentes que vivan ou padezan situacións de violencia de xénero, que comprenderá medidas de apoio psicosocial específicas e adaptadas ás súas características e necesidades.

Toda a asistencia sanitaria do Servizo Galego de Saúde é gratuíta e no protocolo de actuación contéplase a derivación ao servizo de saúde mental para ser atendidas por persoal facultativo da psicoloxía ou psiquiatra cando se considere necesario.

- **Programa de atención psicolóxica a mulleres e menores que sufran violencia de xénero e complementariamente a outras persoas do seu entorno familiar que vivan ou padezan estas situacións de violencia de xénero.**



Este programa está dirixido a aquelas mulleres que estean a sufrir ou teñan sufrido violencia de xénero, coa finalidade de ofertarlles recursos terapéuticos que lles axuden a afrontar a situación que sufriron e a reforzar a súa autoestima, ademais de ser un apoio na recuperación ou adquisición de habilidades que lles permitan lograr a autonomía e a integración na vida social e laboral, e complementariamente a menores e outras persoas do seu entorno familiar delas que teñan pasado pola mesma situación.



O programa xestiónase a través dun **Convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral da Igualdade e o Colexio Oficial de Psicoloxía**, e conta cunha psicóloga coordinadora e unha rede de profesionais que levan a cabo a súa intervención en toda a Comunidade Autónoma de Galicia. Así mesmo, préstase un servizo telefónico de asesoramento e derivación para a atención terapéutica personalizada.


Inclúese ademais no convenio, a cobertura da asistencia domiciliaria en caso de morte por violencia de xénero con carácter de urxencia e en días non laborables, de ser preciso, así como a colaboración co Centro Autonómico de Recuperación Integral para Mulleres que Sofren Violencia de Xénero, no apoio terapéutico e psicolóxico das súas usuarias, e a garantía de acceso ás persoas con discapacidade auditiva e/ou da fala.

No ano 2019 beneficiáronse deste programa 955 persoas e participaron na intervención un total de **89 profesionais da psicoloxía**.

Persoas usuarias:


Total			
A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
481	62	89	323
Total: 955			


Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



Provincia	Mulleres	Nenas menores	Nenos menores	P. deptes.	TOTAL
A Coruña	346	46	61	28	481
Lugo	54	4	4	0	62
Ourense	66	9	10	4	89
Pontevedra	217	43	48	15	323
Total	683	102	123	47	955

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia






Rede de terapeutas:

Participación psicólogos/os do programa			
A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
39	4	9	37
Total: 89			

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



➤ Programa Abramos o Círculo



O programa Abramos o Círculo é un programa de atención psicolóxica especializada e de apoio dirixido a homes que adoptan actitudes inadecuadas nas relacións coa súa parella, coa súa familia, e que desexan adquirir novos modos de comportamentos exentos de agresividade.

O programa ofrece dúas áreas de intervención: información e atención, e intervención psicolóxica personalizada. Xestiónase a través dun **Convenio de colaboración** entre a **Secretaría Xeral da Igualdade** e o **Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia**.

O programa conta cun/cunha psicólogo/a coordinador/a e cunha rede de profesionais que levan a cabo a intervención profesional e inclúe a garantía de acceso ás persoas con discapacidade auditiva e/ou da fala.


No ano 2019 beneficiáronse deste programa un total de **121 homes** e participaron na intervención **56 profesionais da psicoloxía**.

Homes usuarios:

Beneficiarios			
A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
60	2	4	55




Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



Rede de terapeutas:

Participación psicólogas/os do programa			
A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
23	1	4	28
Total: 56			

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



- **Servizo de Quenda de Garda Psicolóxica para as mulleres vítimas de violencia de xénero e os seus fillos e fillas menores**



O servizo de quenda de garda psicolóxica, especializada e permanente, para mulleres e os seus fillos e fillas menores que sofren violencia de xénero desenvólvese a través dun **Convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral da Igualdade e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.**

A atención ten carácter inmediato para as posibles situacións de urxencia, e préstase a requirimento das forzas e corpos de seguridade en todos os partidos xudiciais da Comunidade Autónoma de Galicia.

O procedemento de activación comeza cunha chamada ao Teléfono de información ás mulleres (900400273), operativo as 24 horas do día dos 365 días do ano, que á súa vez se pon en contacto coa persoa da quenda de garda correspondente para garantir a presenza inmediata dunha psicóloga ou psicólogo no lugar sinalado polas forzas e corpos de seguridade.

Este servizo de quenda de garda psicolóxica especializada ten como obxectivos:


- Detectar as necesidades psicolóxicas da persoa en situación de violencia de xénero e facilitar a súa cobertura.
- Asegurar o funcionamento adaptativo básico da persoa na situación que está a afrontar.
- Previr a posibilidade de vitimización secundaria.
- Buscar a coordinación co resto de operadores que estean a intervir na situación concreta.
- Facilitar información sobre os recursos e itinerarios de axuda a disposición das vítimas de violencia de xénero na CCAA de Galicia.

No ano 2019 o servizo foi activado en 29 ocasións:

Activacións do Servizo de quenda de garda psicolóxica			
A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
3	0	0	26
Total: 29			

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia





- **Programa de Asesoramento e Terapia familiar con nenos e nenas que sufriran de maneira directa a violencia de xénero.**

As situacións de violencia contra as mulleres afectan tamén as e os menores que se encontran no medio familiar, vítimas directas ou indirectas desa violencia, que necesitan de atención e medidas específicas que non teñen porque coincidir coas necesidades das nais; e ambas as dúas partes consideran prioritario potenciar unha intervención específica e especializada con menores expostos a situacións de violencia de xénero que tenten paliar, os efectos desa violencia.

Por isto a Secretaría Xeral da Igualdade considera de especial interese o desenvolvemento de programas específicos e especializados dirixidos a estes/as menores dado que se trata dun colectivo especialmente vulnerable.

Este programa foi ofertado pola **Secretaría Xeral da Igualdade**, no último cuatrimestre do ano 2019, ás entidades locais galegas adheridas á Rede Galega de Entidades Locais contra a Violencia de Xénero (véxase páxina 347), e desenvolvido coa colaboración da **Fundación Meniños**, coa que xa viña colaborando en anos anteriores no desenvolvemento deste programa, que conta cun Centro de asesoramento e terapia familiar dirixido a familias que precisan solucionar problemas relacionados cos seus fillos e fillas e resolver dúbidas sobre o proceso educativo e cunha experiencia de intervención con familias e infancia, cunha traxectoria de máis de 15 anos e está integrado por psicólogos/as e terapeutas familiares especialistas en intervención familiar con infancia en dificultade social

O programa de intervención está formulado coa finalidade de actuar sobre as necesidades fundamentais dos nenos e nenas e adolescentes que sufriron de maneira directa ou indirecta



a violencia de xénero promovendo a súa recuperación e benestar psicosocial.

Obxectivos xerais do Programa:

- Identificar o dano producido no neno ou na nena.
- Coñecer a historia de violencia.
- Informarse sobre a situación actual (Psicolóxica, educativa, social...).
- Establecer contexto de seguridade e alianza cos nenos e nenas e coas súas familias.
- Identificar os factores de risco e protección.
- Explorar as vivencias do neno/a.
- Decidir obxectivos de cambio e indicadores.
- Xerar cambios.
- Proporcionar estratexias de afrontamento.
- Restaurar vínculos.
- Consolidar cambios.

O programa desenvolveuse ao longo do ano 2019, nos concellos de Bueu, Curtis, A Laracha e na Mancomunidade de municipios de Ordes, en colaboración cos Centros de Información ás Mulleres de ditas entidades locais.

Datos 2019:

Entidades locais	Casos derivados	Casos pechados	Nenos	Nenas	Sesións
Bueu	8	8	4	3	69
Curtis	7	7	6	6	48
A Laracha	6	6	7	5	85
Mancomunidade de Municipios de Ordes	7	7	5	5	68
Total	28	28	22	19	270

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia

➤ **Programa de intervención con mulleres vítimas de abuso e violencia sexual.**

Estivo desenvolvido pola Fundación Meniños en colaboración coa **Secretaría Xeral da Igualdade**, a **Presidencia e Consellería da Presidencia**, **Administracións Públicas** e o **Laboratorio de Investigación en Apego e Narrativa (LIANA)**.

Persoas destinatarias:



- Mulleres vítimas de abuso e violencia sexual, que mostran desaxustes físicos, emocionais, condutuais e relacionais como consecuencia do abuso.
- Familiares ou persoas, baixo o consentimento da vítima, que cumpren un papel imprescindible na recuperación.
- Equipos profesionais da rede que traballan coa vítima (profesionais de centros de acollida cando houbo unha medida de protección, profesionais sanitarios, etc.)

Obxectivos:

- Desenvolvemento dun contexto de seguridade e de prevención de novas situacións de traumatización.
- Acompañar ás mulleres na adquisición de información e habilidades para afrontar as consecuencias do abuso.
- Elaboración dunha narrativa adecuada do trauma.
- Promover a súa integridade da identidade e benestar bio-psico-social.

Metodoloxía:

Intervención centrada nas necesidades das mulleres e baseado na evidencia científica:

- Intervención en crise.
- Psicoeducación.
- Técnicas de regulación emocional e relaxación.
- Afrontamento cognitivo.
- Narrativa do trauma.
- Apoio á revinculación da vítima coa súa contorna relacional e de apoio aos/ás familiares (traumatización secundaria)
- Terapia de grupo.

O orzamento destinado no ano 2019 a este convenio por parte da Secretaría Xeral da Igualdade foi de 50.000 euros.


Nº de terapeutas adscritas/os ao programa: 5

No ano 2019 atendéronse un total de 41 casos neste programa.



Programa de intervención con mulleres vítimas de abuso e violencia sexual			
A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
32	2	0	7
Total: 41			

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



➤ **Programas de intervención con nenos, nenas e adolescentes vítimas de abuso sexual.**

Programa da Dirección Xeral da Familia, Infancia e Dinamización Demográfica (Consellería de Política Social) desenvolvido por Meniños a través do Laboratorio de Investigación en Apego e Narratira (LIANA). Este programa de xeito piloto empezou desenvolvéndose na Coruña a finais de 2017 co obxectivo de estendelo no futuro ás catro provincias galegas.

Persoas destinatarias:

- Nenos, nenas e adolescentes vítimas de abuso sexual infantil que mostran desaxustes emocionais, cognitivos e/ou de conduta como consecuencia do abuso sexual infantil.
- Familiares non agresores e principais persoas responsables do coidado dos nenos e das nenas xa que cumpren un papel imprescindible na recuperación.
- Equipos profesionais que traballan na contorna de nenos e nenas abusadas (equipos técnicos do menor, profesionais de centros de acollida, profesionais da educación social, traballo social, pediatría, ámbito escolar, e demais profesionais implicados na rede de atención á infancia).

Metodoloxía:

O programa de intervención terapéutica está baseado na evidencia científica, empregando a terapia cognitiva-condutual focalizada no trauma (TF-CBT) e a Terapia Familiar Baseada no Apego (TFBA).



Obxectivos:

- Desenvolvemento dun contexto de seguridade e de prevención de novas situacións traumatizantes.
- Acompañar ao neno e á nena e ás persoas adultas cuidadoras na adquisición de estratexias e habilidades para afrontar as consecuencias do abuso.
- Elaboración dunha narrativa adecuada do trauma e promover a integridade da identidade e benestar bio-psicosocial do neno ou da nena.

Nº de persoas atendidas: 66

Artigo 26: Protocolo de actuación.

O Servizo Galego de Saúde ten constituídos os seguintes grupos de traballo:

- Grupo de traballo de Violencia de Xénero e Saúde, formado por profesionais do ámbito sanitario galego, con gran experiencia e gran sensibilidade na materia. Continuación da revisión e actualización dos protocolos de detección precoz e denuncia de violencia de xénero no ámbito sanitario. Así como o de colaborar no deseño das actuacións e programas públicos en materia de violencia de xénero no ámbito sanitario.
- Grupo de traballo para a elaboración do “Protocolo multidisciplinar nos casos de delitos contra a liberdade sexual” no que participan diferentes estamentos (Xulgados (xuíza, fiscais, avogados), policía local, garda civil, traballadores sociais de concellos, Instuto de medicina legal, Secretaría Xeral de Igualdade e Servizo Galego de Saúde).

Artigo 27: Rexistro de casos

No ámbito sanitario, cada caso de violencia cara as mulleres detectado rexístrase mediante un parte de lesións cuberto polo persoal facultativo na aplicación informática lanus.

Os indicadores epidemiolóxicos dos partes de lesións son os seguintes:



Período	N.º total de partes de lesións		N.º total de casos de violencia de xenero	
	Primaria	Especializada	Primaria	Especializada
1/1/2019 a 31/12/2019	6325	2482	1061	345

Fonte: Consellería de Sanidade. Servizo Galego de Saúde

- Dos 6325 partes de lesións xerados en atención primaria, 1.061 foron casos de violencia de xénero.
- En atención hospitalaria rexistráronse 2482 partes de lesións dos que 345 foron casos de violencia de xénero.

➔ Casos de violencia de xénero por ÁREA SANITARIA:

- En atención primaria (AP), centros de saúde e PAC

Área sanitaria	Partes de lesións con VdX
A.S. A Coruña e Cee	234
A.S. Ferrol	86
A.S. Lugo, A Mariña e Monforte	94
A.S. Ourense, Verín e O Barco	114
A.S. Pontevedra e O Salnés	143
A.S. Santiago e Barbanza	141
A.S. Vigo	249
TOTAL	1061

Fonte: Consellería de Sanidade. Servizo Galego de Saúde

- Por centros:

Área sanitaria-Centros de saúde	Partes de lesións con VdX
A.S. A Coruña e Cee	71
A.S. Ferrol	16
A.S. Lugo, A Mariña e Monforte	24
A.S. Ourense, Verín e O Barco	35
A.S. Pontevedra e O Salnés	44
A.S. Santiago e Barbanza	50
A.S. Vigo	83
TOTAL	323



- Por PAC:

Área sanitaria-PACs	Partes de lesións con VdX
A.S. A Coruña e Cee	163
A.S. Ferrol	70
A.S. Lugo, A Mariña e Monforte	70
A.S. Ourense, Verín e O Barco	79
A.S. Pontevedra e O Salnés	99
A.S. Santiago e Barbanza	91
A.S. Vigo	166
TOTAL	738

Fonte: Consellería de Sanidade. Servizo Galego de Saúde

- En atención hospitalaria

Hospital	Partes de lesións	Casos de VdX
C.H.U. de Ferrol	85	24
C.H. de Pontevedra	122	22
C.H. Universitario da Coruña	620	75
C.H. Universitario de Santiago	308	48
C.H. Universitario de Vigo	548	55
C.H. de Lugo	174	30
Hospital de Monforte	1	0
H. da Barbanza	80	22
H. público da Mariña	0	0
H. Virxe da Xunqueira	31	4
H. do Salnés	74	15
EOXI Ourense-Verín-O Barco	439	50
TOTAL	2482	345

Fonte: Consellería de Sanidade. Servizo Galego de Saúde

➔ Características do maltrato:

Sínálase o número de casos de violencia de xénero detectados en atención primaria así como en atención hospitalaria clasificados segundo o tipo de maltrato.



Son casos detectados en mulleres con idade igual ou maior aos 14 anos, detectados de partes de lesións, por calquera forma de violencia de xénero, independentemente de quen sexa o agresor.

Indícase o número de casos total así como a porcentaxe de cada tipoloxía respecto ao número total:

	TIPO DE MALTRATO						
	N.º de casos				Porcentaxe		
	Psicolóxica	Sexual	Física	TOTAL	Psicolóxica	Sexual	Física
Casos en atención primaria	391	23	977	1.391	36,85 %	2,17 %	92,08 %
Casos en atención hospitalaria	71	48	304	423	20,58 %	13,91 %	88,12 %
TOTAL	462	71	1281	1814	32,86 %	5,05 %	91,11 %

Fonte: Consellería de Sanidade. Servizo Galego de Saúde

➔ Características persoais das mulleres:

Sínálase o número de casos de violencia de xénero detectados en atención primaria así como en atención hospitalaria clasificados en función de distintas variables.

Son casos detectados en mulleres con idade igual ou maior aos 14 anos, detectados de partes de lesións, por calquera forma de violencia de xénero.

- Número de casos de violencia de xénero detectados no total de partes de lesións por grupos de idade:

Casos detectados por idade		
Idade	Casos en atención primaria	Casos en atención hospitalaria
14-19	57	30
20-24	131	53
25-29	134	45
30-34	134	47
35-39	148	46
40-44	161	41
45-49	98	46
50-54	84	17
55-59	52	9
60-64	28	4



65-69	14	1
≥70	20	6
Total	1061	345

Fonte: Consellería de Sanidade. Servizo Galego de Saúde

- Número de casos de violencia de xénero e porcentaxe segundo situación laboral:

	Casos segundo situación laboral						
	N.º de casos				Porcentaxe		
	Traballo remunerado	Traballo non remunerado	Non consta	TOTAL	Traballo remunerado	Traballo non remunerado	Non consta
Casos en atención primaria	395	465	201	1061	37,23 %	43,83 %	18,94 %
Casos en atención hospitalaria	119	202	24	345	34,49 %	58,55 %	6,96 %
TOTAL	514	667	225	1406	36,56 %	47,44 %	16,00 %

Fonte: Consellería de Sanidade. Servizo Galego de Saúde

- Número de casos de violencia de xénero e porcentaxe detectados no total de partes de lesións segundo a relación co agresor:

	Tipo de relación co agresor					
	N.º de casos					
	Parella	Exparella	Pai/ padrastra	Ámbito familiar	Descoñecido/ non consta	TOTAL
Casos en atención primaria	638	261	15	29	118	1061
Casos en atención hospitalaria	204	76	2	10	53	345
TOTAL	842	337	17	39	171	1406
	Porcentaxe					
	Parella	Exparella	Pai/ padrastra	Ámbito familiar	Descoñecido/ non consta	
	Casos en atención primaria	60,13 %	24,60 %	1,41 %	2,73 %	11,12 %
Casos en atención	59,13 %	22,03 %	0,58 %	2,90 %	15,36 %	



hospitalaria					
TOTAL	59,89 %	23,97 %	1,21 %	2,77 %	12,16 %

Fonte: Consellería de Sanidade. Servizo Galego de Saúde

- Numero de casos detectados en mulleres embarazadas:

N.º de casos	
Casos en atención primaria	35
Casos en atención hospitalaria	17
TOTAL	52

Fonte: Consellería de Sanidade. Servizo Galego de Saúde

Capitulo II: Medidas no ámbito xudicial

Artigo 28. Atención xurídica.

Artigo 29. Asistencia letrada.

Artigo 30. Exercicio da acción popular.

Artigo 31. Comparecencia da Xunta de Galicia nos procedementos penais iniciados por causas de violencia de xénero.

Artigo 32. Intervención da administración.

Artigos 28 e 29: Atención xurídica e asistencia letrada

A Lei 1/1996, do 10 de xaneiro, de asistencia xurídica gratuíta recoñece ás vítimas de violencia de xénero o dereito de asistencia xurídica gratuíta, que se lles prestará de inmediato, con independencia da existencia ou non de recursos para litigar (artigo 2.g).



Un dos trazos máis salientables da regulación galega en materia de asistencia xurídica gratuita establecida polo Decreto 269/2008, do 6 de novembro, polo que se aproba o seu regulamento, atópase na incorporación de quendas de oficio específicas para a asistencia xurídica de mulleres maltratadas pois requiren unha atención especializada.

Deste xeito dáse cumprimento ao establecido nos artigos 28 e 29 da Lei 11/2007 os cales prevén que os servizos de orientación xurídica dos colexios profesionais da avogacía de Galicia garantan a atención xurídica especializada en materia de violencia de xénero a través de profesionais con formación específica (art. 28.2), así como a dispoñibilidade na totalidade dos colexios profesionais da avogacía de Galicia dunha quenda de oficio en materia de violencia de xénero (art. 29.3).

Consonte a esto, o citado Regulamento de asistencia xurídica de Galicia, expresamente estableceu a constitución dunha quenda de garda permanente durante as 24 horas do día, atendida por letrados e letradas especializados/as, para a prestación do servizo de asistencia letrada a mulleres vítimas de delitos de violencia de xénero (artigo 29.2), así como o requisito complementario de formación para os avogados/as especializados/as que realicen a asistencia xurídica e a defensa en xuízo deste colectivo (artigo 30.2).

Así mesmo, de acordo coa modificación operada na Lei 1/1996, do 10 de xaneiro, de asistencia xurídica gratuita, a través da Lei 42/2015, do 5 de outubro, esta quenda permanente de garda para a prestación do servizo de asistencia letrada ás vítimas de violencia de xénero comprende tamén o servizo de asesoramento xurídico previo á interposición da denuncia (art. 24). Ademais, a dita modificación estableceu que nestes delitos de violencia de xénero serán defendidas polo mesmo profesional da avogacía en todos os procedementos, sempre que sexa posible, garantindo así a súa intimidade e diminuindo a posibilidade de revitimización (art. 2.g).

Neste ámbito, o total de actuacións certificadas polos Colexios de avogados no ano 2019 en aplicación do módulo establecido (*defensa xurídica da muller en dilixencias policiais, orde de protección e procedementos administrativos relacionados coa violencia de xénero e doméstica*) elevouse a un total de **1.127 asuntos**, cun custo total para a Comunidade Autónoma de **126.655,20 €**, segundo a seguinte táboa:

COLEXIO DE AVOGADOS	1º TRIMESTRE 2019		2º TRIMESTRE 2019		3º TRIMESTRE 2019		4º TRIMESTRE 2019		TOTAL	
	Asuntos	Importe €	Asuntos	Importe €						
A Coruña	52	5824,00	46	5152,00	38	4256,00	93	10.520,16	229	25.752,16
Lugo	36	4032,00	17	1904,00	34	3808,00	34	3.846,08	121	13.590,08



Ourense	27	3024,00	17	1904,00	32	3584,00	30	3.393,60	106	11.905,60
Pontevedra	65	7280,00	84	9408,00	58	6496,00	106	11.990,72	313	35.174,72
Santiago	30	3360,00	21	2352,00	5	560,00	43	4.864,16	99	11.136,16
Ferrol	26	2912,00	25	2800,00	15	1680,00	31	3.506,72	97	10.898,72
Vigo	50	5600,00	36	4032,00	28	3136,00	48	5.429,76	162	18.197,76
GALICIA	286	32032,00	246	27552,00	210	23520,00	385	43.551,20	1.127	126.655,20

Fonte: Vicepresidencia e Consellería de Presidencia Administracións Públicas e Xustiza.

Así mesmo, ao longo de 2019 a Xunta de Galicia colaborou na formación de avogados/as e procuradores/as galegos/as para mellorar a atención ás vítimas de violencia de xénero a través dos convenios de colaboración asinados co Colexio da Avogacía Galega e co Consello Galego de Procuradores para desenvolver accións formativas na atención a mulleres e menores que sofren violencia de xénero, con cargo aos fondos do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero.

Artigos 30 e 31: Exercicio da acción popular e Comparecencia da Xunta de Galicia nos procedementos penais iniciados

En xullo de 2013, a Xunta de Galicia aprobou o Acordo polo que se aproba o protocolo para o exercicio da acción popular por parte da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia nos procedementos penais en casos de morte por causa de violencia de xénero.

Segundo dito protocolo cada vez que a Secretaría Xeral da Igualdade teña constancia dunha morte por violencia de xénero dará traslado inmediato de toda a información, á Asesoría Xurídica Xeral da Xunta, para que prepare a comparecencia.

Ademais, a Secretaría Xeral da Igualdade será a encargada de recadar toda a información posible sobre os casos deste tipo de violencia, tamén de xeito inmediato e protocolizado, para activar, se fose necesario, os recursos de carácter social que se puideran precisar: apoio a menores, atención psicolóxica, axudas económicas, etc.

Por parte da **Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia** leváronse a cabo durante o ano 2019 diversas ao abeiro do antedito acordo do Consello da Xunta, sobre o personamento en exercicio da acusación popular en todos os procesos penais por violencia de xénero con resultado de morte no territorio da Comunidade Autónoma Galega, consistentes na



comparecencia e/ou intervención na práctica de dilixencias e formulacion de escritos procesuais nas dilixencias previas

Casos con personación da Xunta de Galicia crimes violencia de xénero:

ANO	PROVINCIA	Nº PERSONACIÓNS
2013	Ourense	1
2013	Pontevedra	1
2014	A Coruña	2
2014	Lugo	1
2015	Ourense	1
2015	Pontevedra	5
2016	A Coruña	1
2016	Pontevedra	1
2017	A Coruña	1
2018	A Coruña	2
2019	Pontevedra	1

Fonte: Vicepresidencia e Consellería de Presidencia Administracións Públicas e Xustiza.

No resto dos casos de violencia de xénero con resultado de morte, a Xunta de Galicia non se personou ben por imposibilidade de contactar coa familia da vítima (1 caso), ben por non autorizar a familia da vítima a personación (2 casos) ou ben por non proceder a onde non procede a dita personación por suicidio do agresor (9 casos).

Artigo 32: Intervención da Administración

O Servizo de xustiza penal xuvenil é o órgano encargado de executar as medidas xudiciais, estudar, implantar, realizar o seguimento e a avaliación dos programas, equipamentos e servizos dirixidos ás persoas menores ás cales se lles aplique a Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores. Para a execución das medidas xudiciais impostas aos menores conta con catro centros de internamento (C. Concepción Arenal (Coruña), Monteledo (Ourense), Montefiz (Ourense) e Avelino Montero (Pontevedra)), nos que se leva a cabo a execución das medidas privativas de liberdade impostas polos xulgados de menores. Así mesmo conta con Centros de Intervención Educativa en Medio Aberto (CIEMA), centros de día situados nas catro provincias que



constitúen punto de referencia para a execución das medidas non privativas de liberdade, denominadas de medio aberto.

Capítulo III: Outras medidas de apoio e protección

Artigo 33. Deseño e implantación de dispositivos de alarma.

Artigo 34. Programas de intervención con homes en relación coa violencia de xénero.

Artigo 33: Deseño e implantación de dispositivos de alarma

➤ **Dispositivos de alarma**

En xullo de 2009, os Ministerios de Igualdade e de Interior puxeron a disposición da xudicatura un sistema de dispositivos de alarma que permite o control das medidas de afastamento en materia de violencia de xénero.

O Sistema de Seguimento artículase de acordo coas pautas e regras que, no seu caso, establece a Autoridade Xudicial que acorda a súa utilización e de conformidade co disposto en dous Protocolos de Actuación:

- Protocolo de actuación do sistema de seguimento por medios telemáticos do cumprimento



das medidas e penas de afastamento en materia de violencia de xenero, aprobado por medio do Acordo suscrito entre o Ministerio de Xustiza, o Ministerio do Interior, o Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, o Consello Xeral do Poder Xudicial e a Fiscalía Xeral do Estado, o 11 de outubro de 2013.

- Protocolo de actuación no ámbito penal do sistema de seguimento por medios telemáticos do cumprimento das medidas e penas de afastamento en materia de violencia de xénero, aprobado por medio do Acordo suscrito entre o Consello Xeral do Poder Xudicial, o Ministerio de Xustiza, o Ministerio do Interior, o Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade e a Fiscalía Xeral do Estado, o 19 de outubro de 2015.

O sistema permite verificar o cumprimento das medidas cautelares de afastamento da vítima impostas nos procedementos que se seguen por violencia de xénero en que se estime oportuno, acorde coas pautas e regras que, no seu caso, establece a Autoridade Xudicial e de conformidade co disposto no Protocolo. Na mesma maneira, o sistema proporciona información actualizada e permanente das incidencias que afecten ao cumprimento das medidas impostas, así como das posibles incidencias, tanto accidentais como provocadas, no funcionamento dos elementos de vixilancia empregados. Os avisos que xera o sistema son de dous tipos: alarma e alerta, graduados de maior a menor risco.

Existen dous tipos de compoñentes do sistema: dispositivo para o inculpado e dispositivo para a vítima.

No conxunto de España contabilizáronse, a 31 de decembro do 2019, un total de 1.577 medios telemáticos activos no marco das medidas de afastamento no ámbito da violencia de xénero. Andalucía é a primeira comunidade autónoma con 488 dispositivos activos, seguida de Madrid con 258 e a Comunidade Valenciana con 214. **Galicia é a sétima Comunidade Autónoma, con dispositivos activos a finais de 2019, cun total de 57.**

Sistema de seguimento por medios telemáticos das medidas de afastamento no ámbito da violencia de xénero. Total Comunidades Autónomas.


Comunidade Autónoma	Activos a 31/12/2019
Andalucía	488
Aragón	47
Principado de Asturias	26
Illes Balears	25
Canarias	68



Cantabria	14
Castilla y León	79
Castilla - La Mancha	96
Cataluña	56
Comunitat Valenciana	214
Extremadura	17
Galicia	57
Comunidad de Madrid	258
Región de Murcia	56
Comunidad Foral de Navarra	25
País Vasco	47
La Rioja	3
Ceuta	1
Melilla	0
Total	1.577

Fonte: Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade. Delegación do Goberno para a violencia de xénero

Enlace: <http://estadisticasviolenciagenero.igualdad.mpr.gob.es>



Sistema de seguimento por medios telemáticos das medidas de afastamento no ámbito da violencia de xénero na Comunidade Autónoma de Galicia no ano 2019.

Provincia	Instalacións 2019	Desinstalacións 2019	Activos a 31 de decembro de 2019
A Coruña	11	5	16
Lugo	8	2	10
Ourense	16	5	14
Pontevedra	13	17	17
Total	48	29	57

Fonte: Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade. Delegación do Goberno para a violencia de xénero

Enlace: <http://www.msc.es/ssi/violenciaGenero/portalEstadistico/home.htm>

➤ **Servizo Telefónico de Atención y Protección para Víctimas de Violencia de xénero (ATENPRO)**

O servizo ATENPRO para vítimas de violencia de xénero, dependente do Ministerio de Igualdade, a través da Delegación do Goberno para a Violencia de Xénero, é unha modalidade baseada en tecnoloxías de comunicación telefónica móbil e de telelocalización telefónica que ofrece ás vítimas da violencia de xénero que contan cunha orde de protección ou medida de afastamento, unha atención inmediata e a distancia, asegurando unha resposta rápida ás eventualidades que poidan acontecerlles as 24 horas do día, os 365 días do ano e independentemente do lugar onde se atopen.

Evolución das cifras de usuarias do servizo telefónico e protección para vítimas de violencia de xénero en Galicia no ano 2019

	Altas	Baixas	Altas a 31 de decembro de 2019




	2019	2019	
A Coruña	245	173	408
Lugo	15	15	39
Ourense	10	8	22
Pontevedra	102	85	156
Total	372	281	625

Fonte: Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade. Delegación do Goberno para a violencia de xénero

Enlace: <http://www.msc.es/ssi/violenciaGenero/portaEstadistico/home.htm>

Altas a 31 de decembro de 2019



No conxunto de España a finais de 2019 había 14.472 usuarias en alta do servizo ATENPRO. A cifra mais elevada de usuarias do servizo ATENPRO en alta ao remate de 2019, correspondía á Comunidade Valenciana (2.988) seguida de Andalucía (2.603), Cataluña (2.222), Madrid (1.810), Canarias (782) e Castilla La Mancha (742). Galicia, cun rexistro de 625 altas ocupaba o sétimo lugar.

Servizo ATENPRO

Comunidade Autónoma	Altas a 31/12/2019
Comunitat Valenciana	2.988
Andalucía	2.603
Cataluña	2.222
Comunidad de Madrid	1.810
Canarias	782
Castilla - La Mancha	742




Comunidade Autónoma	Altas a 31/12/2019
Galicia	625
Principado de Asturias	596
Región de Murcia	516
Castilla y León	493
Extremadura	261
Cantabria	244
Aragón	235
Illes Balears	152
Comunidad Foral de Navarra	130
País Vasco	49
Melilla	14
Ceuta	8
La Rioja	2
Total	14.472

Fonte: Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade. Delegación do Goberno para a violencia de xénero

Enlace: <http://www.msc.es/ssi/violenciaGenero/portalEstadistico/home.htm>





➤ **Sistema de seguimento integral da violencia de xénero: VIOGEN**

O 26 de outubro de 2015 asinouse o Convenio de colaboración entre o Ministerio do Interior e a Comunidade Autónoma de Galicia, para integrar o Punto de coordinación das ordes de protección de Galicia co Sistema de seguimento integral nos casos de violencia de xénero (**Sistema Viogén**). A través deste convenio articúlase o xeito en que van colaborar a Secretaría de Estado de Seguridade, do Ministerio do Interior, que xestiona o Sistema Viogén, e a Comunidade autónoma de Galicia, que xestiona a aplicación do PCOP de Galicia, para a integración de ambas aplicacións. O seu obxecto é Integrar a aplicación do Punto de coordinación das ordes de protección de Galicia co Sistema de seguimento integral nos casos de violencia de xénero (Sistema Viogén).

O Sistema de Seguimento Integral de violencia de xénero, coñecido como VIOGEN, é unha aplicación informática desenvolvida pola Secretaría de Estado de Seguridade do **Ministerio do Interior** que pretende acadar os seguintes obxectivos:

- Aglutinar as diferentes institucións públicas que teñen competencias en materia de violencia de xénero
- Integrar toda a información de interese que se estime necesaria
- Facer predición do risco
- Atendendo ao nivel de risco, realizar o seguimento e protección ás vítimas en todo o



territorio nacional


- Efectuar un labor preventivo, emitindo avisos, alertas e alarmas, a través do “Sistema de notificacións automatizadas”, cando se detecte algunha incidencia ou acontecemento que poida por en perigo a integridade da vítima.
- Buscando establecer unha tupida rede que permita o seguimento e protección de forma rápida, integral e efectiva das mulleres maltratadas, e dos seus fillos e fillas, en calquera parte do territorio nacional.

Datos dos casos activos en Galicia, por provincia, no sistema VIOGEN a 31 de decembro de 2019, segundo o nivel de risco:

Nivel de Risco	Provincia				Total
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	
Non apreciado	618	238	224	540	1.620
Baixo	814	185	130	431	1.560
Medio	199	55	21	123	398
Alto	6	4	1	9	20
Extremo	0	0	0	0	0
Total	1.637	482	376	1.103	3.598

Fonte: Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade. Delegación do Goberno para a violencia de xénero

Enlace: <http://www.msc.es/ssi/violenciaGenero/portaEstadistico/home.htm>



Artigo 34: Programas de intervención con homes en relación coa violencia de xénero

➤ Proxecto Fénix, de Medidas de Intervención Integral con Menores Agresores de Violencia de xénero

A medida 222 do Pacto de Estado en materia de violencia de xénero recolle a necesidade de traballar coas Comunidades Autónomas para que a rehabilitación dos menores agresores en casos de violencia de xénero aplique perspectiva de xénero.

Ademais, a medida 190 do mencionado Pacto de Estado recolle a necesidade de impulsar coas Comunidades Autónomas competentes na materia, a asistencia psicolóxica aos agresores desde o momento da denuncia, para reducir o nivel de estrés e agresividade e previr danos á vítima.

En resposta a esas medidas, con data 21 de outubro de 2019 a Vicepresidencia e Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, asinou un convenio de colaboración coa Asociación para Proxectos Globais de Inserción e Integración Socio Laborais- Alar Galicia.

A entidade Alar-Galicia é unha entidade sen ánimo de lucro que con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar, que desenvolve accións dirixidas a colectivos con dificultades para incorporarse á vida social normalizada, fundamentalmente con menores e con mulleres monoparentais en risco de exclusión, recollendo no artigo 2 dos seus estatutos como unha das finalidades da Asociación, a de deseñar e desenvolver medidas de actuación globais para a incorporación social e laboral da persoas que se atopan nos límites da marxinación e da exclusión social, entre eles, poboación menor de idade.

A través deste convenio a entidade Alar-Galicia desenvolve un programa integral con menores agresores de violencia de xénero, preferentemente cos derivados da Fiscalía correspondente, e en concreto as seguintes actuacións:

- Fase de pre-intervención: Dirixida a avaliar e programar as necesidades concretas fo menor derivado.
- Fase de implementación e intervención terapéutica : Dirixida ao desenvolvemento de sesións individuais combinadas coa formación de grupos de intervención e aplicando dinámicas combinadas.
- Fase de seguimento: Realizando un control periódico sobre os comportamentos previamente adquiridos e avaliando a súa implementación e idoneidade.

Datos:



Nº de participantes en cada sesión: 17

Nº de talleres de prevención: 2

Nº de sesións realizadas: 52

Capítulo IV: Medidas no ámbito da formación e do emprego

Artigo 35. Medidas específicas no ámbito da formación e do emprego.

Artigo 36. Plans de igualdade nas empresas.

Artigo 37. Obriga de confidencialidade no ámbito laboral.

Artigo 35: Medidas específicas no ámbito da formación e do emprego

A Consellería de Economía, Emprego e Industria, en virtude do establecido na Orde do 2 de maio de 2006 (DOG nº 89, de 10 de maio) pola que se regula o programa de fomento da inserción laboral das mulleres vítimas de violencia, contempla en todas as medidas de emprego xestionadas, a estas mulleres como colectivo preferente. Así mesmo, as vítimas de violencia de xénero teñen acceso preferente aos programas de mellora da empregabilidade, en concreto, aos servizos de orientación profesional e aos cursos de formación ocupacional, aos programas mixtos de formación-emprego, a través da súa participación en escolas obradoiro, casas de oficios e obradoiros de emprego, e aos programas de cooperación ou experienciais, a través dun contrato temporal de 12 meses de duración.

Informes emitidos polo Punto de Coordinación das Ordes de Protección en 2018 para os efectos da incorporación de mulleres vítimas de violencia de xénero ao Programa de inserción laboral:

Provincia	Nº informes emitidos
A Coruña	6
Lugo	4
Ourense	1
Pontevedra	32
TOTAL	43

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia

O Servizo Público de Emprego de Galicia ten establecido un protocolo de actuación para



o tratamento das mulleres vítimas de violencia de xénero.

Este protocolo está baseado nos acordos SISPE que foron establecidos no Grupo de Traballo de Tratamento de vítimas de violencia de xénero (VVX). Unha muller vítima de violencia de xénero poderá rexistrar a súa condición na aplicación do Servizo Público de Emprego de Galicia (oficinas de emprego), quedando rexistrada como tal no aplicativo SICAS coa condición especial VVX, así como indicar se desexa que os seus datos sexan tratados ou non como confidenciais. A confidencialidade traducirase na protección dos datos da muller vítima de violencia de xénero, é dicir, na ocultación de todos os datos da persoa en todos os dominios da información. Soamente os usuarios con perfil de “titor/a” ou “coordinador/a” estatal poderán visualizar eses datos e xestionar as accións a realizar coas vítimas de violencia de xénero

En cada unha das oficinas de emprego do Servizo Público de Emprego de Galicia hai, polo menos, unha persoa titora das vítimas, para garantir a confidencialidade dos datos das mulleres vítimas que así o demanden.

Os titores e titoras de VVX serán as persoas usuarias da aplicación que poderán visualizar os datos das das vítimas, e polo tanto as persoas xestoras ás que elas deberá dirixirse para realizar calquera xestión na oficina. Toda vítima de violencia de xénero debe ter asignado/a unha persoa titora, teña ou non activado o Indicador de confidencialidade.

Outras medidas implementadas pola **Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral**, no ano 2019, en relación á prevención e o tratamento da violencia de xénero, foron as seguintes:

- **Instrución conxunta entre a Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral e a Secretaría Xeral da Igualdade, para regular o procedemento de incorporación das participantes dos Programas de Inserción Laboral dirixidos a mulleres en situación de violencia de xénero na Comunidade Autónoma de Galicia.**

Regula de forma conxunta o procedemento de selección das mulleres participantes no programa de inserción regulado na Resolución do 3 de xullo de 2019 da Secretaría Xeral da Igualdade pola que se establecen as bases que rexerán a concesión de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para o desenvolvemento de programas de inserción laboral dirixidos a mulleres en situación de violencia de xénero na Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciada polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para os anos 2018 e 2019 (ver páxina 229).

Esta instrución regula as actuacións neste procedemento dos seguintes destinatarios:



- Oficinas de emprego.
 - Servizos de Orientación e Promoción Laboral das Xefaturas Territoriais: persoas coordinadoras de VXX
 - Entidades beneficiarias das subvencións para o desenvolvemento de programas de inserción laboral dirixidos a mulleres en situación de violencia de xénero.
 - Centros de Información ás Mulleres, centros da Rede galega de Acollemento, Centro de Recuperación Integral para Mulleres que sofren violencia de xénero e outros servizos público que traballe no eido da violencia de xénero.
 - Unidades Administrativas de Igualdade das Xefaturas territoriais da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administración Pública e Xustiza.
 - Subdirección Xeral de Orientación Laboral (Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral)
 - Subdirección Xeral para o Tratamento da Violencia de Xénero (Secretaría Xeral da Igualdade).
- **Instrución conxunta entre a Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral e a Secretaría Xeral da Igualdade, para regular o procedemento de selección das traballadoras a contratar ao abeiro das axudas para fomento da contratación de mulleres que sofren violencia de xénero no ámbito de colaboración coas entidades locais galegas.**

Regula de forma conxunta o procedemento de selección das traballadoras a contratar ao abeiro da Resolución do 16 de maio de 2019, da Secretaría Xeral da Igualdade pola que se establecen as bases que rexerán a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións destinadas ao fomento da contratación de mulleres que sofren violencia de xénero no ámbito de colaboración coas entidades locais galegas, e se procede á súa convocatoria para o ano 2019 (ver páxina 226).

Esta instrución regula as actuacións neste procedemento dos seguintes destinatarios:

- Oficinas de emprego.
- Servizos de Orientación e Promoción Laboral das Xefaturas Territoriais: Persoas coordinadoras de VXX
- Subdirección xeral de Orientación Laboral (Dirección xeral de Orientación e Promoción Laboral)
- Entidades locais beneficiarias das subvencións destinadas ao fomento da contratación de mulleres que sofren violencia de xénero .



- Unidades Administrativas de Igualdade das Xefaturas territoriais da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administración Pública e Xustiza.
- Subdirección xeral para o Tratamento da Violencia de Xénero (Secretaría xeral da Igualdade)

Participación no grupo de traballo de sistemas de información constituído polo Servizo Público de Emprego Estatal (SEPE) ao abeiro do disposto na Comisión nacional de seguimento do Real Decreto 1917/2008 do 21 de novembro, polo que se aproba o programa de inserción socio laboral para mulleres vítimas de violencia de xénero.

Na IV Comisión de seguimento do Real Decreto 1917/2008 do 21 de novembro, polo que se aproba o programa de inserción socio laboral para mulleres vítimas de violencia de xénero celebrada o mércores 13 de febreiro de 2019 acordouse a constitución de dous grupos de traballo, sendo estes:

- Grupo de sistemas de información para homologar e automatizar o envío de datos para elaborar os informes de seguimento do programa (sistemas de información).
- Grupo para a mellora da coordinación que deseñe unhas xornadas de formación e posta en común de boas prácticas en materia de inserción socio laboral de vítimas de violencia de xénero.

O Servizo Público de Emprego de Galicia participou, ao longo de 2019, no primeiro destes grupos de traballo.

- Orde do 31 de maio de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria de subvencións para a concesión directa de bolsas e axudas para persoas traballadoras desempregadas que participen en accións formativas de formación profesional para o emprego correspondentes ao exercicio de 2018 e 2019 (código de procedemento TR301V), publicada no DOG núm. 114, do 15 de xuño de 2018.

O artigo 9 establece que as mulleres coa condición de vítimas de violencia de xénero que asistan ás accións formativas ás que se refire a orde terán dereito a percibir unha axuda de dez euros por día de asistencia.

No ano 2019 resolvéronse favorablemente 174 solicitudes referidas a este tipo de axudas en toda Galicia.

- Orde do 17 de abril de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras do procedemento TR301K, polo que se establecen as accións formativas do Plan formativo para o emprego



(persoas traballadoras desempregadas) da Comunidade Autónoma de Galicia para o período 2019-2021, publicada no DOG núm. 86, do 7 de maio.

No artigo 28.2.1º establece, entre outros grupos on preferencia para participar nos cursos financiados ao abeiro das convocatorias no marco desta orde, ás mulleres, especialmente aquelas que teñan a condición de vítimas de violencia de xénero, de acordo co disposto no artigo 3 do Real Decreto 1917/2008, do 21 de novembro, polo que se aproba o programa de inserción sociolaboral para mulleres vítimas de violencia de xénero.

- Orde do 10 de xaneiro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de orientación laboral no exercicio 2019. O artigo 3 desta orde recolle as mulleres vítimas de violencia como colectivo prioritario destinatario das ditas actividades.
- Orde do 7 de xuño de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego de Galicia, e se convocan para o ano 2019 (DOG nº 116 do 20 de xuño de 2019). As mulleres vítimas de violencia de xénero están incluídas no colectivo de persoas que obteñen unha maior puntuación, na valoración das solicitudes, pola súa maior dificultade de inserción laboral.

Procedemento TR332A Programas Integrados de Empleo		
Provincia	Convocatoria	MVVX Beneficiarias
A CORUÑA	2019-2020	32
LUGO	2019-2020	3
OURENSE	2019-2020	2
PONTEVEDRA	2019-2020	33
TOTAL GALICIA		70

- Orde do 17 de abril de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2019 (DOG nº 88 do 9 de maio de 2019). As mulleres vítimas de violencia de xénero están incluídas no colectivo de persoas que teñen preferencia para participar nos obradoiros de emprego.

Procedemento TR353A Obradoiros de emprego		
Provincia	Convocatoria	MVVX Beneficiarias



A CORUÑA	2019-2020	2
LUGO	2019-2020	1
OURENSE	2019-2020	2
PONTEVEDRA	2019-2020	3
TOTAL GALICIA		8

A **Secretaría Xeral do Emprego** ten **medidas específicas de igualdade** no ámbito do emprego, mediante diversas convocatorias.

A través da Subdirección Xeral de Emprego:

- Orde do 12 de setembro de 2019 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración coas entidades sen ánimo de lucro e se procede á súa convocatoria para o ano 2019 (DOG nº 184 do 27 de setembro de 2019).

Como obxecto da orde está o “ *o establecemento das bases reguladoras e das condicións polas cales se rexerá, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, a convocatoria pública, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas e subvencións que, baixo a rúbrica xeral de programas de cooperación institucionais, están destinadas ao financiamento de accións de fomento de emprego en colaboración coas entidades sen ánimo de lucro sinaladas no artigo 3, a través da contratación de persoas traballadoras desempregadas e mulleres vítima de violencia de xénero desempregadas para a realización de servizos de interese xeral e social (código do procedemento TR352A), co obxecto de proporcionarlles a experiencia e a práctica profesional necesarias para facilitar a súa inserción laboral.*”

Na contía da subvención inclúese “*Para os efectos do incentivo á mobilidade xeográfica, a subvención será de 180 € mensuais por cada beneficiaria do programa de fomento da inserción laboral de mulleres vítimas de violencia de xénero contratada que reúna os requisitos para percibila.*”

Dentro dos criterios de selección das persoas traballadoras para contratar inclúese que “*Excepcionalmente, logo de solicitude debidamente xustificada por parte da entidade solicitante e logo de autorización expresa da Secretaría Xeral de Emprego, poderán utilizarse ofertas especiais con vinculación nominal cando se trate de seleccionar mulleres vítimas de violencia de xénero e/ou integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, condición que se acreditará mediante as correspondentes certificacións ou informes elaborados por traballadoras ou traballadores sociais, se é o caso*”-



Establece a orde tamén que: *“As subvencións para a contratación de mulleres vítimas de violencia de xénero terán sempre unha duración de doce meses, que deberá iniciarse dentro do exercicio 2019”.*

Ao abeiro desta convocatoria concedéronse en 2019 subvencións para 3 contratos para vítimas de violencia de xénero por importe de 50.202 euros.

- Orde do 9 de maio de 2019 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas á contratación de persoas mozas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil, a través do Programa de cooperación coas entidades sen ánimo de lucro, e se procede á súa convocatoria para o ano 2019 (DOG nº 98 do 24 de maio de 2019).

Dentro dos criterios de selección das persoas traballadoras para contratar inclúese que *“Excepcionalmente, logo de solicitude debidamente xustificada por parte da entidade solicitante e logo de autorización expresa da Secretaría Xeral de Emprego, poderán utilizarse ofertas especiais con vinculación nominal cando se trate de seleccionar mulleres vítimas de violencia de xénero e/ou integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, condición que se acreditará mediante as correspondentes certificacións ou informes elaborados por traballadores sociais, se é o caso.”*

- Orde do 12 de decembro de 2018 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2019 (DOG nº 2 do 3 de xaneiro de 2019). As mulleres, en especial aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia de xénero, están incluídas nos colectivos que teñen preferencia na contratación.
- Orde do 12 de decembro de 2018 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2019 (DOG nº 6 do 9 de xaneiro de 2019). As mulleres, en especial aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia de xénero, están incluídas nos colectivos que teñen preferencia na contratación.

Programa Galeuropa: Este programa da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, prevé unha puntuación específica nos criterios de selección de participantes para as mulleres que sufran violencia de xénero e para as súas fillas e fillos.



O Programa de mobilidade transnacional xuvenil Galeuropa ten por finalidade reforzar a empregabilidade e as competencias profesionais dos mozos e mozas inscritos/as no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil, non ocupados/as e non integrados/as nos sistemas de educación ou formación, contribuíndo á mellora da súa formación e á adquisición da experiencia profesional necesaria para a incorporación ao mercado de traballo dunha maneira duradeira no tempo. Ademais, a mobilidade transnacional apoia a adquisición de competencias en idiomas extranxeiros que aumentan a empregabilidade das persoas mozas

No ano 2019 esta medida concreta levouse a cabo mediante a Orde do 26 de abril de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras do Programa de Mobilidade Transnacional Xuvenil Galeuropa dirixido ás persoas inscritas no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil con cargo ao Programa operativo de emprego xuvenil, e se procede á súa convocatoria para o ano 2019.

Axudas dirixidas ás entidades locais galegas para a contratación de mulleres vítimas de violencia de xénero

No Diario Oficial de Galicia do 3 de xuño de 2019 publicouse a Resolución do 16 de maio de 2019, da **Secretaría Xeral da Igualdade**, pola que se establecen as bases que rexerán a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións destinadas ao fomento da contratación de mulleres que sofren violencia de xénero no ámbito de colaboración coas entidades locais galegas, e se procede á súa convocatoria para o ano 2019, cun importe de 800.000 euros.

Con data 19 de setembro publicouse no DOG a Resolución do 6 de setembro de 2019 da Secretaría xeral da Igualdade, pola que se procede á segunda convocatoria para o ano 2019, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións destinadas ao fomento da contratación de mulleres que sofren violencia de xénero no ámbito de colaboración coas entidades locais galegas, no marco do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, cun importe de 538.551,68 euros.

Ás subvencións obxecto destas dúas convocatorias destinouse un crédito por un importe total de 1.338.551,68 euros, financiados con fondos finalistas do Estado, que os Orzamentos Xerais do Estado destinan ao desenvolvemento ou ampliación das medidas recollidas no Pacto de Estado contra a violencia de xénero.

A súa finalidade e contribuír a que as mulleres acaden unha maior autonomía a través da promoción da súa independencia económica e do seu empoderamento, e reforzando ao mesmo tempo as posibilidades dunha posterior inserción laboral estable, co obxectivo



fundamental de lograr a súa plena integración na vida económica e social.

Podían ser beneficiarias destas subvencións os concellos galegos, mediante solicitude individual ou mediante solicitude conxunta de agrupación ou asociación de concellos, mancomunidades de concellos de Galicia e consorcios locais de Galicia, constituídos exclusivamente por concellos, así como as entidades resultantes dunha fusión municipal.

A contía da subvención a conceder ás entidades locais beneficiarias era, por cada muller contratada a tempo completo, a equivalente á necesaria para sufragar durante o período de contratación, ata un máximo de 12 mensualidades, as retribucións salariais brutas totais, incluída a parte proporcional das pagas extraordinarias e as cotas á Seguridade Social a cargo da entidade empregadora, na mesma cantidade que a fixada para o salario, segundo convenio colectivo ou normativa laboral aplicable vixente no momento de formular a solicitude e acorde coa súa categoría profesional.

Provincia	Total solicitudes	Nº resolucións favorables	Nº mulleres contratadas
A Coruña	39	3	19
Lugo	19	1	3
Ourense	13	3	10
Pontevedra	56	5	45
TOTAL	127	12	77

Fomento da inserción laboral das mulleres vítimas de violencia de xénero no ámbito agroforestal

No Diario Oficial de Galicia do 23 de xullo de 2019 a **Consellería do Medio Rural** publicou a Orde do 15 de xullo de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, destinadas a fomentar a inserción laboral das mulleres vítimas de violencia de xénero, e se convocan para o ano 2019. Nesta convocatoria, as subvencións están financiadas cun importe total de 600.000 euros.

Estas axudas enmárcanse nas medidas incluídas dentro do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, que en Galicia coordina a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia,



Administracións Públicas e Xustiza. Precisamente este departamento da Xunta asinou acordos de colaboración coa Consellería do Medio Rural para xestionar directamente estas axudas, de maneira máis eficaz e eficiente.

Podían ser beneficiarias destas axudas:

- as cooperativas ou entidades asociativas do sector agrario, as empresas (persoas físicas ou xurídicas) do sector agrario de produción e/ou transformación de produtos agrarios, así como as empresas inscritas no Rexistro Oficial de Produtores, Comerciantes e Importadores de Vexetais (Ropcv) que leven a cabo esta actividade nas condicións establecidas nesta orde.
- as empresas forestais inscritas no Rexistro de Empresas (persoas físicas ou xurídicas) do sector forestal (Resfor), empresas provedoras de material forestal de reprodución dadas de alta no seu rexistro oficial, as comunidades e mancomunidades de montes veciñais en man común (CMVMC), e as asociacións forestais que contraten vítimas de violencia de xénero.

A súa finalidade é contribuír a que as mulleres vítimas de violencia de xénero consigan unha maior autonomía a través da súa independencia económica co obxectivo fundamental de lograr a súa plena integración social.

Ao abeiro desta convocatoria subvencionábase a contratación con carácter temporal de mulleres vítimas de violencia de xénero inscritas como demandantes de emprego ou de mellora de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia, para o desempeño dun posto de traballo situado na Comunidade Autónoma de Galicia.

O contrato debía formalizarse por un período mínimo de 3 meses e máximo de 12 meses, e podía ser a tempo completo ou a tempo parcial. Neste último caso, a xornada tiña que ser, polo menos, do 50 % da xornada ordinaria que se estableza no convenio colectivo correspondente.

O número máximo de contratacións que se subvencionaba a cada solicitante era de 4. No caso de non esgotamento do crédito orzamentario, podía terse en conta un número maior de contratacións por solicitante, atendendo á data de rexistro de entrada das solicitudes.

A contía das subvencións é equivalente á necesaria para sufragar durante o período de contratación, ata un máximo de 12 mensualidades, as retribucións salariais brutas totais, incluída a parte proporcional das pagas extraordinarias e as cotas á Seguridade Social a cargo da entidade empregadora, na mesma cantidade que a fixada para o salario.

Datos sobre o desenvolvemento do proxecto:



Proxecto: Fomento inserción laboral de mulleres vvx	Nº entidades implicadas nas accións	Nº mulleres contratadas
Sector forestal-empresas	4	6
Sector forestal-entidades sen ánimo de lucro	1	3
Sector agrario-empresas	3	3
Sector agrario-entidades sen ánimo de lucro	3	3
TOTAL	11	15

Programa específico de inserción laboral, dirixidos a mulleres en situación de violencia de xénero.

A **Secretaría Xeral da Igualdade** puxo en marcha no ano 2016 unha liña de axudas, destinadas a entidades sen ánimo de lucro, para o desenvolvemento de programas de inserción laboral dirixidos a mulleres en situación de violencia de xénero na Comunidade Autónoma de Galicia.

A súa finalidade é apoiar a estas mulleres na súa integración ou reintegración no mercado laboral, como elemento clave para unha recuperación integral, tendo en conta que a falta de recursos propios, fundamentalmente dun posto de traballo, dificulta en moitas ocasións a ruptura da situación de violencia.

As persoas destinatarias finais dos programas son as mulleres vítimas de violencia de xénero, inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes de emprego. A Secretaría xeral da Igualdade e o Servizo Público de Emprego de Galicia coordinadamente regularon mediante unha instrución o procedemento de selección específico para a incorporación das mulleres en situación de violencia de xénero ao programa.

Nestes programas establécese de xeito obrigatorio un obxectivo cuantitativo de inserción laboral das mulleres participantes neles, que serán de polo menos o 10% das participantes, que deberán acadar a súa inserción laboral no período subvencionable.



Actuacións dos programas de inserción laboral

1- Itinerario de inserción (obrigatorio)

2.- Formación para o emprego, incluíndose neste apartado as accións formativas que teñan como finalidade adquirir as competencias clave, a formación lingüística, formación en coaching e/ou intelixencia emocional ou a formación relativa ás características da sociedade de acollida no caso de mulleres inmigrantes, así como formación dirixida ao autoemprego e á constitución de cooperativas.

3.- Actuacións de apoio á conciliación, que consistirán na posta á disposición de servizos de atención persoal e/ou familiar, no fogar ou nun recurso comunitario, dirixidos a facilitar a participación das mulleres en situación de violencia de xénero nas accións comprendidas no seu itinerario de inserción socio-laboral ou en formación para o emprego.

Módulos subvencionables:

- Módulo para o itinerario de inserción
- Módulo para accións de formación para o emprego
- Módulo para medidas de apoio á conciliación


A Secretaría Xeral da Igualdade a través da Resolución do 3 de xullo de 2018 (DOG nº 135, do 16 de xullo) convocou as axudas para o desenvolvemento destes programas para os anos 2018 e 2019, cofinanciadas polo programa operativo FSE Galicia 2014-2020, outorgando axudas a un total de 10 entidades sen ánimo de lucro.

Mulleres en situación de violencia de xénero beneficiarias dos programas específicos de inserción laboral 2018-2019

PROGRAMA ILVX 2018-2019			
Provincia	Nº participantes	Nº participantes inseridas	% participantes inseridas
A Coruña	92	15	16,30 %
Lugo	28	6	21,43 %
Ourense	58	14	24,14 %
Pontevedra	133	34	25,56 %
TOTAL	311	69	22,19 %

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia





Igualmente, no ano 2019, DOG nº 134, do 16 de xullo, publicouse a Resolución do 3 de xullo de 2019 da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases que rexerán a concesión de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para programas de deseño e implementación de itinerarios personalizados e accións específicas que favorezan a inserción sociolaboral de mulleres en situación de violencia de xénero na Comunidade Autónoma de Galicia, se se procede á súa convocatoria para os anos 2019 e 2020.

Resultaron beneficiarias 10 entidades, e número total de mulleres que se incorporaron inicialmente aos 10 Programas que se puxeron en marcha en 2019 foi de 275. Os programas rematan a finais de outubro de 2020, momento no que se realizará o balance final.

Artigo 36: Plans de igualdade nas empresas

A Consellería de Economía, Emprego e Industria, a través da Secretaría Xeral de Emprego, publicou a Orde do 20 de decembro de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras do Programa de axudas para implantar a responsabilidade social empresarial (RSE), a igualdade laboral e a conciliación laboral e persoal, cofinanciadas polo programa operativo FSE Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria para o ano 2019. Non se subvencionan medidas concretas. Non obstante, valórase a existencia de medidas de apoio ás mulleres que sofren violencia de xénero nos plans de igualdade subvencionados.



Esta orde de convocatoria estrutúrase en tres liñas de axudas:

- Liña I. Certificacións de RSE.
- Liña II. Elaboración e implantación de plans de igualdade
- Liña III. Conciliación da vida laboral, familiar e persoal:
 - Subliña III.1. Incentivos para fomento do teletraballo. Incentivarase a adopción de acordos laborais de teletraballo.
 - Subliña III.2. Incentivos para o fomento da flexibilidade horaria. Incentivarase a adopción de acordos laborais de flexibilidade horaria.
 - Subliña III.3. Axudas para os investimentos tendentes a garantir e mellorar o dereito á conciliación da vida familiar e laboral.

Artigo 37: Obriga de confidencialidade no ámbito laboral

A obriga de confidencialidade que establece este artigo da Lei 11/2007, tanto para o empresariado, a representación sindical como as entidades formadoras, leva aparellada a necesidade de adoptar as medidas necesarias que garantan a seguridade dos datos relativos ás circunstancias persoais das mulleres que sufriron violencia de xénero, seguindo en todo caso as directrices marcadas polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos e pola Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Capítulo V: Medidas de carácter económico

Artigo 38. Valoración de rendas.

Artigo 39. Prestacións periódicas.

Artigo 40. Outras prestacións.

Artigo 41. Procedemento abreviado para a percepción da renda de integración social de Galicia.

Artigo 42. Axudas escolares.

Artigo 43. Fondo Galego de Garantía de Indemnizacións.

Artigo 44. Dereito de acceso á vivenda.

Artigo 45. Acceso prioritario ás vivendas de promoción pública.

Artigo 46. Equipamentos sociais especializados.



Artigo 38: Valoración de rendas

Segundo o artigo 38 da Lei 11/2007, galega para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero, co fin de favorecer a autonomía das mulleres que estean en situación de violencia de xénero, e para os efectos do dereito a percibir a renda de integración social de Galicia e as outras axudas económicas previstas nesta lei, quedan excluídos do cómputo das rendas os ingresos do agresor. Véxase tamén as medidas previstas no artigo 42.

Artigo 39: Prestacións periódicas

➤ Axudas de pagamento periódico

O Diario Oficial de Galicia publicou, con data 24 de marzo de 2017, a Resolución da Secretaría Xeral da Igualdade do 17 de marzo de 2017 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión da prestación periódica para mulleres que sofren violencia de xénero, prevista no artigo 39 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo. Esta resolución establece no seu artigo 2.1 que o prazo de presentación de solicitudes permanecerá aberto con carácter permanente durante todos os exercicios e no artigo 3.4 o carácter permanente desas bases reguladoras.

Mediante Resolución do 2 de xaneiro de 2019, da Secretaría Xeral da Igualdade, convócase para o ano 2019 a prestación periódica para mulleres que sofren violencia de xénero, prevista no artigo 39 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo (DOG núm. 2, do 3 de xaneiro de 2019).

A finalidade destas axudas é proporcionarlles apoio económico ás mulleres que sofren violencia de xénero para tentar garantirlles unhas condicións suficientes de independencia económica respecto do agresor ou da persoa que manteña sobre ela unha relación de dominación para os casos das mulleres vítimas de trata con fins de explotación sexual, e mais tentar axudalas a romper coa situación de violencia, que lles posibilite dar o primeiro paso ou consolidar a ruptura dunha situación na que corren perigo.

Para os efectos desta axuda tamén terán a consideración de vítimas de violencia de xénero as mulleres que padeceran violencia vicaria ou violencia “por interpósita persoa”, con resultado de morte.



Os requisitos para percibir esta axuda son:

- Ser muller, maior de idade ou emancipada, vítima de violencia de xénero nunha relación de convivencia e acreditar a situación de violencia derivada de convivencia con algún dos documentos seguintes: certificación da orde de protección ou da medida cautelar, testemuño ou copia autenticada polo/a secretario/a xudicial da propia orde de protección ou da medida cautelar ; sentenza de calquera orde xurisdiccional, que declare que a muller sufriu violencia de xénero ou documento xudicial que declare que a muller é vítima de trata de seres humanos con fins de explotación sexual; informe dos servizos sociais e/ou sanitarios da administración pública autonómica ou local, informe dos servizos de acollida, informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de violencia e/ou de trata de seres humanos con fins de explotación sexual ou informe das forzas e corpos de seguridade para o caso de vítimas de trata de seres humanos con fins de explotación sexual.

- Ter cesado a convivencia co agresor dentro dos doce meses anteriores á data de presentación da solicitude.

No caso de violencia vicaria ou violencia “por interpósita persoa”, o intervalo temporal de doce meses computarase dende o feito causante.

Nos casos de falecemento do agresor, o intervalo temporal será igualmente de doce meses, tanto para o feito en si do propio falecemento como da ruptura da convivencia.

- Que o documento acreditativo da situación de violencia de xénero fora adoptado ou emitido no intervalo temporal que comprende os doce meses inmediatamente anteriores á data de presentación da solicitude.
- Estar empadroada e residir na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Percibir uns ingresos mensuais iguais ou inferiores ao dobre do IPREM vixente.
- Non ter percibido esta axuda con anterioridade, nin a axuda establecida no artigo 27 da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.



Ingresos	Contía axuda por mes
Ingresos \leq IPREM vixente. Carácter xeral.	600 €
Ingresos \leq IPREM e unha filla/o menor ou menor en acollida a cargo// ou discapacidade da vítima \geq 33%	650 €
Ingresos \leq IPREM e unha filla/o menor ou menor en acollida a cargo e esta/e ou a solicitante teñan unha discapacidade \geq 33%	700 €
Ingresos \leq IPREM e dúas ou máis fillas/os menores ou menores en acollida a cargo.	700 €
Ingresos \leq IPREM e dúas ou máis fillas/os menores ou menores en acollida a cargo e esta/e ou a solicitante teñan unha discapacidade \geq 33%	800 €
Ingresos \leq IPREM e unha filla/o menor ou menor en acollida a cargo e esta/e ou a solicitante teñan unha discapacidade \geq 65% ou teñan recoñecido grao de dependencia de acordo coa Lei 39/2006, do 14 de decembro.	800 €
Ingresos $>$ IPREM e \leq 1,5 veces IPREM. Carácter xeral.	300 €
Ingresos $>$ IPREM e \leq 1,5 veces IPREM e unha filla/o menor ou menor en acollida a cargo// ou discapacidade da vítima \geq 33%	350 €
Ingresos $>$ IPREM e \leq 1,5 veces IPREM e unha filla/o menor ou menor en acollida a cargo e esta/e ou a solicitante teñan unha discapacidade \geq 33%	400 €
Ingresos $>$ IPREM e \leq 1,5 veces IPREM e dúas ou máis fillas/os menores ou menores en acollida a cargo.	400 €
Ingresos $>$ IPREM e \leq 1,5 veces IPREM e dúas ou máis fillas/os menores ou menores en acollida a cargo e esta/e ou a solicitante teñan unha discapacidade \geq 33%	500 €
Ingresos $>$ IPREM e \leq 1,5 veces IPREM e unha filla/o menor ou menor en acollida a cargo e esta/e ou a solicitante teñan unha discapacidade \geq 65% ou teñan recoñecido grao de dependencia de acordo coa Lei 39/2006, do 14 de decembro.	500 €
Ingresos $>$ 1,5 veces IPREM e \leq dobre IPREM . Carácter xeral.	200 €
Ingresos $>$ 1,5 veces IPREM e \leq dobre IPREM e unha filla/o menor ou menor en acollida a cargo// ou discapacidade da vítimas \geq 33%	250 €
Ingresos $>$ 1,5 veces IPREM e \leq dobre IPREM e unha filla/o menor ou menor en acollida a cargo e esta/e ou a solicitante teñan unha discapacidade \geq 33%	300 €
Ingresos $>$ 1,5 veces IPREM e \leq dobre IPREM e dúas ou máis fillas/os menores ou menores en acollida a cargo.	300 €
Ingresos $>$ 1,5 veces IPREM e \leq dobre IPREM e dúas ou máis fillas/os menores ou menores en acollida a cargo e esta/e ou a solicitante teñan unha discapacidade \geq 33%	400 €
Ingresos $>$ 1,5 veces IPREM e \leq dobre IPREM e unha filla/o menor ou menor en acollida a cargo e esta/e ou a solicitante teñan unha discapacidade \geq 65% ou teñan recoñecido grao de dependencia de acordo coa Lei 39/2006, do 14 de decembro.	400 €



Os datos relativos á concesión desta axuda no ano 2019 son os seguintes:


Provincia	Total solicitudes	Nº resolucións favorables	Nº resolucións desfavorables
A Coruña	320	244	44
Lugo	75	56	14
Ourense	101	70	19
Pontevedra	276	207	45
Total	772	577	122

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia

Nº de beneficiarias das axudas por provincias

Provincia	Nº Benef.
A Coruña	244
Lugo	56
Ourense	70
Pontevedra	207
Total	577

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia




Nº de beneficiarias segundo nacionalidade

NACIONALIDADE	Nº BENEF.	%
España	436	75,56 %
Arxentina	1	0,17 %
Bélxica	1	0,17 %
Bolivia	1	0,17 %
Brasil	24	4,16 %
Chile	1	0,17 %
China	1	0,17 %
Colombia	18	3,12 %
Cuba	5	0,87 %
Ecuador	1	0,17 %
Estados Unidos	1	0,17 %
Exipto	1	0,17 %
Guatemala	1	0,17 %
Marrocos	14	2,43 %
México	2	0,35 %
Nicaragua	3	0,52 %
Níxer	3	0,52 %
Nixeria	1	0,17 %
Paraguai	15	2,60 %
Perú	3	0,52 %
Portugal	9	1,56 %
República Dominicana	4	0,69 %
Romanía	9	1,56 %
Rusia	1	0,17 %
Senegal	2	0,35 %
Servia e Montenegro	1	0,17 %
Siria	1	0,17 %
Uruguai	3	0,52 %
Venezuela	14	2,43 %
TOTAL	577	100,00 %


Fonte: Secretaría xeral da Igualdade. Xunta de Galicia





Nacionalidade	Nº benef.	%
Española	436	75,56 %
Estranxeira	141	24,44 %
TOTAL	577	100,00 %


Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



Nº de beneficiarias segundo idade

Idade	Nº benef.	%
≤ 20	21	3,64 %
21-25	57	9,88 %
26-35	141	24,44 %
36-45	183	31,72 %
46-55	98	16,98 %
56-65	55	9,53 %
≥ 66	22	3,81 %
TOTAL	577	100,00 %

Fonte:Secretaría xeral da Igualdade.Xunta de Galicia




Nº de beneficiarias segundo nº de fillas e fillos a cargo

Nº fillas/os	Nº benef.	%
0 fillas/os	276	47,83 %
1 filla/o	178	30,85 %
2 fillas/os	89	15,42 %
3 fillas/os	28	4,85 %
4 fillas /os	6	1,04 %
5 fillas/os	0	0,00 %
TOTAL	577	100,00 %

Fonte:Secretaría xeral da Igualdade.Xunta de Galicia






▪ Nº de fillas/os a cargo das beneficiarias por provincia

Provincia	Nº fillas	Nº fillos	Total
A Coruña	74	110	184
Lugo	25	20	45
Ourense	32	32	64
Pontevedra	93	79	172
Total	224	241	465

Fonte: Secretaría xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



Nº de beneficiarias con discapacidade


Provincia	Nº benef. con discapacidade	Nº benef. con fillas/os con discapacidade
A Coruña	23	2
Lugo	6	1
Ourense	3	0
Pontevedra	20	7
Total	52	10

Fonte: Secretaría xeral da Igualdade. Xunta de Galicia

Nº de beneficiarias segundo situación laboral

Provincia	Desempregadas	Traballando
A Coruña	194	50
Lugo	46	10
Ourense	64	6
Pontevedra	167	40
Total	471	106

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



Artigo 40: Outras prestacións

➤ Axudas de pagamento único

No Diario Oficial de Galicia do 2 de xaneiro de 2019 publicouse a Resolución do 17 de decembro de 2018, da **Secretaría Xeral da Igualdade** pola que se convocaban as axudas establecidas no artigo 27 da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, e no artigo 43 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

O obxecto desta resolución é establecer as bases que rexen a concesión das axudas previstas nos devanditos textos legais. A finalidade das axudas establecidas na antedita lei orgánica é proporcionarlle apoio económico ás mulleres que sofren violencia de xénero; a das indemnizacións previstas na lei galega é facer valer o dereito recoñecido por sentenza xudicial ditada por xulgados e tribunais con sede no territorio galego.

Mediante esta resolución convocáronse dúas liñas de axuda. Unha delas é a axuda económica de pagamento único para mulleres vítimas de violencia de xénero, que, residindo na Comunidade Autónoma de Galicia, acrediten insuficiencia de recursos e unhas especiais dificultades para obter un emprego.

Beneficiarias:

- Mulleres vítimas de violencia de xénero.

Requisitos:

- Ser vítima de violencia de xénero. A situación de violencia de xénero acreditarase coa orde de protección a favor da vítima, cando esta estea en vigor; coa sentenza condenatoria definitiva, ou definitiva e firme, que conteña medidas de protección vixentes que acrediten a actualidade da situación de violencia e, excepcionalmente, co informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de que a denunciante é vítima de violencia de xénero, mentres non se dite a orde de protección.
- Estar empadroada e ter residencia en calquera dos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Ter especiais dificultades para obter un emprego.
- Carecer de rendas que, en cómputo mensual, superen o 75 por cento do salario mínimo interprofesional vixente, excluída a parte proporcional de dúas pagas extraordinarias.



A contía económica da axuda é a seguinte:

Tipoloxía	Importe do subsidio de desemprego
Con carácter xeral	6 meses
1 familiar ou menor acollido pola vítima	12 meses
Discapacidade da vítima \geq 33 % (sen responsabilidades familiares)	12 meses
2 ou mais familiares ou menores acollidos pola vítima, ou 1 familiar e 1 menor.	18 meses
1 familiar ou menor acollido pola vítima, e conxuntamente discapacidade da vítima ou da persoa dependente \geq 33 %	18 meses
2 ou máis familiares ou menores (ou 0 1 familiar e 1 menor) acollidos pola vítima, e conxuntamente, discapacidade \geq 33 % da vítima ou da persoa dependente	24 meses
Vítima, ou familiar ou menor acollido con discapacidade \geq 65 %	24 meses

Os datos relativos á concesión desta axuda no ano 2019 son os seguintes:

Provincia	Total solicitudes	Nº resolucíons favorables	Nº resolucíons desfavorables
A Coruña	144	85	32
Lugo	20	9	6
Ourense	46	22	19
Pontevedra	119	72	24
Total	329	188	81


Fonte: Secretaría xeral da Igualdade. Xunta de Galicia

Nº de beneficiarias por provincia

Provincia	Beneficiarias
A Coruña	85
Lugo	9
Ourense	22
Pontevedra	72
Total	188

Fonte: Secretaría xeral da Igualdade. Xunta de Galicia






Nº de beneficiarias segundo nacionalidade


Nacionalidade	Nº benef.	%
Española	151	80,32%
Estranxeira	37	19,68%
TOTAL	188	100,00%

Fonte: Secretaría xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



Nacionalidade	Nº benef.	%
Española	151	80,3%
Arxentina	1	0,5%
Brasileña	7	3,7%
Colombiana	4	2,1%
Cubana	2	1,1%
Dominicana	4	2,1%
Marroquí	2	1,1%
Peruana	1	0,5%
Portuguesa	6	3,2%
Rumana	4	2,1%
Thailandesa	1	0,5%
Uruguaia	2	1,1%
Venezolana	3	1,6%
TOTAL	188	100,00 %


Fonte: Secretaría xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



Nº de beneficiarias segundo idade

Idade	Nº benef.	%
≤ 20	10	5,32 %
21-25	14	7,45 %
26-35	62	32,98 %
36-45	51	27,13 %
46-55	35	18,62 %
56-65	11	5,85 %
≥ 66	5	2,66 %
TOTAL	188	100,00 %

Fonte: Secretaría xeral da Igualdade. Xunta de Galicia




Nº de beneficiarias segundo nº de fillas e fillos a cargo

Nº fillos/as	Nº benef.	%
0 fillas/os	75	39,89 %
1 filla/o	63	33,51 %
2 fillas/os	32	17,02 %
3 fillas/os	13	6,91 %
4 fillas /os	5	2,66 %
5 fillas/os	0	0,00 %
TOTAL	188	100,00 %

Fonte: Secretaría xeral da Igualdade. Xunta de Galicia






Nº de fillas e fillos a cargo das beneficiarias por provincia

Provincia	Nº fillas	Nº fillos	Total
A Coruña	46	53	99
Lugo	4	3	7
Ourense	5	13	18
Pontevedra	28	34	62
Total	83	103	186


Fonte: Secretaría xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



Nº de beneficiarias con discapacidade

Provincia	Nº benef. con discap.	Nº benef. con fillas/os ou p. dependentes con discap.
A Coruña	11	6
Lugo	0	0
Ourense	2	0
Pontevedra	11	2
Total	24	8

Fonte: Secretaría xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



- **Axudas de indemnización económica dirixidas ás fillas e fillos menores de 30 anos das vítimas mortais por violencia de xénero, así como a mulleres que resultasen gravemente feridas como consecuencia dunha agresión por violencia de xénero**

No Diario Oficial de Galicia do 14 de marzo de 2019 publicouse a Resolución do 4 de marzo de 2019, da **Secretaría Xeral da Igualdade** pola que se regulan as bases para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva das axudas de indemnización económica, dirixidas ás fillas e fillos menores de 30 anos das vítimas mortais por violencia de xénero, así como a mulleres que resultasen gravemente feridas como consecuencia dunha agresión por violencia de xénero e se procede á súa convocatoria para o ano 2019.



A finalidade das axudas é dar cumprimento a varias das medidas do Pacto de Estado en materia de Violencia de Xénero, e proporcionarlle apoio económico ás persoas citadas no punto anterior, cunha indemnización de axuda directa, co obxecto de garantir que o feito causante (morte da nai ou lesións graves, por mor de violencia de xéneros) supoña un menor prexuízo económico para os fillos e fillas orfos, e para as propias vítimas gravemente feridas, cando o feito causante se producira con posterioridade ao 1 de xullo de 2018.

Mediante esta resolución convocáronse dúas liñas de axuda:

1. Axudas de indemnización económica dirixidas ás fillas e fillos menores de 30 anos das vítimas mortais por violencia de xénero, e que dependeran economicamente da súa nai e/ou do seu pai agresor, sempre que na data do falecemento da súa nai cumprisen algún dos seguintes requisitos:

- Ser menores de idade e convir coa nai, independentemente da renda familiar.
- Ser maiores de idade ata 30 anos inclusive, e depender economicamente da nai e/ou do pai agresor. Entenderase que existe dependencia económica cando na data do falecemento, as persoas beneficiarias conviviran coa nai e non percibiran rendas, de calquera natureza, que en cómputo anual, superasen 12 mensualidades do Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples (IPREM) vixente.

2. Axudas de indemnización dirixidas ás mulleres que resultasen gravemente feridas, con lesións que requiran hospitalización, como consecuencia dunha agresión por violencia de xénero, sempre que na data en que produciran os feitos se cumprisen os seguintes requisitos:

- Ser muller, maior de idade ou emancipada.
- Estar empadroadada e ter residencia efectiva en calquera dos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia. No caso das mulleres estranxeiras ter permiso de residencia e de traballo.
- Atoparse nunha situación de precariedade económica. Entenderase que se produce unha situación de precariedade económica cando os ingresos da unidade familiar de convivencia a que pertenza a beneficiaria divididos polo número de membros que a compoñen, non superen o importe do IPREM vixente.
- Resultar gravemente ferida, con lesións que requiran hospitalización por causa de violencia de xénero.



Para a concesión destas indemnizacións destinouse crédito polo importe de 70.000 euros. O financiamento enmárcase nos fondos do Pacto de Estado contra a violencia de xénero correspondentes á Comunidade Autónoma de Galicia para 2019.

O importe das indemnizacións reguladas nesta resolución fíxase na cantidade de sete mil euros (7.000 €) por cada persoa beneficiaria.

Os datos relativos á concesión desta axuda no ano 2019 son os seguintes:

- Axudas de indemnización económica dirixidas ás fillas e fillos menores de 30 anos das vítimas mortais por violencia de xénero, e que dependeran economicamente da súa nai e/ou do seu pai agresor:

Provincia	Total solicitudes	Nº resolucións favorables	Nº resolucións desfavorables
A Coruña	4	2	2
Lugo	0	0	0
Ourense	0	0	0
Pontevedra	6	3	3
Total	10	5	5


Fonte: Secretaría xeral da Igualdade. Xunta de Galicia

Nº de beneficiarias por provincia

Provincia	Beneficiarias
A Coruña	2
Lugo	0
Ourense	0
Pontevedra	3
Total	5

Fonte: Secretaría xeral da Igualdade. Xunta de Galicia






Nº de beneficiarias segundo nacionalidade

Nacionalidade beneficiarias	Nº beneficiarias	%
Española	5	100,00 %
Estranxeira	0	0,00 %
TOTAL	5	100,00 %

Fonte: Secretaría xeral da Igualdade.Xunta de Galicia



- Axudas de indemnización dirixidas ás mulleres que resultasen gravemente feridas, con lesións que requiran hospitalización, como consecuencia dunha agresión por violencia de xénero:


Provincia	Total solicitudes	Nº resolucións favorables	Nº resolucións desfavorables
A Coruña	3	1	2
Lugo	0	0	0
Ourense	0	0	0
Pontevedra	7	4	3
Total	10	5	5

Fonte: Secretaría xeral da Igualdade. Xunta de Galicia

Nº de beneficiarias por provincia

Provincia	Beneficiarias
A Coruña	1
Lugo	0
Ourense	0
Pontevedra	4
Total	5


Fonte: Secretaría xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



Nº de beneficiarias segundo nacionalidade

Nacionalidade beneficiarias	Nº beneficiarias	%
Española	3	60,00 %
Estranxeira	2	40,00 %
TOTAL	5	100,00 %

Fonte: Secretaría xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



Artigo 41: Procedemento abreviado para a percepción da Renda de Integración Social de Galicia

A Dirección Xeral de Inclusión Social, en aplicación da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de Inclusión social de Galicia, desenvolve unha tramitación abreviada da prestación RISGA, que se aplicará nos seguintes supostos:

- Vítimas de violencia de xénero
- Supostos de violencia doméstica
- Vítimas de explotación sexual-laboral en redes de trata de seres humanos.



Os aspectos máis destacables deste procedemento son:

- Os trámites para a concesión da RISGA terán carácter de urxencia e tramitaranse con carácter prioritario ás demais solicitudes.
- O concello deberá remitir o informe de valoración social no prazo de 15 días. O proxecto de integración social é, se é o caso, o de integración socioeducativa dos e das menores poderá remitirse con posterioridade.
- A resolución de concesión deberá ditarse e notificarse no prazo dun mes desde a presentación da solicitude, sen prexuízo dos supostos de suspensión expresamente contemplados.
- Entenderanse estimadas aquelas solicitudes nas que, constando no expediente a recepción do informe de valoración social con proposta de concesión da prestación, non se ditase resolución expresa no prazo dun mes desde a súa presentación, interrompido se concorren as causas de suspensión contempladas no propio proxecto.
- Os efectos económicos prodúcense desde o día seguinte ao da data da recepción do informe de valoración social.

En concreto, no ano 2019 tramitáronse ao abeiro deste procedemento 40 expedientes, dos que 22 presentan a problemática da violencia de xénero.

Asi mesmo, como xa puxemos de manifesto en anteriores ocasións, resulta fundamental continuar coa aplicación das medidas de control que permitan unha utilización racional e eficiente dos recursos públicos e impidan situacións de solapamento no cobramento de prestacións económicas públicas. Neste senso, seguimos co procedemento que está a facer posible o cruzamento periódico de datos entre a Secretaría Xeral de Igualdade e a Dirección Xeral de Inclusión Social. Todo isto, coa finalidade de evitar que se produza un aboamento simultáneo das prestacións económicas da súa respectiva competencia (prestación periódica e Risga).



Artigo 42: Axudas escolares

A Orde do 3 de maio de 2019 da **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para adquirir libros de texto e material escolar destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial en centros docentes sostidos con fondos públicos para o curso escolar 2018/2019, publicada no Diario oficial de Galicia do 20 de maio de 2019, contempla os supostos derivados de situacións de violencia de xénero no ámbito familiar, establecendo no seu artigo 4 que “non terá a consideración de membro computable da unidade familiar o agresor nos casos de violencia de xénero”, e no artigo 3 dispón que “nos casos de violencia de xénero non se terán en conta os ingresos do agresor para determinar a renda per cápita da unidade familiar”

Número de solicitudes: 1.129

A través da Orde do 28 de maio de 2019 (DOG nº 108 do 10 de xuño), convocáronse as prazas nos centros residenciais docentes da Coruña, Ourense e Vigo para realizar estudos postobrigatorios non universitarios para o curso 2019/2020. A convocatoria determina no seu artigo 9,3b) que non terá a consideración de membro computable da unidade familiar o agresor, nos casos de violencia de xénero, e no artigo 10 dispón que nos casos de violencia de xénero quedan excluídos do cómputo os ingresos do agresor. Ademais prevé a concesión dunha puntuación de 4 puntos no baremo para os supostos de violencia de xénero. Non se presentaron solicitudes nas que se indicara esa circunstancia.

Na Orde do 25 de xuño de 2019 (DOG nº 127 do 5 de xullo), pola que se convocaron prazas de colaboradores bolseiros nos centros residenciais docentes da Coruña, Ourense e Vigo para o curso académico 2019/2020, recóllese a mesma previsión respecto da composición da unidade familiar e o cálculo da súa renda per cápita, no senso de excluír ao agresor como membro computable así como os seus ingresos, sen que se presentaran solicitudes nas que se indicara esta circunstancia.

Por outra banda o Decreto 132/2013, do 1 de agosto, polo que se regulan os comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da consellería con competencias en materia de educación, establece no seu artigo 11 a gratuidade total do comedor escolar para as/os escolares membros de familias afectadas por violencia de xénero.



Dentro do ámbito universitario, no marco competencial da Secretaría Xeral de Universidades, publícase o Decreto 73/2019, do 4 de xullo, polo que se fixan os prezos públicos pola prestación de servizos académicos e administrativos nas universidades do Sistema universitario de Galicia para o curso académico 2018/2019. Este decreto, no seu artigo 12.5, establece a exención do pagamento para vítimas de violencia de xénero:

“12.5. Vítimas de violencia de xénero.

De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, as persoas que teñan a condición de vítimas de violencia de xénero, así como os seus fillos e fillas e menores de idade suxeitos á súa tutela e garda e custodia, terán dereito á exención do pagamento dos prezos públicos por servizos académicos. En consecuencia, deberán aboar unicamente os prezos da tarifa terceira.

Os menores que estivesen suxeitos á tutela e garda e custodia das mulleres vítimas de violencia de xénero continuarán gozando da exención prevista anteriormente unha vez que acaden a maioría de idade.

A condición de vítima de violencia de xénero acreditarase no momento da formalización da matrícula, mediante calquera das formas previstas no artigo 5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero. Para estes efectos, o documento acreditativo da dita condición deberá estar adoptado ou emitido no prazo de 5 anos inmediatamente anteriores á data de formalización da matrícula.

Declarada a exención por este motivo, manterase durante o período ordinario de realización deses estudos”.

Artigo 43: Fondo Galego de Garantía de indemnizacións

Mediante Resolución do 17 de decembro de 2018, da Secretaría Xeral da Igualdade (DOG nº 1 do 2 de xaneiro de 2019) convócanse dúas liñas de axuda: as establecidas no artigo 27 da Lei Orgánica 1/2004 do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero (véxase detalle no artigo 40), e as establecidas no artigo 43 da Lei 11/2007 do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero. Esta segunda liña de axudas ten por obxecto proporcionar axuda económica en forma de indemnización dirixida ás mulleres que sofren violencia de xénero e/ou ás e aos menores ou persoas dependentes delas polos danos e prexuízos ocasionados como consecuencia da situación de violencia.



Trátase de indemnizacións fixadas mediante sentenza xudicial ditada por xulgados e tribunais con sede no territorio galego, no caso de incumprimento, por insolvencia, por parte do obrigado a satisfacelas.

Beneficiarias:

- As mulleres que sufran violencia de xénero.
- As persoas menores de idade que dependan dunha muller que sufra violencia de xénero.
- As persoas maiores de idade que dependan economicamente dunha muller que sufra violencia de xénero.
- As persoas dependentes baixo o coidado dunha muller que sufra violencia de xénero.

Requisitos:

- Estar empadroada e ter residencia efectiva en calquera dos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Ter dereito á percepción dunha indemnización, por danos e perdas derivados dunha situación de violencia de xénero, recoñecida nunha resolución xudicial firme ditada por un xulgado ou tribunal con sede na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Que exista constatación xudicial do incumprimento do deber de satisfacer a indemnización por insolvencia do obrigado ao pagamento.
- Que a persoa beneficiaria se atope nunha situación de precariedade económica como consecuencia da falta de pagamento da indemnización xudicialmente recoñecida.
- A contía da indemnización é a fixada pola resolución xudicial correspondente que quede pendente de pagamento tras a declaración de insolvencia do obrigado a el, sen que a contía máxima poida ser superior a 6.000 € por cada persoa beneficiaria.

Os datos relativos á concesión desta indemnización no ano 2019 son os seguintes:


Provincia	Total solicitudes	Nº resolucións favorables	Nº resolucións desfavorables
A Coruña	14	6	8
Lugo	2	0	2
Ourense	0	0	0
Pontevedra	2	1	1
TOTAL	18	7	11



Nº de persoas beneficiarias por provincia

Nº persoas beneficiarias no 2019				
A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
6	0	0	1	7

Fonte: Secretaría xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



Nº de persoas beneficiarias segundo idade e sexo

	Mulleres	Total
Maiores de idade	7	7
Menores de idade	0	0
Total	7	7


Fonte: Secretaría xeral da Igualdade. Xunta de Galicia

Nº de persoas beneficiarias segundo nacionalidade

Nacionalidade	Nº benef.	%
Españolas	6	85,71%
Estranxeiras	1	14,29%
Total	7	100%

Fonte: Secretaría xeral da Igualdade. Xunta de Galicia





Nº de fillas e fillos a cargo das beneficiarias por provincia

<i>Provincia</i>	<i>Nº fillas</i>	<i>Nº fillos</i>	<i>Total</i>
A Coruña	0	1	1
Lugo	0	0	0
Ourense	0	0	0
Pontevedra	1	0	1
Total	1	1	2

Fonte: Secretaría xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



Artigos 44 e 45: Dereito de acceso á vivenda e acceso prioritario ás vivendas de promoción pública.

As actuacións realizadas polo Instituto Galego da Vivenda e Solo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda durante o ano 2019 respecto das vítimas de violencia de xénero son as que seguen:

- **Programa do bono de alugueiro social destinado ao alugamento de vivendas para as vítimas de violencia de xénero**, con financiamento do Pacto de Estado contra a violencia de xénero.

O 6 de marzo de 2019, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, a través do Instituto Galego da Vivenda e Solo, asinou un acordo coa Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza para desenvolver, no marco das medidas previstas no Pacto de Estado contra a violencia de xénero, as que se refiren a asegurar a existencia de recursos habitacionais suficientes e dignos para as mulleres vítimas de violencia de xénero.

O 24 de abril de 2019 publicouse no Diario Oficial de Galicia a Orde do 11 de abril de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións do Programa do bono de alugueiro social destinado ao alugamento de vivendas para as vítimas de violencia de xénero, con financiamento do Pacto de Estado contra a violencia de xénero.

Ao abeiro da citada orde dítase a Resolución do 28 de xuño de 2019 pola que se convocan as subvencións do Programa do bono de alugueiro social destinado ao alugamento de vivendas para as vítimas de violencia de xénero, con financiamento do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, para o ano 2019, con financiamento plurianual (código de procedemento VI482C).

O orzamento total destinado a estas subvencións foi de 1.650.000 €, de acordo coa seguinte distribución:

Ano 2019: 975.000 €

Ano 2020: 675.000 €

Segundo o artigo 2 das bases reguladoras de ditas subvencións, estas están destinadas a atender as seguintes unidades de convivencia:

- As das mulleres vítimas de violencia de xénero nunha relación de convivencia e de dependencia económica do seu agresor ou, no caso de mulleres vítimas de trata con fins



de explotación sexual, de dependencia da persoa que mantívese sobre ela unha relación de dominación.

Terán tamén esa consideración as mulleres que padecesen violencia vicaria ou violencia por interpósita persoa, con resultado de morte.

➤ As das fillas e fillos menores de 30 anos das vítimas mortais por violencia de xénero, calquera que sexa a natureza da súa filiación, que se encontrasen nunha situación de dependencia económica da nai ou do agresor no momento do falecemento da vítima.

Os requisitos que deben cumprir estas unidades de convivencia para acceder ás axudas son os establecidos no artigo 3 da citada Orde do 11 de abril de 2019 :

“Para que as unidades de convivencia previstas na letra a) do artigo 2.1 poidan ser beneficiarias destas axudas é preciso que concorran os seguintes requisitos:

a) Que, dentro do ano anterior á data de presentación da solicitude, cesase a convivencia co agresor ou coa persoa que manteña sobre ela unha relación de dominación. No caso de violencia vicaria ou violencia por interpósita persoa, o feito causante deberase ter producido dentro do ano anterior ao da presentación da solicitude.

b) Que o documento acreditativo da situación de violencia fose emitido dentro dos doce meses inmediatamente anteriores á data de presentación da solicitude.

No caso de acreditar a situación de violencia de xénero a través da orde de protección ou da medida cautelar, estas deberán estar vixentes na data de presentación da solicitude e manterse na data da resolución desta axuda. Para estes efectos, o órgano xestor solicitará informe ao Punto de Coordinación das Ordes de Protección de Galicia, radicado na Secretaría xeral da Igualdade.

Para que as unidades de convivencia previstas na letra b) do artigo 2.1 poidan ser beneficiarias destas axudas é preciso que concorra algún dos seguintes requisitos:

a) Que a persoa solicitante sexa menor de idade e estivese convivindo coa nai no momento da súa morte, independentemente da renda da unidade de convivencia.

b) Que a persoa solicitante sexa maior de idade e menor de 30 anos, e dependese economicamente da nai e/ou do agresor. Entenderase que existe dependencia económica cando na data do falecemento as fillas e os fillos percibisen rendas, de calquera natureza, que en cómputo anual sexan iguais ou inferiores a doce mensualidades do indicador público da renda de efectos múltiples (en diante, IPREM) a que se refira a convocatoria”.



As axudas consisten en bonos de alugueiro social cunha contía de 175€, 200€ ou 225€ mensuais, segundo a localidade onde estea situada a vivenda sobre a que se subscriba o contrato de arrendamento.

A axuda ten carácter anual, de maneira que cada unidade de convivencia só poderá percibir unha subvención de 12 bonos mensuais consecutivos, pero será susceptible, no caso de que se prevexa na correspondente convocatoria, dun máximo de dúas prórrogas ordinarias sucesivas, de 12 meses cada unha, ata acadar unha duración máxima de 36 meses.

Poderase solicitar unha axuda complementaria de 600€ para o suposto da inmediata formalización dun contrato de alugamento, para os efectos de atender as obrigas derivadas da constitución de fianza e da alta en subministracións.

No marco da convocatoria deste programa para 2019 concedéronse 120 axudas a vítimas de violencia de xénero por importe de 357.300 €.

- **Programa do bono de alugueiro social do Plan RehaVita 2015-2020:** No marco da convocatoria deste programa concedéronse 40 axudas a vítimas de violencia de xénero por importe de 130.000 €.
- **Vivendas adxudicadas a unidades de convivencia de vítimas de violencia de xénero:** 6 vivendas (3 de promoción pública e 3 en vivendas de convenio con entidades financeiras).

Artigo 46: Equipamentos sociais especializados.

O Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e o dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do Programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competente, modificado polo Decreto 148/2011, do 7 de xullo, inclúe, no seu articulado, os supostos de emerxencia social. Non obstante, o dito procedemento regúlase expresamente Na Orde do 2 de xaneiro de 2012, modificada pola Orde do 19 de abril de 2013, que desenvolve o citado Decreto 15/2010.

O procedemento de emerxencia social para persoas en situación de dependencia aporta ao tratamento integral da violencia de xénero un procedemento de actuación, tendo en conta que a maior porcentaxe de persoas en situación de dependencia son mulleres.



Son situacións de emerxencia social aquelas que, debidamente documentadas e obxectivadas, impliquen:

Unha situación de desamparo ou abandono

Malos tratos físicos e/ou psíquicos

Situacións de risco grave inminente para a súa integridade física e/ou psíquica

A estes casos daráselle prioridade na tramitación de xeito que se facilite ás persoas nesta situación a asignación dun recurso pola vía de emerxencia.

A Guía de actuación coordinada contra o maltrato de persoas maiores ou adultas con discapacidade, que inclúe as situacións de violencia de xénero, contempla:

- Que o Teléfono Social será o recurso a través do que se canalicen as consultas ou denuncias que se presenten por este malos tratos.
- Protocolos de actuación para os/as técnicos/as e profesionais dos diferentes axentes sociais que interveñen neste tipo de procesos.
- A habilitación de prazas en determinados centros de persoas maiores ou con discapacidade para as persoas que sexan vítimas de malos tratos e teñan que ser protexidas de forma urxente por correr perigo a súa vida e temporalmente mentres non se fai a intervención axeitada ou se xestiona o recurso idóneo.

Por outra banda, a Orde do 25 de novembro de 2015, modificada pola Orde do 3 de abril de 2017, pola que se regula o procedemento para o recoñecemento, declaración e cualificación do grao de discapacidade, e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes, establece, como motivo para darlle prioridade na tramitación do procedemento, a existencia dun procedemento aberto, xudicial ou administrativo, relativo a violencia de xénero, que se poida ver afectado polo recoñecemento e cualificación do grao de discapacidade.

Na actualidade, A Dirección Xeral de Miores e Persoas con Discapacidade, a través da Subdirección Xeral de Recursos Residenciais e de Atención Diúrna nos supostos de detección ou denuncia de violencia de xénero contra mulleres maiores e mulleres adultas con discapacidade, continúa coa posta en marcha de actuacións coordinadas con todos os axentes implicados (profesionais dos recursos sanitarios, sociais, de seguridade e xudiciais) e a tramitación da solicitude de ingreso preferente en residencia por emerxencia social e a adxudicación inmediata do servizo.



Titulo III: Da organización do sistema de protección e asistencia integral e especializada fronte á violencia de xénero.

Neste título faise referencia á organización do sistema de protección e asistencia integral e especializada, mediante a coordinación establecida desde a Rede galega de acollemento, incorporando todos os servizos e programas para a información, atención e recuperación das mulleres.

Artigo 47.-Criterios básicos.

Artigo 48.-Rede galega de acollemento.

Artigo 49.-Creación do Centro de Recuperación Integral para Mulleres que sofren violencia de xénero.

Artigo 50.-Rede de información ás mulleres.

Artigo 51.-Servizo de Atención 24 horas.

Artigo 52.-Punto de Coordinación das Ordes de Protección.

Artigo 53.-Puntos de encontro familiar.

Artigo.54 Creación de oficinas de atención ás vítimas dos delitos.

Artigo 55.-Titularidade e xestión dos servizos.

Artigo 56.-Confidencialidade da información.

Artigo 47: Criterios básicos

Dentro dos criterios básicos recollidos no artigo 47 da Lei 11/2007, a Secretaria xeral da Igualdade garante que na totalidade dos centros, servizos e recursos que conforman a rede de asistencia social integral ás mulleres que sofren violencia de xénero, a intervención se realiza dende una perspectiva de xénero.

- **Acompañamento e asesoramento na xestión dos trámites administrativos así como no apoio socio-educativo que precisen as fillas e fillos orfos das vítimas mortais da violencia de xénero en Galicia**

Con data 2 de xaneiro de 2019 a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza asinou un convenio de colaboración co Colexio Oficial de Xestores Administrativos de Galicia, cos Colexios Oficiais de Graduados Sociais de Galicia, con AGAXEN, (Asociación Galega de Profesionais da Auditoría Sociolaboral de Xénero e da



Prevención do Acoso e da Violencia de Xénero nas Organizacions) e co Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia (Ceesg), para o acompañamento e asesoramento na xestión dos trámites administrativos así como no apoio socio-educativo que precisen as fillas e fillos orfos das vítimas mortais da violencia de xénero en Galicia. Este convenio encádrase no marco das medidas 172, 210, 213 e do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero.

A súa finalidade é a de poñer en marcha un programa integral de apoio aos menores na Comunidade Autónoma de Galicia, para o acompañamento e asesoramento na xestión dos trámites administrativos que precisen as fillas e fillos orfos e menores de 30 anos, das vítimas mortais da violencia de xénero en Galicia, así como ás persoas que asumen a súa patria potestade, garda, custodia ou acollemento permanente (no caso de menores de 18 anos). Ademais, o convenio contempla o apoio socio-educativo para as fillas e fillos menores das vítimas mortais da violencia de xénero en Galicia, sempre que sexa preciso.

O Colexio Oficial de Xestores Administrativos de Galicia e os Colexios Oficiais de Graduados Sociais de Galicia colaboran apoiando a estes menores e ás persoas que asumen a súa custodia, no acompañamento e asesoramento na xestión dos trámites administrativos

O Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia colabora no apoio socio-educativo para as fillas e fillos menores

AGAXEN, Asociación Galega de Profesionais da Auditoría Sociolaboral de Xénero e da Prevención do Acoso e da Violencia de Xénero nas Organizacions, actúa como nexo de coordinación en todo o procedemento.

Pola súa parte, a Xunta de Galicia asume todos os custos derivados das accións levadas a cabo, sempre co consentimento expreso por parte dalgunha das persoas que asuman a patria potestade, garda, custodia ou acollemento permanente no caso de orfos/as menores de idade, ou dos propios fillos/as orfos/as no caso de maiores de idade e menores de 30 anos.

- **Colaboración coa Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia (FAXPG) para garantir unha atención integral ás mulleres xordas que sofren violencia de xénero**

A Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia ven traballando dende a súa fundación no desenvolvemento en accións que melloren a situación e a calidade de vida das persoas xordas, ante as Administracións e a sociedade en xeral e esixindo, como prioritario, o dereito a expresarse na súa propia lingua, a Lingua de Signos Española, e o acceso á información e a formación a través da mesma e conta cun Servizo de Intérpretes e Guías-Intérpretes de Lingua de Signos e cun Servizo Especializado de Atención a Persoas



Xordas, distribuídos en 6 Axencias FAXPG ubicadas nas principais cidades de Galicia, así como cun servizo de formación.

Con data 5 de agosto de 2019 a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, asinou un convenio de colaboración coa FAXPG, para garantir unha atención integral ás mulleres xordas que sofren violencia de xénero, no marco do Pacto de Estado contra a violencia de xénero.

O seu obxectivo principal é contribuír a mellorar a atención ás mulleres xordas e xordo-cegas que sofren violencia de xénero en Galicia, coa posta en marcha dun servizo de intérpretes en lingua de signos dende o momento de presentación da denuncia, así como apoiar a formación das e dos profesionais que traballan neste eido.

As actuacións desenvolvidas ao abeiro deste convenio foron:

- Posta en marcha do servizo de intérpretes con atención prioritaria ás mulleres vítimas de violencia de xénero xordas e xordo-cegas. Neste servizo atendéronse a 6 mulleres coas que se fixeron un total de 28 intervencións.
- Formación específica dirixida a profesionais de atención especializada a mulleres xordas, na que participaron un total de 22 profesionais.



- Xornada dirixida a mulleres xordas sobre sensibilización e prevención de situacións de violencia, na que participaron 39 mulleres.- Adaptación de materiais en LSE e subtitulación dende a páxina web da Secretaría Xeral da Igualdade en contidos relacionados coa violencia de xénero e a sensibilización social.



➤ **Programa DEDALEIRA-Unidade QUERELAR: Detección e identificación de situacións contra a liberdade e indemnidade sexual en mulleres con discapacidade.**

No ano 2019 a Secretaría xeral da Igualdade asinou un convenio de colaboración coa Asociación de Mulleres con Discapacidade de Galicia (ACADAR) para o mantemento do servizo Dedaleira, especializado en información e asesoramento afectivo-sexual para ás mulleres con discapacidade e a súa contorna, por importe de 40.000 euros.

A súa finalidade é manter o funcionamento do Servizo DEDALEIRA: servizo especializado de información e asesoramento afectivo-sexual, destinado ás persoas con discapacidade, no que se inclúe asesoramento individualizado, accións de formación grupal, e o acompañamento e a atención a persoas que viviron ou están a vivir situacións de abusos; De atención e promoción da autonomía afectivo-sexual para as persoas con discapacidade e a súa contorna (familiares, amizades, profesionais, institucións...), que inclúe unha unidade específica de detección e identificación de situacións contra a liberdade e a indemnidade sexual: QUERELAR.

Os obxectivos específicos son:

Obxectivo específico 1: Mantemento do servizo de Dedaleira.

Actividades:

- Mantemento e ampliación dun equipo de traballo especializado.
- Revisión e mellora dos protocolos de actuación.
- Divulgación do servizo.
- Prestación do servizo a través da orientación, información e asesoramento de forma presencial, telefónica e on-line, no que se dea información accesible e adaptada, aténdanse demandas específicas, búsquense solucións a dificultades concretas e do desenvolvemento de intervencións individualizadas e adaptadas ao perfil e ás necesidades de apoio de cada persoa, así como da prestación de apoio psicosocial.

Obxectivo específico 2: Manter a unidade de prevención, detección e intervención en situacións contra as liberdades e indemnidade sexual (Unidade Querelar).

Actividades:

- Valoración dos casos e asesoramento para a toma de decisións
- Atención psicolóxica individual e grupal.
- Asesoramento legal.
- Asesoramento/Intermediación cos axentes xudiciais para axustes de procedementos



Obxectivo específico 3: Desenvolvemento de formación específica e profesional dirixida a persoas con discapacidade, a súa contorna afectiva, equipos profesionais que traballa no ámbito da discapacidade, centros educativos de educación especial e/ou axentes xudiciais.

Actividades:

- Deseño, execución e avaliación de actividades formativas sobre educación afectivo-sexual, prevención, detección e intervención ante/de situacións violencia e/ou abuso.
- Deseño, execución e avaliación de actividades formativas ante necesidades/situacións específicas.

Nas diferentes actividades realizadas no marco deste convenio participaron 53 persoas (39 mulleres e 14 homes).

Artigo 48: Rede galega de acollemento

Os diferentes centros de acollida, que no seu conxunto configuran a rede galega de acollemento, son recursos especializados residenciais e temporais que ofrecen acollida, atención e recuperación ás mulleres que sofren violencia de xénero e ás e aos menores ao seu cargo que requiren dun espazo de atención e protección debido a situación de indefensión ou risco debido a situación de violencia de xénero.

Están atendidos por equipos multidisciplinares que dan cobertura integral de atención e/ou recuperación: atención psicolóxica, educativa, sociolaboral, xurídica así como o favorecemento da normalización da situación persoal das mulleres, da súa unidade persoal e a superación dos efectos da violencia de xénero.

As normas e requisitos específicos dos centros establécense regulamentariamente.

➤ **Rede galega de de acollemento: Centros de acollida e vivendas tuteladas**


Ante a situación de indefensión en que se atopan moitas mulleres en situación de violencia de xénero, nalgúns casos con grave perigo para elas e os seus fillos e as súas fillas, a Xunta de Galicia ten articulada unha rede de casas de acollida para mulleres maltratadas, cunha conexión entre elas, de tal xeito que as mulleres galegas que o precisen, por atoparse na referida situación de indefensión, teñan un lugar de referencia onde acudir.

En colaboración cos concellos e outras institucións vense prestando, en distintas localidades, este servizo dirixido a mulleres que sofren malos tratos e ás súas fillas e aos seus fillos, co obxecto de que dispoñan dun tempo e un espazo no que poidan reorientar a súa situación persoal, facilitándolles as ferramentas elementais, tanto económicas coma psicosociais.



Centros de acollida			
Provincia	Nº centros	Titularidade	Nº prazas dispoñibles
A Coruña	3	Municipal	36
Lugo	2	Municipal /Entidade	19
Ourense	1	Entidade	10
Pontevedra	1	Municipal /autonómica	20

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia




Os datos relativos á Rede Galega de Acollemento no ano 2019 son os seguintes:

Nº Total de persoas usuarias


Nº Usuarias	Total
Mulleres soas	41
Mulleres con menores	52
Total mulleres	93

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



Nº de persoas usuarias	Total
Mulleres	93
Menores	86
Total	179


Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



Nº de persoas usuarias por provincias

Nº persoas usuarias no ano 2019				
Localidade	Mulleres	Nenas Menores	Nenos Menores	% media ocupación da RGA
A Coruña	34	18	7	83 %
Lugo	14	4	11	87 %
Ourense	21	6	10	97 %
Culleredo	6	3	4	96 %
Ferrol	18	8	15	68 %
Total	93	39	47	86 %


Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



Nº de usuarias por nacionalidade

Nacionalidade	Nº	%
Españolas	45	48 %
Estranxeiras	48	52 %
Total mulleres	93	100 %

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia




Nº de usuarias por idade

Idade das mulleres	Nº	%
18-25	21	23%
26-35	30	32%
36-45	25	27%
46-54	11	12%
55-64	6	6%
Máis de 65	0	0%
Total mulleres usuarias	93	100%

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia





Nº de usuarias segundo procedencia da derivación

Modo de derivación	Nº
Desde C.I.M	34
Desde Servicos Sociais	7
Desde Policía Nacional	9
Desde Garda Civil	4
Desde Policía Local	0
Desde Xulgados	3
Desde hospitais	0
Desde asociacións	4
Desde Outras Casas de Acollida da CC.AA	6
Desde Outras Comunidades Autónomas	0
Outro modo de derivación (Rede galega de Acollemento)	26
Total Mulleres usuarias	93


Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



Nº de usuarias segundo vínculo co agresor

Vínculo co agresor	Nº
Cónxuxe ou excónxuxe	34
Parella ou exparella	56
Outro vínculo	3
Total mulleres usuarias	93

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



Tempo medio de estancia na Rede Galega de Acollemento

Estancia no centro	Nº
Ingresos provisorios	9
11-30 días	14
31-45 días	6
46-60 días	3
61-75 días	2
76-90 días	8
91-180 días	18
Máis de 180 días	16

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



➤ **Rede galega de de acollemento: Centro de Emerxencia para mulleres vítimas da violencia de xénero (CEMVI)**

O Centro de Emerxencia de Vigo para mulleres vítimas da violencia de xénero é un Centro da Rede Galega de Acollemento nos termos previstos na lei 11/2007, do 27 de xullo para a prevención e o tratamento da violencia de xénero, xestionado de maneira integral polo **Consortio Galego Servizos de Igualdade e Benestar** (adscrito á Consellería de Política Social), e coa colaboración da **Secretaría Xeral da Igualdade**. Ten como finalidade proporcionar aloxamento inmediato e de curta estancia ás mulleres e as persoas delas dependentes, que se atopen inmersas nunha situación de malos tratos e garantirlles un acollemento de emerxencia mentres se valora a súa situación e/ou se efectúa unha derivación a outro dispositivo máis axeitado.

- **Prazas**

O número de prazas do CEMVI é de 20, contando tanto mulleres como persoas dependentes delas.

Atención continuada e estancia máxima:

O Centro de Emerxencia garante unha atención continuada as usuarias todos os días do ano, incluídos sábados, domingos e festivos.

A estancia no CEMVI divídese nun período de ingreso provisional, de ata 10 días, e o período definitivo que é dun mes prorrogable, en función do cumprimento de obxectivos. A estancia máxima é de tres meses, agás situacións especiais a valorar de maneira individualizada

Outra prestación que o centro continua ofrecendo para mellorar a atención ás mulleres e vítimas de violencia de xénero inmigrantes, é o servizo de teletradución, que ofrece sen custo a Secretaría Xeral da Igualdade, e facilita a comunicación en 51 idiomas.

Por outra banda dende o CEMVI séguese atendendo o teléfono 24 horas de atención á muller do Concello de Vigo. Durante o ano 2019 atendéronse un total de 669 chamadas.

➤ **Equipo do CEMVI**

Durante o ano 2019 o CEMVI tivo a seguinte composición: 3 persoas de servizos xerais, 3 educadoras sociais, 1 psicóloga, 1 avogada e a traballadora social e directora do CEMVI.

O Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar segue a establecer a posibilidade de dispor de xerocultoras e outro persoal especializado no caso de ingresos de persoas con



discapacidade que precisen de axuda ou terceira persoa.

Tamén se mantivo o servizo de atención a menores para aquelas situacións nas que se valorase esta necesidade.

Ingreso:

Admítese no centro de emerxencia ás mulleres maiores de idade, vítimas de malos tratos físicos, psíquicos, económicos ou sexuais e ás persoas delas dependentes que requiran un aloxamento inmediato e urxente ou carezan de recursos propios para afrontar a situación.

Condicións especiais de acceso:

1. As mulleres con problemas de drogadicción e/ou alcoholismo só poden ingresar, logo da correspondente valoración, se están nun programa de deshabitación con seguimento terapéutico ou médico, debidamente acreditado por un informe do seu médico/a ou terapeuta. En ningún caso se permite a estancia no centro se existe un consumo activo de substancias e/ou alcohol.
2. As mulleres con trastornos mentais graves deben acreditar a través de informe psiquiátrico, que conservan unha capacidade funcional axeitada para a súa integración no centro. Non se permite o ingreso no caso de trastornos mentais graves en fase aguda, sintomatoloxía activa ou descompensada.
3. No caso de mulleres que padezan unha enfermidade infecto-contaxiosa, poden ingresar sempre que acompañen informe médico no que se valoren os riscos que poidan existir para as outras persoas coas que convivan, así como a viabilidade das medidas e coidados que sexan necesarios poñer en práctica.
4. No caso de mulleres que exerzan a prostitución será necesario que manifesten o compromiso de abandonar o exercicio activo da mesma durante a estancia no centro.

- **Intervencións:**

- Intervención social: inclúe o coñecemento da realidade familiar e o entorno social que influirá na intervención que se leve a cabo, asesoramento laboral para a busca de emprego ou mellora da súa formación, información sobre prestacións económicas, de vivenda, recursos da comunidade, asociacións de mulleres, coordinación con outros servizos e recursos para completar o diagnóstico e a intervención e realización de informes sociais.

Establécese un plan de intervención individualizado e coordinado coas distintas profesionais do centro, que resolva de forma áxil situacións de crise ou necesidades



de atención especializada.

Os eidos de actuación máis concretos coas usuarias son: prestacións económicas, escolarización dos/as nenos/as, ámbito sanitario, ámbito laboral e vivenda

Semanalmente a traballadora social reúnese de maneira grupal coas mulleres do centro para coñecer as súas demandas e as dificultades coas que se atopan de cara a apoialas na súa recuperación biopsicosocial.

- Intervención psicolóxica: dirixida a realizar a avaliación psicolóxica de cada usuaria, para a valoración de ingreso, para delimitar o punto de partida da intervención psicoterapéutica e establecer un plan individualizado da intervención psicolóxica durante a súa estancia no centro e posteriormente preparar ás usuarias para a súa saída do Centro e, de ser o caso, as derivacións para tratamento psicoterapéutico a outros dispositivos.

Ademais da intervención individual desenvólvese un obradoiro grupal denominado Bolboreta, cuxos obxectivos xerais son: visibilizar a violencia sufrida por parte das mulleres, aliviando así a súa culpa e confusión; e favorecer a toma de conciencia e o desenvolvemento persoal como muller. E tamén un proxecto psicoeducativo cos e coas menores adaptado ás idades dos/as menores.

- Intervención educativa: a finalidade é facilitar e apoiar ás mulleres e aos seus fillos e fillas no seu proceso de autonomía e independencia potenciando os seus recursos e habilidades persoais.

Cada muller ten unha educadora de referencia que é a encargada de reforzar e apoiar as necesidades desa muller.

Existe igualmente unha educadora para as fillas e fillos das mulleres, que traballa todo aquilo que afecta á relación materno-filial, así como ao crecemento da/do menor.

Programas educativos con mulleres e menores:

- Escola de nais: co obxectivo de favorecer a reconstrución da relación nai e fillos/as, deteriorado pola situación de violencia e maltrato vivido na familia e pola falta de habilidades nalgúns casos.
- Programa emprego: para apoiar a busca de emprego e/ou formación para o acceso ao mesmo e facilitar habilidades para a mesma.



- Programa lúdico-cultural: para que as mulleres e os seus fillos e fillas aprendan a ter e disfrutar o seu tempo de ocio.
- Programa Faladoiro, de resolución de conflitos.
- Programa Cativadas: programa psicoeducativo para menores.
- Intervención xurídica: A avogada do CEMVI asesora ás mulleres sobre a súa situación e dereitos, e tamén serve de enlace cos diferentes profesionais que as atenden e leva a cabo diversas xestións de cara a normalizar a situación legal das mulleres usuarias do Centro.

No CEMVI, durante o ano 2019, desenvolvéronse reunións de coordinación con diferentes administracións e entidades de iniciativa social co obxectivo de mellorar a atención e intervención que se leva a cabo coas persoas usuarias do centro.

Mantívose o convenio asinado coa Fundación Celta de Vigo para o desenvolvemento do programa de ocio, tempo de lecer, cultura e deporte do CEMVI e a concienciación social contra a violencia de xénero.

Coa financiación de Fondos do Pacto de Estado en materia de violencia de xénero durante o ano 2019 puxéronse en marcha no CEMVI os seguintes programas:


- 1) Programa de asesoramento xurídico: prestouse orientación, apoio profesional e asesoramento legal en todos os trámites para garantir unha protección integral dos dereitos das mulleres en situación de violencia de xénero, así como das persoas que as acompañan.
- 2) Programa de acompañamentos: fixéronse a través da posta en marcha do convenio de colaboración asinado coa asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os malos tratos.
- 3) Programa de atención a menores, dinamización infantil e xuvenil: grazas ao convenio de colaboración asinado coa asociación Mulleres Progresistas prestouse atención ás e ós menores para favorecer a conciliación das nais e, á vez, desenvolver actividades lúdicas, de lecer, de reforzo educativo e culturais.

Datos de ocupación do CEMVI no 2019:

Datos de Ocupación	
Mulleres	57
Nenas menores	21
Nenos menores	31
Total	109

Fonte: Centro de Emerxencia de Vigo






Porcentaxe media de ocupación do CEMVI no ano 2019 **85,15 %**

Novos ingresos do CEMVI no 2019:

Datos de Ingresos	
Mulleres	48
Nenas menores	16
Nenos menores	27
Total	91

Fonte: Centro de Emerxencia de Vigo




Datos das mulleres que ingresaron no CEMVI no ano 2019:

. Procedencia das usuarias:

Procedencia das usuarias	Nº	%
Provincia de Pontevedra	36	74,00 %
Provincia da Coruña	5	12,00 %
Provincia de Lugo	1	1,00 %
Provincia de Ourense	5	11,00 %
Resto de España	1	2,00 %
Total	48	100,00 %

Fonte: Centro de Emerxencia de Vigo




Usuarias segundo nacionalidade:

Nacionalidade	Nº	%
Española	26	53,19 %
Estranxeira	22	46,81 %
Total	48	100,00 %

Fonte: Centro de Emerxencia de Vigo






Mulleres e persoas dependentes

SITUACIÓN	Nº	%
Soas	18	37,50%
Con menores	30	62,50%
Total	48	100,00%


Fonte: Centro de Emerxencia de Vigo



Derivacións de ingresos

Organismo derivante	Nº	% derivacións
CIM	20	41,66%
Forzas e corpos de seguridade	20	41,66%
Asociacións/fundacións	2	4,25%
Hospitais	3	6,38%
Xulgados	1	2,13%
Centros de acollida	2	4,25%
Total	48	100,00%

Fonte: Centro de Emerxencia de Vigo




Idades das mulleres usuarias do CEMVI

Idade	Nº	%
18-20	2	4,16%
21-25	5	10,41%
26-30	7	14,50%
31-35	7	14,50%
36-40	8	16,66%
41-45	10	20,83%
46-50	3	6,25%
51-55	2	4,16%
56-60	2	4,16%
61-70	1	2,08%
>71	1	2,08%
Total	48	100,00%

Fonte: Centro de Emerxencia de Vigo






Relación cos agresores

Relación	Nº	%
Cónxuxes	9	19,15%
Parella con convivencia	30	61,70%
Mozo sen convivencia	0	0,00%
Familia (homes)	1	2,13%
Explotación sexual/Trata	1	2,13%
Exparella	4	8,51%
Excónxuxe	2	4,25%
Outros	1	2,13%
Total	48	100,00%

Fonte: Centro de Emerxencia de Vigo






Mulleres que tiñan ou obtiveron orde de protección

Orde de protección	Nº	%
Con OP	28	57,45%
OP Denegada	14	29,79%
Sen denuncia ou non solicitada OP	4	8,51%
Sen resolución	2	4,25%
Total	48	100,00%


Fonte: Centro de Emerxencia de Vigo



Promedio de estancia no CEMVI

Días de estancia	Nº	Porcentaxe
< 11 días	13	26,75%
11-30 Días	9	19,11%
31-60 Días	14	28,66%
61-90 Días	10	21,66%
> 90 Días	2	3,82%
Total	48	100,00%

Fonte: Centro de Emerxencia de Vigo



■ **Rede galega de acollemento: Vivendas de seguridade para mulleres vítimas de explotación sexual e trata**

O artigo 3 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo, considera como unha forma de violencia de xénero a trata de mulleres e nenas con fins de explotación sexual.

Por outra banda, o artigo 47.1 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero establece que os centros e servizos que conforman os recursos de asistencia integral ás mulleres que sofren violencia de xénero teñen como finalidade básica achegarlles axuda e asistencia directa ás mulleres e ás persoas delas dependentes, e apoialas na procura de solucións dos conflitos que derivan da



violencia; e o artigo 41.3 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, dispón que a Xunta de Galicia loitará contra o tráfico de mulleres, nenas e nenos que teñan como finalidade fundamental a súa explotación sexual no territorio da nosa comunidade autónoma, establecendo que esa loita deberá realizarse a través dunha intervención integral que permita a prevención, detección, atención e, se é o caso, integración das mulleres vítimas do tráfico de explotación sexual.

Ademais, a Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, modificado pola Lei orgánica 10/2011, do 27 de xullo e que ten por obxecto perfeccionar a coherencia normativa co Convenio número 197 do Consello de Europa, do 16 de maio de 2005, de loita contra a trata de seres humanos, que exige brindar asistencia integral ás vítimas de trata, independentemente de se colaboran ou non e da súa situación administrativa, e o o artigo 59 bis da citada Lei orgánica dispón que os órganos administrativos competentes, cando consideren que existen motivos razoables para crer que unha persoa estranxeira en situación irregular foi vítima de trata de seres humanos, informarán a persoa interesada sobre as previsións deste artigo e elevarán á autoridade competente para a súa resolución a oportuna proposta sobre a concesión dun período de restablecemento e reflexión, de acordo co procedemento previsto regulamentariamente. O dito período de restablecemento e reflexión terá unha duración de, polo menos noventa días, e deberá ser suficiente para que a vítima poida decidir se desexa cooperar coas autoridades na investigación do delito e, de ser o caso, no procedemento penal.

No ano 2019 a **Secretaría Xeral da Igualdade** e **dúas entidades de iniciativa social** asinou tres convenios de colaboración con entidades sen ánimo de lucro para o mantemento de dispositivos destinados á atención integral a mulleres vítimas de explotación sexual e trata no que se lles presta acollida, axuda e asistencia directa, integran nos seus dispositivos unha vivenda de seguridade, destinada a facilitarlles ás mulleres que deciden abandonar a situación de explotación dun espazo de reflexión previo á denuncia que resulte suficiente para que a vítima poida restablecerse e escapar á influencia dos traficantes e/ou poida decidir, con coñecemento de causa, a súa cooperación coas autoridades competentes.

A vulnerabilidade das mulleres vítimas de explotación sexual (situación de persoas explotadas, estigmatización e rexeitamento social que soportan, dificultades do idioma, medo, situación de inmigración ilegal) ponse especialmente de manifesto cando as mulleres deciden rachar coa situación de explotación na que se atopan; por iso **dende a Secretaría Xeral da Igualdade** considérase prioritario fomentar toda actividade desenvolvida ao respecto e colaborar con aquelas entidades, como é o caso, que contan con centros e




persoal propio para prestar un servizo integral, de atención, apoio, acollida e de recuperación destinados a facilitarlles ás mulleres que deciden abandonar a situación de explotación dun espazo de reflexión previo á denuncia que resulte suficiente para que a vítima poida restablecerse e escapar á influencia dos traficantes e/ou poida decidir, con coñecemento de causa, a súa cooperación coas autoridades

Nº total de persoas usuarias

Persoas usuarias		
Mulleres	Menores	
	Nenas	Nenos
31	0	2


Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



Nacionalidade	Nº de mulleres	Nº de menores		Total
		Nenas	Nenos	
Bolivia	1	0	0	1
Brasil	8	2	0	10
Colombia	8	0	0	8
Nicaragua	1	0	0	1
Nixeria	3	0	0	3
Paraguai	4	0	0	4
República Dominicana	1	0	0	1
Venezuela	5	0	0	5
Total	31	2	0	33

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia






Nº de usuarias por intervalos de idade

Intervalos de idade	
Menor de 25	14
Entre 25 e 54	17
Máis de 54	0
Total	31

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



- **Rede galega de acollemento: vivenda tutelada especializada para mulleres con enfermidade mental vítimas da violencia de xénero**

No ano 2019 a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da **Secretaría Xeral da Igualdade** mantivo a colaboración coa Asociación de axuda ao enfermo mental “A Mariña”, de Burela, para o mantemento dunha vivenda tutelada especializada para a acollida de mulleres con enfermidade mental vítimas de violencia de xénero.

A vivenda conta con 4 prazas e presta unha atención integral ás mulleres con enfermidade mental que padecen violencia de xénero, proporcionando apoio, aloxamento, manutención ás mulleres e aos seus fillos e fillas.

Algúns dos programas de intervención establecidos son:

- Programa benvinda: contempla a acollida, valoración e instalación de cada usuaria na vivenda, así como as xestións que garantan a atención das súas necesidades inmediatas, así como das súas fillas e fillos, de ser o caso.
- Programa de habilidades sociais e autoestima: contempla o traballo das habilidades sociais e a reconstrución e fortalecemento da autoestima.
- Programa de atención integral: este programa ten en conta as circunstancias de partida de cada usuaria para adaptar a intervención ás súas necesidades, tendo en conta tres áreas fundamentais: área psicolóxica, área social e área laboral.

Datos das persoas usuarias desta vivenda en 2019:


N.º usuarias	Total
Mulleres soas	6
Mulleres con menores	1
Total mulleres	7

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia

N.º de persoas usuarias no ano 2019			
Mulleres	Nenas menores	Nenos menores	% media ocupación
7	0	1	94,00 %

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia






Nacionalidade	Nº	%
Españolas	4	57,14 %
Estranxeiras	3	42,86 %
Total mulleres	7	100,00 %

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia

Idade das mulleres	Nº	%
18-25	0	0,00 %
26-35	1	14,29 %
36-45	3	42,86 %
46-54	1	14,29 %
55-64	2	28,57 %
Máis de 65	0	0,00 %
Total mulleres usuarias	7	100,00 %

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



Vínculo co agresor	Nº
Cónxuxe ou excónxuxe	2
Parella ou exparella	3
Outro vínculo	2
Total mulleres usuarias	7

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia

Estancia no centro	Nº
Ingresos provisorios	1
11-30 días	2
31-45 días	0
46-60 días	1
61-75 días	0
76-90 días	0
91-180 días	0
Máis de 180 días	0

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia

■ **Rede galega de acollemento: Outros recursos de acollemento para mulleres vítimas de violencia de xénero**

A Secretaría xeral da Igualdade convocou en 2019 axudas e subvencións a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para programas dirixidos a mulleres en situación de especial vulnerabilidade, xa mencionadas no apartado correspondente ao Fomento do movemento asociativo, (Resolución da **Secretaría Xeral da Igualdade** do 21 de decembro de 2018 (DOG nº 18, do 25 de xaneiro de 2019), na que un dos tipos de programa subvencionados son os Programa de recursos integrais de atención personalizada e especializada para mulleres en situación de especial vulnerabilidade, pertencentes a un ou varios colectivos nos que conorra dita situación (entre os que están as vítimas de violencia de xénero).

Foi beneficiaria desta axuda, entre outras, unha entidade para o desenvolvemento dun *Programa pluriasistencial de apoio e rehabilitación con aloxamento para mulleres en situación de especial vulnerabilidade con enfermidade mental* (incluídas as vítimas de violencia de xénero), por un importe de 25.153,97 euros.



Ademais, Galicia está adherida ao Protocolo Nacional de derivación entre as Comunidades Autónomas para a coordinación das súas redes de centros de acollida para as mulleres vítimas da violencia de xénero e dos seus fillos e fillas (véxase páxina 357).

Artigo 49: Creación do Centro de Recuperación Integral para Mulleres que sofren Violencia de Xénero



O Decreto 1/2014, do 9 de xaneiro, polo que se regula a creación do Centro de Recuperación Integral para Mulleres que Sofren Violencia de Xénero (modificado polo Decreto 130/2016, do 15 de setembro e polo Decreto 82/2017, do 28 de xullo), configura o Centro coma unha unidade adscrita á Secretaría Xeral da Igualdade con competencias en materia de atención integral ás vítimas de violencia de xénero e ás persoas delas dependentes, especialmente as súas fillas e fillos menores. O mesmo decreto establece a súa sede en Santiago de Compostela.

O Decreto 130/2016, de 15 de setembro de Vicepresidencia e Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, que establece os requisitos e o procedemento para o recoñecemento e acreditación dos centros de información á muller de titularidade das entidades locais de Galicia, así como para a modificación e extinción do seu recoñecemento, modificou a través da súa disposición final primeira o Decreto 1/2014, de 9 de xaneiro, no seu artigo 2, apartado 1 e 2, así como no seu artigo 8, apartado primeiro, no sentido de facer visible a atención que xa se estaba a prestar ás fillas e fillos menores, tamén considerados vítimas da violencia de xénero; e ao mesmo tempo permite que a derivación ao CRI poida realizarse por parte de entidades que acrediten colaboración estable coa Secretaría Xeral de Igualdade.



Finalidade do CRI

A finalidade do CRI é desenvolver un modelo de atención integral para as mulleres vítimas de violencia de xénero, baseado nun sistema coordinado de servizos, recursos e medidas de carácter social, laboral e económico, que permita evitar duplicidades e racionalizar a xestión.

Actuará ademais como centro de referencia e coordinador da Rede Galega de Acollemento (RGA); como centro colaborador nas derivacións de vítimas de violencia de xénero fóra de Galicia e receptor das que cheguen á nosa comunidade derivadas desde outras partes do Estado; como centro de formación na loita contra a violencia de xénero, tanto para profesionais, fundamentalmente dos centros de información á muller e dos servizos sociais, como para o voluntariado e cidadanía en xeral; como centro colaborador co Punto de Coordinación das Ordes de Protección de Galicia; como centro impulsor da creación de grupos de autoaxuda, intervención e coñecemento entre mulleres que teñan sufrido, vivido e superado situacións de violencia de xénero e como centro de atención, individual e grupal, das e dos menores fillas e fillos das usuarias do centro ou que se atopen baixo a súa tutela ou garda e custodia.

Persoal do CRI

O Centro está integrado por un equipo multidisciplinar e especializado que actuará baixo a dependencia da directora do Centro, que será persoal funcionario de carreira, encadrado no ámbito de aplicación do artigo 2.1 do Estatuto básico do empregado público e terá a consideración de xefatura de servizo con nivel 28A. O equipo do CRI estará composto por:

- Unha directora
- Unha psicóloga.
- Un posto base subgrupo A1
- Unha terapeuta ocupacional.
- Unha traballadora social.
- Unha titulada de grado medio.
- Unha subalterna

O Centro de Recuperación Integral está en funcionamento durante todo o tempo preciso para cubrir as necesidades da muller e das súas fillas e fillos; cunha flexibilidade máxima para atender á conciliación da vida laboral, persoal e familiar das persoas usuarias, en calquera día da semana, traballando tanto tardes como sábados ou domingos, se é necesario para as mulleres.



Persoas usuarias

Poden ser usuarias do Centro as mulleres vítimas de violencia de xénero que acrediten a situación de violencia de xénero a través de:

- a) Certificación da orde de protección ou da medida cautelar, ou testemuño ou copia autenticada pola secretaria ou polo secretario xudicial da propia orde de protección ou da medida cautelar.
- b) Sentenza de calquera orde xurisdiccional que declare que a muller sufriu violencia en calquera das modalidades definidas na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.
- c) Certificación e/ou informe de servizos sociais e/ou sanitario da Administración pública autonómica ou local.
- d) Certificación dos servizos de acollida da Administración pública, autonómica ou local.
- e) Informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de violencia.
- f) Informe da Inspección de Traballo e da Seguridade Social.
- g) Calquera outra que se estableza regulamentariamente.

Tamén poderán ser usuarias as persoas dependentes ou ao cargo destas mulleres, facendo unha especial mención as súas fillas e fillos.

O acceso ao Centro de Recuperación Integral realizarase mediante procedementos protocolizados de derivación a través de:


- a) Centros que compoñen a Rede galega de información ás mulleres.
- b) Centros da Rede galega de acollemento.
- c) Servizos sociais comunitarios e especializados da nosa comunidade autónoma.
- d) Centros de servizos sociais das diferentes comunidades autónomas.
- e) Outros centros ou entidades que acrediten colaboración estable no ámbito da igualdade e a erradicación da violencia de xénero co órgano competente en materia de igualdade da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.



No ano 2019 tiveron lugar 9 derivacións de unidades familiares ao CRI:

CASOS DERIVADOS	
Mulleres soas	2
Mulleres acompañadas de fillas/os ou doutros membros da unidade familiar	7
TOTAL	9


Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



Derivacións por provincias:

CASOS DERIVADOS POR PROVINCIAS	
A Coruña	8
Lugo	0
Ourense	0
Pontevedra	1
TOTAL	9

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



Derivacións por Entidades derivantes:

ENTIDADES DERIVANTES	
Rede galega de información ás mulleres	5
Servizos sociais comunitarios e especializados	2
Rede galega de acollemento	0
Servizos sociais de outras comunidades autónomas	0
Solicitude directa da persoa usuaria	2
TOTAL	9

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia

Derivacións segundo os membros da unidade familiar

DERIVACIÓNS CON OU SEN MÁIS MEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR	
Con máis membros	7
Só a muller	2
TOTAL	9


Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia

O nº de persoas usuarias do Centro de Recuperación Integral no ano 2019 foi de 100 persoas.

PERSOAS USUARIAS 2019	
Mulleres	63
Fillas das mulleres	12
Fillos das mulleres	20
Mulleres dependentes	3
Homes dependentes	2
TOTAL	100

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia






Nacionalidade das mulleres usuarias do Centro de Recuperación Integral

NACIONALIDADE DAS MULLERES USUARIAS	
Española	59
Estranxeiras	4
TOTAL	63


Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



Desglose por provincias segundo unidades familiares atendidas no CRI:

	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA
Unidades familiares	46	8	1	8

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



Intervención: Área de traballo individualizado

O Centro de Recuperación Integral está en funcionamento durante todo o tempo preciso para cubrir as necesidades da muller e das súas fillas e fillos; cunha flexibilidade máxima para atender á conciliación da vida laboral, persoal e familiar das persoas usuarias, en calquera día da semana, traballando tanto tardes como sábados ou domingos, se é necesario para as mulleres.

Para levar a cabo o traballo con cada usuaria desde unha perspectiva dinámica, deséñase para cada unha delas o Plan de Atención Individualizada (PAI). É un documento que serve de guía durante toda a intervención, resitúa a muller e profesionais durante todo o proceso de intervención, permitindo non perder de vista os obxectivos consensuados coa muller e/ou co ou coa menor.



Existe unha aplicación informática na que se recolle toda a información sobre a problemática concreta de violencia de xénero, as necesidades e expectativas existentes, os obxectivos pactados, as actuacións a realizar, a avaliación dos obxectivos, posibles modificacións dos mesmos, e obxectivos conseguidos, así como o seguimento da persoa usuaria. A aplicación incorpora tamén un xestor de documentos que permite o arquivo dixital da documentación referida á cada unha das usuarias.

A continuación enuméranse distintas áreas que son abordadas dende o Centro de Recuperación integral no traballo coas **mulleres usuarias** do recurso:

ÁREA DE XÉNERO: É fundamental coñecer o que é a desigualdade, para poder desculpabilizar ás persoas que a sofren; e identificar a violencia de xénero como o aspecto máis grave da desigualdade. Esta área trabállase de maneira transversal co afán de que a muller entenda que a desigualdade procede dun contexto sociocultural onde a preeminencia do home sobre a muller segue presente; entenda o que é a violencia de xénero, as características da mesma, as súas consecuencias e as reaccións normais fronte a esas situacións, para que poida entender o que viviu e como superalo e recoñeza os machismos e micromachismos presentes na sociedade.

ÁREA TERAPÉUTICA: A liña terapéutica engloba dous aspectos determinantes, o emocional e o competencial, e así:

-Dentro do eido emocional trabállase, tanto de maneira individual como especialmente grupal, tódolos apartados que permitan que unha muller manexe as súas emocións, as recoñeza e poida traballar con elas, intentado acadar os obxectivos de facilitar a súa recuperación emocional, cunha mellora do seu autoconceito e autoestima e fomentar a independencia emocional da muller, incidindo nas súas relacións de parella.

-Dentro do eido competencial, é de destacar a necesidade de desenvolver ou restaurar habilidades para participar nas ocupacións da vida diaria dunha maneira competente, saudable e satisfactoria, tanto na figura da muller (sobrevivente da violencia de xénero) como da súa familia, tomando como alicerce o empoderamento e a participación nunha vida saudable, ata acadar unha verdadeira autonomía persoal, e unha real ocupación das actividades da vida diaria. Os obxectivos son identificar, traballar e potenciar aquelas habilidades físicas, cognitivas ou psicosociais necesarias para a realización das actividades básicas da vida diaria; adquirir hábitos e rutinas diarias e conseguir que o ocio e a participación social formen parte da vida da muller.

ÁREA PSICOEDUCATIVA: Esta liña pretende que a muller cambie o seu papel de vítima a sobrevivente, pasando da pasividade á actividade, a ser axente de cambio de seu.



Para isto será necesario adquirir e adestrar as habilidades de relación interpersoal que faciliten unha relación adaptativa co entorno social e a mellora da calidade de vida; establecer e manter relacións interpersoais gratificantes e potenciar os recursos persoais facilitadores do cambio.

ÁREA LABORAL: Nesta liña trabállase desde o comezo tendo en conta o punto de partida da muller, tanto no eido formativo laboral, apoiando o proceso de formación da muller, tanto regrada como ocupacional, incrementando coñecemento das TICs entre as mulleres reforzando as súas habilidades, coñecementos e acceso ás tecnoloxías da información e facilitar a elaboración de itinerarios de formación personalizados; como no eido socio laboral, analizando as posibilidades reais de traballo, fomentando a busca activa de emprego.

ÁREA DE SEGURIDADE: Neste apartado trabállase a súa seguridade física, realizando coa muller, e en coordinación co profesional de referencia en seguridade (policia custodio), o plan de protección individualizado; e a súa seguridade virtual, co afán de que a muller coñeza os perigos do uso indiscriminado das redes sociais.

ÁREA DE REDES DE APOIO: Para refacer a vida dunha persoa que sufriu violencia de xénero, é moi importante poder contar con redes de apoio. A propia violencia remata coas existentes, xa que o que pretende o agresor é illar á muller, e o primeiro é acabar cos lazos de unión ou pertenza a unha colectividade. Por iso trabállase coa familia e co voluntariado.

ÁREA XURÍDICO-SOCIAL: Desde esta área analízase a situación xurídica da muller, levando a cabo unha coordinación co/a asesor/a xurídica do centro que deriva, así como co letrado ou letrada que exerce a súa representación.

ÁREA MATERNO-FILIAL: Nesta área analízase a relación materno-filial, e as consecuencias da violencia de xénero que afectan a propia estabilidade da relación. Trabállase no sentido de dotar as mulleres sobreviventes dos coñecementos e as ferramentas necesarias para o fomento das súas capacidades como nais e para establecer formas de relación positiva coas súas fillas e cos seus fillos.

O traballo individualizado tamén se realiza con **menores**, con independencia da que se realice para mellorar relación materno filial. Así as áreas de actuación para cadanseu son:

ÁREA DE XÉNERO: Nesta liña trabállase cos/as menores o fenómeno da desigualdade na sociedade, identificando situacións de desigualdade nas súas vidas, fomentando a aplicación de conceptos que insiran igualdade e identificando situacións de violencia de xénero, tanto propias como alleas, e as consecuencias que a dita violencia ten nas súas vidas.

ÁREA TERAPÉUTICA: A liña terapéutica engloba dous aspectos determinantes, o emocional e o competencial e así trabállase a autoestima e a responsabilidade persoal, intentando dotar



á menor ou menor de estratexias para responder axeitadamente a situacións emocionalmente intensas, e para recoñecer e expresar as emocións da maneira axeitada e eficaz. Igualmente, desde o eido competencial estímulanse as súas competencias para ter unha vida independente, dentro de cada tramo de idade, potenciando o desenvolvemento das competencias sociais, para ampliar e adecuar o repertorio dos comportamentos da ou do menor nas situacións de relación entre iguais, así como para facilitar o mantemento das relacións sociais satisfactorias.

ÁREA PSICOEDUCATIVA: Nesta liña pretende que as e os menores aprendan ou retomen habilidades e coñecementos que lles axuden a construír un mundo de seu, mais igualitario e pacífico, intentando capacitar as e aos menores para o manexo das diferentes situacións sociais e as emocións que xeran. Igualmente, traballando o coñecemento das relacións afectivo-sexuais, a resolución de conflitos de xeito satisfactorio, o aumento de condutas asertivas.

ÁREA FORMATIVA-OCUPACIONAL: En función das características de cada menor, afondase no apoio á educación regrada, ou establecece a necesidade dunha formación ocupacional.

ÁREA DE SEGURIDADE: Trabállase fomentando o recoñecemento de situacións de perigo por parte da/o menor; e fomentando o uso seguro, responsable e saudable de internet e, especialmente, das redes sociais.

LIÑAS DE ACTUACIÓN DO CRI

Centro coordinador da Rede Galega de Acollemento

Os diferentes centros de acollida, que no seu conxunto configuran a rede galega de acollemento, son recursos especializados residenciais e temporais que ofrecen acollida, atención e recuperación ás mulleres que sofren violencia de xénero e ás e aos menores ao seu cargo que requiren dun espazo de atención e protección debido á situación de indefensión ou risco debido á situación de violencia de xénero.

A Rede Galega de Acollemento comezou a traballar, como tal Rede segundo o protocolo asinado, o 1 de xullo de 2017; e está composta pola Casa de acollida e pisos de transición á vida autónoma da Coruña, a Casa de acollida de Ferrol, a Vivenda tutelada de Culleredo, os Pisos de acollida de Lugo, a Casa de acollida de Ourense e o Centro de emerxencia de Vigo. No ano 2018 incorporouse a este protocolo unha vivenda para mulleres con enfermidade mental que sofren violencia de xénero en Burela (Lugo), mediante convenio asinado coa Asociación de axuda ao enfermo mental A Mariña.

No ano 2019 ao abeiro deste protocolo realizouse a derivación de 97 solicitudes a centros de acollida da Rede Galega de Acollemento (véxase páxinas 268 e 358).



Intervención grupal

O espírito do CRI fomenta o traballo en grupo, sendo moi importante o nexo de unión que se crea entre as mulleres e fomentar grupos de coñecemento que axuden a rachar a soidade e o illamento da muller que sufriu violencia de xénero.

Actuacións no CRI

* A Secretaría Xeral da igualdade da Xunta de Galicia participou nun proxecto piloto da Universidade de Santiago de Compostela baseado no desenvolvemento experimental de terapias psicosociais a través de teléfonos móbiles con grupos sociais vulnerables, e ten por obxecto estudar como os teléfonos móbiles poden ser utilizados para axudar a mellorar a sensación de benestar das persoas participantes, tratase de levar a cabo esta experiencia con mulleres que sufriron violencia de xénero e avaliar se para elas supón tamén un apoio ao labor que se realiza dende outros servizos.

Dende o CRI colaborouse coa USC na selección de mulleres participantes e na preparación e desenvolvemento tanto das sesións iniciais como posteriormente das sesións grupais.

- A Secretaría Xeral da Igualdade colaborou coa Dirección Xeral de Inclusión Social co obxecto de profundizar no coñecemento da situación das mulleres sen fogar en Galicia e realizar o “Estudo sobre o senfogarismo feminino e violencia de xénero en Galicia”. O estudo levase a cabo co apoio dun equipo de investigadoras e investigadores da USC, liderados por Emilia Vázquez, o CRI colabora coa investigación mantendo entrevistas coa investigadora en calidade de profesionais con experiencia e coñecemento na materia obxecto do estudo.
- Xornada formativa en Igualdade e Violencia de Xénero impartida polo persoal do CRI e dirixida as mulleres da Federación da AA.VV. de Lugo “Lucus Augusti” coa finalidade de aportar unha perspectiva as xornadas que a dita federación está a celebrar coas distintas asociacións de veciños da provincia de Lugo.
- Visita ao centro o días 22 de abril de 2019 do alumnado da Escola Universitaria de Traballo Social da Universidade de Santiago de Compostela, achéganse ao centro 40 alumnas/os e a súa titora. Nesta actividade o alumnado visita as instalacións do centro e explicáselles cales son as funcións do mesmo, a continuación o persoal do centro ponse a dispor do alumnado para aclarar cantas cuestións estimen oportunas sobre o centro e o súa función.
- Xornadas informativas dirixas o un grupo de alumnas e alumnos do 1º curso módulo



de Integración Social do Centro Integrado de Formación Profesional Compostela e a outro grupo de alumnas do 3º curso do Grao en Educación Social da USC.

- Visita o centro do persoal técnico en igualdade e violencia de xénero dos concellos de A Lama e Monterroso para a asistencia a unha xornada informativa sobre o funcionamento do CRI e da Rede Galega de Acollemento e visita ás instalacións do centro.
- Titorización das prácticas no CRI dunha alumna de Escola Universitaria de Traballo social.

Actuacións fóra do CRI

Ao longo do ano 2019 o persoal do CRI realizou diversas actuacións de sensibilización fronte á violencia de xénero fóra das instalacións do Centro de Recuperación Integral:

- Participación na Escola de Verán do Ministerio Fiscal, dentro das xornadas celebradas no mes de xuño en Galicia, concretamente o persoal do CRI participa nunha mesa redonda sobre a atención integral ás vítimas de violencia de xénero.
- O persoal do CRI participou nunha Xornada Técnica sobre Violencia de Xénero, organizada polo Centro de Información ás Mulleres do Concello de Carballo, participando nunha mesa redonda sobre a temática da recuperación integral das Vítimas de Violencia de Xénero e como entidade que coordina a Rede Galega de Acollemento.
- Colaboración do persoal do CRI co Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia no curso básico “Xénero, perspectiva de xénero e violencia de xénero para profesionais da psicoloxía clínica e sanitaria”, mediante a participación nunha mesa redonda sobre recursos sociais específicos para vítimas de violencia de xénero.
- O persoal do CRI colaborou en representación da Secretaría Xeral de Igualdade nas Xornadas Técnicas de Intercambio de experiencias de traballo Galicia-Norte de Portugal sobre Violencia de Xénero que se celebraron no mes de decembro nas Eurociudades de Tui-Valença, Verín-Chaves e Salvaterra-Monçao.



Artigo 50: Rede de información ás mulleres

A Xunta de Galicia a través da Secretaría Xeral da Igualdade e en colaboración coas entidades locais, dispón dunha rede de información ás mulleres distribuída polo territorio galego e a través da cal se desenvolven accións de carácter preventivo e de sensibilización; serven como recurso facilitador de información, orientación, derivación e seguimento as mulleres que sofren violencia de xénero.

En 2016 publicouse o Decreto 130/2016, do 15 de setembro, polo que se establecen os requisitos e o procedemento para o recoñecemento e acreditación dos centros de información á muller de titularidade das entidades locais de Galicia, así como para a modificación e extinción do seu recoñecemento (DOG nº 188, do 3 de outubro), coa finalidade de establecer unha nova regulación dos requisitos e o procedemento para o recoñecemento dos centros de información á muller, así como as condicións de funcionamento, e o procedemento da extinción do recoñecemento destes centros na nosa comunidade.

O principal obxectivo deste novo decreto dos Centros de Información á Muller é conseguir unha mellora no servizo á cidadanía, tanto na promoción da igualdade de xénero mediante a información e o asesoramento, como na prevención e loita contra a violencia de xénero na nosa comunidade. Os CIM atenden a todas as mulleres que o demanden así como a calquera persoa, sexa home ou muller, en asuntos relacionados coa promoción social da igualdade de xénero.

Cabe destacar que se establecen como de carácter prioritario as actividades de prevención, información, asesoramento e loita en xeral contra a violencia de xénero, así como a atención ás mulleres vítimas de violencia de xénero. Ademais a atención poderase estender ás fillas e fillos e ás persoas menores ou maiores dependentes delas coa intención de reducir o impacto negativo que a situación de violencia produce nestas persoas. Tamén será prioritaria a atención a mulleres pertencentes a outros colectivos en situación de vulnerabilidade e/ou risco de exclusión social.

Entre as funcións que poderán desenvolver os CIMs, incluíránse tamén actividades de información e atención ao colectivo LGTBI, segundo a Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, que establece que se apoiará un servizo de información, atención e asesoramento a lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais e ás súas familias e persoas achegadas, en colaboración cos gobernos locais.

A rede de información ás mulleres funciona en estrita colaboración cos servizos sociais, sanitarios e de orientación escolar, así como cos servizos de urxencia e seguridade cidadá.



■ Centros de Información ás Mulleres

Mediante Resolución do 28 de decembro de 2018, da Secretaría Xeral da Igualdade, convócanse para o ano 2019 as subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo (FSE), con cargo ao programa operativo FSE Galicia 2014-2020, e polo Pacto de Estado contra a violencia de xénero (DOG n.º 28 do 8 de febreiro de 2019).

A súa finalidade é colaborar economicamente coas entidades locais de Galicia para o desenvolvemento de programas, actividades, actuacións e medidas para facer efectivo o principio de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, o tratamento integral da violencia de xénero, a conciliación da vida persoal, laboral e familiar, a participación das mulleres na vida política, económica, social e cultural; así como para consolidar o funcionamento de servizos de atención integral de información e asesoramento ás mulleres no territorio, co fin de prestarlles unha atención e acompañamento de proximidade, psicolóxico, xurídico e de orientación sociolaboral ás mulleres, en particular, a aquelas que pertencen a colectivos en risco de exclusión ou estean nalgunha situación de vulnerabilidade, de cara a mellorar a súa situación social, laboral e profesional.

Engádesse nesta convocatoria un novo programa en desenvolvemento do citado Pacto de Estado contra a violencia de xénero que facilita unha actuación conxunta e permite reforzar, coordinar e intensificar a promoción da igualdade entre mulleres e homes, e a loita contra a violencia de xénero no ámbito local, á vez que tenta dar desenvolvemento a varias das medidas recollidas nos eixes 1 e 8 do Pacto de Estado contra a violencia de xénero: ruptura do silencio, sensibilización e prevención, visualización e atención a outras formas de violencia contra as mulleres, respectivamente.

Con este fin, recóllese un marco de axudas públicas para o financiamento de medidas e actuacións desenvolvidas polas entidades locais, de forma individual ou mediante o sistema de xestión compartida, ao abeiro de catro programas (cos códigos de procedemento, respectivamente, SI435B, SI435A, SI427B e SI435C):

- a) Programa de fomento da conciliación da vida persoal, laboral e familiar ;
- b) Programa de prevención e tratamento da violencia de xénero;
- c) Programa de apoio aos centros de información á muller (CIM), e**
- d) Programa de sensibilización, información e difusión sobre igualdade e prevención da violencia contra as mulleres.



Ao abeiro do Programa de apoio aos Centros de Información as Mulleres, financiaranse as actuacións desenvolvidas nos CIM en relación coa atención a mulleres en situación de vulnerabilidade, entre as que se atopan as mulleres que sofren violencia de xénero.

Accións subvencionables:

1. A existencia no cadro de persoal ou na relación de postos de traballo da entidade, de prazas para persoal funcionario, laboral fixo ou indefinido para prestar servizos no CIM, en concreto para os postos de dirección, asesoramento xurídico, atención psicolóxica, axentes de igualdade ou de fomento do traballo en rede e de dinamización do territorio con enfoque de xénero.

Cando as prazas ou os postos antes referidos non estean ocupados con carácter definitivo por persoal funcionario, laboral fixo ou indefinido, a entidade deberá presentar xustificación razoada da motivación que lle impide tal cobertura. Con carácter xeral, só se admitirá como xustificación a cobertura por persoal funcionario interino, baixas por enfermidade ou similares, as que se deriven da aplicación da lexislación vixente, ou por estar en curso o proceso de oposición ou concurso correspondente.

2. A contratación laboral temporal ou mercantil de profesionais para a prestación dos servizos de asesoramento xurídico ou de atención psicolóxica, así como para levar a cabo as funcións de axentes de igualdade ou de fomento do traballo en rede e de dinamización do territorio con enfoque de xénero, sempre que a entidade local non conte con persoal que preste servizos no CIM para a realización das correspondentes funcións.


As entidades locais, pola súa proximidade á cidadanía e polo coñecemento da situación específica da súa poboación, son os axentes idóneos para o desenvolvemento de accións tendentes a garantir a igualdade entre mulleres e homes, para previr e erradicar a violencia de xénero, para o establecer as condicións que posibiliten a participación das mulleres en todas as esferas da vida, e para favorecer a conciliación da vida persoal, familiar e laboral de todas as persoas, mulleres e homes.

O crédito total destinado ás axudas para o desenvolvemento deste programa foi de 3.763.353,00 €, cofinanciados polo Fondo Social Europeo nun 80%.

Nº CIMs Por Provincia	
Provincia	Nº CIMs
A Coruña	29
Lugo	11
Ourense	15
Pontevedra	27
Total	82

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia






****CONSULTAS 2019**

Nº de Consultas		
Provincia	Nº consultas	Nº persoas atendidas
A Coruña	29.834	6.487
Lugo	11.385	1.911
Ourense	5.655	1.465
Pontevedra	23.753	6.573
Total	70.627	16.436


Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



Nº de consultas por área

Área	Nº de consultas
Asesoramento xurídico	17.648
Atención psicolóxica	27.825
Atención vítimas de VX	11.336
Orientación Emprego	3.163
Información de cursos, xornadas e actividades	2.110
Información de recursos	7.738
Outra información	807
Total consultas	70.627

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia




■ Consultas específicas por violencia de xénero

Consultas específicas por violencia de xénero	
Provincia	Nº consultas
A Coruña	5.582
Lugo	1.499
Ourense	1.004
Pontevedra	3.251
Total	11.336

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia






Características das persoas consultantes

Sexo das persoas consultantes	
Mulleres	12.510
Homes	698
Sen especificar	3.228
Total	16.436

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia




Consultantes por idade

Idade	
Menos de 15	145
De 15 a 24	682
De 25 a 54	7.343
De 55 a 64	1.571
De 65 ou máis	1.150
Sen especificar	5.545
Total	16.436

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia






Consultantes por nº de fillos e fillas

Nº de fillas / fillos	
Ningún	5.782
Un	3.127
Dous	3.542
Tres	1.158
Catro	313
Cinco ou máis	149
Sen especificar	2.365
Total	16.436


Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



Consultantes por hábitat

HABITAT	
Rural	5.811
Urbano	5.083
Sen especificar	5.542
Total	16.436


Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



Consultantes por situación laboral

TRABALLA	
Non	3.707
Si	6.569
Sen especificar	6.160
Total	16.436

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



■ **Atención integral a persoas en situación de explotación sexual e/ou vítimas de trata de seres humanos con fins de explotación sexual e/ou laboral**

No Diario Oficial de Galicia do 10 de xaneiro de 2019 (nº 7 do 10 de xaneiro) publicouse a Resolución do 17 de decembro de 2018, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases que rexerán a concesión de subvencións a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para o desenvolvemento de proxectos de atención social integral dirixidos a persoas en situación de explotación sexual, preferentemente inmigrantes, e/ou vítimas de trata de seres humanos con fins de explotación sexual e/ou laboral, na Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciada polo programa operativo FSE Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria para o ano 2019. A finalidade destas axudas é a de apoiar a recuperación e a integración social e laboral destas persoas.

As subvencións obxecto desta convocatoria destinouse un orzamento total de catrocentos cincuenta mil euros (450.000 €).

Os proxectos subvencionados debían incluír polo menos algunha das actuacións do seguinte tipo:

- a) Atención inicial nos chamamentos realizados polas autoridades competentes- xudiciais, fiscais e policiais-, para a atención inmediata ás vítimas de trata de seres humanos con fins de explotación sexual e/ou laboral en asistencia social, legal ou psicolóxica.
- b) Asesoramento social e actuacións de apoio directo nas relacións coas distintas entidades, organismos e servizos para a realización de trámites administrativos de diversa índole: sociais, sanitarios, policiais, xudiciais, laborais, de formación, etc., e que permitan ás persoas beneficiarias iniciar o seu proceso de normalización social, así como atención, información e asesoramento continuado sobre os recursos; e acompañamento, apoio e seguimento no proxecto persoal de cada persoa usuaria.
- c) Atención psicolóxica, para abordar posibles trastornos emocionais e/ou condutuais e na procura da súa recuperación persoal.
- d) Asesoramento xurídico sobre os seus dereitos e deberes, así como para a tramitación de procedementos administrativos de diversa índole: autorizacións de residencia e traballo, revogacións de ordes de expulsión, reagrupamento familiar, retorno ao país de orixe, cuestións laborais e civís, procesos de denuncia, xestións policiais, procesos penais, etc.
- e) Orientación e asesoramento laboral, incluídas as actividades formativas: como formación básica (habilidades sociais, alfabetización, economía doméstica, etc.) e formación prelaboral e laboral, coa finalidade de facilitar e mellorar a súa empregabilidade e a súa inserción laboral.




- f) Atención e asesoramento en traballo de rúa, co obxectivo de achegamento a aqueles lugares onde se poden atopar persoas vítimas de trata de seres humanos, en situación de explotación, para establecer encontros iniciais, achegándolles información sobre os recursos existentes e/ou información hixiénico-sanitaria, xurídica, social etc, de xeito que se permitan o seu acceso as actuacións normalizadas previstas neste artigo.

A través da Resolución do 8 de abril de 2019, da Secretaría Xeral da Igualdade, déuselle publicidade ás axudas concedidas ao abeiro da antedita Resolución do 17 de decembro de 2018 (DOG nº 75, do 17 de abril).

Datos de persoas participantes nos programas desenvolvidos no ano 2019:


Persoas participantes por provincia	
Provincia	Nº persoas
A Coruña	327
Lugo	132
Ourense	103
Pontevedra	104
Total	666

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



Persoas participantes por sexo	
Sexo	Nº persoas
Mulleres	642
Homes	6
Transexual-muller	18
Transexual-home	0
Total	666


Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



Persoas participantes por idade	
Idade	Nº persoas
Menor de 25 anos	64
Entre 25 e 54 anos	567
Maior de 54 anos	35
Total	666


Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia





Persoas participantes por nacionalidade	
Nacionalidade	Nº persoas
Españolas	37
Estranxeiras	629
Dobre nacionalidade	0
Total	666

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



País	Nº
Arxentina	4
Bolivia	2
Brasil	225
Chile	1
China	2
Colombia	99
Congo	1
Cuba	7
Ecuador	5
España	37
Guinea Ecuatorial	2
Guatemala	6
Honduras	4
India	1
Irak	1
Marruecos	4
México	1
Nicaragua	7
Nixeria	22
Panamá	1
Paraguai	30
Perú	9
Portugal	9
República Dominicana	108
Rumanía	37
Uruguai	1
Senegal	1
Venezuela	39
Total	666

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia

Ademais, no ano 2019 a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, asinou convenios de colaboración con oito entidades sen ánimo de lucro, pertencentes á Rede Galega contra a Trata, para o desenvolvemento de accións de sensibilización e prevención que contribúan á transmisión de valores igualitarios e á ruptura de estereotipos de xénero, fundamentalmente entre as mulleres inmigrantes, así como accións de información, a través de todas as vías que favorezan o coñecemento dos recursos e servizos existentes para a atención ás vítimas da violencia e xénero, realizando a máxima difusión dos mesmos entre a poboación inmigrante.



A Rede galega contra a Trata, está formada por entidades con experiencia contrastada de moitos anos de traballo con mulleres inmigrantes vítimas de trata con fins de explotación sexual e/ou laboral, e que desenvolven en Galicia accións que teñen como fin promover a participación e integración activa destas vítimas na vida social, laboral, económica a través de programas específicos de atención integral de acollida, axuda psicolóxica, xurídica e asistencia directa.

■ Servizo de Teletradución a 51 idiomas

A **Secretaría Xeral da Igualdade**, dun xeito gratuíto, ten dende o ano 2011, a disposición do Teléfono da Información ás Mulleres, dos centros de información ás mulleres que constitúen a rede de CIMs de Galicia, da Rede Galega de Acollemento, e ás ONGs que desenvolven a súa actividade solidaria neste eido, un servizo de teletradución a 51 idiomas.

Este servizo supón un avance cualitativo en resposta á diversidade poboacional motivada polo aumento da inmigración, o cal obriga á Administración autonómica a mellorar as técnicas para unha eficaz atención ás usuarias, con independencia da súa lingua. A teletradución está pensada para dar apoio a unha parte da poboación que ten dificultades engadidas para acceder aos recursos existentes, formada polas mulleres inmigrantes residentes en Galicia.

A través desta plataforma de teletradución, as mulleres estranxeiras residentes en Galicia terán a seguridade dun acceso axeitado á información e aos recursos dispoñibles, sobre atención psicolóxica, prestacións económicas, centros de acollida ou asesoramento xurídico.

O sistema permite a atención tanto presencial, como telefónica, de xeito que as usuarias se comunican cunha intérprete mediante a nova tecnoloxía implementada, desde calquera centro no que se atopen, ben sexa un CIM, unha casa de acollida ou calquera entidade adherida. No caso de que a consulta sexa telefónica, o sistema permite o establecemento de chamada a tres, para que interactúen a usuaria, a persoa profesional da entidade e a intérprete.

En resposta a ese ofrecemento manifestaron o seu interese en adherirse ao servizo entidades que desenvolven, en Galicia, programas de atención social integral a mulleres vítimas de trata con fins de explotación sexual.

Tamén solicitaron a incorporación ao uso do servizo 61 entidades locais, con centros de información ás mulleres e casas de acollida para vítimas de violencia de xénero, asinándose os correspondentes convenios de colaboración coa Secretaría Xeral da Igualdade.



Provincia da Coruña

CIM	Provincia
CIM da Coruña	A Coruña
CIM da Laracha	A Coruña
CIM da Mancomunidade de Munic. Comarca de Ordes	A Coruña
CIM de Ares	A Coruña
CIM de Arteixo	A Coruña
CIM de Arzúa	A Coruña
CIM de Boiro	A Coruña
CIM de Carballo	A Coruña
CIM de Culleredo	A Coruña
CIM de Curtis	A Coruña
CIM de Cee	A Coruña
CIM de Coirós	A Coruña
CIM de Ferrol	A Coruña
CIM de Outes	A Coruña
CIM de Padrón	A Coruña
CIM de Zas	A Coruña
CIM de Melide	A Coruña
CIM de Muxía	A Coruña
CIM de Negreira	A Coruña
CIM de Santiago De Compostela	A Coruña
CIM de Teo	A Coruña

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia

Provincia de Lugo

CIM	Provincia
Casa da Muller Lugo	Lugo
CIM de Burela	Lugo
CIM de Mondoñedo	Lugo
CIM de Monforte de Lemos	Lugo
CIM de Palas de Rei	Lugo
CIM de Ribadeo	Lugo
CIM de Sarria	Lugo
CIM de Vilalba	Lugo
CIM de Viveiro	Lugo

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



Provincia de Ourense

CIM	Provincia
CIM da Pobra de Trives	Ourense
CIM de Castro Caldelas	Ourense
CIM de Maceda	Ourense
CIM de Ourense	Ourense
CIM do Barco	Ourense
CIM do Carballiño	Ourense
CIM da Mancomunidade Terra de Celanova	Ourense
CIM da Mancomunidade I.V. do Ribeiro	Ourense
CIM de Viana do Bolo	Ourense
Cim de Verín	Ourense

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia

Provincia de Pontevedra

CIM	Provincia
CIM da Estrada	Pontevedra
CIM da Mancomunidade do Salnés	Pontevedra
CIM de Baiona	Pontevedra
CIM de Cangas	Pontevedra
CIM da Lama	Pontevedra
CIM de Gondomar	Pontevedra
CIM de Pontecaldelas	Pontevedra
CIM de Vigo	Pontevedra
CIM do Grove	Pontevedra
CIM do Porriño	Pontevedra
CIM de Lalín	Pontevedra
CIM de Marín	Pontevedra
CIM de Moaña	Pontevedra
CIM de Poio	Pontevedra
CIM de Pontearreas	Pontevedra
CIM de Pontevedra	Pontevedra
CIM de Redondela	Pontevedra
CIM de Sanxenxo	Pontevedra
CIM de Silleda	Pontevedra
CIM de Soutomaior	Pontevedra
CIM de Vilagarcía	Pontevedra


Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



Tamén fan uso do servizo entidades que desenvolven, en Galicia, programas de atención a mulleres vítimas de trata con fins de explotación sexual, o teléfono de información ás mulleres, o Centro de Recuperación Integral para Mulleres que sofren violencia de xénero e **61 entidades locais** con centros de información ás mulleres e casas de acollida para vítimas de violencia de xénero.

Nº de CIMs con Acceso ao Servizo de Teletradución	
Provincia	Nº
A Coruña	21
Lugo	9
Ourense	10
Pontevedra	21
Total	61

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia




Datos de uso do servizo no ano 2019:

Idiomas utilizados:

Idiomas	Minutos
Árabe marroquí	742
Chino-mandarín	26
Francés	173
Húngaro	13
Indi	40
Inglés	317
Rumano	203
Sirio	153
Ucraniano	25
Urdu	431
Wolof	42
Total	2165

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia






Uso do servizo por provincias:

Provincia	Total minutos
A Coruña	1198
Lugo	0
Ourense	534
Pontevedra	433
Total	2165

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



Idiomas utilizados por provincia:

A Coruña	
Idioma	Minutos
Árabe marroquí	534
Chino-mandarín	26
Francés	173
Inglés	120
Rumano	125
Sirio	153
Ucraniano	25
Wolof	42
Total	1198

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia

Lugo	
Idioma	Minutos
0	0
TOTAL	0

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia

Ourense	
Idioma	Minutos
Árabe marroquí	20
Húngaro	13
Indi	40
Inglés	30
Urdu	431
Total	534

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia

Pontevedra	
Idioma	Minutos
Árabe marroquí	188
Inglés	167
Rumano	78
Total	433

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



■ **Asesoramento Xurídico online**

A **Secretaría Xeral da Igualdade** ten en en marcha dende o ano 2011 un servizo de asesoramento xurídico online, accesible a través da páxina web da Secretaría Xeral da Igualdade, onde se ofrece información personalizada e gratuíta ás persoas usuarias, considerando que o asesoramento axeitado constitúe o primeiro paso para saír da situación de violencia.

Con este servizo, a Secretaría Xeral da Igualdade ten o obxectivo de facilitar ás mulleres o coñecemento dos seus dereitos e axudarlles así a que adopten as decisións máis axeitadas en cada momento. Son numerosos os casos de mulleres inmersas en contornos de violencia de xénero que descoñecen os dereitos que as asisten, como abordar a interposición dunha denuncia ou que unha correcta exposición dos feitos e dos fundamentos de dereito ao longo de todo o proceso son determinantes para unha resposta xudicial máis efectiva.

O servizo xurídico online permite ofrecer resposta en tempo real a consultas sobre lexislación, violencia de xénero, conciliación, dereito de familia, agresións ou acoso sexual, entre outras, asegurando a confidencialidade. Tenta clarexarlle ás usuarias cuestións que con frecuencia suscitan dúbidas e polo tanto xeran temor, tales como qué actuacións xudiciais pode iniciar, se é necesario contar sempre coa asistencia de avogado/a e de procurador/a ou que medidas urxentes pode solicitar.


As consultas a través deste servizo poden ser complementarias ás que se prestan de xeito presencial nos 82 Centros de Información ás Mulleres, CIM, repartidos por toda Galicia, garantindo o anonimato e a confidencialidade cando así o desexe a muller.

No ano 2019 recibíronse un total de 45 consultas a través deste servizo online.

Nº de consultas por sexo das persoas consultantes

Sexo	Nº Consultas	Porcentaxe
MULLERES	41	91,11%
HOMES	4	8,89%
TOTAL	45	100%


Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



Nº de consultas por provincia das persoas consultantes

Provincia	Nº consultas	Porcentaxe
A CORUÑA	29	64,44%
LUGO	1	2,22%
OURENSE	2	4,44%
PONTEVEDRA	12	26,67%
OUTROS	1	2,22%
TOTAL	45	100,00%

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia




Nº de consultas por idade das persoas consultantes

Idade	Nº consultas	Porcentaxe
Menos de 18	7	15,56%
18-25	3	6,67%
26-35	8	17,78%
36-45	20	44,44%
46-55	6	13,33%
56 ou mais	1	2,22%
TOTAL	45	100,00%

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia






Nº de consultas segundo tipo de consulta realizada

Tema da consulta	Nº consultas	Porcentaxe
Agresións e abusos sexuais	7	15,56%
Acoso sexual	0	0,00%
Asistencia xurídica gratuita	6	13,33%
Conciliación familiar	1	2,22%
Dereito de familia	4	8,89%
Discriminación por razón de sexo	0	0,00%
Lexislación e información xurídica	12	26,67%
Ordes de protección/afastamento	0	0,00%
Prostitución/trata	0	0,00%
Violencia de xénero	15	33,33%
Total	45	100,00%

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia





■ Aplicación EscApp



A aplicación EscApp para dispositivos móbiles, elaborada en 2015 pola **Secretaría Xeral da Igualdade** en colaboración co **Colexio Profesional de Enxeñería Informática de Galicia (CPEIG)**, sigue operativa cor obxectivo de achegar información de utilidade ás mulleres que se atopan nunha situación de violencia de xénero e a todas as persoas que poidan axudar a rematar con este tipo de situacións.


■ Aplicación Agresión OFF



Tamén a través da colaboración entre o **Colexio Profesional de Enxeñería Informática de Galicia (CPEIG)** e a **Secretaría Xeral da Igualdade** creou e puxo en marcha a App “Agresión OFF: Eu digo non á violencia sexual” unha App da Xunta de Galicia, con información útil e consellos para evitar e prever agresións sexuais, así como pautas para saber a onde dirixirse para maior apoio e información, que sigue operativa.

A aplicación inclúe un decálogo contra a violencia sexual; consellos prácticos de como actuar ante posibles situacións de riscos e un directorio de lugares onde acudir e pedir axuda, así como teléfonos e información.





■ **Servizos no mapa: Mapa de recursos en liña na área de violencia de xénero**

	<p>Servizos no mapa é unha aplicación que a Xunta pon a disposición da cidadanía e que ten por obxectivo a localización de servizos da Administración pública, tanto autonómica como estatal e local.</p>
--	---

A **Secretaría Xeral da Igualdade**, en colaboración coa **Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia-AMTEGA**, deseñou e puxo en marcha dentro de **Servizos no mapa** un apartado específico no que está dispoñible un mapa de recursos en liña na área da violencia de xénero, que contén os datos de localización e contacto de todos os recursos e programas que se desenvolven en Galicia en relación á atención das vítimas da violencia de xénero.



Servizos no mapa

Escriba as palabras para a busca e/ou empregue as opcións que poñemos á súa disposición

Escriba unha ou varias palabras

Provincia

Concello

Tipos de servizos Temas

- Área de violencia de xénero
- Arquivos de Galicia
- Aulas da Rede CeMIT
- Bibliotecas de Galicia
- Casas dos concellos
- Centros de ensino
- Centros de Información ás Mulleres
- Centros de saúde
- Centros quérote+
- Edificios xudiciais



Tipos de servizos Temas

- Área de violencia de xénero
- Arquivos de Galicia
- Aulas da Rede CeMIT
- Bibliotecas de Galicia
- Casas dos concellos
- Centros de ensino
- Centros de Información ás Mulleres
- Centros de saúde
- Centros quérote+
- Edificios xudiciais

Limpar

Buscar

Área de violencia de xénero

Área social

- Servizos sociais
- Centros Querote +
- Centros de Información á Muller
- Centro de Recuperación Integral
- Gabinetes de orientación familiar
- 3º Sector - ONG
- Rede galega de acollimento
- Programas de Atención Psicolóxica a Mulleres Víctimas de Violencia de Xénero

Área policial

- Policía Autonómica
- Policía Nacional
- Garda Civil

Área sanitaria

- Centros de saúde
- Hospitais e centros de especialidades
- Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia-061

Área xurídica

- Xulgados e fiscalías
- Oficinas médico forenses
- Colexios de avogacía
- Servizos de Orientación Xurídica (SOX)
- Comisión de asistencia xurídica gratuita
- Oficinas de Asistencia a Víctimas do Delito e atención ao cidadán



Artigo 51:Servizo de atención 24 horas

Servizo de información e atención á cidadanía :Teléfono 900 400 273 de información ás mulleres

O actual Servizo de Información e atención á cidadanía prestado a través do teléfono 012, facilita entre outros servizos, información e orientación sobre os recursos existentes para cubrir inicialmente as distintas necesidades das mulleres galegas no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, dirixindo as súas demandas, se procede, ao departamento e/ou administración correspondente.

Tamén informa as mulleres nas áreas xurídica, de emprego, de recursos sociais e de atención psicolóxica.

Pero ademais, o servizo está apoiando a derivación das mulleres vítimas de violencia de xénero aos centros de acollida existentes en Galicia, así como a outros centros do resto do territorio nacional, sempre a través das entidades derivantes sinaladas e dentro do horario de referencia establecido. Igualmente, o servizo colabora, a través do desenvolvemento das súas funcións, na prevención, detección e intervención (traslado de vítimas) en situacións de posible risco, abuso e maltrato das mulleres

Incluído polo tanto no Servizo de información e atención á cidadanía, atópase o Teléfono da Muller, un servizo gratuíto, anónimo, que funciona as 24 horas do día e ten cobertura para toda a Comunidade Autónoma. Está atendido por un equipo multidisciplinar, coordinado cos diferentes profesionais de toda Galicia, de forma que calquera muller poida facer unha consulta, tanto en horario laborable como en horario nocturno e en días non laborables ao longo de todo ano.

Desde o Teléfono da Muller infórmase e asesórase sobre cuestións relacionadas coas seguintes materias:

- Violencia de xénero: Malos tratos, vexacións, ameazas, agresións sexuais,
- Acoso sexual.
- Servizos sociais, casas de acollida, centros de información ás mulleres, programas para mulleres desfavorecidas, policía especializada, gabinetes de orientación, centros de planificación ...
- Separacións, divorcios, abandonos do fogar, sentencias incumpridas.
- Cursos ocupacionais, oposicións, bolsas de emprego, creación de empresas.
- Educación pola igualdade, materiais non sexistas, publicidade discriminatoria.
- Apoio ó asociacionismo, xornadas, seminarios, subvencións a asociacións, publicacións.



O Teléfono 900 400 273 de información ás mulleres réxese polas seguintes pautas de actuación: Anonimato e confidencialidade, gratuidade do servizo.

Total chamadas ao teléfono da Muller 900 400 273

Total chamadas	2933
-----------------------	-------------

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia

Total chamadas por mes

Chamadas por mes	Nº	%
Xaneiro	239	8,1%
Febreiro	176	6,0%
Marzo	260	8,9%
Abril	197	6,7%
Maio	225	7,7%
Xuño	268	9,1%
Xullo	290	9,9%
Agosto	266	9,1%
Setembro	246	8,4%
Outubro	234	8,0%
Novembro	252	8,6%
Decembro	280	9,5%
Total	2933	100%


Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia

Total chamadas por provincia

Provincia	Nº consultas	Porcentaxe
A Coruña	1458	50%
Lugo	133	5%
Ourense	143	5%
Pontevedra	655	22%
Resto de España	33	1%
Sen clasificar	511	17%
Total	2933	100%

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia





Total chamadas por sexo da persoa usuaria

Sexo	Nº	%
Home	202	7%
Muller	2664	91%
NF/NP	67	2%
TOTAL	2933	100%

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia

Total chamadas por nacionalidade da persoa usuaria

Nacionalidade	Nº	%
Españolas	2207	75%
Estranxeiras	117	4%
Sen clasificar	609	21%
Total	2933	100%


Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia

Total chamadas por idade da persoa usuaria

Idade	Nº	%
< 18	4	0%
18-30	29	1%
31-40	34	1%
41-50	19	1%
51-65	68	2%
≥ 66	423	14%
Sen clasificar	2356	80%
Total	2933	100%

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia






Total chamadas por tipo de información consultada

Tipo de información consultada	Nº	%
Área xurídica	275	9%
Área emprego	24	1%
Secretaría xeral da Igualdade	107	4%
Recursos	618	21%
Atención psicolóxica	1696	58%
Outras	213	7%
Total	2933	100%

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia





Resolución da demanda

Resolución da demanda	Nº	%
Atención directa	2933	100%
Derivación cara outro servizo	0	0%
Total	2933	100%


Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



Reincidencia no uso do servizo (chamou en anteriores ocasións)

Reincidencia no uso do servizo	Nº	%
Si	791	27%
Non	170	6%
Sen clasificar	1972	67%
Total	2933	100%

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



Artigo 52:Punto de Coordinación das Ordes de Protección de Galicia

En Galicia estableceuse no ano 2004 o Punto de Coordinación de Ordes de Protección (PCOP). Está adscrito á **Secretaría Xeral da Igualdade**, e leva a cabo o seguimento das ordes de protección das mulleres vítimas de violencia, realizando as xestións oportunas ante as diferentes administracións para facilitarlles o acceso aos recursos existentes e ofrecerlles un marco integral de protección.

Dende o momento en que o PCOP recibe dende os xulgados as copias das ordes de protección ou medidas cautelares ditadas, inicia un contacto coa beneficiaria a fin de informala do procedemento que se vai seguir, os recursos de que dispón e a comprobación de que a dita OP se cumpre correctamente. No suposto de que existan quebrantamentos, se lle informa á muller da canle a seguir para interpoñer a correspondente denuncia. A usuaria é informada tamén, se así o desexa, doutros trámites xudiciais como pode ser a separación ou o divorcio, custodia de fillos/fillas, etc. Polo tanto, unha vez recibida a orde de protección, iniciase o contacto coa vítima para, coñecendo a súa situación persoal e as súas propias necesidades, informala dos recursos asistenciais e de protección social existentes aos que ten dereito e pode solicitar.




Nº Ordes de Protección recibidas no PCOP

Nº de OP e outras medidas cautelares recibidas no PCOP							
Provincia	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019
A Coruña	393	345	307	488	698	668	706
Lugo	145	139	137	168	193	211	223
Ourense	66	64	68	104	218	171	170
Pontevedra	394	268	261	420	542	533	494
Total	998	816	773	1.180	1.651	1.583	1.593

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia

Ordes de protección e outras medidas cautelares recibidas no PCOP-2019



Artigo 53: Puntos de Encontro Familiar

Os puntos de encontro familiar son servizos especializados que interveñen profesionalmente dende o ámbito psicosocial naquelas situación de separación familiar nas que os contactos/relacións dos fillos e fillas co pai, nai ou algún outro membro da familia presenta dificultades. Constitúe un lugar neutral no que se leva a cabo a intervención profesional necesaria para que a relación se produza de xeito normalizado.

Os puntos de encontro familiar constitúen un equipamento social, de carácter neutral, especializado para o cumprimento do réxime de visitas establecido pola autoridade competente, que teñen por obxecto favorecer as relación entre as e os menores e as súas familias cando, nunha situación de separación, divorcio, ou noutros supostos de interrupción da convivencia familiar, o exercicio do dereito de visitas se ve interrompido, ou o seu cumprimento resulta difícil ou conflitivo.

Os puntos de encontro teñen un carácter multidisciplinar e están integrados por expertos/as en intervención psico-familiar, dereito de familia e mediación familiar. Ademais poden contar coa colaboración de persoal voluntario naquelas tarefas que os profesionais dos puntos de encontro estimen axeitado.

Na Comunidade Autónoma existen actualmente sete puntos de encontro de titularidade pública situados nas cidades de Ferrol, A Coruña, Santiago de Compostela, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo.

Os puntos de encontro familiar de Galicia están regulados polo Decreto 96/2014, do 3 de xullo, polo que se regulan os puntos de encontro familiar de Galicia.

O acceso aos puntos de encontro farase por resolución do órgano de dirección competente en materia de familia da consellería con competencia en materia de familia e menores. Serán órganos solicitantes as xefaturas territoriais da consellería con competencia en materia de familia e menores, en relación as e os menores sobre os cales a Xunta de Galicia teña asumida a tutela ou a garda, e os órganos xudiciais competentes.

No desenvolvemento das súas funcións os puntos de encontro familiar teñen como obxectivos: favorecer o cumprimento do réxime de visitas como dereito fundamental das e dos menores e a manter a relación con ambos os proxenitores despois da separación; facilitar o encontro das fillas e fillos co proxenitor non custodio e, de ser o caso, coa súa familia extensa; e garantir a seguridade das e dos menores durante o cumprimento do réxime de visitas así como previr situacións de violencia.



Nas súas intervencións os puntos de encontro actúan sempre atendendo aos seguintes principios: interese das e dos menores; voluntariedade; imparcialidade; neutralidade; confidencialidade; non inxerencia; subsidiariedade e temporalidade.

No ano 2019 permanecen abertos 700 casos (228 por motivo de violencia de xénero) segundo o seguinte detalle:

Expedientes	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Vigo	Ferrol	Santiago de Compostela	TOTAL
Novos	54	53	66	47	47	27	54	348
Pechados	58	45	49	69	44	34	47	346
Permanecen abertos	77	124	67	62	169	91	110	700
Por violencia de xénero	35	23	43	8	68	25	26	228

Fonte: Consellería de Política Social. Xunta de Galicia

Persoas usuarias	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Vigo	Ferrol	Santiago de Compostela	TOTAL
Menores	105	174	99	72	234	129	158	971
Adultos	Homes	90	169	71	58	210	98	837
	Mulleres	122	129	63	69	268	121	933

Fonte: Consellería de Política Social. Xunta de Galicia

Tipos de intervención	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Vigo	Ferrol	Santiago de Compostela	TOTAL
Entregas e recollidas	1407	1846	2594	2686	4015	2871	1496	16.915
Visitas tuteladas	208	119	303	278	1179	671	526	3284
Visitas supervisadas	854	2198	332	985	1011	196	1148	6724
Total	2469	4163	3229	3949	6205	3738	3170	26.923

Fonte: Consellería de Política Social. Xunta de Galicia

En 2019, ao abeiro do convenio de colaboración asinado entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Consellería de Políticas Social, para o desenvolvemento de actuacións do Pacto de Estado contra a Violencia de



Xénero, procedeuse ao reforzo dos Puntos de Encontro Familiar e elaboración e aplicación de protocolos específicos. No marco desta medida ampliáronse os horarios de atención dos PEF, realizáronse actividades específicas de formación e sensibilización para os/as profesionais que atenden os puntos de encontro como para as familias usuarias e iniciáronse os traballos para a elaboración dun protocolo específico de atención en casos de violencia de xénero. Así mesmo, realizáronse materiais específicos.

Nº accións formativas: 10

Nº materiais elaborados e distribuídos: 100

Nº profesionais participantes en accións de formación: 26 (22 mulleres e 4 homes)

Nº horas de formación: 80

Gabinetes de Orientación Familiar (GOF)

Os gabinetes de orientación (GOF) constitúense como un recurso público de carácter multidisciplinar para a atención de conflitos familiares e coa finalidade de servir como un instrumento eficaz na protección da familia de acordo coas competencias atribuídas á **Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica**.

Como recurso encamiñado a facilitar unha dinámica familiar positiva, a solución de problemas e a toma de decisións, así como a potenciar e desenvolver os recursos familiares, os Gabinetes de orientación familiar abordaran os problemas que poidan xurdir na familia e por extensión nos membros que a compoñen, prestándolles especial atención ao interese superior e á vulnerabilidade das e dos menores, e atendendo nomeadamente:

- a) As crises do ciclo vital da familia.
- b) As situacións de conflito.
- c) A viabilidade adaptativa do grupo familiar: apoio, protección e desenvolvemento.

Por outra banda, os GOF constitúen un dispositivo en estreito contacto cos equipos de atención ao menor, colaborando con eles na atención ás familias de menores susceptibles de ser sometidos a medidas de protección.

Estes gabinetes, dependentes das xefaturas territoriais da **Consellería de Política Social**, están integrados por especialistas en traballo social, dereito e psicoloxía.



Entre os seus obxectivos destácanse:

- Informar e asesorar tecnicamente ás familias sobre as problemáticas sociais, psicolóxicas e xurídicas nas que se puidesen atopar.
- Proporcionar ás familias o acceso a recursos axeitados para o desenvolvemento de canles normalizados de convivencia.
- Dotar as familias das habilidades necesarias para afrontar as súas necesidades.
- Evitar a instrumentalización das/os fillas/os, ante as diferentes situacións de conflitividade.
- Fomentar o mantemento da cooperación parental como protectora da imaxe que as/os fillas/os teñen dos seus proxenitores.
- Informar, asesorar e prestar asistencia psicolóxica ás mulleres, particularmente a aquelas que se atopen inmersas en procesos de conflitividade familiar.

Os niveis de atención dos Gabinetes de orientación familiar, segundo a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, son os que a continuación se relacionan:

- a) Informativo, facilitándolles ás familias a información necesaria para favorecer unha mellor ceso de planificación e comprensión do medio e dos recursos dispoñibles.
- b) Educativo e formativo, proporcionándolles ás familias os medios necesarios para o desenvolvemento integral das súas funcións e das súas habilidades, fortalecendo os vínculos do sistema familiar e facilitando que a dinámica individual e familiar sexa creativa, eficaz e enriquecedora.
- c) Preventivo, de preparación perante as distintas etapas ou situacións polas que pasan as familias no seu ciclo vital.
- d) Axuda persoal e emocional, ofrecendo atención e acompañamento en calquera momento da vida e, en especial, nos momentos de crises provocadas por desgrazas inesperadas, tanto formal a través da terapia familiar coma informal a través das redes de axuda mutua ou grupos de apoio familiar.
- e) Orientación, acompañando as familias, ofrecendo asesoramento para a toma de decisións, a resolución de conflitos e a mobilización dos recursos propios e do contorno, así como no procn de apoios.
- f) Terapia e tratamento co fin de superar os dinamismos disfuncionais das familias, facendo posible o seu progreso e a súa adaptación.



Para o seguimento do programa, a Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica implementou unha aplicación informática que posibilita dispoñer en todo momento dos datos actualizados dos distintos Gabinetes.

GOF/ Seguimento anual 2019:

Demandas	A Coruña	Lugo	Ourense	Vigo	TOTAL
Recibidas	57	88	128	141	414
Reorientadas	2	0	0	0	2
Atendidas	57	88	128	141	414

Fonte: Consellería de Política Social. Xunta de Galicia

Da totalidade das demandas atendidas 18 o foron por **problemática relativa á violencia de xénero**

En xullo de 2012 púxose en marcha o GOF VIRTUAL, co que se pretende proporcionar ás familias ou a calquera persoa interesada, información e asesoramento gratuito por parte de profesionais especializados no ámbito da familia e infancia sobre diversas cuestións: servizos, recursos sociais, programas, disposicións legais, etc., pero sen entrar en ningún momento a dar directrices técnicas sobre pautas de comportamento. Este servizo está dispoñible na páxina web <http://familiasgalegas.org/>, no apartado “Gabinetes de Orientación Familiar”, dentro do menú principal.

Ao longo do ano 2019 recibíronse 6 consultas, das cales 5 foron de mulleres e 1 de homes.

Artigo 54: Creación de oficinas de atención ás vítimas dos delitos

En relación coa previsión do artigo 54, mediante a Resolución do 15 de setembro de 2008, da Dirección Xeral de Xustiza, constituíronse os servizos comúns de atención á cidadanía e asistencia á vítima.

A Lei 4/2015, do 27 de abril, do Estatuto da vítima do delito, en liña coa normativa europea na materia e coas demandas que formula a nosa sociedade, pretende, partindo do recoñecemento da dignidade das vítimas, a defensa dos seus bens materiais e morais e, con iso, os do conxunto da sociedade.

As disposicións da devandita Lei aplícanse ás vítimas de delitos cometidos en España ou que poidan ser perseguidos en España, con independencia da súa nacionalidade, de se son maiores ou menores de idade ou de se gozan ou non de residencia legal.



Nela recóllense unha serie de disposicións relativas á organización e funcionamento das Oficinas de Asistencia ás Víctimas e introdúcense distintas previsións para reforzar a coordinación entre os distintos servizos que realizan funcións en materia de asistencia ás vítimas.

Existen oficinas na Coruña, Santiago de Compostela, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo.

Estes servizos prestan atención á cidadanía e ás vítimas, incluíndo os delitos en materia de violencia de xénero, desenvolvendo a súa actividade baixo os principios de transparencia, información e atención axeitada.

No ano 2018 desde a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, subscribiuse un convenio de colaboración co Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia para o desenvolvemento dun programa piloto de apoio ea asistencia psicolóxica especializada nas oficinas de asistencia a vítimas e ao cidadán.

A finalidade deste programa foi o apoio e a asistencia psicolóxica especializada nas Oficinas de Atención á Víctima e ao Cidadán existentes nos xulgados de A Coruña, Ferrol, Santiago, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo a través de persoal especializado e seleccionado polo Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

A atención prestada incluía a súa avaliación e tratamento, e/ou a derivación, se é o caso, a outros recursos sanitarios ou asistencias, axustados ás necesidades de cada unha delas. No caso de vítimas da violencia de xénero procurando manter a coordinación permanente co Centro de Información ás Mulleres ou servizos sociais correspondentes para o deseño e elaboración dun plan de apoio individualizado, así como coas forzas e corpos de seguridade competentes. No ano 2019, as psicólogas e psicólogos das Oficinas pasaron a formar parte do persoal propio da administración autonómica.

No ano 2019, ao abeiro do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, levouse a cabo a ampliación das oficinas coa contratación de 7 traballadoras/es sociais para desempeñar o seu traballo nas 7 Oficinas de atención á cidadanía e á vítima existentes en Galicia, situadas nas localidades da Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Ferrol, Santiago e Vigo.

Funcións:

- Informar as vítimas sobre a totalidade de recursos á súa disposición
- Apoiar ás vítimas en cuantos trámites administrativos e sociais por mor da súa condición de vítima de violencia de xénero



- Derivar ás vítimas, sempre que sexa preciso e recomendable, a outros servizos especializados como o de atención psicolóxica existente na propia Oficina, os servizos sanitarios, educativos, policiais, xudiciais e/ou sociais.
- Establecer vías de coordinación/diálogo con outros servizos especializado, compartindo a información e optimizando os recursos.

Nº aproximado de mulleres vítimas de violencia de xénero atendidas: 188

Artigo 55: Titularidade e Xestión dos servizos

Os servizos de asistencia social integral que conforman na CCAA de Galicia o sistema de protección e asistencia integral para as mulleres en situación de violencia de xénero son na súa inmensa maioría de titularidade pública, ben municipal ben autonómica, sendo a Xunta de Galicia a que realiza as funcións de coordinación e supervisión de recursos e servizos, seguindo as directrices marcadas pola lexislación vixente, e garantindo así mesmo, a equidade territorial.

Ademais, e de acordo co disposto neste apartado da lei 11/2007, a Xunta de Galicia establece fórmulas de colaboración con entidades sen fin de lucro, sempre coa finalidade de garantir unha protección e asistencia axeitada ás mulleres que sofren violencia de xénero. Ao longo deste informe detállanse en cada apartado, todas e cada unha das anteditas fórmulas de colaboración que se estableceron durante o exercicio 2019.

Artigo 56: Confidencialidade da información

A Xunta de Galicia, a través de todos os seus departamentos con competencias en accións de protección e asistencia integral ás mulleres que sofren violencia de xénero, ten adoptadas as medidas necesarias para garantir a confidencialidade da información relativa a estas situación, sempre segundo o establecido no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais (Regulamento Xeral de protección de datos), na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e demais normativa concordante.



DISPOSICIÓN ADICIONAIS

Primeira: Modificación da Lei 4/2001, do 31 de maio, reguladora da mediación familiar.
Segunda: Acordos interinstitucionais e instrumentos de colaboración.
Terceira: Competencias en materia de violencia de xénero da Policía de Galicia.
Cuarta: Información ao Parlamento de Galicia
Quinta: Creación do Consello Galego das Mulleres.
Sexta: Creación do Observatorio galego da violencia de xénero.
Sétima: Creación da Comisión Interdepartamental de igualdade.
Oitava: Informes sobre o grao de desenvolvemento e repercusión económica desta Lei.
Novena: Modificación da Lei 9/1991, do 2 de outubro, galega de medidas básicas para a inserción social
Décima: dotación orzamentaria.

Disposición Adicional Primeira: Modificación da Lei 4/2001, do 31 de maio, reguladora da mediación familiar.

Modificación en vigor.

Sinalar en todo caso, que a lexislación vixente en materia de violencia de xénero, prohibe de maneira expresa a mediación nestes casos.

Disposición Adicional Segunda: Acordos interinstitucionais e instrumentos de colaboración.

➤ ***Protocolo de coordinación e cooperación institucional fronte á violencia de xénero***



En xullo de 2017 foi aprobado inicialmente o Protocolo de Coordinación e Cooperación Institucional fronte á violencia de xénero na comunidade autónoma de Galicia.

Este protocolo é o resultado dun dos grupos de traballo creados no seo do Observatorio Galego da Violencia de Xénero.

O obxectivo que se persegue coa aplicación do Protocolo de coordinación e colaboración institucional fronte á violencia de xénero para a Comunidade Autónoma de Galicia, consiste en establecer os criterios de coordinación e colaboración institucional entre os distintos axentes implicados na prevención e protección dos actos de violencia de xénero, así como na asistencia ás persoas afectadas, garantindo unha actuación integral, áxil e coordinada.

Os principios de actuación que determinaron a definición deste protocolo e que rexerán a súa aplicación son:

- Actuación integral, personalizada, áxil e inmediata ás persoas que sofren violencia de xénero.
- Detección e prevención como prioridade.
- Atención especializada ás persoas afectadas pola violencia de xénero.
- Respecto á intimidade e dignidade das persoas que sofren violencia de xénero.
- Fomento da autoestima e da autonomía das persoas afectadas pola violencia de xénero.
- Coordinación das actuacións das distintas entidades, axentes e administracións que interveñen ante unha situación de violencia de xénero.
- Concienciación e sensibilización dos poderes públicos e da sociedade respecto á violencia machista.

O protocolo preséntase como un documento de referencia que facilita a configuración dun sistema articulado e homoxéneo. En ningún caso se trata dunha ferramenta estanca, máis ben todo o contrario, conta coa flexibilidade suficiente para permitir aos axentes chave - que interveñen no proceso de atención ás mulleres que se atopan en situación de violencia de xénero- adaptar os procedementos que aquí se describen, identificar melloras, concretar os procesos estandarizados, etc.

Como recurso complementario a este protocolo a Secretaría Xeral da Igualdade en colaboración con AMTEGA puxo en marcha o Mapa de recursos en liña na área da violencia de xénero (véxase páxina 326).

Na xuntanza do Pleno do Observatorio Galego da Violencia de Xénero, do 20 de marzo de 2018, incorporáronse ao texto do Protocolo as últimas achegas realizadas pola Fiscalía Xeral do Estado (entre as principais novidades, atópase a creación dunha Comisión para



seguimento para garantir o seu correcto funcionamento e para integrar todas as melloras que vaia precisando) e validouse definitivamente o dito Protocolo.

➤ **Guía para a Dinamización das mesas locais de coordinación interinstitucional contra a violencia de xénero.**



No ano 2015 a Secretaría Xeral da Igualdade, elaborou e difundiu o **Manual de dinamización para as Mesas Locais de coordinación institucional contra a violencia de xénero (MLC)**.

O citado Manual da continuidade á *Guía Práctica para a constitución das Mesas Locais de Coordinación interinstitucional contra a Violencia de Xénero*, elaborada en 2015 como ferramenta de apoio para contribuír á mellora da coordinación entre todas as institucións que traballan en contra da violencia machista

EN 2017, logo dunha fase de análise e diagnose, entrouse nunha fase de contraste, definindo **pautas e ferramentas para mellorar a coordinación das Mesas**, e deseñando recomendacións para unha mellor optimización deste recurso nas entidades locais. Desenvolvéronse encontros nas catro provincias, dirixidos a responsables políticos e persoal técnico municipal e deles xurdiron propostas relativas a recomendacións para as políticas públicas en materia de igualdade de xénero, sempre co fin de seguir avanzando na colaboración interinstitucional na loita contra a violencia machista.

Así e raíz do traballo desenvolvido nos anos anteriores, no ano 2018 a Secretaría Xeral da Igualdade elaborou e difundiu o mencionado **Manual de dinamización** das Mesas locais de coordinación interinstitucional contra a violencia de xénero, como complemento á guía editada no 2015, coa finalidade de apoiar e dinamizar as mesas e facilitar a súa operatividade co propósito de acadar os seguintes compromisos:

- Dotar as mesas de mecanismos e dinámicas de traballo facilitadoras da planificación que permita cumprir os obxectivos para os que foron definidas (orientación a obxectivos específicos, medidas e accións que se van desenvolver, recursos que se van empregar, avaliación e seguimento do seu funcionamento).
- Facilitar novas dinámica de traballo colaborativas dirixidas ao intercambio de coñecementos e experiencias entre axentes e administracións de cara á xeración de novas iniciativas e actividades ao redor das mesas.



- Incrementar o grao e a efectividade da coordinación interinstitucional que contribua a mellorar a prevención e atención ás mulleres vítimas de violencia de xénero.
- Acadar unha maior implicación, participación e colaboración de todos axentes e instancias na prevención e detección precoz de casos de violencia de xénero

Ademais, entre as actuacións ofertadas no ano 2019 ás entidades locais galegas adheridas á Rede Galega de Entidades Locais contra a Violencia de Xénero, pola Secretaría Xeral da Igualdade, ao abeiro do convenio de colaboración asinado coa FEGAMP (véxase páxina 347), incluíronse as seguintes actuacións de **formación do persoal do concello**, no marco do impulso das Mesas de Coordinación interinstitucional fronte á violencia de xénero: .

- **Formación para a constitución dunha MLC**
- **Formación para impulsar o funcionamento da MLC** (se xa estivera constituída)

Esta accións desenvolvéronse en 10 entidades locais:

Provincia	Concello
A Coruña	As Pontes de García Rodríguez
	San Sadurniño
	Arteixo
Lugo	Ourol
	Xermade
Ourense	Allariz
	Baños de Molgas
	O Barco de Valdeorras
	O Carballiño
Pontevedra	Mos

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia

- **Convenio de colaboración entre o Ministerio de Igualdade, e a Comunidade Autónoma de Galicia, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, para a prestación do servizo telefónico 016 de información e asesoramento a mulleres vítimas de violencia de xénero.**

Con data 9 de novembro de 2012 o Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade e a Comunidade Autónoma de Galicia, a través da **Secretaría Xeral da Igualdade**, asinaron un convenio de colaboración, para a prestación do servizo telefónico de información e de asesoramento xurídico ás mulleres vítimas de violencia de xénero.



En base a este convenio, que sigue en vigor, o Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade garante a derivación automática daquelas chamadas realizadas ao teléfono 016 dende o ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia ao teléfono 900 400 273, co fin de asegurar a prestación do servizo público de atención e asesoramento a mulleres vítimas de violencia de xénero, calquera que sexa a información requirida, poñendo en todo caso en coñecemento da persoa usuaria o número ao que se deriva a chamada. Se a chamada precisa atención de emerxencia a derivación automática realizarase ao teléfono 112 de emerxencia autonómico.

As chamadas recibidas polo servizo telefónico da Comunidade Autónoma de Galicia realizadas por persoas que soliciten asesoramento xurídico especializado, poderán ser derivadas ao servizo telefónico 016 para a súa atención polo Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade.

Así mesmo, a Comunidade Autónoma de Galicia poderá derivar calquera chamada relativa á violencia de xénero ao servizo telefónico 016, para garantir a correcta atención da chamada.

O Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade garantirá a difusión do servizo telefónico autonómico facendo constar, xunto ao servizo telefónico 016, o servizo telefónico 900 400 273 da Comunidade Autónoma de Galicia nas campañas que se leven a cabo en medios publicitarios gráficos (prensa escrita, revistas, folletos...) e exteriores no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, sen prexuízo de que en cada unha das campañas publicitarias a realizar por parte do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, se acorden coa Comunidade Autónoma de Galicia os termos da difusión.

O convenio ten vixencia dende a data da súa sinatura entendéndose tacitamente prorrogada a súa vixencia por anos naturais, salvo denuncia expresa dalgunha das partes.

No ano 2019 un 34% das chamadas recibidas no teléfono de información ás mulleres de Galicia (900 400 273) foron derivadas dende o teléfono 016, o que supón 983 chamadas das 2.933 recibidas.



- **Protocolo de colaboración entre a Secretaría Xeral da Igualdade e a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp), para establecer unha Rede de entidades locais en contra da violencia de xénero e realizar outras accións de sensibilización social en contra da violencia de xénero**

Con data 12 de setembro de 2012 a Secretaría Xeral da Igualdade e a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) asinaron un protocolo de colaboración co obxecto de promover unha rede de entidades locais en contra da violencia de xénero, que se configurará como un instrumento que permita conseguir o rexeitamento social e institucional da violencia de xénero, sensibilizando á poboación e conseguindo a súa implicación e compromiso real contra esta lacra, fomentando ao mesmo tempo modelos alternativos de convivencia baseados no respecto e na igualdade. O 15 de novembro de 2017 ambas institucións asinaron un novo acordo de colaboración para o impulso da Rede de Entidades Locais contra a violencia de xénero.

A rede de entidades locais contra a violencia de xénero e a Secretaría Xeral da Igualdade colaborarán na consecución dos seguintes obxectivos:


- Promover e apoiar proxectos de prevención da violencia de xénero e detección precoz de situacións de risco.
- Mobilizar e implicar a toda a sociedade na loita contra a violencia de xénero, fomentando unha actitude crítica, solidaria e comprometida fronte a situacións de maltrato.
- Fomentar o trato igualitario entre mulleres e homes
- Conseguir a tolerancia cero coas persoas agresoras

A finais de 2019 estaban adheridas a esta Rede 210 entidades locais, co seguinte desglose:

Provincia	Nº
A Coruña	74
Lugo	42
Ourense	51
Pontevedra	43
Total	210

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade





No marco deste protocolo no ano 2019 dende a **Secretaría Xeral da Igualdade** ofertáronse **varias actividades ás entidades locais adheridas:**

1.- “ **Golpes**”. Espectáculo teatral pedagóxico ,con Estíbaliz Veiga, que analiza o impacto da violencia de xénero e tenta concienciar á mocidade na súa prevención (Véxase páxina 92).

2.- **Exposicións dirixidas á mocidade:**

2.1- “**Á Violencia de Xénero... Dille NON!**”, exposición gráfica ilustrada, dirixida a axudar á mocidade a recoñecer, identificar e rexeitar condutas sexistas, nocivas nas súas relacións. Achegaranse unidades didácticas (Véxase páxina 95).

2.2.- “**Cartas de Amor**”, exposición gráfica de ilustracións de diversos artistas sobre a violencia de xénero e a mocidade. Achegaranse unidades didácticas (Véxase páxina 97).

3.- **Exposición fotográfica “Express-Arte”**, unha perspectiva de diferentes realidades dende a arte. Creada no marco do programa de inserción laboral para vítimas da violencia de xénero e impulsada pola Asociación de Xóvenes Emprendedores Lucenses (AXEL) (Véxase páxina 93).

4.-“**IGUAL A NOS**”: **Dinamización en Igualdade e Prevención da violencia de xénero**. Representación escénica e debate-coloquio para afondar nos conceptos e aspectos abordados na representación, fomentando a participación social das mulleres maiores (Véxase páxina 73).




- 5.-Programa de **Asesoramento e terapia familiar** de apoio con nenos e nenas que sufriran de maneira directa ou indirecta violencia de xénero (Véxase páxina 198).
- 6.-“**Hai saída grazas a ti**”, encontro-debate sobre a abordaxe da violencia de xénero, con especial énfase na xente moza (Véxase páxina 75).
- 7.-**Charlas informativas sobre agresións sexuais e violencia sexual**, a cargo de persoal especializado (Véxase páxina 76).
- 8.- **Visita ás instalacións do Centro de Recuperación Integral para mulleres que sofren Violencia de Xénero** por parte do persoal do concello: CIM, servizos sociais etc, e xuntanza técnica entre profesionais
- 9.- Programa de **impulso das Mesas de Coordinación interinstitucional fronte a violencia de xénero (MLC)**:
- 9.1.- Formación para a **constitución ou dinamización da Mesa Local**
- 9.2.- Programa de apoio e seguimento na dinamización da Mesa local (para concellos participantes na fase 2018/2019).

O cómputo total de solicitudes recibidas amósase na seguinte táboa:

Solicitudes recibidas	
Provincia	nº solicitudes
A Coruña	55
Lugo	23
Ourense	27
Pontevedra	34
Total	139

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



Ademais das actuacións indicadas, tamén se ofertaron ás entidades locais adheridas a este protocolo as seguintes actuacións:

- **Prevenção de situacións de violencia de xénero: curso de defensa persoal e autocalidades (Véxase páxina 76).**
- **Campaña Agresión OFF: Eu digo non á violencia sexual (Véxase páxina 46).**

CONCESIÓN POR PROVINCIA					
Actuacións	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	TOTAL
Golpes	14	5	1	5	25
Á VX dille Non!	8	2	0	4	14
Cartas de Amor	1	0	1	0	2
Express-Arte	2	2	2	4	10
Igual a nós	9	6	15	6	36
Asesoramento e terapia familiar	3	0	0	1	4
Hai saída grazas a ti	3	0	4	4	11
Charlas agresións sexuais e violencia sexual	4	4	0	7	15
Visita CRI		1	1	1	3
Formación MLC	7	3	1	1	12
Apoio e seguemento MLC	1	0	0	0	1
Curso de defensa persoal e autocalidade	26	10	11	13	60
Campaña Agresión Off	12	4	4	3	23

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



- *Acordo de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Secretaría Xeral da Igualdade) e a Federación de autónomos do taxi de Galicia (FEGATAXI), para a colaboración no apoio ao traslado das mulleres vítimas da violencia de xénero. Centros de acollida das mulleres vítimas da violencia de xénero.*

No ano 2019 dende a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Secretaría Xeral da Igualdade e a Federación de autónomos do taxi de Galicia (FEGATAXI) continuouse coa colaboración para o apoio no traslado das mulleres vítimas da violencia de xénero e dos seus fillos e fillas a calquera dos centros que conforman a Rede Galega de Acollemento, cando as especiais circunstancias da vítima, valoradas convenientemente polos servizos sociais (municipais ou autonómicos), imposibiliten o seu traslado por outros medios.

Ademais a través deste acordo de colaboración a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Secretaría xeral da Igualdade, comprométese a facilitar o material informativo e de sensibilización a prol da eliminación da violencia de xénero que elabore á Federación de Autónomos do Taxi de Galicia (FEGATAXI), así como a poñer a disposición da Federación contidos formativos sobre violencia de xénero a incluír no seu programa de formación de xeito que permita ás e a aos profesionais ampliar os seus coñecementos ao respecto e coñecer pautas de actuación.

Pola súa parte, a Federación de Autónomos do Taxi de Galicia (FEGATAXI), pon a disposición da Secretaría Xeral da Igualdade un teléfono de atención permanente ou calquera outro sistema de comunicación, que permita un **contacto directo 24 horas** para poder efectuar os traslados e comprométese a apoiar ás vítimas da violencia de xénero no traslado ao centro de acollida previamente determinado polo servizo da administración local ou autonómica correspondente, así como a difundir a iniciativa entre todas as asociacións que a integran, e contribuír á sensibilización social no rexeitamento conxunto da violencia de xénero, colocando o material que se facilite por parte da Secretaría Xeral da Igualdade nun lugar visible dos vehículos, e no que figurarán os números de información contra a violencia de xénero, 016 e 900 400 273.

O acordo está acompañado dun **protocolo de actuación**, publicado na web da Secretaría Xeral da Igualdade no que se detalla o procedemento coordinado que debe levarse a cabo entre os distintos recursos públicos de carácter social -CIMS, departamentos e servizos sociais, etc.-, a Secretaría Xeral da Igualdade e os centros da Rede Galega de Acollemento.

Este documento especifica as distintas formas de comunicación -teléfonos, fax e enderezos electrónicos- para poder atender as incidencias as 24 horas dos 365 días do ano, a maneira



de facer esta comunicación; e inclúe un anexo co formulario de solicitude de derivación da persoa ou persoas trasladadas desde o servizo correspondente ao centro de destino.

A colaboración establecida entre Igualdade e Fegataxi non substitúe en ningún caso os traslados que se realizan dende outras administración públicas con competencias na materia, nin os traslados que deban efectuarse con acompañamento de forzas e corpos de seguridade.

Durante o ano 2019 fíxose uso deste servizo para a realización de **107 traslados**.

➤ ***Convocatoria de subvencións destinadas ás entidades locais de Galicia dirixidas á promoción da igualdade.***

A **Secretaría Xeral da Igualdade** convocou estas axudas a través da Resolución do 28 de decembro de 2018 (DOG nº 28, do 8 de febreiro) sendo a súa finalidade colaborar economicamente coas entidades locais de Galicia para o desenvolvemento de programas, actividades, actuacións e medidas para facer efectivo o principio de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, o tratamento integral da violencia de xénero, a conciliación da vida persoal, laboral e familiar, a participación das mulleres na vida política, económica, social e cultural; así como para consolidar o funcionamento de servizos de atención integral de información e asesoramento ás mulleres no territorio, co fin de prestarlles unha atención e acompañamento de proximidade, psicolóxico, xurídico e de orientación sociolaboral ás mulleres, en particular, a aquelas que pertencen a colectivos en risco de exclusión ou estean nalgunha situación de vulnerabilidade, de cara a mellorar a súa situación social, laboral e profesional.

Este ano 2019 a convocatoria inclúe un novo Programa de sensibilización, información e difusión sobre igualdade e prevención da violencia contra as mulleres está financiado co fondo finalista procedente das medidas previstas no Pacto de Estado contra a violencia de xénero.

Os programas subvencionados a través desta convocatoria son:

- a) Programa de fomento da conciliación da vida persoal, laboral e familiar.
- b) Programa de promoción da igualdade entre mulleres e homes e de prevención e tratamento da violencia de xénero.
- c) Programa de apoio aos centros de información ás mulleres.
- d) Programa de sensibilización, información e difusión sobre igualdade e prevención da violencia contra as mulleres



Ao abeiro do **Programa de promoción da igualdade e prevención e tratamento da violencia de xénero** son subvencionables accións directas de promoción da igualdade e de prevención e tratamento da violencia de xénero, que poderán consistir nalguna das seguintes medidas:

a) Actuacións de promoción da igualdade, especialmente coas mulleres que sofren algunha circunstancia de vulnerabilidade e intervencións orientadas a mellorar a situación das mulleres vítimas de violencia de xénero, das súas fillas e fillos, así como das persoas delas dependentes, e dirixidas a impulsar unha atención profesional de maior calidade: accións de apoderamento, autoestima, accións de atención, orientación e acompañamento para a mellora da situación persoal, social e laboral, así como de asesoramento xurídico especializado, de atención directa a menores fillos e fillas de mulleres vítimas de violencia de xénero, todas elas na procura da recuperación da súa identidade e autonomía e da restauración dos seus proxectos vitais, e de apoio na súa orientación persoal, social e laboral.

b) Actuacións dirixidas á loita contra a explotación sexual, en xeral, e a prostitución, en particular, encamiñadas a mellorar a situación persoal, social e laboral das mulleres que se atopan nesa situación, a través de accións de información, atención, orientación e para a mellora da súa situación persoal, social e laboral, así como de asesoramento xurídico especializado.

Nos programa de promoción da igualdade e prevención e tratamento da violencia de xénero resultaron beneficiarias un total de **43 entidades locais**

Ao abeiro do **Programa de sensibilización, información e difusión sobre igualdade e prevención da violencia contra as mulleres**, financiado co Pacto de Estado contra a violencia de xénero, serán elixibles as seguintes accións ou medidas (artigo 9.1):

a) Actividades dirixidas á poboación infantil e xuvenil para favorecer a coeducación e a promoción de igualdade de oportunidades que fomenten a desaparición dos roles e estereotipos de xénero, a violencia sexual ou o uso adecuado e crítico da internet e das novas tecnoloxías, especialmente na protección da privacidade e sobre os cibercrimes (stalking, sexting, grooming, etc.), tanto no ámbito educativo en colaboración cos centros educativos do concello como coas ANPA e coas familias (medidas do Pacto de Estado contra a violencia de xénero 5, 26, 27 e 34).

b) Actuacións de sensibilización e concienciación en materia de igualdade e/ou prevención e loita contra a violencia de xénero dirixidas a toda a cidadanía: estudos, campañas, exposicións, obradoiros ou calquera outra actividade de divulgación e/ou visibilización do



papel das mulleres dirixidas a promover cambios de valores na sociedade e no ámbito educativo e a potenciar a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes (medidas do Pacto de Estado contra a violencia de xénero 24 e 27).

c) Campañas específicas dirixidas a nenas, nenos, adolescentes e mocidade, para que interioricen a igualdade como un valor esencial para a convivencia entre mulleres e homes, utilizando preferentemente as tecnoloxías da información e da comunicación (medida do Pacto de Estado contra a violencia de xénero 26).

d) Campañas de sensibilización e prevención da violencia de xénero dirixidas a toda a sociedade que se focalizen no rexeitamento ao maltratador e que presenten exemplos de mulleres fortes e valentes, sen recorrer ao cliché de vítimas (medidas do Pacto de Estado contra a violencia de xénero 24 e 25).

e) Campañas de sensibilización e prevención da violencia de xénero dirixidas especificamente as mulleres máis vulnerables, como as que viven no ámbito rural, as mulleres maiores ou as que sofren algún tipo de discapacidade, entre outras (medidas do Pacto de Estado contra a violencia de xénero 24 e 25, 29, 31 e 35).

f) Elaboración de materiais, campañas ou protocolos de actuación contra a violencia sexual, así como establecemento en espazos públicos de puntos seguros e de información sobre a violencia sexual (medidas do Pacto de Estado contra a violencia de xénero 30 e 256).

g) Elaboración e difusión de materiais con información sobre a violencia machista entre as mulleres que exercen a prostitución e os dereitos que as asisten (medida do Pacto de Estado contra a violencia de xénero 268).

Nos programa de sensibilización, información e difusión sobre igualdade e prevención da violencia contra as mulleres resultaron beneficiarias un total de **131 entidades locais**

- **Convocatoria de subvencións destinadas destinadas á realización de programas de interese xeral para fins de carácter social dirixidos á promoción da igualdade entre mulleres e homes e de prevención e loita contra a violencia de xénero, con cargo á asignación tributaria do 0,7% do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas**

No Diario Oficial de Galicia do 29 de agosto de 2019 publicouse a Resolución do 9 de agosto de 2019, da **Secretaría Xeral da Igualdade**, pola que se establecen as bases reguladoras e se convoca o procedemento para a concesión de subvencións destinadas á realización de programas de interese xeral para fins de carácter social dirixidos á promoción da igualdade entre mulleres e homes e de prevención e loita contra a violencia de xénero, con cargo á asignación tributaria do 0,7 % do imposto sobre a renda das persoas físicas, para o ano 2019.



Esta convocatoria, cun importe total de 507.320,44 euros, subvenciona programas que fomenten a igualdade real e efectiva entre homes e mulleres, para lograr a eliminación de estereotipos de xénero que conducen a que as mulleres padezan unha situación de desvantaxe no eido laboral, social, persoal, económico, político e cultural. Así mesmo, subvencionaranse determinados programas que teñan por obxecto a prevención de todas as formas de violencia contra as mulleres, segundo o recollido na Lei 11/2007, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

Serán obxecto de subvención os seguintes tipos de programas:

- a) Acollemento, atención e asesoramento para mulleres en situación de vulnerabilidade.
- b) Acolliada e aloxamento que coadxuven na protección e seguridade das vítimas da violencia de xénero e dos seus fillos e das súas fillas.**
- c) Programas de información e formación para o apoderamento e participación activa, dirixidos a mulleres en situación de vulnerabilidade e a mulleres do medio rural, que impulsen o emprendemento, o autoemprego, a formación e a mellora da súa capacitación de cara a mellorar a súa empregabilidade.
- d) Programas de conciliación dirixidos a mulleres en situación de vulnerabilidade que consistan en actividades de coidado e atención a menores de doce anos, persoas con discapacidade e/ou dependentes e persoas maiores.
- e) Actuacións de información e de formación para o apoderamento e participación activa das mulleres, en especial as que sofren situacións de vulnerabilidade e/ou as que residen no medio rural.
- f) Programas para o tratamento da saúde integral das mulleres e/ou sobre a sexualidade das mulleres.
- g) Programas de apoio e tratamento integral dirixidos a grupos de mulleres vítimas da violencia de xénero especialmente vulnerables: mozas e adolescentes, mulleres con discapacidade, mulleres maiores, mulleres que residen no medio rural, mulleres inmigrantes, mulleres pertencentes a minorías étnicas, etc.**
- h) Programas que coadxuven na protección e seguridade das vítimas da violencia de xénero e dos seus fillos e das súas fillas.**

No Diario Oficial de Galicia do 8 de xaneiro de 2020 publicouse a Resolución do 27 de decembro de 2019, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se resolven as solicitudes de subvencións ao abeiro da Resolución do 9 de agosto de 2019, destinadas á realización de programas de interese xeral para fins de carácter social dirixidos á promoción da igualdade entre mulleres e homes e de prevención e loita contra a violencia de xénero, con cargo á



asignación tributaria do 0,7 % do IRPF, para o ano 2019 (codigo de procedemento SI45Z).
Resultaron beneficiarias un total de 24 entidades.

➤ ***Protocolo de actuación institucional sobre adopción de medidas de prevención, investigación e tratamento ás vítimas de trata con fins de explotación sexual.***

O artigo 41.3 do Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, aprobado polo Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, recolle a obriga da Xunta de Galicia na loita contra o tráfico de mulleres, nenas e nenos que teña como finalidade fundamental a súa explotación sexual no territorio da nosa comunidade autónoma, establecendo que esa loita deberá realizarse a través dunha intervención integral que permita a prevención, detección, atención e, se é o caso, integración das mulleres vítimas do tráfico de explotación sexual.

A Xunta de Galicia é pioneira na elaboración e aplicación de Protocolos de actuación no ámbito da trata de seres humanos con fins de explotación sexual, asinando xa no ano 2010 un Protocolo de actuación institucional sobre adopción de medidas de prevención, investigación e tratamento ás mulleres vítimas de trata con fins de explotación sexual, asinado en xaneiro, coa Fiscalía Superior de Galicia. Este Protocolo foi revalidado no ano 2012, dados os cambios legislativos operados pola reforma da Lei Orgánica de Estranxeiría e polo Código Penal, que fixeron procedente unha revisión e adaptación do citado Protocolo.

O Protocolo tenta axilizar a aplicación dos beneficios de protección recollidos na lexislación vixente, entre os que destaca a posibilidade de conceder permiso de residencia a aquelas mulleres que denuncien ás mafias que as explotan, para que manteñan o seu testemuño ata o fin do proceso penal, tentando facilitar a colaboración das vítimas de trata coa xustiza.

Por parte da Xunta de Galicia, a través da Secretaría xeral da Igualdade, ponse a disposición das vítimas, unha vez son identificadas, ben por vontade propia ou pola intervención policial nun local, como vítimas dun delito de trata de seres humanos, un aloxamento que garanta o exercicio do dereito ao período de reflexión, para elas e para as súas fillas e fillos menores de idade, así como asistencia psicolóxica, médica e xurídica gratuíta.

Na **Secretaría Xeral da Igualdade**, e no marco deste Protocolo, no ano 2019 continuouse coa colaboración con organizacións sen ánimo de lucro para o desenvolvemento das diversas actuacións de prevención e asistencia ás vítimas de trata, así como a tarefa de coordinación de todos os servizos e programas dispoñibles para a atención das vítimas.

➤ ***Protocolo de derivación entre as Comunidades Autónomas para a Coordinación das***



súas Redes de Centros de Acollida para as Mulleres vítimas da violencia de xenero e dos seus fillos e fillas.

Na Xunta de Galicia, xa dende a apertura do primeiro centro de acollida na Comunidade, véñense asinando cada ano convenios de colaboración con diversos concellos titulares dun recurso de acollida para a atención a mulleres vítimas de violencia de xénero, para o mantemento dos mesmos, en concreto cos **concellos da Coruña, Ferrol, Culleredo, Lugo e Ourense**. Todos os centros atópanse incluídos na rede autonómica de centros de atención a mulleres, e cumpren cos requisitos establecidos na Orde do 1 de abril de 1997, pola que se regulan os requisitos específicos dos centros de acollida para mulleres vítimas de malos tratos.

O obxecto deses convenios é a colaboración da Xunta de Galicia no financiamento dos gastos de persoal e gastos correntes de funcionamento dos centros de atención a mulleres vítimas de violencia de xénero, comprometéndose os concellos a manter os centros en funcionamento e a prestarlle ás mulleres vítimas un servizo integral de atención, emerxencia, apoio, acollida e recuperación. Establécese ademais a cooperación e colaboración coa Secretaría Xeral da Igualdade nas derivacións das mulleres vítimas de violencia de xénero e das súas fillas e fillos, procedentes doutras comunidades autónomas, de acordo cos protocolos e procedementos establecidos para estes efectos

Dado o carácter de recurso de protección que seguen mantendo os centros de acollida, non son infrecuentes as ocasións en que, maiormente por motivos de seguridade, pero tamén de carácter persoal ou profesional, este centros de acollida deben realizar **traslados fóra da Comunidade galega**, actuando tanto como receptores de vítimas ameazadas noutras partes do estado que son derivadas a Galicia como derivando a mulleres que residen nun centro en Galicia a outro centro fora da nosa comunidade autónoma. Neste sentido, a **coordinación institucional** amósase como unha ferramenta imprescindible para conseguir unha atención eficaz ás vítimas, evitando a dispersión de recursos, logrando unha maior efectividade dos mesmos e contribuíndo a garantir a seguridade das mulleres.

Neste sentido, a Secretaría Xeral da Igualdade da Xunta de Galicia, de cara a garantir os dereitos que a lexislación lles outorga ás vítimas da violencia de xénero, promove e impulsa a prestación dos servizos establecidos na Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero e na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, e considera prioritaria a atención ao funcionamento dos centros de acollida para as vítimas, funcionamento no que se debe incluír a colaboración interinstitucional e a cooperación



entre todos os servizos autonómicos das mesma natureza no Estado español, de xeito que o traballo en rede e a articulación entre os distintos centros permita conseguir a seguridade das vítimas, e as apoie na súa recuperación psicolóxica social e laboral.

Así, as Comunidades Autónomas e Cidades de Ceuta e Melilla y o Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, acordaron na Conferencia Sectorial de Igualdade iniciar os traballos que permitiran poñer en rede os centros de acollida de todas as Comunidades Autónomas e Cidades de Ceuta e Melilla, a través da coordinación destes recursos en beneficio das vítimas da violencia de xénero e os menores ao seu cargo, co fin de mellorar a súa protección e seguridade, a posta en común dos recursos e a mellora dos procedementos, en todo o territorio nacional.

Froito de dito traballo, e como mostra do compromiso das Comunidades Autónomas asinantes por asumir e desenvolver este marco de colaboración, estas, incluída Galicia, e o Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, na xuntanza da Conferencia Sectorial de Igualdade do 21 de xuño de 2014, acordaron aprobar o **Protocolo de derivación entre as Comunidades Autónomas para a coordinación das súas redes de centros de acollida para as mulleres vítimas da violencia de xénero** y dos seus fillos e fillas, ao que se adheriu tamén a Xunta de Galicia

Este protocolo pretende cumprir **cos seguintes obxectivos:**

- ⌚ Mellorar a coordinación das redes dos recursos de acollida para as mulleres vítimas da violencia de xénero e dos seus fillos e fillas.
- ⌚ Determinar as causas que poden motivar a derivación dunha usuaria a un centro de acollida doutra Comunidade Autónoma.
- ⌚ Establecer unha ltaxe común da documentación exigible para tramitar o ingreso nos centros de acollida.
- ⌚ Desenvolver un modelo de comunicación directa entre os organismos competentes nesta materia para todo o relativo ao proceso de admisión, incluídas as causas para a motivación en caso de denegación.
- ⌚ Fixar uns criterios comúns sobre a asunción de gastos derivados de traslado ou os que se produzan como consecuencia das xestións derivadas da súa situación.

No marco deste protocolo no ano 2019 a Comunidade Autónoma de Galicia non realizou ningunha derivación a outra comunidades autónoma e recibiu un de traslado dende outra comunidade autónoma.

➤ ***Protocolo de acceso á Rede galega de acollemento para mulleres que sofren violencia***



de xénero

O 25 de maio de 2016 a Secretaría Xeral da Igualdade, o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e os concellos titulares dos centros da Rede Galega de Acollemento asinaron un protocolo co obxecto de establecer os procedementos de acceso das mulleres que sofren violencia de xénero e dos seus fillos e fillas, e outras persoas delas dependentes.

Na actualidade está composta pola casa de acollida e pisos de transición á vida autónoma da Coruña, a casa de acollida de Ferrol, a vivenda tutelada de Culleredo, os pisos de acollida de Lugo, a casa de acollida de Ourense, o centro de emerxencia de Vigo e a vivenda para mulleres con enfermidade mental que sofren violencia de xénero da Asociación de axuda ao enfermo mental A Mariña de Burela-Lugo.

Os obxectivos do acordo asinado son mellorar a coordinación entre os centros que conforman a Rede Galega de Acollemento para as mulleres que sofren violencia de xénero, actuando o Centro de Recuperación Integral para Mulleres que Sofren Violencia de Xénero (CRI) de Santiago, como centro coordinador dos mesmos.

Ademais, o protocolo establece o procedemento para o primeiro acceso das mulleres que sofren violencia de xénero á Rede Galega de Acollemento, os mecanismos de derivación das persoas usuarias da rede entre os centros, e promove a homoxeneización da documentación necesaria para o acceso á rede.

Poden ser usuarias da Rede Galega de Acollemento, todas as mulleres que sofren violencia de xénero e as súas fillas e fillos menores que precisen dun aloxamento de seguridade en Galicia por mor desa situación de violencia, así como as persoas delas dependentes nas mesmas circunstancias.

A Rede Galega de Acollemento está composta pola Casa de acollida e pisos de transición á vida autónoma da Coruña, a Casa de acollida de Ferrol, a Vivenda tutelada de Culleredo, os Pisos de acollida de Lugo, a Casa de acollida de Ourense e o Centro de emerxencia de Vigo.

No protocolo establécese que son entidades derivantes cara á Rede Galega de Acollemento: os Centros de Información á Muller acreditados pola Xunta de Galicia, os servizos sociais comunitarios e servizos sociais especializados de Galicia, os centros adscritos ao Servizo Galego de Saúde (hospitais, centros de saúde) os Xulgados radicados en Galicia, que acreditaron a situación de violencia de xénero, as Forzas e corpos de Seguridade do Estado radicados en Galicia, a Policía Autonómica e Policía Local de Galicia, así como outras entidades que teñan subscritos convenios de colaboración neste eido coa Xunta de Galicia ou coa entidade municipal titular do recurso de acollida.

Entre outros aspectos, o protocolo establece dous tipos de acceso á Rede Galega de



Acollemento, un ordinario e un acceso urxente.

O acceso ordinario terá lugar cando calquera das entidades derivantes, en exercicio da súas funcións, detecte a necesidade dunha muller en situación de violencia de xénero, e dos seus fillos e fillas, ou persoas dela dependentes, se é o caso, de ser aloxadas nun recurso destas características, e non se trate dunha situación de urxencia. O Centro Coordinador realizará cantas xestións sexan precisas para, nun prazo máximo de 48 horas, facilitar á entidade derivante os datos do recurso de acollida dispoñible para aloxar á muller e as súas fillas e fillos e/ou persoas que a acompañen.

O acceso urxente terá lugar cando a seguridade da muller se vexa gravemente ameazada e por razón da súa protección, a entidade derivante determine unha situación de urxencia/emergencia. Centro Coordinador realizará cantas xestións sexan precisas para, nun prazo máximo de 8 horas, facilitar á entidade derivante os datos do recurso de acollida dispoñible para aloxar á muller e ás persoas que a acompañan.

No ano 2019 ao abeiro deste protocolo realizouse a derivación de 97 derivacións a centros de acollida da Rede Galega de Acollemento, 12 delas foron entre os propios centros da RGA.

- 34 derivacións ao Centro de emerxencias de Vigo.
- 16 derivacións á Casa de acollida municipal de Ourense.
- 15 derivacións á Casa de acollida municipal da Coruña
- 17 derivacións á Casa de acollida municipal de Ferrol.
- 4 derivacións ás vivendas tuteladas do Concello de Lugo
- 3 derivacións ás vivendas tuteladas do Concello de Culleredo
- 8 derivacións á vivenda tutelada de Burela.

➤ **Convenio de Colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Universidade de Santiago de Compostela para a realización de prácticas externas curriculares ou extracurriculares, de alumnos grao en Pedagogía, grao en Educación Social e Máster Universitario en Igualdade, Xénero e Educación, na Secretaría xeral da Igualdade**

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Universidade de Santiago de Compostela teñen asinado un convenio de colaboración coa finalidade de establecer un programa para a realización de prácticas académicas para o alumnado dos **graos en Pedagogía, Educación Social e Máster Universitario en Igualdade, Xénero e Educación**, nas dependencias centrais da Secretaría Xeral da Igualdade en Santiago e no Centro de Recuperación Integral para Mulleres que sofren Violencia de



Xénero, así como para aportar as persoas expertas na parte da docencia teórico-práctica especializada que fora precisa.

O acordo establece que se realizará, como mínimo, unha convocatoria de prácticas en cada curso académico e que estas poderán ser curriculares -contempladas nos plans de estudos-; extracurriculares ou conducentes á elaboración dos Traballos de Fin de Grao e Fin de Máster.

As prácticas externas curriculares teñen a duración que estableza o plan de estudos correspondente, mentres que as extracurriculares non poderán superar o 50 por cento do curso académico, é dicir, 750 horas ou 30 créditos europeos (ECTS).

Pode acceder a este tipo de prácticas o alumnado dos graos en Pedagogía, Educación Social e do Máster Universitario en Igualdade, Xénero e Educación

No ano 2019 catro alumnas desenvolveron estas prácticas na Secretaría Xeral da Igualdade e no Centro de Recuperación Integral para Mulleres que sofren Violencia de Xénero

➤ ***Convenios de colaboración para o desenvolvemento de accións de prevención da violencia de xénero e atención ás súas vítimas***

No ano 2019 a **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, a través da **Secretaría Xeral da Igualdade**, asinou convenios de colaboración con diferentes entidades coa finalidade de apoiar o desenvolvemento de accións de sensibilización contra a violencia de xénero así como a atención das súas vítimas:

- **Rede de mulleres veciñais contra os malos tratos de Vigo:** para o desenvolvemento por unha banda de accións enmarcadas na campaña de loita contra a violencia de xénero, dirixidas a sensibilizar á poboación sobre esta lacra, e por outra accións de apoio social e acompañamento con vítimas da violencia machista: información, apoio na realización de trámites legais, apoio no intercambio de menores, acompañamento a xuízos, etc.

- **Federación de mulleres rurais de Ourense (Femuro):** para o desenvolvemento por unha banda de accións de sensibilización no eido da violencia de xénero, incluíndo ás mulleres integrantes das asociacións que integran a Federación, así como a través de obradoiros nos centros educativos, e por outra para levar a cabo programas de apoio aos recursos profesionais de atención ás vítimas da violencia de xénero, traballando coas mulleres e cos seus fillos e fillas en programas de respiro familiar, onde se aborden temas relativos á resolución de conflitos, autoestima e xestión de emocións.

- **Federación de Asociacións de mulleres rurais de Galicia (Fademur):** para o desenvolvemento por unha banda de accións de sensibilización e formación no eido da



violencia de xénero, incluídas ás mulleres integrantes das asociacións que integran a Federación, así como a través de accións de apoio e atención ás vítimas da violencia de xénero, e os seus fillos e fillas.

- **Federación galega de redeiras artesás “O Peirao”**: para desenvolver accións de sensibilización, prevención e detección da violencia de xénero.

- **Fundación Secretariado Xitano**: para contribuír a mellorar a atención ás mulleres xitanas que sofren violencia de xénero en Galicia e sensibilizar e promover relacións igualitarias entre homes e mulleres da comunidade xitana, así como para apoiar a formación das e dos profesionais do ámbito social no coñecemento e comprensión da realidade que viven as mulleres xitanas. En concreto levando a cabo as seguintes actuacións:

. Atención e apoio a mulleres xitanas vítimas de violencia de xénero.

. Adecuación dos recursos e servizos existentes para a mellora na atención a mulleres xitanas vítimas de violencia de xénero, incidindo na formación das e dos profesionais do ámbito social.

. Programas de formación e sensibilización sobre igualdade de xénero e prevención da violencia machista na comunidade xitana.

Disposición Adicional Terceira: Competencias en materia de violencia de xénero da Policía de Galicia

O 26 de outubro de 2015, asinouse, entre o Ministro de Interior e o Vicepresidente e Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, o **Protocolo en Materia de Violencia de Xénero para a coordinación de actuación e a cooperación entre a Xefatura Superior de Policía de Galicia e a Unidade do CNP Adscrita á Comunidade Autónoma.**

Como continuación ao anterior o 27 de xuño de 2016, tivo lugar a rúbrica coa Xefatura Superior de Policía da Acta resultante da primeira reunión da Comisión Delegada de Seguimento do Protocolo citado anteriormente, centrándose basicamente na colaboración e coordinación coas distintas Comisarías do CNP, tanto no ámbito da atención, coma no da protección das vítimas de violencia de xénero.

Conforme a este protocolo de colaboración entre a Xunta de Galicia e o Ministerio do Interior, a UPA faise cargo da seguinte porcentaxe de mulleres protexidas nas distintas cidades con presenza desta Unidade Adscrita:

– Santiago de Compostela: 20%-25%



- A Coruña: 18%-20%
- Lugo: 10%-15%
- Ourense, Pontevedra e Vigo: 15%-18%

Baixo a tutela do Centro de Actualización e Especialización da División de Formación da DGP, celebrouse o “XXXVII Curso de Unidades de Prevención, Asistencia y Protección Víctima de Violencia de Género” na localidade da Estrada. Unha vez superado o curso e as correspondentes prácticas nas Comisarías de Policía respectivas, créanse dentro da Unidade Adscrita á policía autonómica de Galicia, as **Unidades de Prevención, Asistencia e Protección ás vítimas de violencia de xénero (UPAP´S)**, con funcións idénticas ás das “Unidades de Familia y Mujer” (UFAM-Protección) das Comisarías.

A partires do mes de setembro de 2016 estas unidades comezaron a facerse cargo das mulleres protexidas asignadas desde as Comisarías de Policía Nacional de Santiago, A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo.

En cada ocasión que se ten coñecemento dalgún suceso relacionado con violencia de xénero, ponse en marcha a maquinaria policial, mediante a:

- Colaboración co CNP nas chamadas de episodios de violencia de xénero mediante o desprazamento de coches radiopatrullas uniformados ou a presenza de policías de paisano no lugar dos feitos.
- Atención singularizada á vítima.
- Información detallada (sobre procedementos legais, institucións de apoio e asesoramento, trámites, denuncia, medidas legais, etcétera.).
- De resultar agredidas, traslado ao centro Asistencial (se fora preciso).
- Traslado á Comaría para a formulación da correspondente denuncia e a conseguinte valoración de risco.
- Recollida dos datos sobre o agresor e posta en marcha das medidas de seguridade oportunas.
- Adopción das medidas de protección establecidas nos correspondentes Protocolos e axeitadas ao nivel de risco da vítima.

O inicio da actuación pódese producir de oficio, a instancias da vítima ou a requirimento de



terceiros, en calquera das sedes da Unidade do CNP Adscrita a Comunidade Autónoma. Habitualmente actúase á instancias do servizo de Emerxencias do 112, onde se centralizan a maioría das alarmas relacionadas con esta materia. Acto seguido, dende a Sala operativa da Xefatura de Santiago difúndese inmediatamente esta información ás correspondentes Xefaturas Provinciais e á local de Vigo.

Por outra banda, no mes de xullo de 2016, nas distintas sedes da Unidade Adscrita, activáronse os soportes informáticos, creándose os Grupos de UPAP, que contan actualmente con 13 Policías dedicados en exclusiva ás vítimas. Ademais, en apoio a estes Grupos, a Unidade conta con 8 Policías dedicados a labores de coordinación e 66 axentes uniformados en vehículos rotulados os cales prestan servizo a quendas, as 24 horas do día, durante os 365 días do ano.

Desta maneira o número de axentes e de medios dedicados á protección de mulleres, irase incrementando ao igual que aumenten as vítimas, para seguir proporcionándolles un nivel óptimo de atención e protección.

PERSONAL DEDICADO A VIOXÉN				
UPA	Equipos Vi-oxén	Persoal de apoio	Persoal de coordinación	Total
Santiago de Compostela	3	11	3	17
A Coruña	3	11	1	15
Lugo	2	11	1	14
Ourense	1	11	1	13
Pontevedra	2	11	1	14
Vigo	2	11	1	14
TOTAL	13	66	8	87*

Fonte: Unidade do CNP adscrita á Comunidade Autónoma de Galicia.



Disposición Adicional Cuarta: Información ao Parlamento de Galicia

1. O presente informe da cumprido trámite á obriga legal establecida da Disposición Adicional Cuarta da Lei: "O Goberno da Xunta de Galicia remitiralle ao Parlamento de Galicia, con carácter anual, un informe sobre a situación da violencia de xénero en Galicia, que contará coas achegas de todos os departamentos implicados na prevención e no tratamento da violencia de xénero". O dito informe presentouse ante a Cámara galega nos anos 2008 a 2018, coa información correspondente ao desenvolvemento, por parte da Xunta de Galicia, das medidas contidas na Lei 11/2007, no ano inmediatamente anterior ao da súa presentación.

O presente informe da cumprimento a este mandato, como se ven facendo dende o ano 2008, logo da aprobación da Lei no exercicio 2007

2.- O punto segundo desta disposición, engadido na modificación operada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo, pola que se modifica a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, prevé que o departamento competente en materia de igualdade da Xunta de Galicia remitirá ao Parlamento galego un informe anual sobre a prestación periódica para as mulleres que sofren violencia de xénero. Dada a entrada en vigor da norma o 27 de xullo de 2016, procederáse á remisión do informe sinalado no prazo establecido.

EN 2018 PRESENTAMOS PRESENTAMOS A APP AGRESIÓN OFF: EU DIGO NON Á VIOLENCIA SEXUAL

Agresión OFF é unha App institucional, da Xunta de Galicia, con información útil e consellos para evitar e prever agresións sexuais, así como pautas para saber a onde dirixirse para maior apoio e información.





Link presentación:

<http://igualdade.xunta.gal/gl/actualidade/xunta-lanza-unha-aplicacion-mobil-para-loitar-contra-agresions-sexuais>

1 DECÁLOGO CONTRA A VIOLENCIA SEXUAL

2 QUE FACER: ALGÚNS TIPS PARA A TÚA SEGURIDADE

Pola rúa:

Se sentes que estás en perigo de ser atacada/o, fuxe!. Se non podes, tenta de calquera maneira chamar a atención cara a ti. Berrar "Chamade ao 112" ou "Lume" é un bo xeito de logralo.

En espazos en que non te sintas segura/o, camiña aparentando confianza e a un ritmo constante. Ten o teu móbil á man e lembra que as chamadas de emerxencia (112) non exixen saldo.





Se notas que te seguen, diríxete a unha área ben iluminada onde penses que haberá outras persoas que te poidan axudar.

Se camiñas ou corres para facer exercicio, tenta facelo por zonas con xente e pouco illadas.

Se tes posibilidade, fai un curso de autodefensa. A Secretaría Xeral da Igualdade da Xunta, en colaboración coa Fegamp, organizaos en varios concellos anualmente.

No coche:

Cando sexa posible, asegúrate de bloquear as portas do coche.

Cando regreses ao coche en áreas solitarias, asegúrate de ter as chaves na man, listas para abrir a porta. Tamén podes usalas como defensa, se é preciso.

Se cres que te seguen mentres conduces, continúa e non te deteñas ata chegar a un lugar ben iluminado e onde haxa outras persoas para axudarte.

Evita os estacionamentos e garaxes que estean mal iluminados.

Se o coche se che avaría pola noite, chama o guindastre ou alguén para pedir axuda. Permanece no interior coas portas pechadas ata que cheguen. Se alguén se detén e se ofrece para axudarte, baixa a xanela o suficiente e avalía a situación.

Nas citas

Coñece os teus límites sexuais e se firme con respecto a eles. Tes dereito a dicir "NON".

Comunica os teus desexos. A comunicación conduce a relacións máis fortes e satisfactorias.

Evita estar soa/só en lugares illados. Se alguén tenta levarte cara a unha área illada sen o teu consentimento, trata de escapar o máis rápido posible.

Ollo coas drogas sintéticas tipo Rohypnol, ketamina, GHB (éxtase líquida) ou escopolamina- coñecida como burundanga. Son inodoras e insípidas e pódense mesturar facilmente coas bebidas sen seren detectadas. Non deixes a túa bebida sen supervisión.

Tenta acudir a festas/eventos masivos en grupo ou cunha persoa en quen poidas confiar. Se vas soa/só, comunícalle a alguén do teu contorno onde vas estar e cando prevés regresar.





Ten en conta que a maior parte das agresións sexuais son cometidas por persoas do contorno próximo ou coñecidas. Ten claro en quen podes confiar.

Non teñas medo de rexeitar ou ferir os sentimentos de ninguén se te sentes ameazada/o. Mellor uns minutos de incomodidade social que o trauma da agresión sexual.

3 ONDE ACUDIR PARA PEDIR AXUDA

Aquí dispós dun directorio de recursos, organizados por localización xeográfica, onde podes pedir información e axuda: forzas e corpos de seguridade, centros sanitarios, servizos sociais, etc.

A Xunta de Galicia conta tamén cun programa específico e gratuíto para a atención a vítimas de agresións sexuais. Pódeste informar no teléfono 900 400 273.

4 CHAMA PARA INFORMARTE

Botón de chamada directa, como APP EscApp.

5 CHAMADA DE EMERXENCIA

Botón de chamada directa, como APP EscApp.

6 INFORMACIÓN ADICIONAL

DURANTE O ANO 2019, CONCRETAMENTE NO MES DE MARZO, LEVAMOS A CABO AS XORNADAS DE PREVENCIÓN E SENSIBILIZACIÓN SOBRE VIOLENCIA SEXUAL NA MOCIDADE NOS 7 CAMPUS DAS 3 UNIVERSIDADES GALEGAS





CAMPUS DE OURENSE

XORNADA de prevención e sensibilización sobre **violencia sexual na mocidade**

AGRESIÓN OFF
de algo non é violencia sexual

MARTES >
12 DE MARZO

Universidade de Vigo Campus de Ourense
Sala Emilia Pardo Bazán da Facultade de Ciencias da Educación

09.30 h Recepción de participantes e recollida de material
10.00 h Inauguración oficial
10.20 h Relatorio **A Manada: Da violencia de xénero ás violencias machistas**, a cargo de **Hilario Soás Méndez**, sociólogo, Fundación Iniciativa Social
11.05 h Relatorio **A performance da masculinidade hegemónica: aprendendo a manter os privilexios**, a cargo de **Jorge García Marín**, profesor de Socioloxía da Universidade de Santiago de Compostela
11.50 h Descanso
12.15 h Relatorio **Experiencias de ciberviolencia en poboación adolescente galega**, a cargo de **María José Méndez Lois**, profesora do Departamento de Pedagogía e Didáctica e coordinadora do Seminario EXOE-IU (ICE-USC)
13.00 h Estudo contra a violencia sexual: **Acoso Sexual e parrazón de Sexo no ámbito académico**, a cargo de **Rosana Martínez Román**, investigadora predoctoral da Universidade de Vigo
13.30 h Debate
14.00 h Fin da xornada

Inscripción gratuita en igualdade01@uvigo.es
Entregase o diploma acreditativo da asistencia

Logos: XUNTA DE GALICIA, XACobeo 2021, USC, Universidade de Vigo, Instituto Galego de Igualdade e Benestar Social, Unidade de Igualdade Universidade de Vigo



CAMPUS SANTIAGO DE COMPOSTELA

XORNADA de prevención e sensibilización sobre **violencia sexual na mocidade**

AGRESIÓN OFF
 su día NO es violencia sexual

MÉRCORES
13 DE MARZO

Universidade de Santiago de Compostela Campus de Santiago de Compostela
Facultade de Ciencias da Educación (Campus Vida)

09.30 h. Recepción de participantes e recollida de material
10.00 h. Inauguración oficial
10.20 h. Relatorio: *Podemos prever a violencia de xénero sen vítimas de mozas?*, a cargo de **Carme Adán**, catedrática de Filosofía
11.05 h. Relatorio: *A Monada: Da violencia de xénero ás violencias machistas*, a cargo de **Hilario Soárez Méndez**, sociólogo. Fundación Iniciativa Social
11.50 h. Descanso
12.15 h. Relatorio: *Prostitución e Pornografía: Violencia Sexual Comercial*, a cargo de **Amelia Tiganus**, activista feminista e integrante de Feminicidio.net
13.00 h. Mesa redonda: *A coeducación, motor de cambio cara unha sociedade igualitaria*
 • **María Xosé Agra**, catedrática de Filosofía Política da USC
 • **María Jesús Movilla**, profesora titular e directora do Departamento de Ciencia da Saúde da Universidade da Coruña
13.45 h. Debate
14.00 h. Clausura

Inscripción de traballos en www.usc.gal/eix
 Entregarse o diploma acreditativo de asistencia





CAMPUS FERROL

2ª XORNADA de prevención e sensibilización sobre **violencia sexual na mocidade**

AGRESIÓN es algo más de violencia sexual **OFF**

MÉRCORES
20 DE MARZO

Universidade de A Coruña Campus de Ferrol

Salón de Actos Concepción Arenal

- 09.30 h Recepción de participantes e recollida de material
- 10.00 h Inauguración oficial
- 10.20 h Relatorio *A violencia de xénero en parámetros de saúde*, a cargo de **María Jesús Movilla**, profesora titular e directora do Departamento de Ciencia da Saúde da Universidade da Coruña
- 11.05 h Relatorio *A performance da masculinidade hegemónica: aprendendo a manter os privilexios*, a cargo de **Jorge García Marín**, profesor de Socioloxía da Universidade de Santiago de Compostela
- 11.50 h Descanso
- 12.15 h Relatorio *Violencia sexual contra as mulleres: mitos e realidades* a cargo de **Yolanda Trigueros**, psicóloga e Coordinadora de CIMASCAM (Centro de atención integral a mulleres vítimas de violencia sexual da Comunidade de Madrid)
- 13.00 h Relatorio *Porno y violencia sexual*, a cargo de **Teresa Lozano** y **Zúa Méndez**, comunicadoras y cofundadoras de Towanda Rebels
- 13.45 h Debate
- 14.00 h Clausura

Inscripción de balde en: oficina.igualdade@udc.es

Entregárase diploma acreditativo de asistencia

Logos: XUNTA DE GALICIA, EMPREGO E IGUALDADE, Xacobeo 2021, USC, Universidade de Vigo, etc.





CAMPUS VIGO

2ª XORNADA de prevención e sensibilización sobre **violencia sexual na mocidade**

AGRESIÓN OFF
ou digo non á violencia sexual

MARTES
26 DE MARZO

Universidade de Vigo Campus de Vigo
Salón de Actos da Facultade de Filoloxía e Tradución

09.30 h Recepción de participantes e recollida de material
09.45 h Inauguración oficial
10.00 h Relatorio *Novas formas de Violencias sobre a Muller á luz do Convenio de Estambul*, a cargo de **Pilar Martín Nájera**, fiscal de Sala de Violencia sobre a Muller
10.45 h Relatorio *A violencia sexual na prensa: de Diana Quer a Laura Luque e mentres tanto A Manada*, a cargo de **Maria Isabel Menéndez Menéndez**, profesora titular de Comunicación Audiovisual na Universidade de Burgos
11.30 h Descanso
11.45 h Relatorio *Micromachismos: de micro nada. A violencia cotiá na estrutura patriarcal*, a cargo de **Guadalupe Jiménez Esquinas**, profesora de Antropoloxía, Departamento de Filosofía e Antropoloxía da USC
12.30 h Relatorio *Prostitución e Pornografía: Violencia Sexual Comercial*, a cargo de **Amelia Tiganus**, activista feminista e integrante de Feminicidio.net
13.15 h Relatorio *Porno y violencia sexual*, a cargo de **Teresa Lozano y Zúa Méndez**, comunicadoras e cofundadoras de Towanda Rebels
14.00 h Clausura

Inscrición de balde en: igualdade01@uvigo.es
Entregase diploma acreditativo de asistencia

XUNTA DE GALICIA USC Xacobeo 2021





CAMPUS CORUÑA

2ª XORNADA
de prevención e sensibilización sobre **violencia sexual na mocidade**

AGRESIÓN OFF
as días non de violencia sexual

MÉRCORES
27 DE MARZO

inscrición de balde en:
oficina.igualdade@udc.es

Entregase diploma acreditativo de asistencia

Universidade de A Coruña Campus de A Coruña
Salón de Graos, Facultade de Ciencias da Educación, Campus de Elviña

- 09.30 h Recepción de participantes e recollida de material
- 09.45 h Inauguración oficial
- 10.00 h Relatorio **Prostitución e Pornografía: Violencia Sexual Comercial**, a cargo de **Amelia Tiganus**, activista feminista e integrante de Feminicidio.net
- 10.45 h Relatorio **A performance da masculinidade heteronormativa: aprendendo a manter os privilexios**, a cargo de **Jorge García Marín**, profesor de Socioloxía da Universidade de Santiago de Compostela
- 11.30 h Descanso
- 11.45 h Relatorio **A violencia de xénero en parámetros de saúde**, a cargo de **María Jesús Mavilla**, profesora titular e directora do Departamento de Ciencia da Saúde da Universidade da Coruña
- 12.30 h Relatorio **Experiencias de ciberviolencia en poboación adolescente galega**, a cargo de **Milena Villar Varela**, experta en xénero e membro de EXDEHU do ICE-USC
- 13.15 h Relatorio **Porno y violencia sexual**, a cargo de **Teresa Lozano** y **Zúa Méndez**, comunicadoras e cofundadoras de Towanda Rebelde
- 14.00 h Clausura

Logos: XUNTA DE GALICIA, Xosroba 2021, USC, Universidade de Vigo





CAMPUS PONTEVEDRA

2ª XORNADA de prevención e sensibilización sobre **violencia sexual na mocidade**

AGRESIÓN en algo non é violencia sexual OFF

XOVES 28 DE MARZO

Universidade de Vigo Campus de Pontevedra
Salón de Actos da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación

09.30 h Recepción de participantes e recollida de material

10.00 h Inauguración oficial

10.20 h Relatorio *A violencia de xénero como construción social contra as mulleres. Como lograr o cambio social?*, a cargo de **Belén Fernández Suárez**, profesora de Socioloxía do Xénero na Universidade da Coruña e membro do Centro de Estudos de Xénero e Feministas das Universidade da Coruña

11.05 h Relatorio *A performance da masculinidade hexemérica: aprendendo a manter as privilexios*, a cargo de **Jorge García Marín**, profesor de Socioloxía da Universidade de Santiago de Compostela

11.50 h Descanso

12.15 h *Estudo contra a violencia sexual: Acoso Sexual e porrazón de Sexo no ámbito académica*, a cargo de **Rosana Martínez Román**, investigadora predoctoral da Universidade de Vigo

13.05 h Relatorio *Podemos prever a violencia de xénero sen victimizar ás mozas?*, a cargo de **Came Adán**, catedrático de Filosofía

14.00 h Clausura

Inscripción de balde en: igualdade01@uvigo.es

Entregase diploma acreditativo de asistencia

Logos: XUNTA DE GALICIA, Xosroba 2021, USC, Universidade de Vigo, Unidade de Igualdade





Algún dos links das novas:

Algún dos links das novas:

<http://igualdade.xunta.gal/gl/actualidade/xunta-destaca-o-papel-da-universidade-na-sensibilizacion-e-formacion-da-sociedade-contra>

<http://igualdade.xunta.gal/gl/actualidade/xunta-destaca-o-papel-da-universidade-na-sensibilizacion-e-formacion-da-mocidade-contra>


<http://igualdade.xunta.gal/gl/actualidade/xunta-destaca-o-papel-da-universidade-na-sensibilizacion-e-formacion-da-mocidade-contr-0>

<http://igualdade.xunta.gal/gl/actualidade/xunta-e-universidades-colaboran-para-visualizar-violencia-sexual-entre-mocidade>

<http://igualdade.xunta.gal/gl/actualidade/xunta-e-universidades-colaboran-para-visualizar-violencia-sexual-entre-mocidade-0>

E tamén en marzo de 2019, presentamos **A GUÍA VIOLENCIA SEXUAL CARA ÁS NENAS E MULLERES CON DISCAPACIDADE**, unha ferramenta realizada coa colaboración da asociación ACADAR que axudará a tomar maior conciencia sobre a violencia sexual sufrida por nenas e mulleres con discapacidade





Link da nova:

<http://igualdade.xunta.gal/gl/actualidade/xunta-aliase-coa-asociacion-acadar-para-publicar-unha-guia-de-violencia-sexual-cara>

Dende agosto de 2019 ata outubro de 2019 a Secretaría Xeral da Igualdade xunto coa Secretaría Xeral de Medios, puxemos en marcha campañas específicas para:

- **A xente moza** (incidindo no rexeitamento ao MACHISMO, ao maltratador, ao control nas redes sociais, ao medo, ao acoso, e as agresións sexuais...)
- **As mulleres que viñen no rural** (informando dos recursos e servizos existentes)





En 2019 a Secretaría Xeral da Igualdade continuou coa campaña posta en marcha o pasado ano: **CAMPAÑA: AGRESIÓN OFF “EU DIGO NON A VIOLENCIA SEXUAL”**

- Nos Festivais de Música FEST GALICIA
- Nos concellos galegos





O balance da Campaña Agresión OFF en 2019 foi o seguinte:
Nos Festivais de Música FEST GALICIA

INTERVENCIÓNS FEST GALICIA: 12 INTERVENCIÓNS

Data	Evento	Horario	Concello	Provincia	Impacto directo
05/07/19	Portamérica	18:30-20:30	Caldas	Pontevedra	150
06/07/19	Resurrection Fest	17:00-19:00	Viveiro	Lugo	90
19/07/19	Ribeira Sacra	21:30-23:30	Monforte de Lemos	Lugo	200
20/07/19	Vive Nigrán	19:00-21:00	Nigrán	Pontevedra	180
26/07/19	Atlantic Fest	19:30-21:30	Illa de Arousa	Pontevedra	100
27/07/19	Sinsal	17:00-19:00	Redondela (Illa San Simon)	Pontevedra	100
01/08/19	Son Rías	21:00-23:00	Bueu	Pontevedra	300
11/08/19	Revenidas	13:30-15:30	Villagarcía de Arousa	Pontevedra	90
07/09/19	Festival da Luz	17:00-19:00	Boimorto	A Coruña	600
13/09/19	Cantos na Maré	19:00-21:00	Pontevedra	Pontevedra	27
14/09/19	Wos Festival	13:15-15:15	Santiago de Compostela	A Coruña	50
20/09/19	Caudal Fest	19:00-21:00	Lugo	Lugo	48

Total persoas 1.935





Nos concellos galegos

INTERVENCIÓNS CON STAND: 26 INTERVENCIÓNS

Data	Evento	Horario	Concello	Provincia	Impacto directo
26/07/19	Frestas Patronais	19:00-01:30	Outes, Noia	A Coruña	1300
27/07/19	Festas Patronais	21:00-02:30	Arteixo	A Coruña	2000
02/08/19	Festa da xuventude	19:00-01:30	Dodro	A Coruña	300
03/08/19	Festas de Santa Marta	21:30-03.30	Cabanas	A Coruña	1000
10/08/19	Bacofesta	20:00-02.30	A Ría de Valdeorras	Ourense	400
11/08/19	Virxen da Peregrina	19:00-01:30	Bertamiráns, Ames	A Coruña	400
14/08/19	Festas Partronais	20:30-03.00	Ordes, Ordes	A Coruña	500
15/08/19	Festa de Santa María	12:00-17.00	Ourol	Lugo	170
16/08/19	Virxen da Xunqueira	11:00-17.30	Cee	A Coruña	800
21/08/19	Festas do Porto	18:00-12:30	Pontecesures	Pontevedra	360
23/08/19	Armadiña Rock	20:00- 02.30	Poio	Pontevedra	60
24/08/19	Festas de San Bartolomeu	17:00-21.00	Noia	A Coruña	250
25/08/19	Festas de San Bartolomeu	20:00-02.30	Cariño	A Coruña	800
30/08/19	San Ramón de Cambeo	17:00-23.30	Cambeo, Santa Águeda	Ourense	60
31/08/19	Feria do Románico	18:30-01.30	Negreira	A Coruña	730
01/09/19	Festa dos Caios	10:30-17.00	Salceda de Caselas, Vigo	Pontevedra	900
02/09/19	Festas Patronais	17:00-23.30	Bóveda, Monforte	Lugo	41
07/09/19	Festa das Virtudes	11:00-17.30	Frades, Ordes	A Coruña	400
08/09/19	Virxe dos Remedios	12:00-18.00	Sarria	Lugo	370
09/09/19	Virxen dos Remedios	11:00-14:30	Castro Caldelas	Ourense	80
14/09/19	Festa do Ecce Homo	14:00-20.30	Palas de Rei	Lugo	90
21/09/19	Festa de San Mateo	12:00-18:30	Vilauchada, Trazo	A Coruña	400
21/09/19	Festa das Dores	23:30-02:30	Lalín	Pontevedra	240
21/09/19	Festa das Dores	23:30-02:30	Lalín	Pontevedra	260
23/09/19	Andaina solidaria	08:00-14:30	Baños de Molgas	Ourense	-
06/11/19	Andaina solidaria	-	-	A Coruña	-

Total persoas 11.911

En 2019, no mes de xuño, asinamos de novo coa Fundación Meniños, o convenio de colaboración para o programa de intervención con mulleres vítimas de violencia sexual en Galicia, que conta cun orzamento de 50.000 euros.

Lembrar que no ano 2018 a Fundación Meniños puxo en marcha unha unidade de intervención: “LIANA: laboratorio de investigación en apego e narrativa”, única en Galicia, dirixida a mulleres vítimas de abuso e violencia sexual, a familiares ou persoas do entorno destas, así como aos equipos profesionais da rede que traballan con mulleres vítimas de violencia de xénero, unidade que dende xaneiro 2019 está en disposición de prestar atención a vítimas da violencia sexual nas catro provincias.



Link da nova:

<http://igualdade.xunta.gal/gl/actualidade/xunta-avoga-por-garantir-unha-atencion-especializada-mulleres-vitimas-de-violencia>

En xuño de 2019, comezamos os cursos dirixidos ao persoal dos Centros de Información as Mulleres en Galicia dentro do Plan de formación



Xacobeus 2019 

Plan de formación para o persoal dos CIM de Galicia

XORNADAS

Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero

[14 XUNO]
A violencia sexual: proxectos e experiencias para abordala desde o respecto e a protección á vítima
Lugar: Sala de actos do Museo Pedagóxico de Galicia (MPPG), Rúa de San Xulian, 80, 15101 Santiago de Compostela, A Coruña

[20 XUNO]
Taller CIMASCAM: Unha década de experiencia tratando vítimas de violencia sexual
Lugar: Sala de actos do Centro Galego de Administración Pública (CGAP), Rúa de Madrid, 2, 15101 Santiago de Compostela, A Coruña

[20 SETEMBRO]
Intervención profesional con persoas do colectivo LGBTI
Lugar: Sala de actos do Museo Pedagóxico de Galicia (MPPG), Rúa de San Xulian, 80, 15101 Santiago de Compostela, A Coruña

[4 OUTUBRO]
Novos programas e cambios sociais na asistencia a vítimas de violencia de xénero
Lugar: Sala de actos do Centro Galego de Administración Pública (CGAP), Rúa de Madrid, 2, 15101 Santiago de Compostela, A Coruña

Inscripcións abertas en www.informacioningalicia.gal





Os dous primeiros cursos que se impratiron o 14 de xuño e o 20 de xuño foron sobre as violencias sexuais, concretamente o curso do 14 de xuño levaba por título: A violencia sexual, proxectos e experiencias para abordala desde o respecto á vítima

Xacobeo 2021

Plan de formación para o persoal dos CIM de Galicia

XORNADAS

Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero

[14] XUÑO

A violencia sexual, proxectos e experiencias para abordala desde o respecto e a protección á vítima

10.00 h Recepción e acreditación de asistentes
10.15 h Apertura da xornada, inauguración, Vicepresidencia e Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, Secretaría Xeral da Igualdade
10.30 h Relatorio *A actuación policial ante agresións sexuais en colectivos vulnerables*. Pedro Corrales, sargento do EMUME CENTRAL, unidade da Garda Civil encargada dos delitos contra a muller e menores
11.30 h Relatorio *Das manadas á porno-vinganza e as agresións en contornos festivos: a violencia sexual en tempos do #MeToo*. M. Isabel Menéndez Menéndez, directora de la Unidad de Igualdad da Universidade de Burgos
12.30 h Descanso
13.00 h Mesa redonda *A violencia sexual infringida a persoas con dobre discriminación*
 Participan:
Abuso Sexual Infantil, Primeira Violencia Sexual contra a muller, Carla Román, psicóloga do Servizo de Atención da Fundación Vicki Bernadet
A prostitución, a trata e a explotación sexual tamén son violencias, Lourdes Pazo, técnica do Programa Vagalume
Violencia cara as nenas e mulleres con discapacidade, Melisa Silva Castro, psicóloga da Asociación ACADAR
14.30 h Fin da xornada, Clausura, Vicepresidencia e Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, Secretaría Xeral da Igualdade

XUNTA DE GALICIA

Inscripcións abertas en www.formacioncingalicia.gal

Asinado por: Parlamento de Galicia
Data e hora: 17/11/2020 08:46:50

CSV: REXISTROEIREZ47UG7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



E o curso do 20 xuño tratouse dun taller cuxo título foi: Unha década de experiencia tratando vítimas de violencia sexual.



Xacobea 2021 

Plan de formación para o persoal dos CIM de Galicia

XORNADAS

Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero

[20 XUÑO]

Taller CIMASCAM*: Unha década de experiencia tratando vítimas de violencia sexual

09.45 h Recepción e acreditación de participantes
10.00 h Apertura da xornada. Inauguración
Vicepresidencia e Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, Secretaría Xeral da Igualdade

10.15 h Taller *A violencia sexual: mitos e realidades no traballo con mulleres superviventes*, impartido por Ana Valmañá Almazán, traballadora social do CIMASCAM

12.15 h Descanso
12.45 h Continuación do taller
14.30 h Fin da xornada. Clausura
Vicepresidencia e Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, Secretaría Xeral da Igualdade

O CIMASCAM é un centro público e de balde. Está dirixido a mulleres maiores de idade que sufriron calquera tipo de violencia sexual ó longo da súa vida, por calquera agresor e en calquera ámbito. O acceso ao centro é libre ou por derivación profesional, con cita previa. Ofrece os servizos de información, orientación e acollida, apoio social e atención psicolóxica, tamén atención xurídica, mediación intercultural e o área de sensibilización, prevención e formación.

*CIMASCAM: Centro de Atención e Refuxo Integral de Violencia Sexual da Consellería de Xustiza

LUGAR: Aulas 5 e 6 da Escola galega de Administración Pública (EGAP), Rúa de Madrid, 2, 15707 Santiago de Compostela, A Coruña

 XUNTA DE GALICIA 

Inscricións abertas en www.formacioncingalicia.gal 





O 17 de outubro celebrouse na Moncloa a Conferencia sectorial de Igualdade, que estivo presidida pola vicepresidenta do Goberno en funcións e ministra da Presidencia, Relacións coas Cortes e Igualdade, Carmen Calvo e na que participaron o vicepresidente da Xunta, Alfonso Rueda, e a secretaria xeral da Igualdade, Susana López Abella

Nesta Conferencia Sectorial unha das reivindicacións plantexadas polo Goberno galego foi a de incluír ás vítimas das agresións sexuais no servizo do teñefono 016 de atención e asesoramento ás vítimas de violencia de xénero para que ampliase as súas funcións e que se incluíse na nova licitación do servizo por parte do Goberno Central a cobertura ás agresións sexuais

Link da nova:

<http://igualdade.xunta.gal/gl/actualidade/xunta-destaca-importancia-de-incluir-vitimas-de-agresions-sexuais-no-servizo-do-telefono>

Xa para finalizar, coas actuacións levadas a bo durante o 2019, informar que Pleno do Observatorio Galego contra a Violencia de Xénero na súa reunión do 18 de decembro **a creación dunha comisión de traballo para abordar a prevención e o tratamento da Violencia Sexual**

Link da nova:

<http://igualdade.xunta.gal/gl/actualidade/xunta-impulsa-creacion-dun-grupo-de-traballo-para-abordar-prevencion-e-o-tratamento-da>

Lembrar que no Observatorio están representados distintos departamentos da Xunta, a delegación do Goberno, o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a Fiscalía Superior de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp), asociacións de mulleres e colexios profesionais vinculados coa prevención e o tratamento da violencia de xénero.



INFORME

PRESTACIÓNS PERIÓDICAS A

VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE

XÉNERO

EXERCICIO 2019



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE
EMPREGO E IGUALDADE
Secretaría Xeral da Igualdade



ÍNDICE

1. <u>Introdución</u>	3
2. <u>Obxectivos</u>	7
3. <u>Antecedentes legislativos</u>	7
4. <u>Resumo do programa de presetacións periódicas para vítimas de violencia de xénero da Xunta de Galicia</u>	12
5. <u>Estudo de seguimento da prestación periódica para mulleres que sofren violencia de xénero prevista no artigo 39 da lei galega 11/2007</u>	18
5.1. <u>Análise da prestación para mulleres que sofren violencia de xénero prevista no artigo 39 da lei galega 11/2007 no período (2006-2019)</u>	18
Orzamento do programa	19
Evolución do número de solicitudes	22
Evolución do número de concesións	24
5.2. <u>Análise dos resultados da convocatoria do ano 2019 da prestación para mulleres que sofren violencia de xénero prevista no artigo 39 da Lei galega 11/2007</u>	28
Prestacións aprobadas (ano 2019)	29
Solicitudes denegadas (ano 2019)	34
Acreditación da situación de violencia de xénero (ano 2019)	36
Lugar de residencia das beneficiarias da prestación (ano 2019)	39
Nacionalidade das beneficiarias da prestación (ano 2019)	42
Idade das beneficiarias da prestación (ano 2019)	43
Situación familiar das beneficiarias da prestación (ano 2019)	44
Beneficiarias da prestación con discapacidade (ano 2019)	49
Situación laboral e económica das beneficiarias (ano 2019)	51
Tipoloxía das vítimas beneficiarias da prestación (ano 2019)	54
5.3. <u>Comparativa dos resultados da convocatoria do ano 2018 e 2019 da prestación para mulleres que sofren violencia de xénero prevista no artigo 39 da Lei galega 11/2007</u>	57
6. <u>conclusiones</u>	68



AVALIACIÓN ANUAL

PRESTACIÓNS PERIÓDICAS DIRIXIDAS Á MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO

1. INTRODUCCIÓN

A promoción da igualdade de xénero e o empoderamento das mulleres é unha responsabilidade de toda a sociedade. Son as administracións públicas as que teñen a obriga de promover as condicións necesarias para que os dereitos e liberdades das mulleres sexan iguais aos dos homes e se fagan efectivos.

A Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral da Igualdade estableceu coma acción prioritaria o desenvolvemento de mecanismos legais, económicos e sociais que preveñan e loiten contra as situacións de violencia de xénero.

Segundo o Decreto Lexislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, establece no artigo 1.1 o **compromiso da comunidade autónoma na eliminación da discriminación entre mulleres e homes e na promoción da igualdade**. No artigo 1.4 establécese que as medidas que se adopten para a erradicación dos prexuízos de xénero acompañaranse dos oportunos programas e consignacións orzamentarias para que todas as cargas doméstico-familiares sexan obxecto de corresponsabilidade familiar e reciban a protección económica e social correspondente.

PRESTACIÓNS
PERIÓDICAS A
VÍTIMAS
VIOLENCIA DE XÉNERO
ARTIGO 39

SECRETARÍA
XERAL
DA
IGUADADE



Nesta regulamentación tamén se fai una referencia directa no artigo 14 aos programas e campañas contra a violencia de xénero e a súa comunicación.

O presente informe ten por obxectivo a análise da **prestación periódica para mulleres que sofren violencia de xénero en Galicia**, segundo establece a Lei 12/2016, do 22 de xullo, pola que se modifica a Lei 11/2007, do 27 de xullo, *galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero*.

O artigo 39, da Lei 11/2007, do 27 de xullo, establece que a Xunta de Galicia, a través do departamento competente en materia de igualdade, garantirá a existencia dunha **prestación económica de carácter periódico** dirixida ás mulleres vítimas de violencia de xénero. A devandita prestación terá en conta a situación socioeconómica das mulleres e irá **dirixida a posibilitar a súa autonomía e independencia económica** respecto do seu agresor ou da persoa que mantiver sobre ela unha relación de dominación e mais a intentar axudalas a romper coa situación de violencia.

Indica que é a Xunta de Galicia, a través do departamento competente en materia de igualdade a que regulará a prestación, **garantirá un prazo de solicitude aberto durante todo o ano**, e terá como persoas beneficiarias as vítimas de violencia de xénero.

Este informe da cumprimento ao disposto na disposición adicional cuarta da Lei 11/2007 do 27 de xullo (modificada pola Lei 12/2016, de 22 de xullo), que establece a obriga do Goberno da Xunta de Galicia de **remitir ao Parlamento de Galicia, con carácter anual, un informe sobra a prestación periódica para mulleres que sofren violencia de xénero**.

PRESTACIÓNS
PERIÓDICAS A VÍTIMAS
VIOLENCIA DE XÉNERO
ARTIGO 39

4.915

BENEFICIARIAS
NO PERÍODO
2006-2019



A VIOLENCIA DE XÉNERO EN GALICIA

A organización de Nacións Unidas define a violencia contra a muller como «*todo acto de violencia de xénero que resulte, ou poda ter como resultado un dano físico, sexual ou psicolóxico para a muller, incluídas as ameazas de tales actos, a coacción ou a privación arbitraria de liberdade, tanto si se producen na vida pública coma na privada*».

Na Axenda 2030 para o Desenvolvemento sostible a ONU establece 17 Obxectivos de desenvolvemento sostible. O obxectivo 5 é **acadar a igualdade de xénero, empoderando a todas as mulleres e nenas**.

A violencia de xénero segue a ser unha prioridade dos gobernos e institucións.

Segundo as estatísticas do Consello Xeral do Poder Xudicial, no ano 2019, o número de **denuncias en España** acadou as **168.057** o que supón un incremento de 0,67 puntos respecto do ano 2018. **En Galicia rexistráronse 6.551 denuncias**, cun incremento de 0,2 puntos con respecto ao ano anterior, menor que os datos a nivel nacional. Os datos por provincias fan referencia a 2.788 denuncias rexistradas na provincia da Coruña, 753 na provincia de Lugo, 664 en Ourense e 2.346 en Pontevedra.

En relación ás ordes de protección e medidas cautelares (art.544 Ter e 544 Bis), no ano 2019 solicitáronse en Galicia o 4,9% do total das presentadas en España, é dicir, 2.022 ordes de protección. En termos provinciais, os datos son: 782 ordes de protección da provincia da Coruña, 247 na de Lugo, 363 na de Ourense e 630 na de Pontevedra.

PRESTACIÓNS

PERIÓDICAS A VÍTIMAS

VIOLENCIA DE XÉNERO

ARTIGO 39

38.935.435,26 €

ORZAMENTO

NO PERIODO

2006-2019



2. OBXECTIVOS

A realización do presente informe dá cumprimento á disposición adicional cuarta apartado 2, da lei 11/2007, de 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola lei 12/2016, de 22 de xullo de avaliar os resultados acadados por este programa de prestacións promovido pola Xunta de Galicia.

Neste informe recóllense os principais indicadores de evolución destas prestacións promovidas pola Secretaría Xeral da Igualdade desde o ano 2006, realizándose unha análise comparativa dos 13 anos de execución do programa.

O informe céntrase na información relativa á convocatoria do ano 2019, a última da que se teñen datos definitivos de peche de exercicio económico.

Para concluír este documento preséntase un resumo coas principais conclusións da análise realizada subliñando aqueles datos e información máis relevante para a comprensión da evolución das Prestacións e o seu emprego como unha ferramenta máis para o empoderamento das mulleres vítimas de violencia de xénero ou vítimas de trata con fins de explotación sexual.

3. ANTECEDENTES LEXISLATIVOS

A conciencia social sobre a lacra que representa a violencia de xénero para a sociedade vai en aumento no noso país. Isto é debido fundamentalmente ao traballo levado a cabo



polas administracións, as institucións e as persoas. Un proceso no que o Estado e as Comunidades Autónomas, no ámbito das súas competencias, desenvolveron lexislación específica ao respecto.

A **Organización de Nacións Unidas (ONU)** coa Declaración universal dos dereitos humanos no ano 1948, ou o Convenio sobre a eliminación de todas as formas de discriminación contra a muller do ano 1979 iniciou un camiño imparable a prol da igualdade de xénero. Posteriormente chegaría no ano 1993 a Declaración sobre a eliminación da violencia cara á muller ou a Declaración de Beijing no 1995.

A **Unión Europea** tamén establece lexislación aplicable na materia. Destaca:

- *Convenio do Consello de Europa sobre a prevención e a loita contra a violencia contra a muller e a violencia doméstica 2011 (Convenio de Estambul)*
- *Convenio do Consello de Europa ,do 3 de maio de 2005, para a acción contra a trata de seres humanos (Convenio de Varsovia)*
- *Directiva 2012/29/UE do Parlamento Europeo e do Consello, de 25 de outubro de 2012, pola que se establecen normas mínimas sobre os dereitos, o apoio e a protección das vítimas de delitos, e pola que se substitúen a Decisión marco 2001/220/JAI do Consello.*
- *Directiva 2011/99/UE, do 13 de decembro de 2011, reguladora da Orde de Protección Europea.*
- *Directiva 2011/36/UE do Parlamento Europeo e do Consello, de 5 de abril de 2011, relativa á prevención e loita contra a trata de seres humanos e a protección das vítimas e pola que se substitúe a Decisión marco 2002/629/JAI do Consello.*



- *Regulamento (UE) n ° 606/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de xuño de 2013, relativo ao recoñecemento mutuo de medidas de protección en materia civil.*
- *Resolución do Consello do 20 de outubro de 2003 sobre iniciativas para loitar contra a trata de seres humanos, en particular das mulleres.*
- *Recomendación do Comité de Ministros do Consello de Europa (2002) sobre a protección das mulleres contra a violencia (adoptada o 30 de abril de 2002).*
- *Directrices da UE sobre a violencia contra as mulleres e a loita contra toda forma de discriminación contra elas adoptadas polo Consello en decembro de 2008 (Doc. 16173/08 + COR 1)*
- *Ditame do Comité de Rexións, aprobado no 81 Pleno o 7 de outubro de 2009, sobre as actuacións prioritarias dos entes locais e rexionais para previr a violencia contra as mulleres e mellorar a atención ás vítimas.*

En **España**, no ano 2003, regulouse a orde de protección das vítimas da violencia doméstica. Foi a *Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero*, a que marcará un fito histórico, ó establecer medidas concretas de protección contra a muller. Destacan tamén:

- *Real decreto 1452/2005, do 2 de decembro, polo que se regula a axuda económica establecida no artigo 27 da Lei Orgánica.*
- *Real Decreto 95/2009, do 6 de febreiro, polo que se regula o sistema de rexistros administrativos de apoio á Administración de Xustiza.*
- *Lei 4/2015, de 27 de abril, do Estatuto da vítima do delito.*



Galicia conta dende o ano 2007 coa súa propia Lei de violencia de xénero, a *Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo*. Son tamén de aplicación:

- 1 Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.*
- 2 Orde do 2 de maio de 2006 pola que se regula o programa de fomento da inserción laboral das mulleres vítimas de violencia.*

E no referente en concreto á a **prestación periódica** para mulleres que sofren violencia de xénero:

- 3 Resolución de 17 de decembro de 2018, da Secretaría Xeral da Igualdade , pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión da prestación periódica para mulleres que sofren violencia de xénero, prevista no artigo 39 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo.*
- 4 Resolución do 12 de febreiro de 2019, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se modifica a Resolución de 17 de decembro de 2018 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión da prestación periódica para mulleres que sofren violencia de xénero, prevista no artigo 39 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo.*



- 5 *Resolución do 2 de xaneiro de 2019, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se convoca para o ano 2019 a prestación periódica para mulleres que sofren violencia de xénero, prevista no artigo 39 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo.*

4. RESUMO DO PROGRAMA DE PRESTACIÓNS PERIÓDICAS PARA VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO DA XUNTA DE GALICIA

A lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero ten como obxecto a adopción en Galicia de medidas integrais para a sensibilización, a prevención e o tratamento da violencia de xénero, así coma a protección e o apoio ás mulleres que a sofren.

Considera **violencia de xénero** calquera acto violento ou agresión, baseados nunha situación de desigualdade no marco dun sistema de relacións de dominación dos homes sobre as mulleres que teña ou poida ter como consecuencia un dano físico, sexual ou psicolóxico, incluídas as ameazas de tales actos e a coacción ou privación arbitraria da liberdade, tanto se ocorren no ámbito público coma na vida familiar ou privada.

Segundo establece o artigo 39, será a Xunta de Galicia, a través do departamento competente en materia de igualdade, a que establecerá unha **prestación económica periódica dirixida ás mulleres que sofren violencia de xénero**. A devandita prestación terá en conta a situación socioeconómica das mulleres e irá dirixida a



posibilitar a súa **autonomía e independencia económica** respecto do seu agresor, ou da persoa que mantiver sobre ela unha relación de dominación para os casos das mulleres vítimas de trata con fin de explotación sexual.

Estas prestacións ademais intentan **contribuír a romper coa situación de violencia** e que lles posibilite dar o primeiro paso ou consolidar a ruptura dunha situación na que corren perigo.

Esta prestación aboarase periodicamente, logo da acreditación da situación de violencia de xénero por calquera das formas previstas na lei, sendo o departamento competente en materia de igualdade o encargado de regular as bases da convocatoria e as contías das prestacións, dentro dos límites orzamentarios de cada anualidade.

Os **requisitos necesarios** para poder ser beneficiaria desta axuda son:

- Ser **muller, maior de idade ou emancipada**
- **Acreditar** unha situación de violencia de xénero nunha relación de convivencia e de dependencia económica do agresor, ou no caso de vítimas de trata con fins de explotación sexual, de **dependencia da persoa que mantiver sobre ela unha relación de dominación**, mediante algún dos seguintes documentos, emitidos no intervalo temporal que comprende os **doce meses inmediatamente anteriores** á data de presentación da solicitude:

- Orde de protección ou medida cautelar vixentes.



- Sentenza de calquera orde xurisdiccional, que declare que a muller sufriu violencia de xénero ou documento xudicial que declare que a muller é vítima de trata de seres humanos con fins de explotación sexual.
- Informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de violencia e /ou de trata de seres humanos con fins de explotación sexual, auto de apertura de xuízo oral ou documento equivalente no que conste a existencia dos ditos indicios.
- Informe das Forzas e Corpos de Seguridade que indique a existencia de indicios claros de trata de seres humanos con fins de explotación sexual.
- Informe dos servizos sociais e/ou sanitarios da Administración pública autonómica ou local no que se recolla a dita condición de vítima de violencia de xénero ou de vítima de trata de seres humanos con fins de explotación sexual, e a data na que se produciu o cesamento da convivencia ou da situación de dominación respectivamente.
- Informe dos servizos de acollida da Administración pública autonómica ou local no que recolla a dita condición de vítima de violencia de xénero ou de vítima de trata de seres humanos con fins de explotación sexual, e a data na que se produciu o cesamento da convivencia ou da situación de dominación respectivamente.

Para os efectos desta axuda tamén terán a consideración de vítimas de violencia de xénero as mulleres que padeceran violencia vicaria ou violencia “por interpósita persoa”, con resultado de morte.



- **Ter cesado a convivencia co agresor**, ou coa persoa que mantiver sobre ela unha relación de dominación, no intervalo temporal que comprende os doce meses inmediatamente anteriores á data de presentación da solicitude.

No caso de violencia vicaria ou violencia “por interpósita persoa”, o intervalo temporal de doce (12) meses computarase dende o feito causante.

Nos casos de falecemento do agresor, o intervalo temporal será igualmente de doce (12) meses, tanto para o feito en si do propio falecemento como da ruptura da convivencia.

- No caso de acreditar a situación de violencia de xénero cunha orde de protección ou medida cautelar, esta deberá estar vixente na data de presentación da solicitude e manterse na data da resolución desta axuda.

- **Estar empadroada e ter residencia efectiva na Comunidade Autónoma de Galicia** e, no caso das mulleres estranxeiras, cando así se esixa pola lexislación vixente, ter permiso de residencia.

No caso de vítimas de trata con fins de explotación sexual, é suficiente acreditar que posúen autorización de residencia por circunstancias excepcionais.

- **Carecer de dispoñibilidade de recursos económicos ou que a súa contía sexa insuficiente para afrontar unha independencia inmediata do seu agresor** ou da persoa que mantiver sobre ela unha relación de dominación, e/ou dispoñer dunhas rendas ou ingresos brutos mensuais iguais ou inferiores ao dobre do IPREM vixente, excluída a parte proporcional das pagas extraordinarias.



- Non ter percibido con anterioridade esta axuda ou a axuda establecida no artigo 27 da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.

A **contía económica** é destinada directamente á beneficiaria e terá carácter periódico, ata o máximo de doce mensualidades, sempre que nese período subsistan as circunstancias polas que se concedeu.

A contía que pode acadar a axuda establécese en función das rendas e ingresos da solicitante da axuda en relación co indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) vixente, de acordo coas seguintes especificacións:

Ingresos	Contía mensual
<i>Ingresos ≤ IPREM vixente. Carácter xeral.</i>	600 €
<i>Ingresos ≤ IPREM e unha filla/o menor ou menor en acollida a cargo// ou discapacidade das vítimas ≥ 33%</i>	650 €
<i>Ingresos ≤ IPREM e unha filla/o menor ou menor en acollida a cargo e esta/e ou a solicitante teñan unha discapacidade ≥ 33%</i>	700 €
<i>Ingresos ≤ IPREM e dúas ou máis fillas/os menores ou menores en acollida a cargo.</i>	700 €
<i>Ingresos ≤ IPREM e dúas ou máis fillas/os menores ou menores en acollida a cargo e esta/e ou a solicitante teñan unha discapacidade ≥ 33%</i>	800 €
<i>Ingresos ≤ IPREM e unha filla/o menor ou menor en acollida a cargo e esta/e ou a solicitante teñan unha discapacidade ≥ 65% ou teñan recoñecido grao de dependencia de acordo coa Lei 39/2006, do 14 de decembro.</i>	800 €
<i>Ingresos > IPREM e ≤ 1,5 veces IPREM. Carácter xeral.</i>	300 €
<i>Ingresos > IPREM e ≤ 1,5 veces IPREM e unha filla/o menor ou</i>	350 €



Ingresos

Contía mensual

<p>menor en acollida a cargo// ou discapacidade da vítimas $\geq 33\%$ Ingresos > IPREM e $\leq 1,5$ veces IPREM e unha filla/o menor ou menor en acollida a cargo e esta/e ou a solicitante teñan unha discapacidade $\geq 33\%$</p>	400 €
<p>Ingresos > IPREM e $\leq 1,5$ veces IPREM e dúas ou máis fillas/os menores ou menores en acollida a cargo. Ingresos > IPREM e dúas ou máis fillas/os menores ou menores en acollida a cargo e esta/e ou a solicitante teñan unha discapacidade $\geq 33\%$</p>	400 €
<p>Ingresos > IPREM e $\leq 1,5$ veces IPREM e unha filla/o menor ou menor en acollida a cargo e esta/e ou a solicitante teñan unha discapacidade $\geq 65\%$ ou teñan recoñecido grao de dependencia de acordo coa Lei 39/2006, do 14 de decembro.</p>	500 €
<p>Ingresos > IPREM e $\leq 1,5$ veces IPREM e unha filla/o menor ou menor en acollida a cargo e esta/e ou a solicitante teñan unha discapacidade $\geq 65\%$ ou teñan recoñecido grao de dependencia de acordo coa Lei 39/2006, do 14 de decembro.</p>	500 €
<p>Ingresos > 1,5 veces IPREM e \leq dobre IPREM . Carácter xeral.</p>	200 €
<p>Ingresos > 1,5 veces IPREM e \leq dobre IPREM e unha filla/o menor ou menor en acollida a cargo// ou discapacidade da vítimas $\geq 33\%$</p>	250 €
<p>Ingresos > 1,5 veces IPREM e \leq dobre IPREM e unha filla/o menor ou menor en acollida a cargo e esta/e ou a solicitante teñan unha discapacidade $\geq 33\%$</p>	300 €
<p>Ingresos > 1,5 veces IPREM e \leq dobre IPREM e dúas ou máis fillas/os menores ou menores en acollida a cargo.</p>	300 €
<p>Ingresos > 1,5 veces IPREM e \leq dobre IPREM e dúas ou máis fillas/os menores ou menores en acollida a cargo e esta/e ou a solicitante teñan unha discapacidade $\geq 33\%$</p>	400 €
<p>Ingresos > 1,5 veces IPREM e \leq dobre IPREM e unha filla/o menor ou menor en acollida a cargo e esta/e ou a solicitante teñan unha discapacidade $\geq 65\%$ ou teñan recoñecido grao de dependencia de acordo coa Lei 39/2006, do 14 de decembro.</p>	400 €



5 ESTUDO DE SEGUIMENTO DA PRESTACIÓN PERIÓDICA PARA MULLERES QUE SOFREN VIOLENCIA DE XÉNERO PREVISTA NO ARTIGO 39 DA LEI GALEGA 11/2007

5.1. Análise da prestación para mulleres que sofren violencia de xénero prevista no artigo 39 da lei galega 11/2007 no período (2006-2019)

Desde a primeira convocatoria destas prestacións, no ano 2006 ata o pasado ano 2019 o **apoio económico** ás mulleres que sofren violencia de xénero a través desta liña de **prestacións superou os 38,9 millóns de €**

38.935.425,26 €

ORZAMENTO TOTAL PERÍODO 2006-2019



14

ANUALIDADES CONTINUADAS

4.915

BENEFICIARIAS

Orzamento do programa:

Esta liña de axudas contou con ampliacións orzamentarias dende o inicio da súa execución polo que a continuación se detallan os exercicios económicos, as anualidades e as ampliacións orzamentarias desde o ano 2006:

Táboa 1. Orzamento desagregado por exercicio económico

<i>Exercicio económico</i>	Anualidades incluídas		Ampliacións orzamentarias		Importe total
Exercicio 2006	Anualidade 2006	Anualidade 2007	Ampliación 2006	Ampliación 2007	Importe total
<i>Convocatoria plurianual 2006-2007</i>	1.100.000 €	550.000 €	105.300 €	0 €	1.755.300,00 €
Exercicio 2007	Anualidade 2007	Anualidade 2008	Ampliacións 2007	Ampliación 2008	Importe total
<i>Convocatoria plurianual 2007-2008</i>	263.400 €	50.000 €	1.302.000 €	615.000 €	2.230.400,00 €
Exercicio 2008	Anualidade	Anualidade	Ampliacións	Ampliación	Importe total



<i>Exercicio económico</i>	Anualidades incluídas		Ampliacións orzamentarias		Importe total
	2008	2009	2008	2009	
<i>Convocatoria plurianual 2008-2009</i> Exercicio 2009	965.000 €	1.141.000 €	294.589 €	0 €	2.400.589,00 €
	Anualidade 2009	Anualidade 2010	Ampliacións 2009	Ampliación 2010	Importe total
<i>Convocatoria plurianual 2009-2010</i> Exercicio 2010	628.500 €	798.700 €	535.050 €	0 €	1.962.250,00 €
	Anualidade 2010	Anualidade 2011	Ampliacións 2010	Ampliación 2011	Importe total
<i>Convocatoria plurianual 2010-2011</i> Exercicio 2011	900.000 €	630.000 €	841.127 €	0 €	2.371.127,00 €
	Anualidade 2011	Anualidade 2012	Ampliacións 2011	Ampliación 2012	Importe total
<i>Convocatoria plurianual 2011-2012</i> Exercicio 2012	970.000 €	1.120.000 €	300.000 €	0 €	2.390.000,00 €
	Anualidade 2012	Anualidade 2013	Ampliacións 2012	Ampliación 2013	Importe total
<i>Convocatoria plurianual 2012-2013</i> Exercicio 2013	1.276.650 €	1.120.000 €	218.886,66 €	0 €	2.615.536,66 €
	Anualidade 2013	Anualidade 2014	Ampliacións 2013	Ampliación 2014	Importe total
<i>Convocatoria plurianual 2013-2014</i> Exercicio 2014	688.850 €	1.120.000 €	312.660,65 €	0 €	2.121.510,65 €
	Anualidade 2014	Anualidade 2015	Ampliacións 2014	Ampliación 2015	Importe total
<i>Convocatoria plurianual 2014-2015</i> Exercicio 2015	750.150 €	1.155.000 €	345.150 €	0 €	2.250.300,00 €
	Anualidade 2015	Anualidade 2016	Ampliacións 2015	Ampliación 2016	Importe total
<i>Convocatoria plurianual 2015-2016</i> Exercicio 2016	578.380,49 €	1.176.000 €	664.006,87 €	0 €	2.418.387,36 €
	Anualidade 2016	Anualidade 2017	Ampliacións 2016	Ampliación 2017	Importe total
<i>Convocatoria plurianual 2016-2017</i> Exercicio 2017	728.382 €	1.303.562 €	391.237 €	0 €	2.423.181,40 €
	Anualidade 2017	Anualidade 2018	Ampliacións 2017	Ampliación 2018	Importe total
<i>Convocatoria plurianual 2017-2018</i> Exercicio 2018	1.942.950 €	2.100.000 €	0 €	0 €	4.042.950,00 €
	Anualidade	Anualidade	Ampliacións	Ampliación	Importe total



Exercicio económico	Anualidades incluídas		Ampliacións orzamentarias		Importe total
	2018	2019	2018	2019	
Convocatoria plurianual 2018-2019	1.600.000 €	2.100.000 €	958.927,30 €	0 €	4.658.937,30 €
Exercicio 2019	Anualidade 2019	Anualidade 2020	Ampliacións 2019	Ampliación 2020	Importe total
Convocatoria plurianual 2019-2020	2.350.000 €	2.800.000 €	144.965,89 €	0 €	5.294.965,89 €

O orzamento destinado a estas prestacións segue unha liña ascendente a excepción dos anos 2009 e 2013 nos que se reduce o orzamento total destinado a estas prestacións. É destacado o **incremento do 40% do orzamento no ano 2017** con respecto do ano anterior 2016 situándose en **máis de 4 millóns de euros**.

Gráfico 1. Evolución do orzamento no período (2006-2019)



5.294.965,89 € 。


ORZAMENTO ANUAL MÁIS ELEVADO CORRESPONDE AO ANO 2019

76% INCREMENTO

ORZAMENTARIO DESDE O ANO 2006

Evolución do número de solicitudes:

Gráfico 2. Evolución do número de solicitudes no período (2006-2019)



O número de solicitudes seguiu unha evolución descontinua aínda que nos últimos tres anos o seu crecemento foi exponencial, incrementáronse en máis dun 93% con respecto aos datos do 2016.

40% DO TOTAL DE SOLICITUDES PROCEDEN DA PROVINCIA DA CORUÑA

Gráfico 3. Evolución do número de solicitudes por Provincia no período (2006-2019)




A suma das solicitudes das provincias de Lugo e Ourense é inferior ao 25% do total. Pola contra, no ano 2017, foi Ourense a provincia que tivo un maior incremento no número de solicitudes, duplicándose o seu número con respecto ás cifras do 2016 pero é a única que reduciu o número de solicitudes no ano 2019 con respecto ao ano anterior.

Evolución do número de concesións:

En relación ao número de concesións, este incrementouse exponencialmente desde o establecemento das presentacións no ano 2006. **Nos anos 2010 e 2016 superouse o 80% de concesións con respecto ás solicitudes presentadas.**

Gráfico 4. Evolución da porcentaxe de concesións con respecto ás solicitudes período (2006-2019)



NO ANO 2010 FORON CONCEDIDAS MÁIS DO

88% DAS SOLICITUDES

Desde o ano 2012, a media de prestacións concedidas con respecto ás solicitudes foi superior ao 70%.

No último ano, 2019, tres de cada catro solicitudes presentadas foron resolucións favorables ás demandantes.

Gráfico 5. Evolución do número de solicitudes e concesións no período (2006-2019)





Gráfico 6. Porcentaxe de solicitudes e concesións por Provincia no período (2006-2019) con respecto ao número total de prestacións



Aínda que a provincia da Coruña recolle o maior número de concesións en termos totais, é a provincia de Pontevedra a que, en relación ao seu número de solicitudes presentadas, ten un maior ratio de concesións.

Táboa 2 . Evolución do número de concesións por Provincia no período (2006-2019)



Provincia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
Ano					
2006	140	24	29	82	275
2007	127	36	37	120	320
2008	113	31	31	84	259
2009	77	42	31	67	217
2010	151	45	57	116	369
2011	80	30	34	107	251
2012	145	47	45	125	362
2013	105	43	34	104	286
2014	122	36	50	128	336
2015	133	24	48	134	339
2016	140	28	31	125	324
2017	169	35	52	161	417
2018	246	53	78	206	583
2019	244	56	70	207	577
Total	1.992	530	627	1.766	4.915

A provincia da Coruña é a que recibiu un maior número de concesións con respecto á suma do total galego desde que se iniciou no ano 2006 a convocatoria de axudas (40,5%). A provincia de Lugo conta con menos do 11% das concesións totais e a de Ourense cun 12,7% do total, mentres que Pontevedra triplica os valores de concesión de Ourense con case o 36% das concesións.



A CORUÑA E PONTEVEDRA SUMAN

MÁIS DO **76%** DAS PRESTACIÓNS CONCEDIDAS

5.2. Análise dos resultados da convocatoria do ano 2019 da prestación para mulleres que sofren violencia de xénero prevista no artigo 39 da Lei galega 11/2007

A través da Resolución de 17 de decembro de 2018, da Secretaría Xeral da Igualdade, aprobáronse as bases reguladoras para a concesión da prestación periódica para mulleres que sofren violencia de xénero, prevista no artigo 39 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo (DOG núm. 1 do 2 de xaneiro de 2019), que foron modificadas pola Resolución do 12 de febreiro de 2019 (DOG núm. 36 do 20 de febreiro de 2019).

Mediante a Resolución da Secretaría Xeral da Igualdade do 2 de xaneiro de 2019, convocouse para o ano 2019 a prestación periódica para mulleres que sofren violencia de xénero prevista no artigo 39 da Lei 11/2007, 17 de marzo de 2017, modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo (DOG núm. 2, do 3 de xaneiro de 2019)



Segundo a finalidade destas prestacións, preséntanse a continuación os datos relativos á concesión da prestación no **ano 2019**:

5.294.965,89 €

ORZAMENTO ANO 2019

12% DE INCREMENTO

ORZAMENTARIO RESPECTO AO ANO ANTERIOR

577 BENEFICIARIAS


Prestacións aprobadas (ano 2019):

No ano 2019 recibíronse **772 solicitudes** das que foron **concedidas o 74,74%** o que fixo un total de **577 prestacións concedidas**.



En relación á distribución xeográfica das prestacións, a provincia da **Coruña** é a que ten un maior número de solicitudes (320) seguida de **Pontevedra** (276). Do mesmo xeito son estas provincias as que teñen o maior número de concesións **acadando a suma das dúas provincias máis do 78% das prestacións adxudicadas no ano 2019.**


Gráfico 7. Número de solicitudes e concesións por Provincia no ano 2019



No que se refire á porcentaxe de concesións con respecto ao número de solicitudes é a provincia de **A Coruña** a que ten unha maior porcentaxe de resolucións favorables, cun **76,25%** de prestacións concedidas con respecto ás presentadas na provincia seguida da provincia da **Pontevedra** cun 75,00% de concesións respecto ás solicitudes .



Gráfico 8. Porcentaxe de concesións con respecto ás solicitudes de cada Provincia. Ano 2019



3 DE CADA 4 SOLICITUDES FORON CONCEDIDAS

As concesións do ano 2019 correspóndense un 42,3% coa provincia da Coruña, un 35,9% con Pontevedra, a Ourense lle corresponden un 12,1 % das concesións totais e a provincia de Lugo un 9,7% do total.



É relevante sinalar que mentres que a provincia **de Lugo ten unha mesma representatividade de solicitudes e de concesións con respecto ao total de Galicia, no** caso contrario sitúase a provincia de Ourense, ten un maior número de solicitudes (13,08%) que de concesións (12,13%) con respecto ao total de Galicia e as provincias da Coruña e Pontevedra teñen unha porcentaxe maior de concesións (42,29% e 35,83%) que de solicitudes (41,45% e 35,75%) con respecto ao total da Comunidade Autónoma.

Gráfico 9. Porcentaxe de concesións e solicitudes por Provincia con respecto ao total de prestacións (ano 2019)





Gráfico 10 . Prestacións concedidas por Provincia e exercicio económico ¹



Segundo se indicaba na Táboa 1, que facía referencia ao orzamento desagregado por exercicio económico, das prestacións económicas concedidas segundo a convocatoria do ano 2019, o 44,3% dos importes concedidos corresponden a partidas do exercicio económico 2019. No ano 2020, é a provincia de Pontevedra é a que incrementa a súa representatividade o presuposto executado con respecto ao ano anterior.


¹ Nestes importes inclúense os totais de cada proposta, non se teñen en conta as modificacións ou suspensións da axuda



Solicitudes denegadas (ano 2019):

En relación ás solicitudes que non foron aprobadas, **os motivos principais da denegación foron o incumprimento ou non acreditación dalgún dos requisitos das bases da convocatoria.** En un de cada catro casos non se respondeu ao requirimento de documentación solicitada pola Secretaría Xeral da Igualdade.

Gráfico 11 . Solicitudes desfavorables por motivo de denegación (ano 2019)



En termos provinciais, **a provincia de Ourense é a que ten maior número de expedientes non aprobados por non emendar un requirimento de documentación**, representando o 38% das solicitudes presentadas nesa provincia. Na provincia de Lugo unha única solicitude foi denegada por non emendar a documentación solicitada.

Na provincia de Pontevedra recibíronse 9 **comunicacións de desestimento** expreso á solicitude presentada, sendo a provincia cun maior número de desestimentos e representando o 20% das solicitudes da provincia denegadas.

O 50% das solicitudes que non acredita carencia de recursos económicos (ingresos superiores ao dobre do IPREM) foron presentadas na provincia da Coruña, representando máis do 13% das solicitudes denegadas nesa provincia.

Nas provincias de Lugo e Ourense, máis do 20% das solicitudes denegadas debeuse á **falla de acreditación dunha situación de violencia de xénero** nunha relación de convivencia e dependencia económica do agresor.

Máis do 56% das **solicitudes denegadas por non cesar na convivencia no intervalo temporal dos 12 meses anteriores á presentación da solicitude** foron presentadas na provincia da Coruña. O 29% das solicitudes presentadas nesta provincia foron denegadas por esta causa. Na provincia de Lugo, o 27% das solicitudes denegadas foi por este mesmo motivo.

Das **solicitudes denegadas porque a muller vítima de violencia de xénero xa percibiu esta axuda con anterioridade** máis do 44% foron solicitudes



presentadas na provincia de Pontevedra, o 25% foron presentados en Lugo, o 18,7% foron presentadas na Coruña, e o 12,3% en Ourense. Este motivo representa na provincia de Lugo o 27% das solicitudes denegadas.

As **dúas solicitudes denegadas porque a muller residía fóra de Galicia** foron presentadas unha na provincia de Ourense e outra na provincia de Pontevedra.

A **solicitudade arquivada a causa dun falecemento** foi presentada na provincia de Pontevedra.

Acreditación da situación de violencia de xénero (ano 2019):

Procedendo á **análise das axudas concedidas e á situación das persoas beneficiarias**, a determinación das mesmas establécese, segundo as bases da convocatoria, coa acreditación dunha situación de violencia de xénero nunha relación de convivencia e de dependencia económica do agresor, ou no caso de vítimas de trata con fins de explotación sexual, de dependencia da persoa que mantivera sobre ela unha relación de dominación.

Os documentos acreditativos teñen que ser emitidos no intervalo temporal que comprende os doce meses inmediatamente anteriores á data de presentación da solicitudade da axuda.



Na convocatoria do ano 2019, **as acreditacións da situación de violencia de xénero das beneficiarias realizouse principalmente a través de medidas xudiciais.**

Táboa 3. Medios de acreditación da situación de violencia de xénero da beneficiaria por provincia (ano 2019)

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
<i>Orde de protección ou medida cautelar</i>	139	41	41	84	305
<i>Sentenza</i>	50	6	22	86	164
<i>Informe do Ministerio Fiscal</i>	0	2	0	0	2
<i>Informe das FCS</i>	16	3	2	1	22
<i>Informe de Servizos Sociais ou Sanitarios da Adm. Pública autonómica ou local</i>	33	4	5	29	71
<i>Informe dos Servizos de Acolida da Adm. Pública autonómica ou local</i>	6	0	0	7	13
Total	244	56	70	207	577



MÁIS DO 81%

DAS BENEFICIARIAS ACREDITA A SITUACIÓN DE VIOLENCIA DE XÉNERO CON MEDIDAS XUDICIAIS

Gráfico 12. Tipo de acreditación da violencia de xénero presentada polas beneficiarias (ano 2019)



Lugar de residencia das beneficiarias da prestación (ano 2019):

En termos territoriais na maioría das provincias as beneficiarias residen en zonas urbanas agás na provincia de Pontevedra, onde é maior o número de vítimas en zonas rurais que urbanas². Pola contra, se sumamos a representatividade das presentacións en toda a comunidade autónoma, o 47% das beneficiarias residen en zonas urbanas, o que coincide coas principais cidades de Galicia:

Táboa 4. Beneficiarias residentes nas principais cidades galegas máis poboadas (ano 2019)

Cidade	Nº de beneficiarias
Coruña (A)	70
Ferrol	23
Santiago de Compostela	27
Lugo	28
Ourense	37
Pontevedra	20
Vigo	65

En conxunto, As zonas menos poboadas clasificadas como **zonas intermedias de poboación ou zonas pouco poboadas representan á maioría dos lugares de residencia das beneficiarias**³.


² Poden existir variacións respecto aos totais semestrais por provincia dado que hai beneficiarias que cambian de concello durante a tramitación/percepción.

³ Nota explicativa: (Clasificación dos concellos segundo o novo grao de urbanización de Eurostat e do Nomenclátor do ano 2009).

ZDP: Zona Densamente Poboada: Conxunto contiguo de concellos de densidade superior a 500 hab./km² e unha poboación total para a zona de polo menos 50.000 habitantes.



Gráfico 13. Beneficiarias da prestación por Grao de Urbanización e Concello (ano 2019)




ZIP: Zona Intermedia de Poboación: Conxunto de concellos que non pertencen a unha zona densamente poboada onde cada unha delas conta cunha densidade superior a 100 hab./km² e, ou ben a poboación total da zona é superior a 50.000 habitantes, ou ben é adxacente a unha zona poboada densamente.

ZPP: Zona Pouco Poboada: Grupos de concellos que non pertencen a zonas densamente poboadas ou a zonas intermedias



o 53% DAS BENEFICIARIAS RESIDEN EN ZONAS RURAIS

Gráfico 14. Beneficiarias da prestación por Grao de Urbanización e Concello (ano 2019)⁴



4 Nota explicativa: (Clasificación dos concellos segundo o subgrao de urbanización):

ZIP alta :aquelas áreas cunha densidade superior a 300 hab./Km2 (e con polo menos unha AL de densidade superior a 500 hab./Km2) que formen un conxunto contiguo cunha poboación de 10.000 ou máis habitantes, o resto son ZIP baixa.

Dentro das áreas clasificadas como **ZPP**, aquelas áreas cunha densidade >80 hab./Km2 (e con polo menos unha AL de densidade superior aos 100 hab./Km2) que formen un conxunto contiguo cunha poboación total para o conxunto de 2.000 habitantes ou máis clasificaranse como:

- **ZPP alta** se o conxunto ten 10.000 ou máis habitantes
- **ZPP intermedia** se o conxunto ten 5.000 habitantes ou máis e menos de 10.000 habitantes
- **ZPP baixa** se o conxunto ten 2.000 habitantes ou máis e menos de 5.000 habitantes



Máis do o 23% das prestacións van destinadas a mulleres de zonas rurais pouco poboadas, sendo a provincia de Ourense a que ten un maior número de beneficiarias que residen en zonas moi pouco poboadas (ZPP baixa).

Nacionalidade das beneficiarias da prestación (ano 2019):

As beneficiarias representan 27 nacionalidades diferentes á española, máis do 16% das estranxeiras son de países lationamericanos.

3 DE CADA 4 BENEFICIARIAS SON ESPAÑOLAS

Táboa 5 . Nacionalidade das beneficiarias da prestación no ano 2019

Nacionalidade	Nº beneficiarias	%
Española	436	75,56 %
Estranxeira	141	24,44 %
Total	577	100,00 %

Táboa 6 . Nacionalidade das beneficiarias da prestación no ano 2019

Nacionalidade	N.º beneficiarias	%
España	436	75,56%
Brasil	24	4,16%
Colombia	18	3,12%
Paraguay	15	2,60%
Marrocos	14	2,43%
Venezuela	14	2,43%




Nacionalidade	N.º beneficiarias	%
Portugal	9	1,56%
Romanía	9	1,56%
Cuba	5	0,87%
República Dominicana	4	0,69%
Nicaragua	3	0,52%
Níxer	3	0,52%
Perú	3	0,52%
Uruguai	3	0,52%
México	2	0,35%
Senegal	2	0,35%
Arxentina	1	0,17%
Bélxica	1	0,17%
Bolivia	1	0,17%
Chile	1	0,17%
China	1	0,17%
Ecuador	1	0,17%
Estados Unidos	1	0,17%
Exipto	1	0,17%
Guatemala	1	0,17%
Nixeria	1	0,17%
Rusia	1	0,17%
Servia e Montenegro	1	0,17%
Siria	1	0,17%

Idade das beneficiarias da prestación (ano 2019):

A idade media das beneficiarias é de 42 anos. O 31,7% das mulleres teñen entre 36 e 45 anos.



Gráfico 15. Beneficiarias da prestación por tramo de idade (ano 2019)



**o 70% DAS BENEFICIARIAS
 TEÑEN MENOS DE 46 ANOS**

Situación familiar das beneficiarias da prestación (ano 2019):

En relación á súa situación familiar máis da metade das beneficiarias teñen fillos/as, é dicir, 301 beneficiarias teñen polo menos unha filla ou fillo menor ao seu cargo.



**Táboa 7 . Beneficiarias segundo o número de fillas/os menores ao seu cargo
(ano 2019)**


<i>Nº fillas/os</i>	<i>N.º beneficiarias</i>	<i>Total fillas/os</i>
0 fillas/os	276	0
1 filla/o	178	178
2 fillas/os	89	178
3 fillas/os	28	84
4 fillas /os	6	24
TOTAL	577	464

**52% DAS BENEFICIARIAS TEÑEN
FILLAS/OS MENORES AO SEU CARGO**

Segundo o número de fillos das beneficiarias, **o 20% das beneficiarias teñen dous ou máis fillas/os menores ao seu cargo.**



Gráfico 16. Porcentaxe de beneficiarias por número de fillas/os menores a seu cargo(ano 2019)



Do total de menores ao cargo das beneficiarias **o 48% son nenas** e, polo tanto, o 52% son nenos.

52% DE MENORES AO CARGO
DAS BENEFICIARIAS SON RAPACES



En relación á distribución xeográfica, nas provincias da Coruña e Pontevedra residen un 39,8% e un 37,7% dos fillos/as, respectivamente. Na provincia de Ourense residen o 14% dos fillos/as mentres que na provincia de Lugo só residen o 8,4%.


Gráfico 17. Porcentaxe de fillas/os menores ao cargo das Beneficiarias por provincia (2019)



464 FILLAS/OS MENORES AO CARGO DAS BENEFICIARIAS



Gráfico 18. Número de fillas/os menores ao cargo das Beneficiarias por provincia (ano 2019)



En comparación coas cifras totais de residencia dos nenos/as a cargo das beneficiarias, no que respecta ás rapazas, máis dun 43% das **223 rapazas menores ao cargo das Beneficiarias**, residen na provincia de Pontevedra, e un 33,6% residen na provincia da Coruña.

Estas prestacións tamén recollen a **situación de especial vulnerabilidade** nos casos dunha discapacidade das beneficiarias ou dos fillos/as menores ao seu cargo.




Beneficiarias da prestación con discapacidade (ano 2019):

**9% DAS BENEFICIARIAS
TEÑEN ACREDITADA UNHA
DISCAPACIDADE**

No ano 2019, do total de beneficiarias destas prestacións, **58 mulleres tiñan acreditada unha discapacidade**. Na provincia da Coruña residen o 44,3% destas mulleres cunha discapacidade, na provincia de Pontevedra residen un 38,5% en Lugo un 11,5% e na provincia de Ourense un 5,7 % mulleres en cada unha delas.

Gráfico 19. Porcentaxe de Beneficiarias cunha discapacidade acreditada por provincia (ano 2019)



No caso das **fillas/os menores a cargo** das Beneficiarias, un **2% do total teñen acreditada unha discapacidade**, 10 rapaces/as con esta situación de dependencia acreditada.

Gráfico 20. Porcentaxe de fillas/os menores a cargo das Beneficiarias cunha discapacidade acreditada por provincia (ano 2019)



Dos fillos/as que teñen acreditada unha discapacidade residen na provincia de Pontevedra un 70% na provincia da Coruña, un 20% e en Lugo un 10% . Non se identificou ningún caso na provincia de Ourense.



Situación laboral e económica das beneficiarias (ano 2019):

A situación laboral das beneficiarias tamén está recollida nos criterios de adxudicación das prestacións obxecto deste informe.

MÁIS DO **81%** DAS
BENEFICIARIAS
SON DESEMPREGADAS


Se concretamos a situación laboral das beneficiarias no ámbito xeográfico no que residen, atopamos que **máis do 33% das mulleres beneficiarias sen emprego residen na provincia da Coruña** seguida de Pontevedra, onde residen un 28% das beneficiarias desempregadas. En Lugo e Ourense residen o 8% e o 11% de beneficiarias desempregadas, respectivamente.



Táboa 8 . Beneficiarias segundo a súa situación laboral e provincia na que residen (ano 2019)

Provincia	Desempregadas	Empregadas	Total
A Coruña	194	50	244
Lugo	46	10	56
Ourense	64	6	70
Pontevedra	167	40	207
Total	471	106	577

Gráfico 21. Porcentaxe mulleres empregadas e desempregadas por Provincia (ano 2019)




106 mulleres beneficiarias das prestacións teñen un emprego, o 85% destas mulleres residen nas provincias da Coruña e Pontevedra.

O nivel de ingresos das mulleres beneficiarias caracterízase por ser inferior ao IPREM (Indicador Público de Renta de Efectos Múltiples) no 85,6% dos casos. O valor do IPREM no ano 2019 foi de 537,84 €/mes e 7.519,59 €/ano en 14 pagas. As beneficiarias de Lugo e Ourense son as que teñen uns ingresos menores.

En termos provinciais o nivel dos ingresos das beneficiarias é moi similar:


Gráfico 22. Porcentaxe ingresos das beneficiarias por Provincia (ano 2019)



Tipoloxía das vítimas beneficiarias da prestación (ano 2019):

Do total de beneficiarias o 96 % son vítimas de violencia de xénero (554 mulleres) e un 4% son vítimas de trata de seres humanos con fins de explotación sexual, o que representa a 23 mulleres.

Gráfico 23. Tipoloxía das vítimas beneficiarias da prestación (ano 2019)



O 78,7% das mulleres que acreditaron ser vítimas de violencia de xénero son españolas e un 21,3% son estranxeiras e máis do 68% son menores de 46 anos.

Do total de beneficiarias da convocatoria do ano 2019, **acreditáronse 23 casos de vítimas de trata con fins de explotación sexual**, representando o 4% dos casos acreditados polas mulleres en situación de violencia de xénero. Todos os casos de vítimas de trata con fins de explotación sexual acreditaron a súa condición de vítimas de violencia de xénero mediante o informe dos Corpos e Forzas de Seguridade do Estado a excepción dun caso da Coruña que se fixo a través dun informe dos servicios sociais ou sanitarios.



A CORUÑA REXISTROU O

78% DOS CASOS DE VÍTIMAS DE TRATA CON FINS DE EXPLOTACIÓN SEXUAL

Ademais das 17 vítimas de trata con fins de explotación sexual da provincia da Coruña, identificouse un caso na provincia de Pontevedra e en Lugo e Ourense, dous casos en cada provincia.


Estas vítimas son todas elas **estranxeiras**, principalmente de países latinoamericanos. O 43% de nacionalidade paraguaia, o 26% son venezolanas, e tamén se identificaron 2 vítimas de cada un dos seguintes países: Brasil, Colombia e Níxer e unha muller nicaraguana.

TODAS AS VÍTIMAS DE TRATA CON FINS DE EXPLOTACIÓN SEXUAL SON ESTRANXEIRAS



Das mulleres que foron vítimas de explotación sexual no ano 2019, 3 mulleres tiñan menos de 20 anos e o 48% tiñan unha idade comprendida entre os 26 e os 35 anos.

Gráfico 24. Beneficiarias vítimas de explotación sexual por tramo de idade (ano 2019)



Só unha das vítimas de trata con fins de explotación sexual ten 1 filla/o, sendo neste caso unha nena á pequena ao cargo da beneficiaria.

Non se acreditou ningunha discapacidade entre estas vítimas.

Todas as vítimas de explotación sexual atopábanse en situación de desemprego.



MÁIS DO **43%** DAS VÍTIMAS DE TRATA CON FINS DE EXPLOTACIÓN SEXUAL TEÑEN **MENOS DE 25 ANOS**

5.3. Comparativa dos resultados da convocatoria do ano 2018 e 2019 da prestación para mulleres que sofren violencia de xénero prevista no artigo 39 da Lei galega 11/2007

O orzamento destinado a estas prestacións ten unha liña ascendente, **incrementándose máis dun 12 % do orzamento no ano 2019** con respecto do anterior do 2018.

No ano 2019 recibíronse **un 4% máis de solicitudes**, pasando de 741 solicitudes en 2018 ás 772 solicitudes de 2019. Pola contra, **concedéronse 577 solicitudes en 2019**, 6 menos das solicitudes concedidas no ano 2018. Esta situación pódese entender



analizando os motivos das denegacións. No ano 2019, **16 das solicitudes presentadas xa foran apoiadas en convocatorias anteriores**, tamén é relevante o número de beneficiarias que desisten expresamente da prestación (20 mulleres), sendo 5 mulleres máis no ano 2019 das que desisten no ano anterior. Do mesmo xeito, 4 mulleres máis no 2019 fronte aos datos de 2018 non acreditan a situación de violencia de xénero nunha relación de convivencia e dependencia económica do agresor e tamén se incrementou en 6 mulleres fronte aos datos do ano 2018, que non cesaron na convivencia no intervalo temporal dos 12 meses anteriores á presentación da solicitude.


En relación á distribución xeográfica das prestacións, a provincia da **Coruña é a que rexistra un maior número de solicitudes** os dous anos, seguida de Pontevedra, Ourense e Lugo.

O incremento do número de concesións, produciuse en dúas provincias, na de Lugo con 3 expedientes máis concedidos, e o mesmo sucedeu na provincia de Pontevedra con outros 3 expedientes máis aprobados.

A provincia de Ourense reduciu o seu número de solicitudes e de concesións pasando de 109 solicitudes recibidas en 2018 fronte ás 101 solicitudes de 2018. Do mesmo xeito, as concesións na provincia pasaron de 78 no ano 2018 a 70 concesións no ano 2019.



Gráfico 25. Número de solicitudes e concesións por Provincia comparativa ano 2018-2019



provincia de **Pontevedra incrementou o seu ratio de concesión de axudas con respecto ao total de concesións en Galicia**, pasando dun 35,3% das concesións totais en 2018 ao 35,88 % no 2019, do mesmo xeito, a provincia de **Lugo incrementou en 0,7 puntos a súa representatividade no número de concesións totais** pasando a ser dun 9,71% no ano 2019.

En relación á acreditación da situación de violencia de xénero, no total de expedientes, tanto na convocatoria de 2018 como de 2019, máis do 80% das acreditacións realizáronse a través de sentenzas xunto coas ordes de protección ou medidas cautelares, **reducíndose en 2,5 puntos a porcentaxe de sentenzas no ano 2019 con respecto ao 2018.**



No caso das vítimas de trata con fins de explotación sexual, chama a atención o **incremento do número de informes das forzas e corpos de seguridade do Estado para acreditar esta situación**, pasando de 5 informes no ano 2018 aos 22 emitidos no ano 2019, o que tamén supón un incremento da representatividade destes informes con respecto ao total de acreditacións, pasando a ser un 3,81% das acreditacións das beneficiarias da presentación.

EN 2019 INCREMENTÁRONSE OS INFORMES DE FCS CON RESPECTO AO 2018

Táboa 9. Medios de acreditación da situación de violencia de xénero da beneficiaria, comparativa ano 2018-2019

	Total 2018	Total 2019
<i>Orde de protección ou medida cautelar</i>	306	305
<i>Sentenza</i>	176	164
<i>Informe do Ministerio Fiscal</i>	2	2
<i>Informe das FCS</i>	5	22
<i>Informe de Servizos Sociais o Sanitarios da Adm. Pública autonómica ou local</i>	81	71
<i>Informe dos Servizos de Acollida da Adm. Pública autonómica ou local</i>	13	13
Total	583	577



En termos territoriais, **incrementouse a porcentaxe de vítimas de violencia de xénero beneficiarias destas prestacións que residen en zonas rurais**, pasando dun 50% no ano 2018 a un 53% no ano 2019. En conxunto, as zonas menos poboadas clasificadas como zonas intermedias de poboación ou zonas pouco poboadas representan á maioría dos lugares de residencia das beneficiarias pero, mentres que no ano 2018 era maior a porcentaxe de mulleres que residían en zonas pouco poboadas das que residían en zonas intermedias de poboación, no ano 2019 incrementouse a representatividade das zonas intermedias de poboación.

Gráfico 26. Beneficiarias da prestación por Grao de Urbanización comparativa dos anos 2018- 2019



A información relativa á nacionalidade das beneficiarias confirma que se mantén desde o ano 2018 a mesma representatividade **de tres de cada catro beneficiarias con nacionalidade española. Incrementouse a porcentaxe de beneficiarias de países latinoamericanos nun 2% con respecto ao ano 2018**, representando o



16% das beneficiarias do ano 2019. Por nacionalidade, incrementaron a súa presenza as mulleres procedentes de Brasil, pasando de 19 en 2018 a 24 no ano 2019 e tamén, se incrementou en 4 as mulleres con nacionalidade Venezolana e en 3 as mulleres colombianas, con respecto ás cifras de 2018. Pola contra, as mulleres rumanas e dominicanas baixaron a súa representatividade en 5 e 4 mulleres respectivamente fronte aos datos de 2018.

En relación á distribución por idade, **reduciuse o número e a representatividade das mulleres menores de 46 anos, pasando dun 75% do total das beneficiarias no ano 2018 ao 70% no ano 2019.** O grupo de idade que era máis numeroso no ano 2018 eran as mulleres entre 21 e 35 anos mentres que no ano 2019 é maior a representatividade das mulleres entre 56 e 65 anos, pasando de ser un 5% do total de beneficiarias en 2018 a un 9,5% no ano 2019.

DO ANO 2018 AO 2019

INCREMENTOUSE NUN **5,2%** A
PORCENTAXE DE
**BENEFICIARIAS DE 46 OU MÁIS
ANOS**



En relación á súa situación familiar, no ano 2018 o 60% das beneficiarias (345 mulleres) tiñan polo menos unha filla ou fillo menor ao seu cargo mentres que no ano 2019 esa cifra baixou a un 52% das beneficiarias (301 mulleres).

Táboa 10 . Beneficiarias segundo o número de fillas/os menores ao seu cargo, comparativa ano 2018-2019

	2018		2019	
	N.º beneficiari as	Total fillas/os	N.º beneficiaria s	Total fillas/o s
0 fillas/os	238	0	276	0
1 filla/o	193	193	178	178
2 fillas/os	119	238	89	178
3 fillas/os	28	84	28	84
4 fillas /os	5	20	6	24
TOTAL	583	535	577	464

Segundo o número de fillos das beneficiarias, considérase relevante que, **no ano 2018 un 25% das beneficiarias teñen dous ou máis fillas/os menores ao seu cargo** mentres que no **ano 2019 serían un 21 % as beneficiarias que teñen dous ou máis fillas/os**. Do total de menores ao cargo das beneficiarias, no ano 2018



o 51,5% son nenos e o 48,5% son nenas, cifras moi similares ás presentadas en 2019 con 51 % de nenos e un 48% de nenas.

En relación á distribución xeográfica, no ano 2018 máis do 46% das rapazas e rapaces menores residen na provincia da Coruña, e o 32 % na de provincia de Pontevedra mentres que **no ano 2019 incrementouse en 5 puntos porcentuais os nenos/as que residen na provincia de Pontevedra e reduciuse proporcionalmente os/as residentes na provincia da Coruña**. Os datos do 14% residentes na provincia de Ourense e o 8% de nenos/as na de Lugo, mantense nos dous anos.

Estas prestacións tamén recollen a situación de especial vulnerabilidade nos casos dunha discapacidade das beneficiarias ou dos fillos/as menores ao seu cargo.

No ano 2018, 44 mulleres tiñan acreditada unha discapacidade mentres que no ano 2019 eran 52 as mulleres beneficiarias cunha discapacidade.

En relación á provincia de residencia, só en Ourense se mantivo a cifra de 3 mulleres que teñen acreditada unha discapacidade no ano 2018 e tamén no ano 2019 e foi na provincia de Lugo onde se incrementou a representatividade de beneficiarias cunha discapacidade, pasando de 3 mulleres no ano 2018 a 6 mulleres no ano 2019.

Se retomamos a análise das **fillas/os menores a cargo** das Beneficiarias, reduciuse ata o **1,73% do total os menores que teñen acreditada unha discapacidade**, falamos de 16 rapaces/as con esta situación de dependencia



acreditada no ano 2018 e de 10 rapaces no ano 2019. E mentres que no ano 2018 máis da metade dos fillos/as a cargo das beneficiarias que teñen acreditada unha discapacidade residían na provincia da Coruña, no ano 2019, o 70% dos fillos/as cunha discapacidade residen na provincia de Pontevedra.

A situación laboral das beneficiarias, recollida nos criterios de adxudicación das prestacións obxecto deste informe caracterízase por unha elevada porcentaxe de beneficiarias desempregadas. **Do ano 2018 ao ano 2019 reduciuse nun 3% a porcentaxe de mulleres desempregadas beneficiarias desta axuda pasando dun 84% do total das beneficiarias no ano 2018 a un 81% de mulleres desempregadas beneficiarias da axuda no ano 2019.**

Táboa 11 . Beneficiarias segundo a súa situación laboral e provincia na que residen comparativa ano 2018-2019

Provincia	2018		2019	
	Desempregadas	Empregadas	Desempregadas	Empregadas
A Coruña	199	50	194	50
Lugo	48	5	46	10
Ourense	70	7	64	6
Pontevedra	173	31	167	40
Total	490	93	471	106

No que respecta ás beneficiarias cun posto de traballo, no ano 2018, máis do 53% residen na provincia da Coruña, pola contra, aínda que no ano 2019 baixou a súa



representatividade ata o 47%, **seguen sendo a provincia da Coruña onde residen máis beneficiarias cun emprego.**

Respecto á tipoloxía de beneficiarias da convocatoria, **incrementáronse os casos de vítimas de trata con fins de explotación sexual**, aumentando de 6 casos en 2018 aos 23 acreditados no ano 2019. Do mesmo xeito, estas vítimas pasan de representar o 1% das beneficiarias das presentacións no 2018 a acadar o 4% do total de beneficiarias no ano 2019.

A provincia de Pontevedra non rexistra ningunha beneficiaria vítima de trata con fins de explotación sexual no ano 2018 e só unha no 2019 mentres que a provincia da **Coruña é a que segue a ter un maior número de vítimas**, pasando de 3 mulleres no ano 2018 a 17 no ano 2019. Estas vítimas seguen sendo todas elas **estranxeiras**, pero mentres que no ano 2018 o 50% das mulleres tiñan nacionalidade Nixeriana, no ano 2019 o número de mulleres nixerianas representa o 8% das vítimas e o 43,5% das vítimas son de Paraguai.

INCREMENTÁRONSE OS CASOS DE VÍTIMAS DE TRATA CON FINS DE EXPLOTACIÓN PASANDO DE 5 EN 2018 A 23 BENEFICIARIAS EN 2019

Mentres que no ano 2018 máis do 66% das vítimas eran menores de 25 anos, no ano 2019 incrementouse o número de mulleres beneficiarias destas prestacións con unha



idade comprendida entre os 26 e os 35 anos, pasando de ser 11 beneficiarias no ano 2019 fronte a unha soa beneficiaria no ano 2018.

Pola contra, é menor o número de vítimas de trata con fins de explotación sexual que teñen fillas/os, pasando de dúas en 2018 a unha en 2019 e de 3 nenas e 1 neno menores de idade ao seu cargo no ano 2018 a unha nena no ano 2019.

Tendo en conta que a maioría dos casos de vítimas de trata con fins de explotación sexual acreditan a súa condición de vítimas de violencia de xénero mediante o informe dos Corpos e Forzas de Seguridade do Estado, pasouse de 5 informes no ano 2018 a 22 informes no ano 2019.



6. CONCLUSIÓNS

Entre os diferentes programas de actuacións que promove a Secretaría Xeral da Igualdade para apoiar ás mulleres vítimas de violencia de xénero, desde o ano 2006 o Programa de **Prestacións periódicas a vítimas de violencia de xénero** favorece a independencia económica das vítimas e impulsa o seu empoderamento.

Datos Globais:

- **Financiamento:** Nos catorce anos de execución deste programa concedéronse prestacións por unha suma total superior aos 38,9 millóns de euros.

38.935.425,26

€

ORZAMENTO NO PERIODO 2006- 2019



- **Incremento orzamentario:** os orzamentos dos anos últimos 3 anos superaron os 4 millóns de euros, sendo no 2019 superior aos 5 millóns de euros. En termos globais, o incremento orzamentario desde o ano 2006 foi dun 76%.
- **Concesións:** desde o ano 2012, a media de prestacións concedidas é superior ao 70% das solicitudes presentadas anualmente.
- **Evolución do número de Beneficiarias:** as beneficiarias dos últimos 5 anos representan máis do 45% do total de mulleres apoiadas desde a creación das prestacións fai 14 anos.

4.915 BENEFICIARIAS

DESDE O ANO 2006

- **Beneficiarias por provincia:** A Coruña é a provincia que suma un maior número de beneficiarias, o 40% do total, seguida de Pontevedra cun 36%, Ourense cun 12,7% e finalmente Lugo co 10,7% das beneficiarias. Pola contra, é a provincia de Pontevedra a que en termos xerais ten o mellor ratio de concesións por número de solicitudes de toda Galicia.



Prestacións periódicas a vítimas de violencia de xénero (ano 2019)

5.294.965,89

€ ORZAMENTO ANO 2019

577 BENEFICIARIAS

ANO 2019

- **Orzamento:** o orzamento de 2019 é o máis elevado desde o inicio das prestacións, superando en máis de 600.000 € o orzamento do ano anterior.
- **Beneficiarias:** a porcentaxe de concesións de prestacións foi dun 74,7%, sendo a provincia de Pontevedra a que tivo un maior ratio de concesións con respecto ás solicitudes presentadas na provincia cun 75,7%.



- **Acreditacións da situación de violencia de xénero:** na convocatoria do ano 2019, máis do 81% das beneficiarias acreditaron a situación de violencia de xénero con medidas xudiciais.
- **Beneficiarias en núcleos rurais:** máis do 53% das beneficiarias do ano 2019 residen en zonas intermedias ou pouco poboadas, vivindo nestas últimas máis do 21% do total de beneficiarias.
- **Beneficiarias por lugar de residencia:** O 21% das beneficiarias do ano 2019 residen en zonas moi poboadas da provincia da Coruña (A Coruña, Ferrol e Santiago de Compostela). O 15% das beneficiarias totais residen en Pontevedra capital e en Vigo. O 4,8% do total de beneficiarias residen no Concello de Lugo e o 6,4% residen no Concello de Ourense.
- **Nacionalidade das beneficiarias:** no ano 2019 tres de cada catro beneficiarias tiñan nacionalidade española.
- **Idade das Beneficiarias:** O 70% das beneficiarias da convocatoria do ano 2019 tiñan menos de 46 anos.

**38% DAS BENEFICIARIAS DO
ANO 2019 SON MENORES DE 35
ANOS**



- **Beneficiarias con fillas/os menores a cargo das beneficiarias:** 301 mulleres, é dicir, o 51% das beneficiarias teñen fillas/os ao seu cargo.
- **Fillas/os menores a cargo das beneficiarias:** 223 rapazas e 241 rapaces son os menores a cargo das beneficiarias no ano 2019.
- **Beneficiarias e fillas/os menores ao seu cargo cunha discapacidade acreditada:** O 9% das beneficiarias acreditaron unha discapacidade e o 2% das/os menores ao seu cargo tamén acreditan esta situación.
- **Situación laboral e económica das beneficiarias:** no ano 2019, máis do 81% das beneficiarias eran desempregadas. Menos do 15% das beneficiarias teñen un nivel de ingresos superior ao IPREM.
- **No ano 2019 acreditáronse 23 casos de vítimas de trata con fins de explotación sexual,** representando o 4% do total de beneficiarias un 3% maior aos datos do ano 2018 onde se rexistraron 6 casos de vítimas de trata con fins de explotación sexual.

85% DAS BENEFICIARIAS CON EMPREGO RESIDEN NAS PROVINCIAS DA CORUÑA E PONTEVEDRA



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 17/11/2020 8:45:50



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2020 09:30:00
Nº Rexistro: 5457
Data envío: 17/11/2020 08:46:46.236

CSV: REXISTROEIREZ47UG7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

